

Victor Hugo

OS MISERÁBEIS

I : Fantine



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)
Citar como: Victor Hugo: Fantine. Tradución ao galego de Henrique
Harguindey. [http://palabras desconxeladas.gal](http://palabrasdesconxeladas.gal)

NOTA SOBRE O USO DE VÓS E VOSTEDE NA TRADUCIÓN D' OS MISERABLES

En latín non existía na segunda persoa verbal diferenza de trato por respecto. Tratábase sempre de *ti* á persoa interlocutora.

En francés, español e galegoportugués, linguas neolatinas, aparece xa dende cedo unha forma de pronome de respecto, tanto para a segunda persoa de singular como para a de plural, é dicir, tanto dirixíndose a un interlocutor como a varios. Nos dous casos o pronome empregado é *vós*, a forma que orixinalmente só marcaba o plural no tratamento interpersonal igualitario. Teríamos, pois, en galego (grafía actual) :

2ª pers. sing. (igualdade) **Ti** ves de lonxe, meu amigo.

2ª pers. sing. (respecto) **Vós** vides de lonxe, meu señor.

2ª pers. plur. (igualdade) **Vós** vides de lonxe, meus amigos.

2ª pers. plur. (respecto) **Vós** vides de lonxe, meus señores.

O francés, tras un breve intento no período da Revolución que tratou de impór o uso social de *tu* baseándose na necesidade de proscribir a desigualdade (o que hoxe chamariamos “linguaxe inclusiva”), mantivo ata agora o uso da distancia de respecto.

En portugués e español, dende o século XVII fundamentalmente, o tratamento de respecto co *vós* foi decaíndo, sendo substituído por *você / usted* -e variantes- a partir de *vossa mercê / vuestra merced*.

A substitución por este novo pronome -do que por outra banda non existe un uso homoxéneo nin na súa extensión nin na súa función na Hispanofonía e na Lusofonía- foi un proceso lento e aínda non totalmente rematado. Hoxe algunhas xerarquías sociais, políticas, relixiosas, etc. son tratadas aínda co *vós* de respecto en español e portugués.

Coa substitución do *vós* por *você* e *usted* prodúcese tamén nesa época unha mudanza no uso da persoa verbal. De ser empregada a forma da segunda persoa de plural pásase a empregar a forma da terceira de singular: *Você vem / Usted viene*. Esta mudanza parece ter que ver con outro procedemento de respecto consistente na referencia ao interlocutor como se fose unha persoa allea ás que están a falar: *O senhor vem de longe? / ¿El señor viene de lejos?* Tamén aquí *vossa mercê / vuestra merced* recibiría ese distanciamento respectuoso: *Vossa mercê vem... > Você vem... / Vuestra merced viene... > Usted viene...*¹.

En galego *vostede* documéntase a finais do século XVII e é relativamente frecuente na primeira metade do século XIX, época na que vai medrando o seu uso.

Traducir, logo, o *vous* dos textos franceses ao galego pode non presentar problemas de escollo entre *vós* e *vostede* en contextos históricos moi claros como o século XV -no que é absoluto o *vós*- ou o século XX -no que é absoluto o *vostede*- mais en certos contextos intermedios nos que o uso en Galiza estaría nunha situación flutuante précisase estudar a opción. Postos a traducir *Os miserables*, obra publicada en 1862 que relata basicamente

¹ Este procedemento, moi usado en portugués, existe tamén en francés (*Monsieur vient de loin?*) e podemos relacionalo con outros que -por precaución ou por deliberada indefinición- eluden a marca de trato, como fai o “plural de inclusión” (P. ex. *Que tal estamos hoxe?*, empregado como pregunta a outra persoa).

accións situadas na primeira metade do século, nós optamos, seguindo criterios históricos e sociolingüísticos, por empregar o tratamento de respecto emerxente (*vostede/vostedes* sen desbotarmos, con todo, o tradicional até entón (*vós*) que reservamos a aqueles tratamentos dun contexto de marcado respecto e uso social na Francia dese momento como son o tratamento para o bispo, os nobres ou altas autoridades e xerarquías.

Lectoras e lectores repararán, de por parte, que no texto de *Fantine* Victor Hugo deixa en varias ocasións constancia expresa das relacións que o emprego destes pronomes implican no tratamento entre as persoas.

En tanto que, polo feito das leis e dos costumes, exista unha condenación social que cree artificialmente infernos en plena civilización e que complique cunha fatalidade humana o destino que é divino; en tanto que os tres problemas do século (a degradación do home polo proletariado, a decadencia da muller pola fame, e a atrofia do rapaz pola noite) non sexan resoltos; en tanto que en certas rexións sexa posíbel a asfixia social; noutros termos e dende un punto de vista máis extenso aínda: en tanto que sobre a terra haxa ignorancia e miseria, libros da natureza deste poderán non ser inútiles.

Houteville-House, 1º de xaneiro de 1862

Libro primeiro

Un xusto

I O SEÑOR MYRIEL

En 1815 o señor Charles François Bienvenu Myriel era bispo de Digne. Era un ancián duns setenta e cinco anos e ocupaba a sé de Digne dende 1806.

Mesmo se ese detalle non ten propiamente moito que ver co fondo do que imos contar, se cadra non é inútil -aínda que só fose por sermos exacto en todo- indicarmos aquí os rumores e as falas que correran á súa conta cando chegara á diocese. Verdadeiro ou falso, o que se di dos homes ocupa a miúdo un lugar tan grande na súa vida, e maiormente no seu destino, como o que eles fan. O señor Myriel era fillo dun conselleiro do Tribunal de Xustiza de Aix; nobreza de toga. Contábase que seu pai, reservándoo para herdar o seu cargo, casáralo cedo, aos dezoito ou vinte anos, seguindo un costume moi estendido nas familias da curia. Charles Myriel, malia este casamento, fixera falar moito del, dicían. Era ben feito de corpo -aínda que pequeneiro-, elegante, xeitoso e agudo; toda a primeira parte da súa vida fora consagrada á mundanidade e ao galanteo. Surxíu a Revolución, precipitáronse os sucesos e as familias da curia, decimadas, perseguidas e acurradas, espalláronse. O señor Charles Myriel emigrou a Italia nos primeiros días da Revolución. A súa muller morreu alá por causa dun mal de peito que a acadara había tempo. Non tiñan fillos. Que aconteceu a seguido diso no destino do señor Myriel? O afundimento da antiga sociedade francesa, o esmorecemento da súa propia familia, os tráxicos espectáculos do ano 93 -se cadra aínda máis estarrecedores para os emigrados que os vían ao lonxe co engrosamento do arrepío- seica farían agromar nel ideas de renuncia e de soidade? Seica, no medio dunha desas distraccións e afectos que ocupaban a súa vida, se atoparía acadado de súpeto por un deses golpes misteriosos e terribes que, baténdolle no corazón, veñen ás veces derrubar un home que as catástrofes públicas non darían abalado batendo na súa existencia e na súa fortuna? Ninguén sería quen de dicilo; todo o que se sabía era que cando volveu de Italia era sacerdote.

En 1804 o señor Myriel era cura de Brignolles. Era xa velleiro e vivía nun profundo retiro.

Alá polo momento da coroación do emperador, un asuntiño da súa parroquia, non se sabe xa moi ben o que, levouno a París. Entre outras persoas poderosas, foi visitar en prol dos seus parroquianos o cardeal Fesch. Un día en que o emperador fóra visitar o seu tío², o digno cura, que agardaba na antesala, cruzouse no camiño de Súa Maxestade. Napoleón, véndose observado con certa curiosidade por aquel vello, virouse e dixo bruscamente:

-Quen é o homiño ese que está a me mirar?

- Maxestade -dixo o señor Myriel- vós mirades un homiño e eu miro un gran home. A cada un de nós halle prestar.

O mesmo serán, o emperador preguntoulle ao cardeal o nome daquel cura e pouco tempo despois o señor Myriel levou a sorpresa de saber que fora nomeado bispo de Digne.

Polo resto: que había de certo nos relatos que se facían sobre a primeira parte da vida do señor Myriel? Ninguén o sabía. Poucas familias coñeceran a familia Myriel antes da Revolución.

² O cardeal Fesch era tío de Napoleón.

O señor Myríel había sufrir a sorte de todo recién chegado a unha viliña na que hai moitas bocas que falan e poucas cabezas que pensan. Debía sufrila, aínda que era bispo e porque era bispo. Mais, despois de todo, as falas ás que mesturaban o seu nome non eran se cadra senón falas, disques, palabras, parola, menos que parola, *parolicada* como di a expresiva lingua da bisbarra.

Sexa como for, tras nove anos de episcopado e de residencia en Digne, todas estas contomelas, asuntos das conversas que ocupan nun primeiro momento as vilas cativas e xente cativa, caíran nun profundo esquecemento. Ninguén se tería atrevido a falar diso, ninguén se tería mesmo atrevido a lembrarse do asunto.

O señor Myriel chegara a Digne acompañado por unha solteirona, a señorita Baptistine, que era a súa irmá e tiña dez anos menos ca el.

Por todo servizo tiñan unha criada da mesma idade que a señorita Baptistine, chamada a señora Magloire, quen despois de ter sido *a criada do señor cura* adoptaba agora o dobre título de camareira da señorita e ama de chaves de monseñor.

A señorita Baptistine era longueira, pálida, delgadiña e maina; constituía o ideal expresado pola palabra “respectábel” pois semella necesario que unha muller sexa nai para ser venerábel. Nunca fora bonita; a súa vida toda, que era só unha sucesión de obras piadosas, acabara por pousar nela unha caste de brancura e de claror, e ao se facer vella gañara o que se podería chamar a beleza da bondade. O que na súa mocidade fora fracura, convertérase na súa madurez en transparencia, e esta diafaneidade permitía ver o anxo. Máis aínda que unha virxe, ela era unha alma. A súa persoa semellaba estar feita de sombra, apenas corpo suficiente para que houbese nel un sexo, unha pouca materia que albergaba unha luciña, ollos grandes sempre baixados, un pretexto para unha alma permanecer sempre na terra.

A señora Magloire era unha vella pequena, branqueira, gordecha e reboluda, sempre ocupada e sempre a acorar, de primeiras por causa da súa actividade, e en segundo lugar debido a unha asma.

Cando chegou o señor Myriel instalárono no seu pazo episcopal coas honras requeridas polos decretos imperiais, que colocan o bispo inmediatamente despois do mariscal de campo. O alcalde e o presidente³ fixéronlle a primeira visita, e el, pola súa parte fíxolles ao xeneral e ao prefecto a súa primeira visita.

Rematada a instalación, a cidade agardou os feitos do bispo.

³ Presidente do consello xeral do departamento, órgano de goberno da administración provincial en Francia.

II

O SEÑOR MYRIEL CONVÉRTESE EN MONSEÑOR BIENVENU

O pazo episcopal de Digne lindaba co hospital.

O pazo episcopal era unha vasta e fermosa mansión construída en pedra a comezos do século anterior por monseñor Henri Puget, doctor en Teoloxía pola facultade de París, abade de Simore, que era bispo de Digne en 1712. O pazo era unha verdadeira residencia señorial. Todo nela tiña aires de grandeza: os aposentos do bispo, os salóns, os cuartos, o patio de honra, moi largo e amplo e con paseos baixo arcadas, segundo a antiga moda florentina, cos xardíns plantados con magníficas árbores. Na sala de xantar, longa e soberbia galería que estaba rentes do chan e daba aos xardíns, monseñor Henri Puget dera o 29 de xullo de 1714 un xantar de cerimonia aos monseñores Charles Brûlart de Genlis, arcebispo-príncipe de Embrun, Antoine de Mesgrigny, capuchino, bispo de Grasse, Philippe de Vendôme, gran prior de Francia e abade de Saint Honoré de Lerins, François de Berton de Grillon, bispo-barón de Vence, César de Sabran de Forcalquier, bispo-señor de Glandève, e Jean Soanen, padre orador, predicador ordinario do rei, bispo-señor de Senez. Os retratos destes sete reverendos personaxes decoraban a sala, e aquela data memorábel, 29 de xullo de 1714, estaba gravada en letras de ouro nunha mesa de mármore branco.

O hospital era unha casa estreita e baixa, dun só andar, cun xardinciño.

Tres días despois da súa chegada o bispo visitou o hospital. Rematada a visita mandoulle dicir ao director que tivese a bondade de se achegar pola súa casa.

-Señor director -díxolle- cantos enfermos ten neste momento?

-Vinte e seis, monseñor.

-Son os que eu contara -dixo o bispo.

-As camas -seguiu o director- están moi apretadiñas unhas ás outras.

-É o que observei.

-As salas son simples cuartos, e o aire renóvase con dificultade.

-É o que me parece.

-E cando hai unha raiola de sol o xardín resulta pequeniño para os convalecentes todos.

-O mesmo me dixen eu.

-Nas epidemias, este ano tivemos o tifo e hai dous anos unha febre miliaria, cen enfermos por veces; non sabemos o que facer.

-É o que eu pensei, tamén.

-E que lle queredes, monseñor? -dixo o director- Témonos que resignar.

A conversa celebrábase na sala de xantar-galería rentes do chan.

O bispo estívo-se un momento en silencio e logo virouse de súpeto cara ao director do hospital:

-Señor director: cantas camas pensa que poderían caber simplemente nesta sala? - dixo.

-A sala de xantar de monseñor? -exclamou estupefacto o director.

O bispo percorría a sala coa mirada e semellaba botar medidas e cálculos cos ollos.

-Caberían ben vinte camas! - dixo como falándose a si mesmo.

E despois, elevando a voz:

-Escoite, señor director, voulle dicir: hai un erro manifesto. Vostedes son vinteseis persoas en cinco ou seis cuartiños. Nós aquí somos tres e temos sitio para sesenta. Hai un erro, xa lle digo: vostede ten a miña residencia e eu a súa. Devólvame a miña casa. Esta é a súa.

No outro día, os vinte e seis pobres estaban instalados no pazo do bispo e o bispo estaba no hospital.

O señor Myriel non dispuña de bens, pois que a súa familia fora arruinada pola Revolución. A súa irmá cobraba unha renda vitalicia de cincocentos francos, que no presbiterio abundaba para os seus gastos persoais. O señor Myriel recibía do Estado, como bispo, unha paga de quince mil francos. O mesmo día no que foi aloxarse á casa do hospital, o señor Myriel determinou o seu emprego dunha vez para todas do xeito seguinte. Transcribimos aquí unha nota escrita pola súa man.

Nota para distribuír os gastos da miña casa

Para o seminario menor: mil cincocentas libras.

Congregación da misión: cen libras.

Para os lazaristas de Montdidier: cen libras.

Seminario das misións estranxeiras de París: duascenas libras.

Congregación do Espírito Santo: cento cincuenta libras.

Estabelecementos relixiosos da Terra Santa: cen libras.

Sociedades de caridade materna: trescentas libras.

A maiores, para a de Arles: cincuenta libras.

Obra para a mellora das prisións: catrocentas libras.

Obra para o alivio e a liberación dos presos: cincocentas libras.

Para liberar pais de familia presos por débedas: mil libras.

Suplemento á paga dos mestres de escola pobres da diócese: dúas mil libras.

Celeiro da abundancia dos Altos Alpes⁴ : cen libras.

Congregación das damas de Digne, de Manosque e de Sisteron, para o ensino gratuíto a rapazas indixentes: mil cincocentas libras.

Para os pobres: seis mil libras.

Gastos persoais meus: mil libras.

Total: quince mil libras.

Durante todo o tempo que ocupou a sé de Digne, o señor Myriel non mudou practicamente nada desta distribución. Chamáballe a iso, como se ve, *regulación dos gastos da súa casa*.

Este arranxo foi aceptado con absoluta sumisión pola señorita Baptistine. Para esta piadosa rapaza o señor de Digne era ao mesmo tempo seu irmán e seu bispo, seu amigo segundo a natureza e seu superior segundo a Igrexa. Ela queríalle e venerábao sinxelamente. Cando el falaba, ela inclinábase, cando el dispuña ela concordaba. Só a criada, a señora Magloire, rosmou un pouquechiño. O señor bispo –como se puido reparar– reservábase unicamente mil libras, o que, unido á pensión da señorita Baptistine, sumaba mil cincocentos francos no ano. Con eses mil cincocentos francos vivían esas dúas velliñas e ese vellote.

E cando o cura dunha aldea viña a Digne, o señor bispo atopaba aínda a maneira de convidalo grazas á severa economía da señora Magloire e á intelixente administración da señorita Baptistine.

Un día (levaba xa en Digne cousa de tres meses) dixo o bispo:

- A situación é ben difícil!

- Pois si que a é -exclamou a señora Magloire- e monseñor nin mesmo reclamou a renda que o departamento lle debe polos gastos de carruaxe na cidade e de viaxes pola diócese. Nos bispos doutro tempo era o habitual.

- E mais ten razón, señora Magloire! -dixo o bispo.

E fixo a reclamación.

Pouco despois, o consello xeral, estimando a petición concedeulle unha suma anual de tres mil francos en concepto de “subsídio ao señor bispo por gastos de carruaxe, de postas e de viaxes pastorais”

Isto fixo protestar moito á burguesía local, e con ocasión diso un senador do Imperio -antigo membro do consello dos cincocentos, favorábel ao 18 Brumario e dotado cunha magnífica senaduría pola vila de Digne- escribiulle ao ministro dos Cultos, señor Bigot de Préameneu⁵, un escrito irritado e confidencial do que extraemos estas liñas auténticas:

⁴ Os “celeiros da abundancia” eran depósitos de reservas de gran para alimentar os habitantes dunha vila no caso de fame. O de Lyon, no departamento dos Altos Alpes gardaba reservas de trigo para un ano.

⁵ Félix Bigot de Préameneu (1747-1825)

“-Gastos de carruaxe? Cales, nunha cidade de menos de catro mil habitantes? Gastos de postas e de viaxes? De primeiras: viaxes para que? E máis ir en postas nunhas terras montañosas? Non hai estradas. Só se pode ir de a cabalo. A propia ponte sobre o Durance, en Château-Arnoux apenas pode termar cos carros de bois. Estes cegos son todos así. Cobizosos e avaros. Este, cando chegou, remedou o apóstolo xeneroso, e agora fai coma os outros. Si, ho si, vaítes coa clericallada! Señor conde, as cousas non han ir ben senón cando o emperador nos libre destes corvos todos. Abaixo o papa! (os asuntos complicábanse con Roma). Canto a min, eu son partidario do César, unicamente, etc. , etc. “.

A cousa, pola contra, aledou moito á señora Magloire.

- Ben -díxolle ela á señorita Baptistine- monseñor comezou polos outros, mais ben cumpríu que acabase por si mesmo. Dispuxo todas as súas obras de caridade. Velaí tres mil libras para nós. Por fin!

O mesmo serán, o bispo escribiu e entregoulle á súa irmá unha nota redactada así:

Gastos de carruaxe e de visitas

Para lles dar caldo de carne aos enfermos do hospital: mil cincocentas libras.

Para a sociedade de caridade materna de Aix: duascenas cincuenta libras.

Para a sociedade de caridade materna de Draguignan: duascenas cincuenta libras.

Para os meniños abandonados: cincocentas libras.

Para os orfos: cincocentas libras.

Total: tres mil libras.

Tal era o orzamento do señor Myriel.

Canto aos estipendios episcopais, dispensas de amoestacións, licenzas, bautizos urxentes, prédicas, benzón de igrexas ou de capelas, casamentos, etc. , o bispo cobráballos aos ricos con tanta severidade como os daba aos pobres.

Ao cabo de pouco tempo afluiron as ofrendas de diñeiro. Os que o teñen e os que carecen del petaron á porta do señor Myriel, uns en procura da esmola que os outros acababan de deixar. O bispo, en menos dun ano, converteuse en tesoureiro de todas as boas obras e en caixeiro de todas as penurias. Sumas considerabeis pasaban polas súas mans, mais nada deu logrado que el mudase alguíño do seu modo de vida e que engadise o máis mínimo gasto superfluo ao que necesitaba.

Lonxe diso. Como embaixo sempre hai máis miseria do que fraternidade enriba, todo era dado -por así dicilo- antes de ser recibido. Era como auga sobre dunha terra seca: por moitos cartos que recibise nunca lle chegaba. Entón el privábase.

Dado o costume de que os bispos enuncien os seus nomes do bautismo no encabezamento das súas cartas pastorais, os pobres da bisbarra escolleran, cunha caste de instinto garimoso, entre os nomes do bispo aquel que lles tiña un sentido e chamábanlle sinxelamente monseñor Bienvenu. Nós faremos coma eles e ímolo chamar así ocasionalmente. Polo demais, esa denominación gustáballe.

- Gústame ese nome -dicía- *Bienvenu*⁶ corrixo o *monseñor*.

Non pretendemos facer aquí o seu verdadeiro retrato, limitámonos a dicir que lle asemella.

⁶ O nome francés *Bienvenu* significa *Benvido*.

III A BISPO BO, BISPADO FERREÑO

O señor bispo, por ter convertido a súa carruaxe en esmolos non deixaba de facer as súas viaxes. A de Digne é unha diócese fatigosa. Ten moi poucas chairas e moitos montes, e case non ten estradas, como acabamos de ver. Trinta e dúas parroquias, corenta e unha coadxutorías e dúas centas corenta e cinco igrexas filiais. Visitar todo é un traballo enorme. O señor bispo dábo feito. Ía a pé cando era na veciñanza, en carreta pola chaira, e polo monte en asentos de vimbias encostados ás cabalgaduras. Acompañábano as dúas vellas. Cando o camiño era pedrento de máis para elas, ía só.

Un día chegou a Senez –antiga vila episcopal– montado en burra. A súa bolsa, moi baleira nese momento, non lle permitira outro avío. O alcalde da vila foi recibilo á porta do bispado e con ollos escandalizados estábao vendo baixar do seu burro. Algúns burgueses rían arredor del.

- Señor alcalde –dixo o bispo– e señores do burgo, vexo o que os vos escandaliza: atopades que é moito o orgullo que un pobre cura vaia nunha montura que foi a de Xesucristo. Asegúrovos que o fixen por necesidade, non por fachenda.

Na súas viaxes era indulxente e maino, e predicaba menos do que parolaba. Non colocaba ningunha virtude enriba dun pedestal inaccesíbel. Nunca ía buscar moi lonxe as súas razóns e os seus modelos. Aos habitantes dun vilar citáballes o exemplo do vilar veciño. Nos lugares que se portaban duramente cos necesitados, dicía:

- Mirade para os habitantes de Briançon. Concedéronlles aos indixentes, ás viúvas e aos orfos o dereito de segaren os seus prados tres días antes que os outros todos. Levántanlles de novo a casa, sen lles cobraren, cando está a caír. Tamén é unha aldea abenzoada de Deus. Durante os cen anos todos deste século non houbo nela un criminal.

Nas aldeas máis apegadas ao carto e á colleita, dicía:

- Mirade para os de Embrun. Se un pai de familia, no tempo da anada, ten os fillos no servizo militar e as fillas servindo na vila, e el está enfermo e impedido, o cura encoméndao no sermón, e ao domingo, despois da misa, toda a xente da aldea, homes, mulleres e rapaces, van á leira do pobre home para faceren a colleita e lévanlle palla e gran á súa palleira.

Ás familias divididas por cuestión de cartos e de herdanzas, dicíalles:

- Mirade para os de alá do monte de Devolny, terra tan fraguenta e silvosa que non se escoita nela o reiseñor nin unha vez en cincuenta anos. Pois ben, cando nunha familia o pai morre, os rapaces van buscar fortuna e déixanlles a facenda ás raparigas, para que poidan atopar marido.

Nos lugares amigos de preitos, nos que os labregos se arruinan en papel timbrado, dicía:

- Mirade para eses bos labradores do val de Queyras. Son tres mil almas. Meu Deus, é como unha república pequeniña! Alá non se coñece xuíz nin alguacil ningún. O alcalde faino todo. El reparte os impostos, sinálalle a cada quen o que cre en conciencia, xulga gratis as disputas, distribúe o patrimonio sen cobrar e obedéceno porque é un home xusto no medio de homes sinxelos.

Nas aldeas onde non atopaba mestre de escola, citaba de novo aos de Queyras:

- Sabedes como fan? –decía- Dado que un lugariño de doce ou quince fogares non sempre pode alimentar un mestre, teñen escolantes pagados polo val enteiro, que percorren as aldeas botando oito días acá, dez acolá, e ensinando. Estes mestres van ás feiras, onde os eu vin. Recoñécense polas plumas de escribir que levan na cordiña do chapeu. Os que só ensinan a ler levan unha pluma, os que ensinan lectura e cálculo levan dúas plumas, e os que ensinan lectura, cálculo e latín, tres plumas. Estes son grandes sabios. Mais: que vergoña ser ignorantes! Facede como a xentiña de Queyras.

Falaba así, gravemente e paternalmente, inventando parábolas a falta de exemplos, indo dereitiño á cerna, con poucas falas e moitas imaxes, o que estaba na liña da elocuencia de Xesucristo, convencido e persuasor.

IV AS OBRAS SEMELLANTES ÁS PALABRAS

A súa conversa era leda e garimosa. Púñase ao alcance das dúas velliñas que pasaban a súa vida cabo del. Cando ría era o rir dun rapaciño de escola.

A señora Magloire chamáballe de bo grado Vosa Grandeza. Un día el ergueuse da súa cadeira de brazos e foi á súa biblioteca en procura dun libro. Este atopábase nun dos andeis superiores. E como o bispo era pequeneiro, non o dou acadado.

-Señora Magloire -díxolle- Tráíame unha cadeira, a miña grandeza non chega a esta táboa.

Unha súa parente afastada, a señora condesa de Lô, raramente desaproveitaba a ocasión de enumerar en presenza do bispo o que ela denominaba “as esperanzas” dos seus tres fillos. Tiña varios familiares moi vellos e próximos a morrer dos que os seus fillos eran os herdeiros naturais. O máis novo dos tres tiña que recibir dunha tía avoa máis de cen mil libras de rendas; o segundo substituíra no título de duque ao seu tío, e o terceiro sucedería ao seu avó como par de Francia. O bispo escoitaba habitualmente en silencio estas inocentes e desculpabeis mostras de maternal atención. Porén, un día, parecía el máis matinador que de costume namentres que a señora de Lô repetía detalladamente todas esas sucesións e todas esas “esperanzas”. E ela interrompeuse con impaciencia:

- Santo Deus, meu curmán! Mais en que estades a pensar?

- Estou a pensar nunha cousa ben singular que lin, paréceme, en San Agostiño “Poñede a vosa esperanza naquel ao que non se sucede.”

Outra vez, ao recibir a participación necrolóxica do falecemento dun nobre da bisbarra, carta na que se despregaban nunha longa páxina -a maiores das dignidades do defunto- todas as cualificacións feudais e nobiliarias dos seus parentes todos, exclamou:

- Que bo lombo ten a morte! Que admirábel carga de títulos lle fan levar alegremente! E moi agudos teñen que ser os homes se empregan así a súa cova para a fachenda!

Tiña en cada ocasión un pequeno ferrete que case sempre encerraba un sentido serio. Unha vez, pola Coresma, un coadxutor noviño foi a Digne e predicou na catedral. Foi moi elocuente. O tema do seu sermón era a caridade. Invitou aos ricos a lles daren aos indixentes para evitaren o inferno -que pintou do xeito máis terríbel que puido - e a gañaren o paraíso -que presentou apetecíbel e atraínte. No auditorio había un rico comerciante retirado, algo usureiro, chamado o señor Géborand, que gañara medio millón fabricando pano groso, burel, fustán e puchos gascóns. Nunca na súa vida o señor Géborand lle dera unha esmola a un malpocado. A partir dese sermón, reparouse en que todos os domingos lles daba un pataco ás vellas que pedían á porta da catedral. Eran seis a se repartiren a esmola. Un día, o bispo viu como aquel practicaba a caridade e díxolle á súa irmá sorrindo:

- Velái o señor Géborand mercando o paraíso por un pataco.

Cando se trataba de caridade non se botaba para atrás, mesmo diante dun rexeitamento, e atopaba entón palabras que facían cavilar. Unha vez andaba a pedir para os pobres nun salón da vila. Estaba alí o marqués de Champtercier, vello rico e avaro que

atopaba o xeito de ser ao mesmo tempo ultramonárquico e ultravolteriano. Esa variedade existiu. O bispo, de chegado a el, tocoulle no brazo:

- Señor marqués, tedes que me dar algo.

O marqués virouse e respondeu secamente:

- Eu xa teño os meus pobres, monseñor.

- Pois déamos –díxolle o bispo.

Un día, na catedral, botou o seguinte sermón:

-Meus benqueridos irmáns, meus bos amigos: Hai en Francia un millón trescentas vinte mil casas de labradores que só teñen tres aberturas, un millón oitocentas dazasete mil que teñen dúas aberturas -a porta e a fiestra- e trescentas corenta e seis mil cabanas que só teñen unha abertura: a porta. E iso está motivado por unha cousa chamada o imposto das portas e as fiestras. Metédeme nesas moradas familias pobres, mulleres vellas, rapaciños pequenos, e veredes as febres e as doenzas. Coitadiños! Deus dalles o aire aos homes e a lei véndellelo. Non estou a acusar á lei senón a abenzoar a Deus. No Isère, no Var, nos Altos e Baixos Alpes, os labregos non teñen nin mesmo carriños de man: teñen que levar o estrume ao lombo, non teñen candeas e queiman barras de resina e cabos de corda enchoupados en piche. E así é en toda a bisbarra do alto Delfinado. O pan fano para seis meses, envolvéndoo en bosta de vaca seca. No inverno párteno a poder de machada e déixano enchoupar en auga vinte e catro horas para podelo comer. Meus irmáns, tede mágoa, ollade o sufrimento de arredor de vós.

Como nacera na Provenza, familiarizárase doadamente con todos os dialectos do sur. Dicía: *Eh bé! mussú, sés sage*⁷ como no Baixo Languedoc; *Onte anaras passá?*⁸ como nos Alpes Baixos, ou *Puerte un buen mutú ambé un buen frumage*⁹ como no Alto Delfinado. Isto agradáballes á xente do pobo e non contribuíra pouco a lle dar acceso ás mentes todas. Estaba na choupana e no monte como na súa propia casa Sabía dicir as cousas máis grandes nas falas máis vulgares. Ao falar todas as linguas, entraba en todas as almas.

Polo demais, el era o mesmo para a xente de mundo que para a xente do pobo.

Non condenaba nada precipitadamente e sen ter en conta as circunstancias que rodeaban cada cousa. Dicía: “Vexamos o camiño polo que a falta pasou”

Ao ser –como el se calificaba a si mesmo- un *ex-pecador*, non tiña ningunha rispidez rigorista e profesaba en voz suficientemente alta –sen engurrar a sobrecella como os virtuosos feroces- unha doutrina que poderíamos resumir máis ou menos así:

“O home ten enriba del a carne, que é ao tempo a súa carga e a súa tentación. Arrástraa consigo e cede ante ela. Debe vixiala, contela, refreal a e só obedecerlle en derradeira instancia. Nesta obediencia aínda pode haber unha falta, mais a falta así cometida é venial.

É unha caída, mais unha caída sobre os xeonllos, que pode rematar en oración.

⁷ “Ouvíu, señor, vaia con tino!”

⁸ “Onde te meteras?”

⁹ “Leva un bo carneiro e mais un bo queixo graxo”.

Ser un santo é a excepción, ser un xusto é a regra. Errade, fraquexade, pecade, mais formade parte dos xustos.

Para o home, a lei é pecar o menos posíbel. Non pecar en absoluto é o soño do anxo. Todo o que é terreal está sometido ao pecado. O pecado é unha gravitación.”

Cando vía todo o mundo berrar moito e indignarse axiña, dicía sorrindo:

-Ai, ho! Semella que este é un crime que todo o mundo comete. Velaí os soinamoinas alporizados correndo a protestar e a se poñeren a cuberto.

Era indulxente coas mulleres e os pobres sobre os que recaí o peso da sociedade humana. Dicía:

- As faltas das mulleres, dos rapaces, dos criados, dos febles, dos indixentes e dos ignorantes son culpa dos maridos, dos pais, dos amos, dos fortes, dos ricos e dos sabios.

E tamén dicía:

- Aos ignorantes aprendédelles cantas máis cousas poidades; a sociedade é culpábel por non dar instrución gratuita; responde pola noite que produce. Esta alma está chea de escuridade e nela cométese o pecado. O culpábel non é quen fai o pecado senón quen produciu a escuridade.

Como se ve, tiña unha maneira estraña e persoal de xulgar as cousas. Sospeito que a tomara do evanxeo.

Un día sentíu contar nun salón un proceso criminal que estaban instruindo e que ían xulgar. Un miserábel, por amor a unha muller e a un fillo que tiña dela, esgotados os seus recursos falsificara moeda. Nesa época a falsificación de moeda penábase aínda coa morte. A muller fora presa cando puxera en circulación a primeira moeda falsa que o home fabricara. Pilláranla, mais só tiñan probas contra dela. Só ela podía culpar ao seu amante e perdelo ao confesar. Negou. Insistiron. Teimou en negar. Nestas, o fiscal tivera unha idea: supuxéralle ao amante unha infidelidade e lograra, con anacos de cartas habilmente presentados, persuadir á coitada de que tiña unha rival e de que ese home estaba a enganala. Entón, desesperada polos ciúmes, ela denunciara o seu amante, confesara todo e probara todo. O home estaba perdido. Ía ser xulgado axiña en Aix coa súa cómplice. Contábase o feito e todos se extasiaban coa habelencia do maxistrado: metendo os ciúmes polo medio fixera agromar a verdade coa carraxe, fixera saír a xustiza da vinganza. O bispo escoitaba todo aquilo en silencio. Cando remataron, preguntou:

- Onde van xulgar ese home e máis esa muller?

- Na audiencia provincial.

E continuou:

- E onde van xulgar o señor fiscal?

Aconteceu en Digne un suceso trágico. Condenaron a morte un home por asasinato. Era un malfadado nin totalmente instruído nin totalmente ignorante, que andivera a facer de saltanocribo polas feiras e de escribidor de pago. O proceso mantivo a cidade moi ocupada. A véspera do día sinalado para a execución do condenado o capelán da prisión

enfermou. Cumpría un sacerdote para asisitir ao paciente nos seus derradeiros momentos. Foron buscar o cura e seica este se negou dicindo:

- Non é cousa miña. Eu non teño que ver con ese asunto. Non vou cangar con ese fardo e con ese saltariqueiro. Eu tamén estou enfermo, e mais esa non é a miña función.

Trasládaronlle a resposta ao bispo que dixo:

- O señor cura ten razón: ese non é a súa función, é a miña.

Foise decontadiño para a prisión e baixou á cela de illamento do “saltariqueiro”, chamouno polo seu nome, colleulle a man e faloulle. Pasou o día enteiro e mais a noite cabo del, esquecendo a mantenza e o sono, pregándolle a Deus pola alma do condenado e pregándolle ao condenado pola súa propia. Díxolle as mellores verdades, que son as máis sinxelas. Foi pai, irmán e amigo, bispo só para lle dar a beizón. Ensinoulle todo, acougándoo e consolándoo. Aquel home ía morrer desesperado. A morte era para el como un abismo. De pé e tremelicando nese lúgubre limiar, arrecuaba con terror. Non era dabondo ignorante para ser absolutamente indiferente. A súa condena, abalo profundo, abrira fendas acá e acolá nesa taboíña que nos separa do misterio das cousas e que nós chamamos a vida. Alucaba sen parar o exterior por esas fatais regañas e vía só tebras. O bispo fíxolle ver unha clareira.

No outro día, cando viñeron buscar o malpocado, o bispo estaba alá e seguiuno. Amosouse aos ollos da multitude vestido coa peregrina violeta e a cruz episcopal pendurada do pescozo, ben pegadiño a aquel infortunado amarrado con cordas.

Subíu á carreta con el e con el subíu ao patíbulo. O paciente, tan soturno e afundido na véspera, estaba radiante: sentía que a súa alma se reconciliara e tiña esperanza en Deus. O bispo abrazouno, e no momento en que a coitela ía caír, díxolle: “Aquel que o home mata, Deus resucítalo, e aquel que os seus irmáns rexeitan, o Pai acólleo. Pregue, crea, entre na Vida! O Pai está aí”.

Cando baixou de novo do patíbulo, o seu ollar tiña algo que fixo ao pobo abrir paso. Non se sabía o que resultaba máis admirábel: se a súa palidez ou a súa serenidade. Ao regresar á humilde morada que el chamaba sorrindo o seu pazo, díxolle á súa irmá: “Acabo de oficiar pontificalmente”.

Como as cousas máis sublimes son a miúdo tamén as cousas menos comprendidas, houbo na cidade xente que, comentando esta conduta do bispo, dixo: “É finximento”. E máis foi únicamente un disque dos salóns. O pobo, que non ve malicia nas accións santas, sentíu agarimo e admiración.

Canto ao bispo, ver a guillotina foi para el un choque e botou moito tempo en se recuperar.

Efectivamente, o patíbulo, cando está aí, ergueito, ten algo de alucinante. Pódese ter certa indiferenza cara a pena de morte, non se pronunciar, dicir si e máis non en canto un non ten visto cos seus propios ollos unha guillotina, mais se un bate con ela, o abalo é violento, cómpre decidirse e tomar partido a prol ou en contra. Hai quen a admira, como de Maistre¹⁰, outros ódiana, como Beccaria¹¹. A guillotina é a concreción da lei, chámase *vindicta*, non é neutra nin vos permite permanecerdes neutros. O que a ve estremécese co

¹⁰ Político e escritor francés (1753-1821)

¹¹ Xurista italiano (1738-1794)

arreguizo máis misterioso. Todas as cuestións sociais erguen sobre desta gadaña o seu signo de interrogación. O patíbulo é unha visión. O patíbulo non é unha armazón de táboas, non é unha máquina, non é un mecanismo inerte feito con madeira, ferro e cordas. Semella unha caste de ser dotado de non sei que sombría iniciativa, diríase que esa armazón ve, que esa máquina ouve, que ese mecanismo entende, que esa madeira, ese ferro e esas cordas cobizan. Na arrepiante matinal que envolve a alma coa súa presenza, o patíbulo aparece terrorífico e mestúrase co que está a realizar. É o cómplice do verdugo, devora, come carne e bebe sangue. É unha sorte de monstro fabricado polo xuíz e o carpinteiro, un espectro que semella vivir unha especie de vida espantosa feita con toda a morte que el ten dado.

Horrible e profunda tamén foi a impresión; no día seguinte da execución e moitos outros despois o bispo pareceu afundido. A serenidade case violenta do momento fúnebre desaparecera: o fantasma da xustiza social obsesionábo. El, que de ordinario volvía dos seus actos cunha satisfacción radiante, semellaba facerse un reproche. Por momentos falaba consigo mesmo e tateaba a media voz lúgubres monólogos. Velaí un que a súa irmá sentiu un día e recolleu:

- Eu non coidaba que fose tan montruoso. É un erro absorberse na lei divina ata o punto de non dexergar a lei humana. A morte só lle pertence a Deus. Con que dereito os homes tocan esta cousa descoñecida?

Co tempo, estas impresións fóronse atenuando e probabelmente se borraron. Con todo, repararon que o bispo evitaba dende aquela pasar pola praza das execucións.

Podíase chamar o señor Myriel a calquera hora ao leito dos enfermos e dos moribundos. Non ignoraba que ese era o seu deber máis grande e o seu máis gran cometido. As familias viúvas ou orfas non precisaban pedirlllo, xa o bispo ía en por el. Sabíase sentar e estar calado rente do home que perdera a muller que amaba, rente da nai que perdera o seu fillo. Igual que sabía cando estar calado, tamén sabía cando falar. Admirábel consolador! Non trataba de borrar a dor a través do esquecemento senón de engrandecela e de dignificala a través da esperanza. Decía:

-Tede conta coa maneira como vos dirixides aos mortos. Non reparedes no que está a apodrecer. Ollade ben en fite. Habedes ver a luciña viva do voso benquerido morto no fondo do ceo.

Sabía que a crenza é sá. Trataba de aconsellar e de calmar o home desesperado sinalándolle co dedo o home resignado, e de transformar a dor que contempla unha cova amosándolle a dor que mira unha estrela.

V
COMO MONSEÑOR BIENVENU FACÍA DURAR DEMASIADO TEMPO
AS SÚAS SOTANAS

A vida interior de monseñor Myriel estaba ateigada dos mesmos pensamentos que a súa vida pública. Para quen tivese podido vela ao perto tería sido un espectáculo grave e encantador esa pobreza voluntaria na que vivía o señor bispo de Digne.

Como todos os anciáns e como os máis dos pensadores, durmía pouco. Ese corto repouso era profundo. Pola mañá recollíase durante unha hora. Logo misaba, quer na catedral quer no oratorio. Dita a misa, almorzaba sopas de pan centeo en leite das súas vacas. Despois traballaba.

Un bispo é un home moi ocupado: cómpre que reciba todos os días o secretario do bispado -que de ordinario é un cóengo- e case todos os días os seus vicarios xerais; ten congregacións que controlar, privilexios que conceder, toda unha biblioteca eclesiástica que examinar, parroquianos, catecismos diocesanos, libros de horas, cartas parroquiais que escribir, prédicas que autorizar, curas e alcaldes que poñer de acordo, unha correspondencia clerical, unha correspondencia administrativa -por unha banda o Estado e pola outra a Santa Sé- mil asuntos...

O tempo que lle deixaban estes mil asuntos, os oficios e o breviario adicábao de primeiras aos necesitados, aos enfermos e aos aflixidos; o tempo que os aflixidos, os enfermos e os necesitados lle deixaban, adicábao ao traballo. Quer escavichaba no seu xardín, quer lía e escribía. Non utilizaba máis que unha denominación para estes labores: chamáballes *traballar o xardín* porque -decía- "a mente é un xardín".

A mediodía xantaba. O xantar asemellaba ao almorzo.

Contra ás dúas, cando o tempo era bo, saía e daba un paseo a pé polo campo ou pola vila, entrando a miúdo nas casarellas. Viano camiñar só, envíso nos seus pensamentos, cos ollos baixos, apoiado no seu longo bastón, vestido co seu abrigo violeta acolchoado e quentiño, calzado con medias violeta en grandes zapatos e toucado co seu chapeu plano que deixaba pasar entre os seus tres cornos tres borlas de ouro con cordón trenzado.

Alí onde aparecía era unha festa. Diríase que o seu paso traía algo de calor e luz. Os rapaces e os vellos saían ao limiar das portas coa chegada do bispo como coa do sol. Abenzoaba e abenzoábano. Sinalábanlle a súa casa a calquera que tivese necesidade dalgunha cousa.

Acá e acolá falaba cos cativiños e cativiñas e sorríalles ás nais. Visitaba aos pobres mentres tiña diñeiro e cando xa non tiña ía visitar aos ricos.

Pois que facía durar as súas sotanas moito tempo e non quería que se decatasen diso, non saía nunca pola vila non sendo co seu abrigo violeta, o que o molestaba un pouco no verán.

Polo serán, ás oito e media, ceaba coa súa irmá, a señora Magloire detrás deles servíndolles a mesa. Non había cousa máis frugal que esta comida. Con todo, se o bispo tiña un dos seus curas a cear, a señora Magloire aproveitaba para lle servir a monseñor algún excelente peixe dos lagos ou algunha fina peza de caza do monte. Todos os curas eran pretexto para unha boa comida: o bispo deixaba facer. Fóra diso, a súa cea habitual

non viña sendo senón legumes cocidos en auga e sopa con aceite. Así dicían na vila: “Cando o bispo non come como un cura, come como un trapense”.

Despois de cear parolaba media horiña coa señorita Baptistine e a señora Magloire e despois volvía para o seu cuarto e de novo escribía, quer en follas soltas quer nas marxes dalgún libro de tamaño in folio. Tiña formación en letras e algunha en ciencias. Deixou cinco ou seis manuscritos bastante curiosos, entre outros un comentario sobre o versículo do Xénese: “No comezo o espírito de Deus revoaba por riba das augas”. Confronta con este versículo tres textos¹²: a versión árabe que di: “Os ventos de Deus sopraban”, Flavio Xosefo que di: “Un vento do alto precipitábase sobre da Terra”, e finalmente a paráfrase caldaica de Onkelos que dá: “Un vento que viña de Deus sopraba sobre a face das augas”. Noutro comentario examina as obras teolóxicas de Hugo, bispo de Tolemais, tatarabó de quen escribe este libro, e monseñor Bienvenu establece nel que cómpre atribuírlle a este bispo os opúsculos publicados no século pasado baixo o pseudónimo de Barleycourt¹³.

Ás veces, no medio da lectura, fose cal for o libro que tivese entre as mans, caía de súpeto nunha profunda meditación da que non saía senón para escribir unhas poucas liñas nas mesmas páxinas do volume. Estas liñas a miúdo non teñen relación ningunha co libro que as contén. Temos á vista unha nota escrita por el nunha das marxes dun in quarto titulado “Correspondencia de lord Germain cos xenerais Clinton e Cornwallis e os almirantes da base de América. En Versailles, na librería de Poinçot e en Paris na librería de Pissot do quai des Augustins”.

Velaí a nota:

“Ouh, vós o que sodes!

O Eclesiastés chámavos Todopoderoso, os Macabeos chámavos Creador, a Epístola aos efesios chámavos Liberdade, Baruc chámavos Inmensidade, os Salmos chámavos Sabencia e Verdade, Xoán chámavos Luz, os Reis chámavos Señor, o Éxodo chámavos Providencia, o Levítico Santidade, Esdras Xustiza, a creación chámavos Deus, o home chámavos Pai, mais Salomón chámavos Misericordia e ese é o máis belido de todos os vosos nomes”.

Contra ás nove do serán as dúas mulleres retirábanse e subían aos seus cuartos deixándoo deica á mañá só no baixo.

Aquí faise necesario que deamos unha descrición exacta da morada do señor bispo de Digne.

¹² Estes tres textos son reais. Os manuscritos do bispo son ficción literaria.

¹³ Parece que o referido a este hipotético devanceiro de Victor Hugo non ten moito fundamento histórico.

VI QUEN FACÍA EL QUE LLE VIXIASE A CASA

A casa na que vivía estaba composta –xa o dixemos- por un baixo e só un andar: tres habitacións no baixo, tres cuartos no primeiro e, enriba, un faiado. Por tras da casa, un xardín e horto dun ferrado. As dúas mulleres ocupaban o primeiro. O bispo aloxábase embaixo. A primeira habitación, que daba á rúa, servíalle de sala de xantar, a segunda de cuarto de dormir e a terceira de oratorio. Non se podía saír do oratorio sen pasar polo cuarto de dormir nin saír do cuarto de dormir sen pasar pola sala de xantar. No fondo do oratorio había unha alcoba pechada, cun leito para o caso de hóspede. O señor bispo ofrecíalles este leito aos curas rurais que os asuntos ou as necesidades da súa parroquia levaban a Digne.

A farmacia do hospital, edificio pequeno engadido á casa en mingua do horto, fora transformada en cociña e en celeiro.

Había a maiores no xardín unha corte que era a antiga cociña do hospicio, e nela o bispo criaba dúas vacas. Fose cal for a cantidade de leite que estas lle desen, el enviáballes invariablemente a metade aos enfermos do hospital. *Pago o meu décimo*, dicía.

O seu cuarto era grande dabondo e dabondo difícil de quentar no mal tempo. Como a leña é moi cara en Digne, viñéralle ao maxín mandar facer na vacariza un compartimento pechado por un tabique de táboas. Alá botaba el as tardes cando ía moita friaxe. Chamáballe o seu *salón de inverno*.

Non había neste salón de inverno –igual que na sala de xantar- outros mobles non sendo unha mesa cadrada de madeira branca e catro cadeiras de palla. A sala de xantar estaba, a máis diso, adornada cun aparador vello pintado de rosa á témpera. Do tal aparador, axeitadamente revestido con paniños brancos e imitacións de encaixe, o bispo fixera o altar que decoraba o seu oratorio.

As súas penitentes ricas e as mulleres santas de Digne contribuían a escote de cando en cando para pagar un fermoso altar novo para o oratorio de monseñor. El aceptara o diñeiro, de cada vez, e dérallo aos pobres. “O altar máis fermoso –dicía- é a alma dun malfadado que recibe consolo e llo agradece a Deus”.

No seu cuarto de oración había dous reclinatorios de palla, e unha cadeira de brazos –tamén de palla- no seu cuarto de dormir. Cando por casualidade recibía sete ou oito persoas a un tempo, o prefecto, o xeneral ou o estado maior do reximento en praza, ou algúns alumnos do pequeno seminario, tiñan que ir buscar á corte as cadeiras do salón de inverno, ao oratorio os reclinatorios e a cadeira de brazos ao cuarto; deste xeito podíanse reunir até once asentos para os visitantes. A cada visita nova desamoblaban unha habitación.

Acontecía ás veces seren doce, daquela o bispo disimulaba o embarazo da situación manténdose de pé diante da cheminea, se era de inverno, ou propondo un paseo polo xardín, se era polo verán.

Aínda había na alcoba pechada unha cadeira, mais faltáballe moita palla e só termaba de si sobre tres pés, polo que non podía servir, a non ser apoiándoa contra da parede. A señorita Baptistine tiña tamén no seu cuarto unha gran poltrona de madeira, dourada en tempos, e tapizada de seda chinesa con flores, mais víranse obrigados a subir a

poltrona ao primeiro pola fiestra porque a escaleira era estreita de máis; non se podía contar con ela, logo, para o caso de se precisar mobiliario.

A ambición da señorita Baptistine tería sido poder mercar un moble de salón feito en caoba, de veludo de Utrecht amarelo con floróns e de estilo Imperio, con sofá. Mais tería costado cando menos cinco centos francos, e, tras ver que non dera aforrado para esa finalidade en cinco anos máis que corenta e dous francos e medio, acabara por renunciar a el. Por outra banda: quen dá acadado o seu ideal?

Nada máis sinxelo de imaxinar que o dormitorio do bispo. Unha porta-fiestra que daba ao horto; fronte por fronte: a cama, unha cama de hospital, de ferro con baldaquino de burel verde. Na sombra da cama, detrás da cortina, os útiles de aseo que revelaban aínda os antigos costumes elegantes do home de mundo. Dúas portas: unha rente da cheminea, que daba ao oratorio, e a outra rente da biblioteca, que daba á sala de xantar. A biblioteca, grande armario acristalado cheo de libros; a cheminea, de madeira pintada de mármore, habitualmente sen lume; na cheminea, un par de trasfogueiros de ferro adornados con dous xarróns con grinaldas e estrías -en tempos embutidos con prata picada, o que era unha especie de luxo episcopal-, enriba, no lugar no que de adoito se pon o espello, un crucifixo de cobre co recubrimento de prata xa perdido, chantado sobre un veludo negro desgastado, nun marco de madeira que perdera o dourado. Cabo da porta-fiestra, unha mesa grande cun tinteiro cargada de papeis en confusión e de grosos volumes. Diante da mesa, a cadeira de palla con brazos. Diante da cama, un reclinatorio, prestado do cuarto de oración.

Na parede, dos dous lados da cama, pendían dous retratos en marcos ovalados. Unhas pequenas inscricións douradas sobre o fondo neutro da tea, á beira das faces, indicaban que os retratos representaban, un o abade de Chaliot, bispo de Sant-Claude, e o outro o abade Tourteau, vigairo xeral de Agde, abade de Grand-Champ, da orde do Císter, diócese de Chartres. O bispo, ao suceder neste cuarto os enfermos do hospital, atopara nel eses retratos e deixáraos alá. Eran cregos, probablemente doantes: dous motivos para que os respectase. Todo o que el sabía destes dous personaxes é que foran nomeados polo rei, un para o seu bispado e o outro para o seu beneficio, o mesmo día, o 27 de abril de 1785. Despois de a señora Magloire descolgar os cadros para lles tirar o pó, o bispo atopara esa particularidade escrita cunha tinta abrancazada enriba dun cadradiño de papel amarelecido polo tempo, pegado con catro obreas de selar por tras do retrato do abade de Grand-Champ.

Tiña na súa xanela un antigo cortinado de pano groso de lá que rematou por virarse tan vello que, para evitar a merca dun novo, a señora Magloire viuse obrigada a facer un costurón no medio e medio. Esa costura debuxaba unha cruz. O bispo facía reparar niso a miúdo. – “Que bonito fai!”, dicía.

Todos os cuartos da casa, tanto no baixo como no primeiro, sen excepción, estaban branqueadas con leitada de cal, o que é un hábito de cuartel e de hospital.

Con todo, nos últimos anos, a señora Magloire atopou –como veremos máis en diante– por baixo do papel pintarrallado, unhas escenas que ornaban o apousento da señorita Baptistine. Antes de ser hospital esta casa fora o *parladoiro dos burgueses*¹⁴. De aí esa decoración. Os cuartos tiñan o chan de lousa vermella que se lavaba cada semana con esteiras de palla trenzada por diante das camas todas. Por outra banda, este edificio, rexentado por dúas mulleres, era de arriba a abaixo dunha limpeza exquisita. Era o único luxo permitido polo bispo. El dicía:

¹⁴ Denominación antiga en francés da Casa do Concello.

-“Non lle tira cousa ningunha aos pobres”.

Cómpre recoñecer, con todo, que lle quedaban do que posuira antigamente seis cubertos de prata e un cullerón de sopa que a señora Magloire miraba feliz todos os días relucir espléndidamente enriba do mantel de tea branca. E como aquí estamos pintando o bispo de Digne tal como era, debemos engadir que máis dunha vez lle acontecera dicir:

-Difícilmente renunciaría eu a comer con cubertos de prata.

Cómpre engadir a esta cubertaría dous grandes candelabros de prata maciza que lle viñan da herdanza dunha tía-avoa. Estes candelabros sostiñan dúas velas de cera e habitualmente figuraban enriba da cheminea do bispo. Cando había alguén a comer, a señora Magloire acendía as dúas velas e puña os candeeiros enriba da mesa.

Había no mesmo cuarto do bispo, na cabeceira da súa cama, un armariño no que a señora Magloire gardaba cada serán os seis cubertos de prata e o cullerón. Cómpre dicir que sempre deixaban a chave posta,

O xardín, algo mancado polas construcións bastante feas das que xa falamos, compúñase de catro vieiros en cruz que irradiaban de arredor dun escoadoiro; outro vieiro daba a volta ao horto e camiñaba á par do muro branco que o choía. Eses vieiros deixaban entre eles catro cadrados cinxidos de buxo. En tres deles a señora Magloire cultivaba legumes; no cuarto o bispo plantara flores. Había por acá e por acolá algunhas árbores froiteiras.

Dunha vez, a señora Magloire dixéralle cunha especie de lene pillaría:

- Monseñor, vós que tirades proveito de todo, e velaí tedes un cadrado inútil. Valería máis ter repolos que ramos de flores.

- Señora Magloire –respondeu o bispo- enganáse. O fermoso é tan útil como o útil.

E tras un silencio, engadiu:

- Se cadra, máis.

Este cadrado, composto de tres ou catro cantonciños, ocupaba ao señor bispo case tanto como os seus libros. Botaba nel de boa gana unha ou dúas horas a podar, a sachar e a espichar, facendo buratos na terra nos que metía sementes. Non era tan hostil aos insectos como tería querido un xardineiro. Por outra banda, non pretendía ser botánico; ignoraba os grupos e o solidismo; non buscaba en absoluto decidir entre Tournefort¹⁵ e o método natural; non tomaba partido nin a prol dos utrículos contra dos cotiledóns nin a prol de Jussieu contra Linneo. Non estudaba as plantas, amaba as flores. Respectaba moito os sabios e respectaba aínda máis os ignorantes, e sen endexamais faltar a estes dous respectos, regaba os seus cantonciños cada tardiña de verán cunha regadeira de folladelata pintada de verde.

A casa non tiña porta ningunha que pechase con chave. A porta da sala de xantar que, xa o dixemos, daba de cheo sobre a praza da catedral, estivera en tempos armada con pechaduras e ferrollos como unha porta de prisión. O bispo mandara tirar todas aquelas

¹⁵ Tanto Tournefort como Jussieu e Linneo foron botánicos dos séculos XVII e XVIII que fixeron importantes avances científicos na clasificación das plantas.

ferraxes, e a porta –de día como de noite- só estaba pechada con caravilla. A primeira persoa que pasase, fose a hora que for, non tiña senón que puxar. Ao comezo, as dúas mulleres atormentábanse moito con esta porta nunca choída, mais monseñor de Digne díxéralles:

-Mandade poñer ferrollos nos vosos cuartos, se queredes.

Elas acabaran por partillar a súa confianza ou cando menos por facer coma quen que a partillaban. Só a señora Magloire tivera de cando en cando algún medo. Tocante ao bispo, pódese atopar o seu pensamento explicado ou cando menos indicado nestas tres liñas escritas por el na marxe dunha biblia: “Velaí o matiz: a porta do médico nunca debe estar pechada; a porta do crego sempre debe estar aberta.”

Sobre outro libro, titulado *Filosofía da ciencia médica* escribira estouta nota: “Seica eu non son médico coma eles? Eu tamén teño os meus enfermos; de primeiras teño os seus, que eles chaman os enfermos, e por parte teño os meus, que eu chamo os malfadados.”

Noutro lugar, aínda, escribira: “Non lle preguntedes o seu nome a quen vos pide pousada. Maiormente é aquel ao que seu nome causa complicacións quen precisa de abeiro.”

Aconteceu que a un digno cura (xa non sei se era o cura de Couloubroux ou o cura de Pompierry) se lle ocorreu un día preguntarlle –probablemente instigado pola señora Magloire- se Monseñor estaba ben seguro de non cometer até certo punto unha imprudencia ao deixar día e noite a súa porta aberta á mercé de quen quixese entrar, e se non temía, en fin, que non acontecese algunha desgraza nunha casa tan pouco gardada. O bispo tocoulle o lombo con lene gravidade e díxolle:

-*Nisi Dominus custodierit domum, in vanum vigilant qui custodiunt eam*¹⁶.

Despois falou doutra cousa.

A miúdo dicía de grado: “Existe a valentía do crego igual que existe a valentía do coronel de dragóns. Só que –engadía- a nosa debe ser tranquila.”

¹⁶ “Se o Señor non garda a casa, en van han vixiar os que a gardan.”

VII CRAVATTE

Sitúase aquí un feito que non debemos omitir porque é un dos que mellor fai ver o home que era o señor bispo de Digne.

Despois da destrución da banda de Gaspard Bès que infestara as engrovas de Ollioules¹⁷, un dos seus lugartenentes, Cravatte, acubillouse no monte. Agachouse algún tempo cos seus bandidos –resto da tropa de Gaspard Bès - no condado de Niza, e logo no Piemonte, e de súpeto reapareceu en Francia, pola parte de Barcelonnette. Vírono de primeiras en Jauziers e logo en Les Tuiles. Agachouse nas covas de Joug de l'Aigle, e de alá baixaba cara as aldeas e os vilares polos cavorcos de Ubaye e Ubayette. Atreveuse mesmo a apuxar até Embrun, entrou unha noite na catedral e desvalixou a sacristía. Os seus esbullos asolaban o país. Puxeron a xendarmería após del, mais foi en van. Escapaba sempre. Por veces resistía de viva forza. Era un afouto miserábel. No medio dese terror chegou o bispo. Estaba a facer o seu percorrido. En Chastelar foino recibir o alcalde, que o e instou a dar volta atrás. Cravatte dominaba o monte até Arche e mesmo alén. Había perigo incluso con escolta. Era expor inutilmente tres ou catro malfadados xendarmes.

-Por iso conto ir sen escolta –dixo o bispo.

-Pensa tal, monseñor? –exclamou o alcalde.

-Tanto o penso, que rexeito totalmente levar xendarmes e que vou partir de aquí a unha hora.

-Partir?

-Partir.

-Só?

-Só.

-Monseñor! Non vai facelo!

-Hai alá, no monte –proseguíu o bispo- un modesto concelliño de tamaño así, que non vin dende hai anos. Son bos amigos meus. Pacíficos e honrados pegureiros. Son donos dunha cabra das trinta que gardan. Fan unhas cordas de lá moi xeitosas de distintas cores e tocan melodías montańesas con flautiñas de seis buracos. Precisan que de cando en cando lles falen do bon Deus. Que habían dicir eles dun bispo que ten medo? Que habían dicir se eu non fose?

-Mais, monseñor: E os bandoleiros? Se atopa os bandoleiros?

-Vaite! –dixo o bispo- Agora que o penso. Ten razón. Podo atopalos. Tamén eles deben precisar de que lles falen do bon Deus.

-Monseñor! É unha banda! Unha grea de lobos!

-Señor alcalde, se cadra é desa grea da que Xesús me fai o pastor. Quen coñece os camiños da Providencia?

- Monseñor, hano desvalixar.

-Non teño cousa ningunha.

-Hano matar.

-Un creguiño vellote que pasa moumeando a súa entroidada? Boh? Para que?

-Deus me valla, se os chega a atopar!

-Heilles pedir esmola para os pobriños.

-Monseñor, no nome do ceo, non vaia! Que expón a súa vida!

-Señor alcalde –dixo o bispo- Non é máis ca iso, en definitiva? Non estou neste mundo para coidar da miña vida, senón para coidar das almas.

¹⁷ Este e os outros nomes xeográficos que seguen son de localidades, ríos, montes e rexións históricas da Provenza e das zonas mediterráneo-alpinas que por veces teñen mudado de dominio político, pertencendo segundo as épocas a Italia ou Francia.

Houbo que deixalo facer. Partiu, acompañado só por un rapaz que se ofreceu para lle servir de guía. A súa obstinación fixo un ruxe-ruxe pola bisbarra e provocou moito arrepiño.

Non quixo levar nin a súa irmá nin a señora Magloire. Atravesou o monte en mulo, non atopou ninguén e chegou san e salvo cabo dos sus “bos amigos” os pegureiros. Botou alá quince días predicando, administrando, ensinando e moralizando. Cando estivo perto de marchar, decidiu cantar en pontifical un *Te Deum* Faloullo ao cura. Mais: como facelo sen ornamentos episcopais? Non se podía pór á súa disposición máis que unha cativa sacristía de aldea con algunhas casulas vella de damasco gastado adornadas con galóns falsos.

- Boh!-dixo o bispo- Señor cura, imos anunciando no sermón o noso *Te Deum*. Hase amañar.

Procuraron nas igrexas do arredor. Reunidas as magnificencias todas destas humildes parroquias non terían sido dabondo para vestir axeitadamente un chantre de catedral.

Cando estaban nese atranco, dous descoñecidos de a cabalo trouxeron unha caixa moi grande e pousárona no presbiterio partindo de novo ao dereitiño. Abriron a caixa: contiña unha capa de pano de ouro, unha mitra ornada con diamantes, unha cruz arquiépiscopal e un magnífico báculo, toda a vestimenta pontifical roubada un mes antes do tesouro de Nosa Señora de Embrun. Na caixa había un papel no que estaban escritas estas palabras: *Cravatte a monseñor Bienvenu*.

- Cando eu dicía que se ía amañar! -dixo o bispo.

Logo engadiu sorrindo:

- A quen se contenta cunha alba de cura Deus envíalle unha capa de arcebispo.

-Monseñor, -murmurou o cura abaneando a cabeza cun sorriso- Deus... ou o demo.

O bispo mirou o cura en fite e repetiu con autoridade:

- Deus!

Cando volveu para Chastelar, e rente do camiño todo, víñano mirar con curiosidade. No presbiterio volveu atopar a señorita Baptistine e a señora Magloire que o estaban a agardar, e díxolle á súa irmá:

- E logo? Tiña eu razón? O pobre crego foi cabo daqueles montañeses coas mans baleiras e volve coas mans cheas. Eu partira levando só a miña confianza en Deus e traio o tesouro dunha catedral.

Polo serán, antes de se deitar, aínda dixo:

- Non temamos os ladróns nin os asasinos. Eses son os perigos de fóra, os perigos pequenos. Temámonos nós mesmos. Os prexuízos, velaí os ladróns, os vicios, velaí os criminais. Os grandes perigos están dentro de nós. Que importa o que ameaza a nosa cabeza ou a nosa bolsa! Non pensemos máis que no que ameaza a nosa alma.

Despois, virándose cara a súa irmá:

- Miña irmá: pola parte do crego endexamáis precaución contra o próximo. O que fai o próximo Deus permíteo. Limitémonos a pregar a Deus cando nós coidamos que un perigo se achega sobre nós. Preguémoslle, non por nós, senón por que o noso irmán non caia en falta por causa nosa.

Polo demais, os acaecementos eran raros na súa existencia. Nós contamos os que coñecemos, mais de adoito el pasaba a súa vida a facer sempre as mesmas cousas nos mesmos momentos. Un mes do seu ano semellaba unha hora do seu día.

Canto ao que foi do “tesouro” da catedral de Embrun, poríanos nun atranco preguntárennos sobre iso. Eran cousas ben fermosas e ben tentadoras, e ben boas de roubar en proveito dos malfadados. Roubadas xa as foran, por outra banda. A metade da aventura estaba cumprida, non restaba senón mudar a dirección da viaxe, obrigalo a facer un pouco de camiño pola banda dos pobres. Polo demais nós non afirmamos cousa ningunha neste tema. Só se atopou nos papeis do bispo unha nota algo escura que se cadra ten que ver con este asunto e que está así redactada: *A cuestión é saber se iso debe regresar á catedral ou ao hospital.*

VIII FILOSOFÍA DESPOIS DE BEBER

O senador do que se falou máis enriba era un home entendido que seguira o seu viero cunha rectitude desentendida de todos eses encontros que causan atrancos e que chamamos conciencia, fe xurada, xustiza e deber; camiñara dereito cara ao seu albo e sen se inmutar nin unha vez na liña do seu avance e do seu interese. Era un antigo fiscal, amolecido polo éxito, nada mal home, que facía todos cantos pequenos favores podía aos seus fillos, seus xenros, seus parentes ou mesmo a amigos, tras ter sabiamente tirado da vida o lado bo, as boas ocasións, os bos choios. O resto semellábanlle parvadas. Era agudo e tiña letras abondo para se coidar discípulo de Epicuro cando se cadra non era máis que un produto de Pigault-Lebrun¹⁸. Ría de grado e a vontade das cousas infindas e eternas e das “andrómenas do bo do bispño”. As veces ría delas, cunha amábel autoridade, diante do propio señor Myriel, que escoitaba.

En non sei xa que cerimonia semioficial, o conde X (ese senador) e o señor Myriel tiveron que comer na residencia do prefecto. Na sobremesa, o senador, algo alegriño, aínda que manténdose digno, exclamou:

-Pardiola, señor bispo, parolemos. Un senador e un bispo é difícil que se miren sen chiscar o ollo. Somos dous augures. Voulle facer unha confesión. Eu teño a miña filosofía.

-E ten razón –respondeu o bispo. Un recolle a filosofía que sementa e vostede durme en leito de luxo, señor senador.

O senador, animado, volveu:

-Sexamos bos rapaciños.

-Mesmo bos demiños, dixo o bispo.

-Asegúrolle –comezou o senador- que o marqués de Argens, Pyrrhon, Hobbes e o señor Naigeon¹⁹ non son uns loubáns. Na miña biblioteca teño os meus filósofos con lombadas de ouro.

- Como vostede en persoa, señor conde –interrompeu o bispo.

O senador proseguíu:

- Odio Diderot: é un ideólogo, un declamador e un revolucionario, no fondo un crente en Deus e máis beateiro que Voltaire. Voltaire bulrouse de Needham²⁰ e enganouse, porque as anguías de Needham proban que Deus é inútil. Unha pinga de vinagre nunha cullerada de pasta de fariña suple o *fiat lux*. Supoña a pinga máis grosa e a cullerada máis grande, velaí ten o mundo. O home é a anguía. Para que, daquela, o Padre Eterno? Señor bispo, a hipótese Xehová cánsame. Serve só para producir xente fraca que dá en fantasiar. Abaixo ese gran Todo que me aboura! Viva o Cero que me deixa tranquilo! De vostede a min, e para baleirar o meu saco e mais para confesarme ao meu pastor como cómpre,

¹⁸ Autor dramático francés do século XVIII-XIX, de pouca categoría e coñecido maiormente polos seus escritos de corte volteriano.

¹⁹ Argens foi un escritor francés do século XVIII, Pirrón un filósofo grego da Antigüidade, Hobbes un filósofo inglés do século XVII-XVIII e Naigeon un escritor e filósofo francés do XVIII-XIX.

²⁰ Crego católico inglés do século XVIII que sostivo a teoría da xeración espontánea. Voltaire ridiculizao a propósito da « xeración espontánea » das anguías.

declárolle que eu teño sentido común. Eu non toleo polo seu Xesús que predica arreo a renuncia e o sacrificio. Consello de avarento a uns arregueixados. Renuncia! Por que? Sacrificio! Para que? Non vexo eu que un lobo se immole para a felicidade doutro lobo. Permanezamos, logo, na natureza. Estamos no cumio, teñamos a filosofía superior. De que serve estar enriba se non se ve máis lonxe do que a punta do nariz dos outros? Vivamos ledamente. A vida, iso é todo. De que o home teña outro porvir, noutro lugar, alá enriba, alá embaixo, nalgures, non creo nin unha traidora palabra. Ah, recoméndanme o sacrificio e a renuncia, teño que ter conta de todo o que fago, debo partirme a cabeza co ben e o mal, co xusto e o inxusto co *fas* e o *nefas*. Por que? Porque terei que dar contas das miñas accións. Cando? Despois de que morra. Que bonito soño! Despois de que morra terá que ser ben fino o que me pille. Mande, logo, coller un puñado de cinza por unha man de sombra. Digamos o que é certo, nós que estamos iniciados e temos levantado a saia de Isis²¹: non existe o ben nin o mal, existe vexetación. Procuremos o real. Cavemos de a feito. Vamos ao fondo, que demo! Cómpre ventar a verdade, pescudar baixo terra e collela. Daquela ela dávos exquisitas ledicias. Daquela tornádesvos forte, e rides. Dígollo abertamente, señor bispo, a inmortalidade do home é unha argallada. Ai, ho, encantadora promesa! Fíe nela! Boa seguranza leva Adán! Un é alma, ha ser anxo e ha ter ás azuis no lombo. Axúdeme: non é Tertuliano²² quen di que os benfadados irán dun astro para o outro? Dacordo. Imos ser os saltóns das estrelas. E mais veremos a Deus. Boh! Boh! Boh! Lérias, todos estes paraísos. Deus é unha trapallada monstruosa. Eu non diría isto en *Le Moniteur*²³, pardiola, mais borboríño entre amigos. *Inter pocula*²⁴. Sacrificar a terra polo paraíso é soltar a presa da caza para correr detrás dunha sombra. Ser un pimpín total. Non son tan parvo! Eu son o baleiro. Chámome o señor conde do Baleiro, senador. Existía antes de nacer? Non. Hei existir despois da morte? Non. Que son? Unha pouca poeira reunida por un organismo. Que teño que facer nesta terra? Teño escolla. Sofrer ou gozar. Onde me ha levar o meu gozo? Ao baleiro. Mais terei gozado. A miña escolla está feita. Cómpre ser comedor ou comido. Eu como. Mellor é ser dente que herba. Tal é a miña sabencia. Despois diso, marcha ao vaiche boa, velaí o enterrador, para nós o Panteón, todo cai no gran buraco. Fin. *Finis*. Liquidación total. Ese é o lugar do esvaeamento. A morte morreu, créame. Que haxa alguén que teña algo que me dicir, dáme a risa de pensalo. Invención de amas de leite. Cocón para os rapaces, Xehová para os homes. Non, o noso mañá é noite. Detrás da tomba non hai máis que baleiros iguais. Fostes Sardanápalo, fostes Vicente de Paúl, ven sendo o mesmo nadiña. Velaí o certo. Daquela vivide por enriba de todo. Usade o voso eu en canto que o tedes. De verdade llo digo, señor bispo, eu teño a miña filosofía e teño os meus filósofos. Non me deixo enguedellar con lilailas. Despois disto, ben cómpre algo para para os que están debaixo, para os arregueixados, os laceirentos, os miserabeis. Dánselles a papar as lendas, as quimeras, a alma, a inmortalidade, o paraíso, as estrelas. Eles máscano. Póñeno enriba do seu pan reseso. O que non ten cousa ningunha ten o bon Deus. É o menos. Eu non me opoño, mais gardo para min o señor Naigeon. O bon Deus é bo para o pobo.

O bispo bateu coas mans.

- Aí falou! –exclamou- Excelente cousa, e ben maravillosa, ese materialismo! Non todos os que queren poden telo. Ah, cando un o ten non o enganan xa como un inocentiño; non se deixa exilar parvamente como Catón, nin lapidar como Estebo, nin queimar vivo como Xoana de Arco! Os que deron obtido ese admirábel materialismo teñen a ledicia de se sentiren irresponsábeis, de pensaren que poden devorar todo, sen inqueda, as prazas, as sinecuras, as dignidades, o poder ben ou mal adquirido, as palinodias lucrativas,

²¹ Isis, unha das máis importantes divinidades de Exipto, simbolizaba a maxia e o coñecemento. Victor Hugo pon en boca do senador unha frase iconoclasta, irreverente e abaixante ao aludir aos velos de Isis como a *saia de Isis*.

²² Autor cristián do século I-II d.C.

²³ Xornal que recollía as sesións da Asemblea Nacional en Francia.

²⁴ "Entre copas", é dicir, bebendo alcohol.

as traicións útiles e as gorentosas capitulacións de conciencia, e de que han entrar na tomba coa dixestión feita. Que agradábel é! Non digo iso por vostede, señor senador. Con todo, resúltame imposíbel non o felicitar. Vostedes, os poderosos, teñen –e ben o din-unha filosofía súa, exquisita e refinada, só accesíbel aos ricos, que serve para calquera prato, e combina perfectamente cos praceres da vida. Esa filosofía cóllese nas profundidades, e desentérrana buscadores especializados. Mais vostedes son príncipes xenerosos e non atopan cousa má que a crenza no bon Deus sexa a filosofía do pobo, de xeito semellante ao que o parrulo con castañas ven sendo o pavo con trufas do pobre.

IX O IRMÁN CONTADO POLA IRMÁ

Para dar unha idea da gobernanza interior do señor bispo de Digne e do xeito en que esas dúas santas damas subordinaban as súas accións, os seus pensamentos e mesmo os seus instintos de mulleres doadamente aterrorizadas, aos hábitos e ás intencións do bispo, sen que el tivese mesmo que tomar o traballo de falar para expresalos, non podemos facer cousa mellor que transcribir aquí unha carta da señorita Baptistine á señora Vizcondesa de Bois-Chevron, súa amiga de infancia. A carta está nas nosas mans.

Digne, 16 de decembro de 18..

Miña cara señora: Non pasa un día sen que falemos de vós. É o noso costume, mais hai outra razón por riba desa. Figurádevos que ao lavar e desempoeirar os teitos e as paredes, a señora Magloire fixo uns descubrimentos: agora, os nosos dous cuartos, tapizados de papel vello branqueado con cal, non desmerecerían nun castelo do estilo do voso. A señora Magloire rachou o papel todo. Había algo debaixo. O meu salón, onde non hai mobles e do que só nos servimos para tender a roupa branca despois da bogada, ten quinze pés de alto e dez e oito cadrados de largo, e un teito pintado antigamente con dourado e trabes como tedes vós. Estaba recuberto de tea dende a época en que era hospital. E como remate, revestimentos de madeira da época das nosas boas. Mais é o meu cuarto o que cómpre ver. A señora Magloire descubríu, baixo cando menos dez papeis pintados pegados enriba, unhas pinturas que, sen seren boas, poden soportarse. Representan Telémaco armado cabaleiro por Minerva, e el de novo aparece nos xardíns... O nome escapoume, en fin, aquel onde as damas romanas se dirixían unha única noite. Que vos vou contar? Teño romanos e romanas (aquí unha palabra ilexíbel) e todo o resto. A señora Magloire desenfouzou todo aquilo e este verán vai reparar algúns pequenos deterioramentos, vernizar todo de volta, e a habitación e o meu cuarto vai ser un verdadeiro museo. Tamén atopou nun recuncho do faiado dúas consolas de madeira, estilo antigo. Pedían dous escudos de seis libras por douralas de novo, mais é moito mellor darllas aos pobres; por parte é moi feo e eu preferiría unha mesa redonda de caoba.

Sigo sendo feliz. Meu irmán é tan bo. Dá todo o que ten aos indixentes e aos enfermos. Estamos ante grandes dificultades. Esta terra é de inverno duro e cómpre facer algo polos que carecen. Nós ímonos quentando e alumeando. Vedes que son grandes molezas.

Meu irmán ten os seus costumes propios. Cando parola, di que un bispo debe ser así. Figurádevos que a porta da casa non está endexamais pechada. Entra quen quere e decontadiño se está no cuarto de meu irmán. Non teme cousa ningunha, mesmo de noite. É a súa valentía innata, como el di.

Non quere que eu tema por el, nin a señora Magloire. Exponse a todos os perigos e nin mesmo quere que teñamos aire de nos decatarmos. Hai que saber enténdelo.

Sae con chuvia, camiña na auga, viaxa de inverno. Non ten medo da noite, nin dos camiños inseguros nin dos encontros.

O ano pasado, foi completamente só a unha terra de ladróns. Non quixo levarnos. Á súa volta non lle acontecera nada, pensabamos que morrera e mais íalle ben, e dixo: Velaí tedes como me roubaron! E abriu unha arca chea de todas as xoias da catedral de Embrun, que lle deran os ladróns.

Esa vez, ao regresar, cando fun ao seu encontro a dúas leguas con outros amigos seus, non puiden evitar rosmarlle un pouquiño, tendo coidado de non falar senón cando o carricoche facía ruído para que ninguén diferente puidese ouvir.

Nos primeiros momentos, eu dicíame: Non hai perigos que o deteñan, é terríbel. Agora acabei por me afacer. Fágolle un aceno á señora Magloire para que non lle leve a contraria. Arríscase tanto como el quere. Eu levo a señora Magloire, para o meu cuarto, rezo por el e adormezo. Estou tranquila porque sei ben que se lle acontece unha desgraza sería o meu final. Iríame cabo do bon Deus co meu irmán e meu bispo. Á señora Magloire costoulle máis ca a min habituarse ao que ela chamaba as súas imprudencias. Mais agora o costume prendeu. Rezamos as dúas, temos medo xuntas, e adormecemos. Se entrase o demo na casa deixariámolo facer. Despois de todo: que tememos nesta casa? Sempre hai alguén connosco que é máis forte ca nós. Pode o demo pasar, mais aquí vive o bon Deus.

Iso éme abondo. Meu irmán non precisa mesmo dicirme unha palabra, xa. Enténdoo sen que fale e abandonámonos á Providencia.

Velaí como cómpre ser cun home que ten grandeza de espírito.

Pregunteille a meu irmán pola información que vós me pedides canto á familia de Faux. Ben sabedes que el coñece todo e se lembra, porque segue a ser bo monárquico. De certo que se trata dunha antiga familia normanda da alta oficialidade de Caen. Hai cinco centos anos houbo un Raoul de Faux, un Jean de Faux e un Thomas de Faux, que eran fidalgos e un deles señor de Rochefort. O derradeiro era Guy-Étienne-Alexandre, e era mestre de campo e da cabalaría lixeira de Bretaña. A súa filla, Marie-Louise, casou con Adrien-Charles de Gramont, fillo do duque Louis de Gramont, par de Francia, coronel da garda francesa e tenente-xeral dos exércitos. Escríbese Faux, Fauq e mais Faoucq.

Cara señora, encomendádenos ás oracións do voso santo parente o señor Cardeal. Canto á vosa querida Sylvanie, fai ben ela en non ocupar os cortos instantes que pasa xunto a vós en me escribir. Atópase ben, traballa segundo os vosos desexos e segue queréndome; é todo o que pido. A súa lembranza chegoume a través de vós. Con iso son feliz. A miña saúde non vai moi mal, con todo, adelgazo cada día máis. Adeus, fáltame papel e teño que vos abandonar. Mil boas cousas

BAPTISTINE

P.D. A vosa señora cuñada segue aquí coa familia mociña. O voso sobriño-neto é moi meigo. Sabedes que vai facer axiña cinco anos? Onte viu pasar un cabalo ao que lle puxeran xeonlleiras e preguntou: "Que ten nos xeonllos?". É tan riquiño, ese neno!. O seu irmanciño pequeno leva a rastras unha vasoira vella polo apousento como un carricoche e di: "Arre!".

Como se ve nesta carta, as dúas mulleres sabíanse plegar ás maneiras de ser do bispo con ese xenio particular da muller que comprende o home mellor do que o home se comprende el mesmo. O bispo de Digne, baixo ese aire lene e cándido que endexamáis se desmentía, facía por veces cousas grandes, ousadas e magníficas sen parecer mesmo sospeitalo. As dúas tremaban por aquelas, mais deixábano facer. Ás veces a señora Magloire puña antes un reparo, nunca durante nin despois. Endexamais perturbaba, nin que fose cun aceno, unha acción comezada. En certos momentos -sen que el precisase dicilo, cando se cadra nin el tiña conciencia diso, tan perfecta era a súa simplicidade- elas sentían vagamente que estaba obrando como bispo; entón non eran senón dúas sombras na casa. Servíanse pasivamente, e se obedecer significaba desaparecer, desaparecían. Sabían cunha admirábel delicadeza instintiva que certos desvelos poden ser molestos. Así, mesmo créndoo en perigo, entendían, non digo o seu pensamento senón a súa natureza, até o punto de non seguiren a o amparar. Confiábano a Deus.

De por parte, a señorita Baptistine dicía, como acabamos de ler, que o final de seu irmán había ser o seu. A señora Magloire non o dicía, mais sabíao.

X
O BISPO EN PRESENZA DUNHA LUZ DESCOÑECIDA

Nun momento algo posterior á data da carta citada nas páxinas anteriores, el fixo unha cousa –de lle crermos a toda a vila- máis arriscada aínda que o seu paseo ao través dos montes dos bandidos.

Había perto de Digne, no campo, un home que vivía solitario. Era –digamos decontadiño a expresión indecente- un antigo persoeiro da Convención²⁵. Chamábase G.

Falábase do *convencional* G. no mundiño de Digne cunha especie de horror.

Un convencional: figurádesvos a cousa? Existía dende a época en que se levaba o tutear e se trataba de *ciudadán*. Este home viña sendo un monstro. Non votara a prol da morte do rei mais case. Era un cuasirexicida. Fora terríbel. Como é que -co regreso dos príncipes lexítimos- non tiñan levado aquel home perante o tribunal do preboste²⁶? Non lle terían cortado a cabeza, se queredes, cómpre ser clementes, de acordo, mais un bon desterro de por vida... En fin, un exemplo! Etc. etc. E de por parte, que era un ateo, como toda aquela xente.

Comadreos das parrulas sobre o abutre.

E: seica era un abutre, G.? Si, se se xulgaba polo que de esguiro había na súa soedade. Ao non ter votado a prol da morte do rei, non fora comprendido nos decretos de exilio e puidera permanecer en Francia.

Vivía a tres cuartos de hora da vila, lonxe de calquera aldea, lonxe de calquera camiño, nunha revolta descoñecida dunha valgada fraguenta e silvosa. Había alá, dicían, unha especie de campo, un buraco, un acubillo. Sen veciños nin mesmo xente de paso. Dende que el vivía na valgada, o vieiro que levaba a ela desaparecera baixo a herba. Falábase daquel lugar como da casa do verdugo.

Porén, o bispo matinaba, e de cando en cando ollaba no horizonte o lugar no que un feixiño de árbores marcaba a valgada do vello convencional, e dicía: “Alá hai unha alma que está soa”.

E no fondo do seu pensamento engadía: “débolle a miña visita”.

Mais, confesémolo, esa idea, de primeiras natural, aparecíalle, tras un momento de reflexión, como estraña e imposible, e case repulsiva. Porque, no fondo, compartía a impresión xeral, e o convencional inspiráballe, sen que se decatara del claramente, ese sentimento que é como a fronteira da xenreira e que a palabra *afastamento* expresa tan ben.

Con todo: seica a cór negra da ovella debe facer recuar o pastor? Non. E mais: que ovella!

O bo do bispo estaba perplexo. Por veces achegábase por alá e logo viña de volta.

²⁵ A Convención, ou Convención Nacional, é o período da Revolución Francesa que vai entre 1792 e 1795 e constitúe a época máis convulsa.

²⁶ Tribunal do Antigo Réxime, anterior á Revolución.

Un día, finalmente, correu pola cidade o rumor de que unha especie de pegureiriño que servía ao convencional G. na súa toqueira viñera buscar un médico, que o vello delincente estaba morrendo, que a parálise se ía apoderando del, e que non había pasar da noite.

-Grazas a Deus –engadíán algúns.

O bispo colleu o seu bastón, puxo o seu gabán por ter a sotana algo gastada de máis –como xa dixemos- e tamén polo vento do serán que non ía tardar en soprar, e marchou.

O sol estaba a baixar e case tocaba o horizonte cando o bispo chegou ao lugar excomulgado. Recoñeceu cun certo latexo do corazón que estaba perto do tobo. Alancou sobre dun foxo, pasou por riba dunha sebe, subiu un esqueiro, entrou nunha cortiña escalazada, deu algúns pasos bastante ousadamente e de súpeto, no fondo da poula, detrás da bouza ben medrada, albiscou a cova.

Era unha casoupa baixiña, pobre, pequena e limpa, cunha parreira cravada na fachada.

Diante da porta, nunha vella cadeira con rodas, poltrona do labrego, había un home de cabelo branco que sorría ao sol.

Cabo do home sentado mantíñase de pé un rapaz novo, o pegureiriño. Tendíalle ao vello un cunco de leite.

Entrementres que o bispo ollaba, o vello alzou a voz:

- Grazas –díxolle- xa non preciso cousa ningunha.

E o seu sorrir abandonou o sol para se pousar sobre do neno.

O bispo avanzou. Co ruído que fixo ao camiñar, o vello virou a cabeza e a súa face expresou a cantidade toda de sorpresa que se pode ter tras unha longa vida.

- Dende que estou aquí –dixo- velaí a primeira vez que alguén entra na miña casa. Quen é vostede señor?

O bispo respondeu:

- Chámome Bienvenu Myriel.

-Bienvenu Myriel! Teño ouvido pronunciar ese nome. É vostede o que o pobo chama monseñor *Benvido*?

- Son.

O vello proseguíu, cun pequeno sorriso:

- Nese caso é o meu bispo...

- Un pouco.

-Entre, señor.

O convencional tendeu a man mais o bispo non a colleu. O bispo limitouse a dicir:

- Satisfaime ver que me deran informacións falsas. De certo que non me semella enfermo.

- Vou sandar, meu señor–respondeu o vello.

Fixo unha pausa e dixo:

- Vou morrer de aquí a tres horas.

Despois continuou:

-Son un pouco médico; sei de que maneira ven a derradeira hora. Onte tiña fríos os pés só, hoxe a friaxe chegoume aos xeonllos; agora sinto que está chegando ao van; cando estea no corazón, pararei. O sol é fermoso: non si? Mandeí que me trouxesen fóra, rolando, para lles botar unha derradeira ollada ás cousas. Pódeme falar, non me fatiga. Fai ben en vir mirar un home que vai morrer. É ben que este momento teña testemuñas. Temos manías: tería querido durar até o alborecer. Mais sei que teño para tres horas, aínda non. Hase facer noite. E mais, que importa! Rematar é un asunto sinxelo. Non precisamos a mañá para facelo. Sexa, logo. Morrerei ao serán das estrelas.

O vello virouse cara ao pegureiro:

- Ti, vaite deitar. Xa velaches a outra noite. Estás canso.

O rapaz entrou na casoupa.

O vello seguiu cos ollos e engadiu como falando consigo mesmo.

- Entrementres el durma, eu hei morrer. Os dous sonos poden facerse boa compañía

O bispo non estaba conmovido, como semella que podería estalo. Non coidaba sentir Deus nesta maneira de morrer. Digamos todo, pois que as pequenas contradicións dos corazóns grandes queren ser indicadas igual que o resto: a el, que en ocasións ría tan de bo grado do “Súa Grandeza”, chocáballe un pouco non ser chamado “monseñor”, e víase case tentado de replicar; “cidadán”. Entroulle unha inclinación á familiaridade tosca, bastante corrente nos médicos e nos cegos mais que non era habitual nel. Aquel home, despois de todo, aquel convencional, aquel representante do pobo, fora un poderoso da terra; por primeira vez na súa vida, se cadra, o bispo sentiuse de humor severo.

O convencional, no entanto, observábao con cordialidade modesta, na que se podería se cadra dexergar a humildade que acaí cando un está tan pertiño de se virar poeira.

O bispo, pola súa banda, aínda que de adoito se gardase da curiosidade - que segundo el era irmán da ofensa- non daba evitado examinar o convencional cunha atención que, ao non ter o seu fundamento na simpatía, lle tería sido probabelmente reprochada pola súa conciencia fronte a calquera outro home. Un convencional dáballo un pouco a impresión de estar fóra da lei, mesmo fóra da lei da caridade.

G., calmo, co busto case teso e a voz vibrante, era un deses grandes octoxenarios que provocan o asombro do psicólogo. A Revolución tivo moitos deses homes en proporción á época. Sentíase nese vello a Humanidade á proba. Tan perto do seu final, conservara todas as mostras da saúde. Había na súa ollada limpa, no seu acento firme, no seu robusto movemento de ombreiros, con qué desconcertar a morte. Azrael, o anxo mahometano do sepulcro, tería dado volta atrás crendo enganarse de porta. G. semellaba morrer porque o consentía. Había liberdade na súa agonía. Só as pernas estaban

inmóviles. As tebras tiñano collido por elas. Os pés estaban mortos e fríos, e a cabeza vivía con toda a potencia da vida e parecía en plena luz. G., nese grave momento, semellaba aquel rei do conto oriental, carne pola parte de enriba, mármore pola de embaixo.

Había unha pedra, alí. O bispo sentouse. Agromou *ex abrupto* o exordio.

- Felicítoo –dixo en tono de reprensión- Segue sen votar a prol da morte do rei.

O convencional non pareceu reparar no amargo sobreentendido agachado nesa palabra *segue*. Respondeu. O sorriso desaparecera totalmente da súa face.

- Non me felicite de máis, meu señor, votei a prol da fin do tirano.

Era o acento austero en presenza do acento severo.

- Que é o que quere dicir? -seguiu o bispo.

- Quero dicir que o home ten un tirano, a ignorancia. Eu votei a prol da fin dese tirano. Ese tirano enxendrou a realenza que é a autoridade tomada no que hai de falso, en canto que a ciencia é a autoridade tomada no que hai de certo. O home só debe ser gobernado pola ciencia.

- E mais a conciencia –engadiu o bispo.

- É a mesma cousa. A conciencia é a cantidade de ciencia innata que temos en nós.

Monseñor Bienvenu escoitaba, un pouco estrañado, esa linguaxe, moi nova para el.

O convencional proseguíu:

- Tocante a Luís XVI, eu dixen “non”. Non me creo co dereito de matar un home, mais síntome co deber de exterminar o mal. Votei a prol da fin do tirano. É dicir, o fin da prostitución da muller, o fin da escravitude do home, o fin da noite do neno. Votando a prol da república, votei por iso. Votei pola fraternidade, a concordia, a aurora! Axudei á caída dos prexuízos e dos erros. O afundimento dos erros e dos prexuízos trae luz. Nosoutros fixemos caer o mundo caduco, e o mundo caduco, recipiente das miserias, ao se deborcar riba do xénero humano, virou nunha urna de ledicia.

-Unha ledicia revolta.

- Podería dicir unha ledicia turbada, e hoxe, despois dese fatal retorno do pasado que chamamos 1814, unha ledicia desaparecida. Infelizmente a obra foi incompleta, concordo: demolimos o antigo réxime nos feitos e non o demos suprimido enteiramente nas ideas. Destruír os abusos non é abondo, cómpre modificar os costumes. O muíño xa non está, mais o vento segue alá.

-Vostedes derrubaron. Derrubar pode ser útil, mais desconfío dun derrubamento complicado pola carraxe.

- O dereito ten a súa carraxe, señor bispo, e a carraxe do dereito é un elemento do progreso. Non importa, e dígase o que se diga, a Revolución Francesa é o paso máis potente do xénero humano dende a chegada de Cristo. Incompleta, dacordo, mais sublime. Ela despexou as incógnitas sociais todas. Ela suavizou as mentes, ela calmou, acougou,

iluminou; ela fixo correr pola terra ondadas de civilización. Foi boa. A Revolución Francesa é a consagración da humanidade.

O bispo non puido evitar de murmurar:

- Si? O ano 93!

O convencional ergueuse sobre a súa cadeira cunha solenidade case lúgubre e, tan alto como un esmorecente pode exclamar, exclamou:

- Ah! Xa chegou! O ano 93! Estaba eu agardando a palabra. Formouse unha nube durante cinco centos anos e ao cabo de quince séculos estoupou. Estálle vostede a facer o xuízo ao lostregazo.

O bispo sentiu, se cadra sen o recoñecer, que algo no seu interior fora acadado. Con todo, gardou a compostura. Respondeu:

- O xuíz fala en nome da xustiza, o crego fala en nome da piedade, que non é outra cousa senón unha xustiza máis elevada. Un lostregazo non debe enganarse.

E engadiu ollando en fite o convencional:

- E Luís XVII²⁷?

O convencional estendeu a man e colleu o brazo do bispo:

- Luis XVII! Vamos! Por quen está a chorar? Polo rapaz inocente? Daquela, concordo. Eu choro con vostede. Polo rapaz rei? Pido reflexión. Para min, o irmán de Cartouche ²⁸-rapaz inocente, pendurado polas sobaqueiras na praza de Grève até morrer, polo único crime de ter sido irmán de Cartouche- non provoca menos dor que o neto de Luís XV, rapaz inocente, martirizado na Tour du Temple polo único crime de ter sido o neto de Luís XV.

- Non gusto de que xunte eses nomes, meu señor.

- Cartouche? Luís XIV? A prol de cal dos dous está a reclamar?

Houbo un momentíño de silencio. O bispo case que lamentaba ter vido, e mais sentíase vagamente e estrañamente abalado:

O convencional continuou:

- Ah, señor crego! Non lle gusta a crueza do verdadeiro. Pois a Cristo gustáballe. Collía un vergallo e limpaba de poeira o templo. A súa xostra chea de alustres era un árdigo falador de verdades. Cando el exclamaba *Sinite, parvulos*²⁹, non facía distincións entre os rapaciños. Non se tería molestado por estaren xuntos o delfín de Barrabás co delfín de Herodes. A inocencia é a coroa dela mesma, señor. Á inocencia non lle serve de nada ser Alteza. É tan augusta esfarrapada como flordelisada.

²⁷ Fillo segundo de Luís XVI e de María-Antonieta. Ao ser guillotinado seu pai, en 1793, foi recoñecido como sucesor co nome de Luís XVII polas potencias aliadas contra-revolucionarias mentres se atopaba preso na Tour du Temple, onde morreu.

²⁸ Nome polo que foi coñecido un célebre bandido francés que viviu entre 1693 e 1721 e que morreu executado en París, na praza de Grève

²⁹ Cita do Evanxeo (Marcos, X, 14).

- É certo –dixo o bispo en voz baixa,

-Insisto- continuou o convencional G.- Vostede citou Luís XVII. Entendámonos. Seica choramos polos inocentes todos, polos mártires todos, polos rapaces todos, polos de embaixo como polos de enriba? Estou dacordo. Mais, daquela –xa llo dixen- cómpre remontarse a antes do 93, e é antes de Luís XVII cando temos que comezar as nosas bágoas. Eu hei chorar con vostede polos fillos dos reis, con tal de que vostede chore comigo polos fillos do pobo.

- Eu choro por todos – dixo o bispo.

- E do mesmo xeito!–exclamou G. – E se a balanza ten que se inclinar, que sexa cara ao lado do pobo. Hai moito máis tempo que el sofre.

Houbo outro silencio. Foi o convencional quen o rompeu. Ergueuse sobre dun cóbado, tomou entre o seu pulgar e o seu índice pregado un pouquiño da súa meixela – como un fai maquinalmente cando se interroga e se xulga a un mesmo- e interpelou o bispo cunha ollada chea de toda a enerxía da agonía. Foi case unha explosión.

- Si, meu señor, hai moito que o pobo sofre. E mais, escoite, iso non é todo: seica viña preguntarme e falar de Luís XVII? Eu non o coñezo a vostede. Dende que estou nesta bisbarra vivín aquí choído, só, sen botar os pés fóra, sen ver ninguén non sendo este rapaz que me axuda. O nome de vostede –é certo- chegou confusamente até min e –teño que dicilo- non moi mal pronunciado, mais iso non significa nada, tantas maneiras de engaiolar o homiño do pobo ten a xente hábil. A propósito, non sentín o ruído do seu carricoche, sen dúbida que o deixou alá, detrás da trepeza, na encrucillada do vieiro. Non o coñezo, xa lle digo. Díxome que é bispo, mais iso non me informa moito sobre a súa persoa moral. En suma, repítolle a miña pregunta : quen é vostede? É un bispo, é dicir un príncipe da Igrexa, un deses homes carregados de dourados, de brasóns e de rendas, que teñen mil prebendas –o bispado de Digne, quince mil francos fixos, dez mil de estipendios, total vinte e cinco mil francos- que teñen cociñas, que teñen criados co seu uniforme, que se dan enchentes, que na sexta feira comen galiñas de río, que se pavonean –lacaio diante, lacaio atrás- en berlina de gala, e que andan en carroza en nome de Xesucristo que camiñaba descalzo! Vostede é un prelado: rendas, pazos, cabalos, serventes, boa mesa, todas as sensualidades da vida, vostede ten iso coma os outros, e coma os outros goza diso. Está ben, mais iso fala de mais, ou de menos. Iso non me aclara a súa valía intrínseca e esencial, de vostede que ven coa pretensión probábel de me traer siso. Con quen estou a falar? Quen é vostede?

O bispo baixou a cabeza e dixo:

*Vermis sum*³⁰.

- Un verme en carroza! – refungou o convencional.

Era a vez de o convencional ser altivo e de o bispo ser humilde.

O bispo proseguiu manseliñamente:

- Dacordo, meu señor. Mais explíqueme como é que a miña carroza, que está aí a dous pasos detrás das árbores, como é que a miña boa mesa e as galiñas de río que xanto as sextas, como é que as miñas vinte cinco mil libras de rendas, como é que o meu pazo e

³⁰ Alusión á Biblia (Salmos, 21,7).

os meus lacaios proban que a piedade non é unha virtude, que a clemencia non é un deber, e que o 93 non foi inexorábel.

O convencional pasou a man pola fronte como para afastar dela unha nube.

- Antes de lle responder –dixo- rógole de me perdoar. Acabo de obrar mal, señor. Está na miña casa e é o meu hóspede. Débolle cortesía. Vostede discute as miñas ideas e o que acaí é que eu me limite a combater os seus razoamentos. As súas riquezas e os seus gozos son vantaxes que eu teño contra vostede no debate, mais é de bo gusto non me servir deles. Prométolle que non os utilizarei de aquí en diante.

- Agradézollo –dixo o bispo.

G. seguíu:

- Volvamos á explicación que me pedía. Onde estabamos? Que me dicía vostede? Que o 93 foi inexorábel?

- Inexorábel, si –dixo o bispo- Que pensa vostede de Marat batendo palmas pola guillotina?

- Que pensa vostede de Bossuet³¹ cantando o *Te Deum* inmediatamente despois das dragonadas³²?

A resposta era dura, mais ía ao albo coa rixidez dunha punta de aceiro. O bispo arreguizouse; non se lle ocorreu resposta ningunha, mais sentíase magoado por esta maneira de falar de Bossuet. As mentes máis claras teñen os seus fetiches, e ás veces séntense vagamente feridas pola falta de respecto da lóxica.

O convencional comezaba a acorar; a asma da agonía, que se mestura cos derradeiros folguexos, entrecortáballe a voz, porén aínda tiña unha perfecta lucidez de espírito nos ollos. E continuou:

- Digamos aínda algúns nomes de acá e de acolá, de acordo. Fóra da Revolución - que tomada en conxunto é unha afirmación humana- o 93, por desgraza, é unha réplica. Vostede atopaa inexorábel: e logo a monarquía toda, meu señor? Carrier³³ é un bandido, mais: que nome lle dá a Montrevel? Fouquier-Tinville é un loubán, mais: cal é o seu parecer sobre Lamoignon-Bâville? Maillard é horrendo, mais : e Saulx-Tavannes, por favor? O pai Duchêne é feroz, mais: que epíteto me vai conceder para o padre Letelier? Jourdan “Cortacabezas” é un monstro, mais menor que o señor Marqués de Louvois. Señor, señor, eu dóiome de María Antonieta, arquiduquesa e raíña, mais láíome tamén por esa pobre muller hugonota que, en 1685, baixo o Gran Luís³⁴, aleitando o seu fillo, señor, foi atada, espida até o van, a un poste, co neno mantido a distancia; o seo enchíase de leite e o corazón de anguria, o pequeno, esfameado e pálido, vía ese seo, agonizaba e berraba, e o verdugo dicíalle á muller, nai e ama, “Abxura!”, dándolle a escoller entre a morte do seu fillo ou a morte da súa conciencia. Que di vostede dese suplicio de Tántalo adaptado a unha nai? Reteña ben isto, señor: a Revolución Francesa tivo as súas razóns. A súa carraxe ha ser absoluta polo porvir. O seu resultado é un mundo mellor. Dos seus golpes máis terribes abrolla un aloumiño para o xénero humano. Abrevio. Paro. Estou a xogar con vantaxe. Por parte, estou morrendo.

³¹ Bispo, predicador e escritor francés (1627-1704) que ocupou un relevante papel na corte de Luís XIV quen o nomeou preceptor do delfín.

³² Expedicións de dura represión levadas a cabo contra os protestantes de diversas zonas de Francia por tropas do corpo de “dragóns” enviadas por Luís XIV.

³³ O convencional opón –ou máis ben asocia- pares de persoas nas que o primeiro é un exemplo da violencia da Revolución e o segundo da violencia católica.

³⁴ Luís XIV.

E deixando de fitar o bispo, o convencional rematou o seu pensamento con estas palabras de acougo:

- Si, as brutalidades do progreso chámanse revolucións. Cando teñen acabado, recoñécese isto: que o xénero humano foi asoballado mais camiñou.

O convencional non dubidaba de que acababa de conquistar sucesivamente, unha após outra, todas as trincheiras interiores do bispo. Con todo, ficaba unha, e desta trincheira, supremo recurso da resistencia de monseñor Bienvenu, saíu esta fala na que volveu aparecer case toda a rispidez do comezo:

- O progreso debe crer en Deus. O ben non pode ter servidor impío. É un mal condutor do xénero humano o que é ateo.

O vello representante do pobo non respondeu. Tremeu un pouquiño. Ollou para o ceo e unha bágoa abrollou devagariño nesa ollada. Ao que a pálpebra estivo chea, escorregou ao longo da súa meixela lívida, e dixo case tateando, en baixiño e falando consigo mesmo, coa vista perdida nas profundidades:

-Oh, ti! Oh, ideal! Só ti existes!

Despois dun silencio, o vello ergueu un dedo cara ao ceo e dixo:

- O infinito existe. Está aí. Se o infinito non tivese un eu, o eu sería o seu límite, el non sería o infinito, noutros termos, non existiría. E mais existe. Daquela ten un eu. Ese eu do infinito é Deus.

O esmorecente pronunciara estas derradeiras falas cunha voz alta e co arreguizo do éxtase, como se estivese a ver alguén. De que falou, os seus ollos pecháronse. O esforzo derreáralo. Era evidente que acababa de vivir nun minuto as poucas horas que lle restaban. O que acababa de dicir achegáralo a aquel que está na morte. O instante supremo chegaba.

O bispo entendeuno, o momento apertaba, el viñera como crego. Da extrema friaxe pasara gradualmente á emoción extrema. Mirou aqueles ollos pechados, colleu aquela vella man enrugada e xeadá, e debrozouse cara ao moribundo:

- Esta hora é a de Deus. Non coida que sería unha mágoa enorme que nos tivésemos atopado en van?

- Señor bispo –dixo cunha lentitude que se cadra viña máis aínda da dignidade do espírito que do desfalecemento das forzas- pasei a miña vida enteira na meditación, o estudo e a contemplación. Tiña sesenta anos cando o meu país me chamou e me ordenou mesturarme nos seus asuntos. Obedecín. Había abusos e eu combatínos; había tiranías e eu derrubeínas, había dereitos e principios e eu proclameínos e confeseínos; o territorio estaba invadido e eu defendínolo; Francia estaba ameazada e eu ofrecínlle o meu peito. Non era rico, son pobre. Fun un dos amos do Estado. Os sotarregos do Tesouro estaban ateigados de diñeiro até o punto de que foi necesario estear as paredes, a pique de se afundiren baixo o peso do ouro e da prata, e eu comía na rue de l'Arbre-Sec a catro cartos por cabeza. Socorrín os oprimidos e aliviei os doentes. Rachei o mantel do altar, é certo, mais era para vendar as feridas da patria. Sempre apoiei a camiñada a diante do xénero humano cara á luz, e resistínme por veces ao progreso sen piedade. Chegado o momento, amparei os meus propios adversarios, vosoutros. E hai en Peteghem, en Flandes, no mesmo lugar no que os reis merovinxios tiñan o seu pazo de verán, un convento de

urbanistas³⁵, a abadía de Santa Clara de Beaulieu, que eu salvei en 1793. Fixen o meu deber conforme ás miñas forzas e todo o ben que puiden. Despois diso fun acosado, perseguido, aguilloado, acurrado, denegrido, abafallado, apupado, maldizoado, proscrito. Dende xa hai moitos anos, co meu cabelo branco, veño sentindo que moita xente coida ter sobre de min o dereito ao desprezo, para a pobre multitude ignorante eu teño faciana de condenado ao inferno, e acepto, ao non lle ter xenreira a ninguén, o illamento da xenreira. Agora teño oitenta e seis anos e vou morrer. Que é o que vostede me ven pedir?

- A súa benazón –dixo o bispo.

E axeonllouse.

Cando o bispo ergueu de novo a testa, o rostro do convencional tornárase augusto. Acababa de expirar.

O bispo regresou á súa casa profundamente absorto en non sabemos que pensamentos. Pasou a noite toda en oración. No outro día, algúns valentes curiosos tentaron de lle falar do convencional G.; el limitouse a sinalar o ceo. A partir dese momento, redobrou o agarimo e a fraternidade cara aos pequeneiros e os que sofren.

Toda alusión a ese “vello delincuente de G.” facíao caír nunha singular preocupación Ninguén podería dicir que o paso desa mente diante da súa e o reflexo desa gran conciencia sobre a súa non estivese algo presente no seu achegamento á perfección.

Esa “visita pastoral” foi naturalmente unha ocasión para a zoeira das camarilliñas locais:

-Seica era o lugar dun bispo a cabeceira dun esmorecente tal? Evidentemente, non se podía esperar unha conversión. Todos eses revolucionarios son uns relapsos. Daquela: por que ir alá? Que é o que había que ver? Cumpría, logo, ter moita curiosidade cun arrebatado de alma polo demo.”

Un día, unha fidalgota, da variedade impertinente que pensa ser aguda, dirixiulle esta ocorrencia:

- Monseñor, a xente pregúntase cando a Vosa Grandeza vai pór o pucho vermello.

- Oh! Oh! Velaí unha cor ben importante –respondeu o bispo- Felizmente que aqueles que a desprezan nun pucho venérana nun chapeu³⁶.

³⁵ As *urbanistas* son freiras clarisas que seguen a regra modificada polo papa Urbano IV.

³⁶ O pucho vermello é o pucho fríxio, símbolo emblemático da Revolución Francesa. O chapeu vermello é o dos cardeais e outros dignatarios da igrexa católica.

XI UNHA RESTRICIÓN

Correríamos moito perigo de nos enganarmos se tirásemos diso a conclusión de que monseñor Bienvenu era “un bispo filósofo” ou “un cura patriota”. O seu encontro –o que poderíamos case que chamar a súa “conxunción” co convencional G. – deixoulle unha sorte de abraio que o volveu máis maino aínda. Velaí todo.

Mesmo que monseñor Bienvenu non teña sido nadiña un home político, se cadra é aquí o sitio de indicarmos, de xeito moi breve, cal foi a súa actitude tocante aos acaecementos de entón, supondo que monseñor Bienvenu tivese pensado nunca ter unha actitude.

Remontemos, logo, cara a atrás algúns anos.

Algún tempo despois da elevación do señor Myriel ao episcopado, o emperador fixérao barón do Imperio, ao mesmo tempo que varios outros bispos. O arresto do Papa tivo lugar, como é sabido, na noite do 5 ao 6 de xullo de 1809. Nesa ocasión, o señor Myriel foi chamado por Napoleón ao sínodo dos bispos de Francia e de Italia convocado en París. Este sínodo celebrouse en Notre Dame e reuniuse por primeira vez o 15 de xuño de 1811 baixo a presidencia do señor cardeal Fesch. O señor Myriel estivo entre os noventa e cinco bispos que alá foron. Mais só asistiu a unha sesión e a tres ou catro conferencias concretas. Bispo dunha diocese da montaña, ao vivir tan ao pé da natureza, na rusticidade e na carencia, parece que el levaba entre estes eminentes personaxes unhas ideas que alteraban a temperatura da asemblea. E volveuse ben axiña para Digne. Preguntáronlle por ese pronto regreso e el respondeu:

- Eu molestáballes. A través de min chegáballes o aire de fóra. Facíalles o efecto dunha porta aberta.

Outra vez, dixo:

- Que lle queredes? Estes monseñores sonvos príncipes. Eu son un pobre bispo labrego.

O feito é que el non lles gustara. Entre outras cousas estrañas, teríalle escapado dicir, un serán no que se atopaba na morada dun dos seus colegas máis cualificados:

- Fermosos reloxo de parede! Fermosos tapices! Fermosos uniformes dos criados! Debe importunar ben todo iso! Ai, eu non querría ter tanta cousa superflua a me abouzar de contino os ouvidos. Hai xente que ten fame! Hai xente que ten frío! Hai pobres! Hai pobres!

Digámolo decontado: non sería unha xenreira intelixente, a xenreira do luxo. Esa xenreira implicaría a xenreira das artes. Porén, entre a xente da Igrexa, fóra da representación e das ceremonias, o luxo é un erro. Semella revelar costumes verdadeiramente pouco caridosos. Un crego opulento é un contrasentido. O crego débese manter cabo dos pobres. Ora ben: coidades que se poden tocar de contino, día e mais noite, todas as desgraças, todos os infortunios, todas as indixencias, sen ter un mesmo enriba de si un pouquiño desta santa miseria, como a poeira do traballo? Podémonos figurar un home que está cabo dun braseiro e que non ten calor? Podémonos figurar un obreiro que traballa de contino nun forno e que non ten nin un pelo queimado, nin unha

unlla enmourecida, nin unha pinga de suor, nin un lixo de cinza na cara? A primeira proba da caridade no crego, no bispo maiormente, é a pobreza.

Sen dúbida era iso o que pensaba o bispo de Digne.

De por parte, non habería que crer que el partillaba sobre certos puntos delicados o que nos chamariamos “as ideas da época”. Mesturábase pouco nas disputas teolóxicas do momento e calaba sobre as cuestións nas que están comprometidas a Igrexa e o Estado, mais –se o tivesen apertado moito- parece que o terían atopado máis ultramontano que galicano. Como estamos a facer un retrato e non queremos agachar cousa ningunha, vémonos forzados a engadir que el foi glacial co Napoleón do declive. A partir de 1813, adheriuse ou aplaudiu todas as manifestacións hostís. Rexeitou velo cando pasou retornando da illa de Elba, e abstívose de ordenar na súa diocese oración públicas polo emperador durante os Cen Días.

A maiores da súa irmán, a señorita Baptistine, tiña dous irmáns: un xeneral e o outro prefecto. Escribíalles bastante a miúdo aos dous. Ao primeiro reprochoulle durante algún tempo que, estando de mando en Provenza, cando do desembarco de Cannes, o xeneral se puxera á cabeza de mil douscentos homes e perseguira ao emperador como alguén que o quere deixar escapar. A súa correspondencia seguíu a ser máis afectuosa para o outro irmán, o antigo prefecto, home valente e digno, que vivía retirado en París, na rue Cassette.

Monseñor Bienvenu tivo, daquela, el tamén, a súa hora de mente partidaria, a súa hora de amarguexo, a súa nube. A sombra das paixóns do momento atravesou esa mente garimosa e grande ocupada nas cousas eternas. De certo que un home tal merecería non ter opinións políticas. Que ninguén se engane sobre o noso pensamento, nós non confundimos en absoluto o que se chaman “opinións políticas” coa grande aspiración ao progreso, coa sublime fe patriótica, democrática e humana que nos nosos días debe constituír o fondo mesmo de toda intelixencia xenerosa. Sen profundarmos en cuestións que non tocan senón indirectamente o asunto deste libro, nós dicimos sinxelamente isto: Sería fermoso que monseñor Bienvenu non tivese sido monárquico e que a súa ollada non se tivese desviado nin un instante desa contemplación serena na que se ven raiolar nididamente, por riba do vaivén tempestuoso das cousas humanas, estas tres puras luces: a Verdade, a Xustiza e a Caridade.

Aínda concordando en que non era para unha función política para o que Deus creara monseñor Bienvenu, teríamos comprendido e admirado a protesta en nome do dereito e da liberdade, a oposición decidida e a resistencia arriscada e xusta ao todopoderoso Napoleón. Mais o que nos agrada tocante a aqueles que soben, agrádanos tamén tocante a aqueles que caen. Non gustamos do combate senón cando existe perigo, e, en todos os casos, só os combatentes da primeira hora teñen dereito a ser os exterminadores da derradeira. Quen non foi acusador teimudo durante a prosperidade debe calar diante do afundimento. O denunciador do éxito é o único lexítimo xusticieiro da caída. Canto a nós, cando a Providencia se mestura e bate deixámola facer. 1812 comeza a desarmarnos. En 1813, a covarde ruptura de silencio dese corpo lexislativo taciturno embravecido polas catástrofes só podía indignar, e aplaudir constituía un erro; en 1814, diante deses mariscais a traizoar, diante dese senado a pasar dun fango ao outro, inxuriando tras ter divinizado, diante desa idolatría a recuar e a cuspir sobre do ídolo, era un deber volver a cabeza para un lado; en 1815, cando os supremos desastres pendían no aire, cando Francia sentía o arreguizo da sinistra chegada deles, cando se podía vagamente dexergar Waterloo aberto diante de Napoleón, a dorosa aclamación do exército e do pobo ao condenado polo destino non tiña nada risíbel, e -con todas as reservas cara a un déspota- un corazón como o do bispo de Digne non debería, se cadra, ter descoñecido o

que de augusto e de conmovedor había á beira do abismo, a estreita aperta entre unha gran nación e un grande home.

Non sendo iso, el era e foi, en toda cousa, xusto, verdadeiro, equitativo, intelixente, humilde e digno; benfeitor e benevolente, o que é outro xeito de benfeitoría. Era un crego, un asisado e un home. Mesmo –cómpre dicilo- nesta opinión política que lle acabamos de apor e que estamos dispostos a vulgar case severamente, era tolerante e doado, se cadra máis ca nós, que aquí estamos a falar

O porteiro da casa do concello fora colocado alí polo emperador. Era un vello suboficial da vella garda, lexionario de Austerlitz, tan bonapartista como a águia. Escapábanlle ocasionalmente a ese pobre diaño palabras pouco pensadas que a lei de entón calificaba de *declaracións sediciosas*. Dende que o perfil imperial desaparecera da Lexión de honor, non se vestía endexamáis *segundo a ordenanza*, como el dicía, a fin de non se ver forzado a levar a súa cruz. El mesmo tirara con devoción a efíxie imperial da cruz que Napoleón lle dera, iso deixaba un buraco e el non quixera poñer cousa ningunha no seu lugar. *Antes morrer –dicía- que levar enriba do meu corazón os tres sapos³⁷! Bulrabase de grado de Luís XVIII. Vello gotoso con polainas de inglés! –dicía- Que marche para Prusia co seu rabicho³⁸!* Ledo por reunir na mesma imprecación as dúas cousas que máis detestaba, Prusia e Inglaterra. Tanto fixo que perdeu a praza. Velo aí sen pan, na rúa, con muller e fillos. O bispo mandouno chamar, rosmoulle un pouquiño e nomeouno pincerna³⁹ da catedral.

O señor Myriel era na diócese o verdadeiro pastor, o amigo de todos.

En nove anos, a poder de santas accións e de lenes maneiras, monseñor Bienvenu enchera a cidade de Digne dunha sorte de veneración tenra e filial. A súa conducta, mesmo cara a Napoleón, fora aceptada e como tacitamente perdoada polo pobo, bo rebaño feble, que adoraba o seu emperador mais que tamén amaba o seu bispo.

³⁷ Despectivamente, chamábanlle así ás tres flores de lis do escudo monárquico francés.

³⁸ Carrapicho que remataba a perruca por tras.

³⁹ Subalterno civil que nas catedrais porta a vara de prata nas procesións e se ocupa da súa debida orde, a mais doutros cometidos na igrexa.

XII SOIDADE DE MONSEÑOR BIENVENU

Sempre hai ao redor dun bispo un escadrón de creguiños, como ao redor dun xeneral unha bandada de oficiais mozos. É o que ese meiguiño de san Francisco de Sales chama nalgures *os creguiños pimpíns*. Toda carreira ten os seus aspirantes, que lles fan as beiras aos triunfadores. Non hai poder que non teña a súa compañía, fortuna que non teña a súa corte. Os buscadores de porvir arremuíñanse ao redor do presente espléndido. Toda metrópole ten o seu estado-maior. Todo bispo un pouco influente ten cabo del a súa patrulla de querubíns seminaristas que fai a ronda e mantén a debida orde no pazo episcopal e que fai garda ao redor do sorriso de monseñor. Agradarlle a un bispo significa para un subdiácono estar ben colocado para a carreira. Cómpre facer o camiño, o apostolado non refuga o canonicado.

Do mesmo xeito que noutras partes existen altos penachos, existen na igrexa altas mitras. Son os bispos ben vistos na corte, ricos, provistos de rendas, hábiles, aceptados polo mundo, sabedores, sen dúbida, das oracións, mais sabedores tamén das maneiras de solicitar beneficios, con poucos escrúpulos en mandar toda unha diócese percorrer despachos en proveito persoal deles, vencelladores da sacristía coa diplomacia, máis abades que cregos, máis prelados que bispos. Feliz quen se achega a eles! Persoas de creto, como eles son, fan chover ao seu arredor -enriba dos atenciosos e os favorecidos, e enriba de toda esa mocidade que sabe compracer- as parroquias abastadas, as prebendas, os arcediagados, as capelanías e as funcións catedralicias, agardando as dignidades episcopais. Ao avanzaren eles propios, fan progresar os seus satélites; é todo un sistema solar en movemento. O seu raiolar empurpurece o seu séquito. A súa prosperidade esfaragúllase enriba da recovaxe en boas promocionciñas. Canto máis grande é a diócese do padroeiro, máis rendoso curato para o favorito. E, de por parte, Roma está aí. Un bispo que sabe virar arcebispo, un arcebispo que sabe virar cardeal, lévavos como conclavista, entrades na rota, tedes o palio, velaí que sodes auditor, camareiro, monsignore, e da Grandeza á Eminencia non hai senón un paso, e entre a Eminencia e a Santidade non hai senón a fumata dun escrutinio⁴⁰. Todo solideo pode soñar coa tiara. O crego é hoxe o único home que regularmente pode virar rei. E que rei! O rei supremo. Tamén: que alcouve de aspiracións, un seminario! Que de acólitos de fazulas coradas, que de abades mociños levan enriba da cabeza a cántara da leiteira do conto! Como a ambición se titula doadamente vocación: quen sabe? Se cadra faino de boa fe e enganándose ela mesma, tan beateira é!

A monseñor Bienvenu, humilde, pobre, particular, non o contaban entre as altas mitras. A cousa era visíbel na ausencia completa de cregos noviños ao seu redor. Xa vimos que en París “non prendera”. Ningún porvir facía mentes de se inxertar nese vello solitario. Ningunha ambición xermolante cometía a tolemia de verdecer á súa sombra. Os seus cóengos e grandes vigairos eran un bos vellotes, un pouco “pobo” coma el, murados coma el nesa diócese sen saída ao cardealado e que asemellaban ao seu bispo, coa diferenza de que eles estaban rematados e el estaba acabado Sentíase tanto a imposibilidade de medrar

⁴⁰ Son abondosos aquí os termos que expresan xerarquías do catolicismo, e moi concretamente da curia romá. Así *conclavista* ‘auxiliar eclesiástico que un cardeal levaba con ocasión dun cónclave’, *rota* (en minúscula no orixinal) ‘tribunal eclesiástico de Roma’, *palio* ‘banda branca con cruces que o papa e outras autoridades católicas revestían en certas cerimoniais’, ou ‘dosel sostido por catro varas que cobre a custodia ou certas autoridades en determinadas cerimoniais’, *auditor* ‘asesor dun prelado’ ou ‘membro dun tribunal relixioso’, *camareiro* ‘certo dignitario vaticano’, *monsignor* (en italiano no orixinal, pois que referido á curia romá) tratamento de certos graos da xerarquía católica igual que os *Grandeza*, *Eminencia* e *Santidade* empregados a continuación. A *fumata* alude á elección de papa.

rente de monseñor Bienvenu, que inda non ben deixaran o seminario, os mozos ordenados por el facíanse recomendar aos arcebispos de Aix ou de Auch e íanse axiña. Porque, en fin, repetímolos, un quere que o apuxen. Un santo que vive nun exceso de abnegación é unha veciñanza perigosa, poderíavos contaxiar unha pobreza incurábel, a anquilose das articulacións útiles para o avance e, en suma, máis renuncia da que vós queredes, e fóxese desa ovella negra de virtude. De aí o illamento de monseñor Bienvenu, Vivimos nunha sociedade sombría. Triunfar, velaí o ensino que caí a chumbo, pinga a pinga, da corrupción.

Digamos, de paso, que é cousa bastante noxenta, o éxito. A súa falsa semellanza co mérito engana os homes. Para a multitude, o logro ten case que o mesmo perfil que a supremacía. O éxito, eses sosias do talento, ten na Historia unha crédula. Só Xuvenal e mais Tácito resmungan diante del. Nos nosos días unha filosofía practicamente oficial domesticouse na súa casa, leva o uniforme de criado do éxito e desempeña o servizo de antesala Triunfade: teoría. Prosperidade supón Capacidade. Gañade á lotaría e velaí sodes un home hábil. O que triunfa é venerado. Nacede de pé, aí está todo. Tede sorte e o resto xa vos chegará, sede feliz, hanvos crer grande. Fóra cinco ou seis excepcións inmensas que dan fulgor a un século, a admiración contemporánea non constitúe senón miopía. O dourado é ouro. Ser o que chegue primeiro non prexudica nada, sempre que un sexa un advenedizo. O vulgo é un vello Narciso que se adora el mesmo e que lle aplaude ao vulgo. Esta facultade enorme pola que un é Moisés, Esquilo, Dante, Miguel Anxo ou Napoleón, a multitude concédella de partida por aclamación a calquera que acade o seu albo en calquera cousa. Que un notario se transfigure en deputado⁴¹, que un falso Corneille faga *Tiridate*, que un eunuco chegue a posuír un harén, que un militar botaporela gañe accidentalmente a batalla decisiva dunha época, que un sacamoas invente as solas de cartón para o exército de Sambre et Meuse, e se levante, con ese cartón vendido como coiro, catro centas mil libras de renda, que un bufariñeiro faga casamento coa usura e a faga dar á luz sete ou oito millóns dos que el é o pai e ela a nai, que un predicador se convirta en bispo por fungar polo nariz, que un intendente de casa grande sexa tan rico ao saír do servizo que o nomeen ministro de Finanzas, os homes chámanlle a iso Xenio, do mesmo xeito que chaman Beleza o rostro de Mousqueton e Maxestade o porte de Claudio. Eles confunden coas constelacións do abismo as estrelas que deixan no lodo mol da lameira as patas dos parrulos.

⁴¹ Alude Victor Hugo, directa ou indirectamente, neste parágrafo a persoas e feitos da Francia do seu tempo ou anteriores. *Tiridate* é unha obra do dramaturgo de menor categoría Capistron (1656-1723), Mousqueton é o criado de Porthos, un dos tres mosqueteiros da obra de Dumas, e Claudio é o emperador romano, coñecido polas súas eivas físicas, entre elas a coxeira.

XIII O QUE EL CRÍA

Dende o punto de vista da ortodoxia, non temos en absoluto que esculcar no señor bispo de Digne. Diante dunha alma tal, non nos sentimos senón cun ánimo de respecto. A conciencia do xusto debe ser crida sen reparo ningún. De por parte, en certas naturezas dadas admitimos o posíbel desenvolvemento de toda a beleza da virtude humana nunha crenza diferente da nosa.

Que pensaba el deste dogma ou daquel misterio? Eses segredos do foro interno son unicamente coñecidos pola tomba na que as almas entran núas. Do que estamos seguros é que endexamais as dificultades da fe se resolvían para el na hipocrisía. Ningún apodrecemento lle é posíbel ao diamante. El cría o máis que podía. *Credo in Patrem*, exclamaba a miúdo. Tirando, a maiores, das boas obras esa cantidade de satisfacción que lle abonda á conciencia e que vos di baixiño: “Estás con Deus”.

O que cremos obriga anotar é que, fóra (por dicilo así) e alén da súa fe, o bispo tiña un exceso de amor. É por iso, *quia multum amavit*⁴², polo que o xulgaban vulnerábel os “homes serios” e a “xente razoábel”- locucións favoritas do noso tristeiro mundo onde o egoísmo recibe a consigna do pedantismo. O que era ese exceso de amor? Era unha benevolencia serena que rebordaba os homes, como xa o temos indicado, e que, chegado o momento, se estendía até as cousas. Vivía sen desdén. Era indulxente coa creación de Deus. Todo home, mesmo o mellor, ten en si propio unha dureza irreflexiva que mantén en reserva para co animal. O bispo de Digne non tiña esa dureza, característica, porén, de moitos cregos. Non chegaba ao brahmán, mais semellaba ter meditado estas palabras do Eclesiastés: “Sabemos onde vai a alma dos animais?”⁴³ A fealdade do aspecto, as deformidades do instinto, non o perturbaban nin o indignaban. Conmovíano, case o enternecían. Semellaba que, pensamento, fose na procura, alén da vida aparente, a causa, a explicación ou a escusa. Semellaba por momentos pedirlle a Deus conmutacións. Examinaba sen carraxe, e co ollo do lingüista que descifra un palimpsesto, a cantidade de caos que aínda hai na natureza. Esa matinação facía por veces saír del falas estrañas. Unha mañá, andaba pola horta. Pensaba que estaba só, mais a súa irmá camiñaba atrás súa sen que el a vise; de súpeto parouse e mirou unha cousa pola terra: era unha araña grande, moura e peluda, horríbel. A súa irmá sentiu que el dicía:

- Pobre animalaiño! Non é culpa súa!

Por que non contar estas nenadas, case divinas, da bondade? Puerilidades, de acordo, mais estas puerilidades sublimes foron as de san Francisco de Asís e de Marco Aurelio. Un día escordou un pé por non querer esmagar unha formiga.

Así vivía ese home xusto. Algunha vez adormecía na horta, e daquela non había cousa máis venerábel.

O señor Bienvenu fora en tempos, de crermos os relatos da súa mocidade e mesmo da súa virilidade, un home afervoadado, se cadra violento. A súa mansedume universal era menos un instinto da súa natureza que o resultado dun gran convencemento filtrado no seu corazón ao través da vida e caído nel devagariño, pensamento a pensamento. Porque nun carácter, igual que nun penedo, pode haber buracos de pingueiras. Eses furados son indelébeis, esas formacións son indestrutíbeis.

⁴² “Porque amou moito”, cita do Evanxeo (Lucas, VII, 47).

⁴³ A cita do Eclesiastés (3, 21-22) non é literal.

En 1815 –cremos telo dito- el fixo setenta e cinco anos, mais non parecía ter máis de sesenta. Non era alto, tiña algo de ventre e, para combatelo, daba de bo grado longas camiñadas a pé; tiña o paso firme e estaba moi pouco alombado, detalle do que non pretendemos tirar conclusión ningunha. Gregorio XVI, aos oitenta anos, mantíñase dereito e sorrinte, o que non lle impedía ser un mal bispo. O señor Bienvenu tiña o que o pobo chama unha “bonita cabeza”, mais tan agarimosa que todos esquecían que era bonita.

Cando parolaba con esa alegría infantil que era unha das súas grazas -e da que xa temos falado- un sentíase ao xeitiño rente del, semellaba que de toda a súa persoa emanase ledicia. A súa tez, colorida e fresca, todos os seus dentes ben brancos que conservara e que o seu riso facía ver, dábanlle ese aire aberto e doado que fai dicir dun home “É un bo rapaz” e dun vello “É un bo homiño”. Era ese –lembrámolo- o efecto que lle fixera a Napoleón. De primeiras, para quen non o vira nunca, era pouco máis que un homiño, efectivamente. Mais se un permanecía unhas horas cabo del, e por pouco que o vise penseiro, o homiño transfigurábase pouco a pouco e adoptaba un aire imponente; a súa fronte ampla e seria, augusta polos cabelos brancos, tornábase tamén augusta pola meditación; desa bondade desprendíase maxestade sen que a bondade deixase de raiolar; experimentábase algo da emoción que se tería en vendo un anxo sorrinte abrir lentamente as súas ás sen deixar de sorrir. O respecto, un respecto indicíbel, íavos penetrando gradualmente e subíndovos ao corazón, e un sentía que tiña de diante unha desas almas fortes, experimentadas e indulxentes, de pensamento tan potente que non pode ser senón lene.

Como vimos, a oración, a celebración dos oficios relixiosos, a esmola, o consolo dos afluxidos, o cultivo dun recuncho de terra, a fraternidade, a frugalidade, a hospitalidade, a renuncia, a confianza, o estudo e o traballo enchían cada unha das xornadas da súa vida. *Enchían* é a palabra acaída, e de certo que esa xornada do bispo estaba ben chea, até á propia beira, de bos pensamentos, boas palabras e boas accións. Con todo, non se completaba se o tempo frío ou chuvento lle impedía botar, á tardiña, cando as dúas mulleres xa se retiraran, unha hora ou dúas no seu xardín antes de adormecer. Semellaba que fose unha caste de rito para el prepararse para o sono a través da meditación en presenza dos grandes espectáculos do ceo nocturno. Por veces, a unha hora mesmo bastante avanzada da noite, se as dúas vellas solteiras non dormían, ouvíano camiñar amodiño polos vieiros. Alá estaba el, só consigo mesmo, recollido, acougado, adorando, comparando a serenidade do seu corazón coa serenidade do éter, conmovido nas tebras polos esplendores visíbeis das constelacións e os esplendores invisíbeis de Deus, abrindo a súa alma aos pensamentos que caen do descoñecido. Naqueles momentos, ofrecendo o seu corazón na hora en que as flores nocturnas ofrecen o seu perfume, aceso como unha lámpada no centro da noite estrelecida, espallándose en éxtase no medio do raiolar universal da creación, non tería podido se cadra dicir en por si o que pasaba pola súa mente, sentía algo revoar por riba súa e algo descender sobre del. Misteriosos trocos dos cavorcos da alma polos cavorcos do universo!

Matinaba na grandeza e na presenza de Deus, na eternidade vindeira -estraño misterio-, na eternidade pasada -misterio aínda máis estraño-, en todos os infinitos que se fincaban baixo os seus ollos en todos os sentidos, e -sen tentar de comprender o incomprensíbel- ollábao. Non estudiaba Deus, a súa luz cegábao. Consideraba eses magníficos encontros como átomos que lle dan aspectos á materia, revelan as forzas constatándoas, crean as individualidades na unidade, as proporcións na extensión, o innumerábel no infinito, e por medio da luz producen a beleza. Eses encontros átanse e desátanse sen cesar: de aí a vida e a morte.

Sentábase nun banco de madeira acaroado a unha parra decrépita, e ollaba os astros ao través das siluetas tarraceñas e raquíticas das súas árbores froiteiras. Ese ferrado, plantado dun xeito tan pobre, tan ateigado de leiros e de alboios, éralle benquerido e abondáballe.

Que máis lle cumpría a ese velliño que partillaba o lecer da súa vida –na que había pouco lecer- entre o traballo do xardín polo día e a contemplación pola noite? Esa chousiña estreita que tiña por teito o ceo: seica non era suficiente para poder adorar Deus arreo nas súas obras máis meiguiñas e nas súas obras máis sublimes? Seica iso non constitúe todo? Que desexar alén diso? Un xardinciño para pasear e a inmensidade para soñar. Aos seus pés, o que un pode cultivar e colleitar; enriba da súa cabeza, o que un pode estudar e meditar. Unhas poucas flores na terra e todas as estrelas no ceo.

XIV O QUE PENSABA

Outro comentario, por último.

Como detalles desta natureza poderían, particularmente no momento en que estamos –e, para utilizarmos unha expresión actualmente de moda- darlle ao bispo de Digne unha certa fisionomía “panteísta” e facer crer, ben censurándoo, ben louvandoo, que había nel unha desas filosofías persoais propias do noso tempo, a xermolaren por veces nos espíritos solitarios e a se construíren e medraren neles até substituíren as relixións, insistimos no feito de que ningunha das persoas que coñeceron o señor Bienvenu se tería permitido pensar cousa semellante. Este home era iluminado polo corazón. A súa sabencia procedía da luz que ven de alá.

Ningún sistema, moitas obras. As especulacións abstrusas conteñen vágado; nada indica que el aventurase o seu espírito polas apocalipses. O apóstolo pode se ousado, mais o bispo debe ser temesiño. Probabelmente tería atopado escrúpulos en afondar moito en certos problemas reservados dalgunha maneira ás grandes mentes terribéis. Existe horror sagrado baixo os pórticos do enigma; estes buracos sombrizos ábrense de parte a parte, mais algo vos dí, a vós que pasades pola vida, que non se entra. Malfado a quen penetre! Os xenios, nas profundidades xamáis acadadas da abstracción e da especulación pura, situados por así dicir por riba dos dogmas, propóñenlle as súas ideas a Deus. A súa pregaria ofrece audazmente a discusión. A súa adoración interroga. Esta é a relixión directa, chea de ansiedade e de responsabilidade para quen aquelas corgas escarpadas tentan.

A meditación humana non ten límites. Pola súa conta e risco analiza e fura a súa propia ofuscación. Poderíase case dicir que os contempladores son contemplados. Sexa como for, hai na terra homes –son homes?- que dexergan nidiamente no fondo dos horizontes do soño os outeiros do absoluto e que teñen a visión terríbel da montaña infinda. Monseñor Bienvenu non era deses homes, monseñor Bienvenu non era un xenio. Tería receado deses asuntos sublimes dende os que algúns- moi grandes mesmo, como Swedenborg e mais Pascal- escorregaron á demencia. De certo que esas poderosas matinações teñen a súa utilidade moral, e por eses arduos camiños un vaise achegando á perfección ideal. Canto a el, collía o sendeiro máis corto: o evanxeo.

Non trataba de lle facer á súa casula os pregues do manto de Elías⁴⁴, non proxectaba raiola ningunha do porvir no tebegoso rolar dos acaecementos, non tencionaba condensar en chamuscas a luzada das cousas, non tiña nada de profeta nin de meigo. Esta alma sinxela amaba, velaí todo.

Que dilatase a pregaria até unha aspiración sobrehumana, é cousa probábel, porén, se non se pode amar de máis tampouco non se pode pregar de máis; e se fose unha herexía pregar alén dos textos, santa Teresa e san Xerome serían herexes.

Debruzábase cara a quen laia e cara a quen expía penas. O universo aparecíalle como una inmensa doenza; sentía por toda a parte a febre, auscultaba por toda a parte o sufrimento e, sen buscar adiviñar o enigma, tentaba de curar a ferida. O temíbel espectáculo das cousas creadas desenvolvía nel o enterneceamento; ocupábase só en atopar para el mesmo e en lles inspirar aos outros o mellor xeito de se doer e de aliviar. O

⁴⁴ É dicir, non pretendía revestirse de profeta.

que existe era para este raro e bo crego un motivo permanente de tristura que procuraba consolar.

Hai homes que traballan na extracción do ouro, el traballaba na extracción da piedade. A universal miseria era a súa mina. A dor por todas partes non era máis que unha ocasión de bondade sempre. *Amádevos uns aos outros*, el declaraba que xa a cousa estaba completa, non desexaba máis nada, esa era a súa doutrina toda. Un día, aquel home que se coidaba “filósofo”, aquel senador xa citado, díxolle ao bispo:

-Mais, mirade, logo, o espectáculo do mundo: guerra de todos contra todos, o máis forte é o máis agudo. O voso *amádevos uns aos outros* é unha parvada.

-Pois –respondeu monseñor Bienvenu sen disputar- se é unha parvada, a alma debe pechase nela como a perla na ostra.

E pechábase, logo, nela, vivía nela, absolutamente satisfeito, deixando de lado as cuestións prodixiosas que atraen e que estarrecen, as perspectivas impenetrábeis da abstracción, os precipicios da metafísica, esas profundidades converxentes todas -para o apóstolo cara a Deus, para o ateo cara ao nada: o destino, o ben e o mal, a guerra do ser contra do ser, a conciencia do home, o somnambulismo penseiro do animal, a transformación ao través da morte, a recapitulación de existencias que contén o sartego, o enxerto incomprensíbel dos amores sucesivos no eu persistente, a esencia, a substancia, o Nihil e o Ens⁴⁵, a alma, a natureza, a liberdade, a necesidade. Problemas a pico, espesores sinistros, nos que se debrozan os xigantescos arcanxos do espírito humano, formidabeis abismos que Lucrecio, Manu⁴⁶, san Paulo e Dante contemplan con ese ollo fulgurante que semella, mirando en fite o infinito, facer agromar nel as estrelas.

Monseñor Bienvenu era sinxelamente un home que constataba dende fóra as cuestións misteriosas sen esculcalas, sen abalalas e sen toldar con elas a súa propia mente, e que tiña na alma o grave respecto da sombra.

⁴⁵ O Nada e o Existente.

⁴⁶ Figura da mitoloxía hindú.

Libro segundo

A caída

I O SERÁN DUN DÍA DE CAMIÑADA

Nos primeiros días do mes de outubro de 1815, arredor dunha hora antes do solpor, un home que viaxaba a pé entraba na viliña de Digne. Os raros habitantes que se atopaban nese momento nas fiestras ou no limiar das súas casas ollaban ese viaxeiro cunha sorte de inqueda. Era difícil atopar un camiñante con aspecto máis miserábel. Era un home de mediana estatura, reboludo e robusto, na plenitude da vida. Podía ter corenta e seis ou corenta e oito anos. Unha pucha con viseira de coiro baixada agachaba en parte a súa faciana, queimada polo sol e o curtimento, pola que escorregaba a suor. A súa camisa de groseiro tecido amarelo, pechada no collar por unha ancoriña de prata, deixaba ver o seu peito peludo; levaba unha garavata de corda retorcida, un pantalón de dril azul, andado e gasto, branco nun xeonllo e furado no outro, unha blusa vella gris esfarrapada, remendada nun dos cóbados cun anaco de pano verde cosido con baraza, no lombo un foleco de soldado moi cheo, coas fibelas ben pechadas e novo de a feito, na man un enorme caxato cernudo, os pés sen medias en zapatos ferrados, a testa rapada e a barba longa.

A suor, a calor, a viaxe a pé e mais a poeira, engadían un non sei o que sórdido a este conxunto escalazado.

Os cabelos, cortiños, estaban, porén, alporizados, pois comezaban a medrar un pouco e semellaba que non os cortaran dende había tempo.

Ninguén o coñecía. Evidentemente, non era senón alguén que ía de paso. De onde viña? Do sur. Da beiramar, se cadra, porque facía a súa entrada en Digne pola mesma rúa que sete meses antes vira pasar o emperador Napoléon, que ía de Cannes a París. Este home debiera ter camiñado o día inteiro. Parecía moi canso. Unhas mulleres do burgo antigo, que está na parte baixa da vila, vírano parar so as árbores do boulevard Gassendi e beber na fonte que está no cabo do paseo. Tiña que ter moita sede, porque uns rapaces que o seguían volvérono ver parar e beber dous centos pasos máis en diante, na fonte da praza do mercado.

De chegado ao recuncho da rue Poichevert, virou á esquerda e dirixiuse cara a casa do concello. Entrou nela, e logo saíu un cuarto de hora despois. Un xendarme estaba sentado rente da porta no banco de pedra no que o xeneral Drouot subiu o 4 de marzo para lle ler á abraiada multitude dos habitantes de Digne a proclamación do golfo Juan⁴⁷. O home tirou o pucho ante o xendarme e saudouno humildemente..

O xendarme, sen responder ao seu saúdo, mirouno con atención, seguiu cos ollos algún tempo e despois entrou no Concello.

Había daquela en Digne unha boa pousada chamada *La Croix de Colbas*. Esa pousada tiña como hostaleiro un tal Jacquin Labarre, home considerado na vila polo seu parentesco cun outro Labarre que tiña en Grenoble a pousada *Les Trois Dauphins* e que servira no corpo de escoltas de a cabalo. Cando desembarcou o emperador correran moitos rumores pola bisbarra tocante a esta pousada de *Les Trois Dauphins*. Contaban que o xeneral Bertrand, disfrazado de carreteiro, fixera frecuentes viaxes a ela no mes de xaneiro, e que distribuíra cruces de honra a algúns soldados e napoléons⁴⁸ de ouro a mancheas a algúns burgueses. A realidade é que o emperador, á súa entrada en Grenoble,

⁴⁷ Golfo da Provenza, situado na costa mediterránea entre Cannes e Antibes. Alí fixo Napoleón unha proclama o 1º de marzo de 1815 e encetou o seu regreso a París, período coñecido como os *Cen días*.

⁴⁸ O napoleón é unha moeda de ouro, de vinte francos, acuñada baixo o Imperio.

rexeitara instalarse na residencia da prefectura; déralle as grazas ao alcalde dicindo “Vou á casa dun home valente que coñezo” e fora a *Les Trois Dauphins*. Esta gloria do Labarre de *Les Trois Dauphins* reflectíase a vinte e cinco leguas de distancia no Labarre de *La Croix de Colbas*. Dicían del na vila: “É o curmán do de Grenoble”.

O home dirixiuse cara a esta pousada, que era a mellor da bisbarra. Entrou na cociña, aberta de cheo sobre a rúa. Os fogóns todos estaban acesos e un gran lume ardía ledamente na cheminea. O hospedeiro, que era tamén o xefe de cociña, andaba do lar ás potas, moi ocupado e atento a unha excelente cea destinada a un grupo de carreteiros que se ouvía rir e barballoar moito nunha sala veciña. Calquera que ten viaxado sabe que ninguén se dá mellores esmorgas que os carreteiros. Unha marmota ben cebada flanqueada por perdices brancas e pitas do monte, daba voltas nun longo espeto de diante do lume. Enriba dos fogóns cociñábanse dúas grosas carpas do lago de Lauzet⁴⁹ e unha troita do lago de Allos.

O hospedeiro, sentindo a porta abrirse e entrar un recén chegado, dixo sen levantar os ollos dos seus fogóns:

- Que quere o señor?
- Comer e durmir.
- Nada máis doado –continuou o hospedeiro.

Nese momento volveu a cabeza, abrazou dunha ollada o conxunto todo do viaxeiro, e engadiu:

- ...pagando.

O home tirou unha grosa bolsa de coiro do peto da súa blusa e respondeu:

- Teño cartos.
- Nese caso, estamos para servilo, dixo o hospedeiro.

O home volveu meter no peto a súa bolsa, descargouse do seu foleco, pousouno no chan rente da porta, conservou na man o seu caxato e foise sentar nun escaniño ao carón do lume. Digne está no monte. Os seráns de outubro son fríos aló.

Con todo, ao tempo que ía e viña, o home observaba o viaxeiro.

- Céase axiña? –preguntou o home.
- Decontadiño, respondeu o hospedeiro.

En tanto que o recén chegado se quentaba, virado de costas, o digno pousadeiro Jacquin Labarre tirou do peto un lápis e despois rachou o anco dun xornal vello que estaba ciscado riba dunha mesiña á beira da fiestra. Na marxe branca escribiu unha liña ou dúas, encartou sen lacrar e entregou o retrinco de papel a un rapaz que parecía servirle de aprendiz de cociña e máis de lacaio ao mesmo tempo. O pousadeiro díxolle ao aprendiz algo no ouvido e o rapaz saíu correndo en dirección da alcaldía.

O viaxeiro non vira nada de todo iso. Preguntou outra vez:

- Céase axiña?
- Decontadiño –respondeu o hospedeiro.

⁴⁹ Os nomes xeográficos que aparecen neste capítulo son de localidades da rexión.

Volveu o rapaz. Traía o papel. O hospedeiro desencartouno con présa, como alguén que agarda unha resposta. Pareceu ler atentamente, logo abaneou a testa e estivo un momento pensando. Finalmente deu un paso cara ao viaxeiro que semellaba mergullado en reflexións pouco serenas.

- Señor, non podo acollelo.

O home soergueuse un pouco:

-Como é? Seica ten medo de que non pague? Quere que lle pague por adiantado? Teño diñeiro, xa llo dixen.

- Non é iso,

- E logo: que é?

- Ten diñeiro...

- Si -dixo o home.

-E eu non teño cuarto.

O home replicou tranquilamente:

- Métame na cabalariza.

- Non podo.

- E logo?

- Os cabalos ocupan o sitio todo.

- Pois, logo, -volveu o home- un recuncho na palleira. Un feixiño de palla. Verémolo despois de cear.

- Non lle podo dar de cear.

Esta declaración, feita en tono mesurado mais firme, pareceulle grave ao estranxeiro. Ergueuse.

- Vaia, ho! Estou morrendo coa fame! Levo camiñando dende que o sol se ergueu. Fixen doce leguas. Eu pago, Quero comer.

- Non teño nada -dixo o hospedeiro.

O home escachou a rir e volveuse cara á cheminea e os fogóns.

- Nada! E todo iso?

- Todo está reservado.

- Por quen?

- Por eses señores, os carreteiros.

- E cantos son?

- Doce.

- Aí hai de comer para vinte.

- Reservaron todo e pagárono por adiantado.

O home sentouse de volta e dixo sen alzar a voz:

- Estou na pousada, teño fame e quedo aquí.

O hospedeiro, entón, debrozouse á súa orella e díxolle cun acento que o fixo sobresaltar:

- Váiase.

O viaxeiro estaba nese momento inclinado, apuxando unhas brasas no lume coa punta ferrada do seu caxato, e revirouse ao dereito, mais cando abría a boca para replicar, o hospedeiro mirouno en fite e engadiu en voz baixa:

-Veña, abonda xa de parola. Quere que lle diga o seu nome? Chámase Jean Valjean. E agora quere que lle diga quen é? Ao velo entrar, sospeitei de vostede e dei parte á alcaldía, e velaí o que me responderon. Sabe ler?

Ao dicir iso tendíalle ao estraño, desencartado de a feito, o papel que acababa de viaxar da pousada á alcaldía e da alcaldía á pousada. O home botoulle unha ollada. O pousadeiro continuou logo dun silencio:

- Teño o costume de ser educado con todo o mundo. Váíase.

O home abaixou a testa, recolleu o foleco que pousara no chan, e foise.

Colleu a rúa principal. Ía camiñando cara a diante ao chou, rozando as casas, como un home humillado e triste. Non se virou nin unha soa vez. Se se virara, tería visto o pousadeiro de *La Croix de Colbas* no limiar da súa porta, rodeado dos viaxeiros todos da pousada e dos viandantes todos da rúa, a falaren en roda viva e a sinaláreno co dedo, e, polas olladas de desconfianza e de espanto do grupo, tería adivinado que de alá a pouco sería o acaecemento da vila toda.

Non viu nada diso. A xente afundida non mira atrás dela. Sabe dabondo que o malfado a persegue.

Camiñou así algún tempo, seguindo a andar, indo á toa por rúas que non coñecía, esquecendo a canseira, como acontece na tristura. De súpeto sentiu agrememente a fame. A noite achegábase. Botou unha ollada de arredor para ver se descubría algún acubillo.

A boa hospedaxe pecháraselle, andaba na procura dunha humilde taberna, dun toco ben pobriño.

Precisamente no cabo da rúa alumeaba unha luz; unha póla de pino, pendurada dun poste de ferro debuxáse sobre o ceo branco do solpor. Foi para alá.

Efectivamente era unha taberna. A taberna que está na rue Chaffaut.

O viaxeiro parou un momentíño e mirou polo cristal o interior da sala de abaixo da taberna, iluminada por un candil pequeno enriba dunha mesa e por un gran lume na cheminea. Había uns homes a beber. O hospedeiro estaba a se quentar. A chama facía lapexar unha ola de ferro pendurada da gramalleira.

Nesta taberna, que é tamén unha especie de pousada, éntrase por dúas portas. Unha dá á rúa, a outra ábrese a un patio pequeno cheo de estrume.

O viaxeiro non se atreveu a entrar pola porta da rúa. Escorreuse polo patio, parou outra vez, e despois, timidamente, levantou a caravilla e puxou a porta.

- Quen vai aí? – preguntou o amo.
- Alguén que quere cear e durmir.
- Está ben, aquí céase e dórmese.

Entrou. Os que estaban a beber volvéronse todos. O candil iluminaba dende unha beira, o lume dende a outra. Examinárono algún tempo mentres el desfecía o seu foleco.

O hospedeiro díxolle:

-Velaí hai lume. A cea está a se cociñar na ola. Véñase quentar, compañeiro.

Foise sentar ao carón da lareira. Estendeu diante do lume os seus pés magoados pola canseira: un arrecendo saía da ola. Todo o que se podía dexergar da súa faciana baixo a súa pucha baixada tomou unha vaga aparencia de benestar mesturada con esoutro aspecto tan punxente que dá o costume do sufrimento.

Era, de por parte, un perfil firme, enérxico e tristeiro. Esa fisionomía era estrañamente diversa, comezaba parecendo humilde e acababa semellando severa. O ollo relucía baixo as cellas como un lume baixo dun mato.

Ora ben, un dos homes sentados á mesa era un peixeiro que antes de entrar na taberna da rue Chaffaut fora gardar o seu cabalo na cabalariza de Labarre. O acaso fixo que a mesma mañá el tivera atopado ese forasteiro de má pinta a camiñar entre Bras d'Asse e... (esqueceume o nome, penso que é Escoublon). E mais cando o atopara, o home, que parecía xa moi canso, pedíralle que o levara nas ancas, ao que o peixeiro só respondera apertando o paso. Este peixeiro formaba parte, media hora antes, do grupo que rodeaba a Jacquin Labarre, e el propio contáralle o seu desagradábel encontro da mañá á xente de *La Croix de Colbas*. Dende o seu lugar, fíxolle ao taberneiro un aceno imperceptíbel. O taberneiro achegóuselle. Trocaron unhas falas en voz baixa. O home volvera caír nas súas reflexións.

O taberneiro volveu para a cheminea, pousou a man de vez no ombreiro do home e díxolle:

- Vaste ir de aquí.

O estraño virouse e respondeu lenemente:

- Ah! Xa sabe?

- Sei.

- Rexeitáronme na outra pousada

- E botámoste desta.

- Onde quere que vaia?

- Fóra

O home colleu o seu caxato e o seu foleco, e foise.

Cando saía, uns rapaces, que o seguiran dende *La Croix de Colbas* e que semellaban estalo agardando, guindáronlle pedras. El volveu atrás encarraxado e ameazounos co seu caxato: os rapaces espalláronse como unha bandada de paxaros.

Pasou por diante da prisión. Na porta pendía unha cadea de ferro amarrada a unha campáña. Chamou

Abriuse un portelo.

-Señor gardián -dixo tirando respectuosamente a súa pucha- Tería a ben abrimme e aloxarme por esta noite?

Respondeu unha voz:

-Unha prisión non é unha pousada. Faga que o prendan. Daquela abrirémoslle.

O portelo volveuse pechar.

Entrou nunha ruína na que hai moitos hortelos. Algúns só están pechados por sebes, o que aleda a rúa. Entremedio deses hortos e desas sebes viu unha casiña dun único andar que tiña a fiestra iluminada. Mirou polo cristal como fixera na taberna. Era un cuarto grande branqueado de cal, cun leito acolchado en algodón estampado e un berce nun recuncho, varias cadeiras de pau e unha escopeta de dous canos pendurada na parede. No medio do cuarto había unha mesa servida. Un candil de cobre alumeaba o mantel de grosa tea branca, a xerra de estaño -reluciente como a prata e chea de viño- e máis a sopeira escura que fumegaba. A esta mesa estaba sentado un home dunha corentena de anos, de rostro souril e aberto, que facía saltaricar un cativiño nos seus xeonllos. Cabo del, unha muller moi nova aleitaba outro meniño. O pai ría, o meniño ría, a nai sorría.

O forasteiro ficou a soñar un momentinho ante ese espectáculo doce e sosegante. Que se pasaba dentro del? Só el podería telo dito. Probabelmente pensou que esta casa leda había ser hospitalaria, e que alá onde vía tanta felicidade había atopar unha pouca compaixón.

Petou moi amodiño no cristal.

Non sentiron

Petou unha segunda vez,

Ouviu como a muller dicía:

- Meu home, paréceme que petan.

- Non, respondeu o marido

Petou por terceira vez.

O marido ergueuse, colleu o candil, foi para a porta e abriuna.

Era un home de estatura alta, medio labrego-medio artesán. Levaba un gran mandil de coiro que subía até o seu ombreiro esquerdo e no que estaban gardados un martelo, un pano vermello, unha pera de pó e toda caste de obxectos que o cinto retiña como nun peto. Botaba a cabeza cara a atrás, a súa camisa moi aberta e repregada amosaba o seu pescozo de touro, branco e nu. Tiña cellas espesas, enormes guedellas negras, os ollos esbugallados, o bico fociñado, e, por riba de todo isto, ese aire de se sentir un no seu terreo, que é unha cousa inexpresábel.

- Perdón, señor -dixo o viaxeiro- Pagando: poderíame dar un prato de sopa e un recuncho para dormir nese alpendre que hai aí no horto? Diga: podería? Pagando?

- Quen é vostede? -preguntou o amo da casa.

O home respondeu:

- Veño de Puy Moisson. Camiñei o día todo. Andei doce léguas. Podería? Pagando?

- Eu non rexeitaría aloxar –dixo o labrego- unha persoa honrada que pagase. Mais por que non vai á pousada?

- Non hai sitio.

- Boh! Imposíbel. Non é día de feira nin de mercado. Foi xunto a Labarre?

- Fun.

- E que?

O viaxeiro respondeu con apuro:

- Non sei, non me acolleu.

- Foi xunto aqueloutro, o da rue Chaffaut?

O apuro do viaxeiro medraba. Tatariñou:

- Tampouco non me acolleu.

A faciana do labrego tomou unha expresión de desconfianza, enxergou o recién chegado da testa aos pés e de súpeto exclamou cunha sorte de tremelo:

- Non será vostede o home...?

Botoulle outra ollada ao forasteiro, recuou tres pasos, pousou o candil enriba da mesa e descolgou a súa escopeta da parede.

Cando o labrego dixo o de *Non será vostede o home...?* a muller erguérase, collera os seus dous fillos no colo e acochárase correndiño tras do seu marido, mirando estarrecida para o forasteiro, co peito espido e os ollos abraiados, murmurando baixiño: *Tso maraude*⁵⁰.

Todo iso fíxose en menos tempo do que cómpre para imaxinalo. Despois de ter examinado uns instantes o home como se examina unha víbora, a amo da casa volveu á porta e dixo:

-Vaite.

- Por piedade –continuou o home- un vaso de auga.

- Un tiro de escopeta! – dixo o labrego.

Logo volveu pechar a porta violentamente e o home sentiu pasar dous grosos ferrollos. Un momento despois, a fiestra pechouse coa contra, e un ruído de barra de ferro que puñan chegou a fóra.

A noite seguía a caír. O vento frío dos Alpes sopraba. Á luciña do día esmorecente, o forasteiro albiscou nun dos hortos que están a beira da rúa unha caste de cabanela que lle pareceu modelada con torróns de herba. Pasou con decisión unha barreira de pau e atopouse no horto. Achegouse á cabana; como porta tiña un van estreito e semellaba esas construcións que os legoeiros fan á beira das estradas. Sen dúbida pensou que efectivamente era o abeiro dun legoeiro; adoecía co frío e coa fame; resignárase á fame mais cando menos ese era un acocho contra a friaxe. Esa sorte de abeiros non adoitan estar ocupados pola noite. Deitouse cara ao chan e escorregou pola cabanela. Facía calor e atopou un bo leito de palla. Estívose un momentíño estrado riba dese leito sen ser quen de facer un movemento, tan canso estaba. Logo, como o foleco ao lombo o molestaba e mais

⁵⁰ Victor Hugo refire que esta é unha exclamación feita na fala dos Alpes, e que sería *Gato ladrón*. Ao parecer a expresión alude ao *Gato maimón*, personaxe demoníaco que adopta forma de gato para ameazar a xente e o gando.

podía servirlle ben de cabezal, púxose a desfechar unha das correas. Nese momento un roñido fero fíxose ouvir. Ergueu os ollos. A testa dun enorme dogo debuxábase contra a sombra no van da cabana.

Era o caseto dun can.

O home, varudo e destemido, armouse co seu caxato, puxo o seu foleco como escudo, e saiu do caseto como puido, non sen aumentar os rachóns dos seus farrapos.

Tamén saíu do horto, mais recuando, obrigado –para manter en respecto o dogo- a esa manobra de caxato que os mestres deste tipo de esgrima chaman *a rosa cuberta*.

Ao que deu –non sen dificultade- pasado de volta a barreira e que se atopou na rúa, só, sen acubillo, sen teito, sen abeiro, expulsado mesmo dese leito de palla e dese caseto miserábel, deixouse caír –máis do que se sentou- enriba dunha pedra, e seica alguén que pasaba atravesando escoitouno exclamar:

- Nin mesmamente son un can!

Axiña se ergueu e se puxo en camiño de novo. Saíu da vila esperando atopar algunha árbore ou algunha meda no campo para se abeirar nela.

Andou así un tempinho, coa cabeza sempre abaixada. Cando se sentiu lonxe de todo asentamento humano, ergueu os ollos e procurou de arredor del. Estaba nun campo. Tiña de diante un deses outeiros baixos cubertos de restroballo cortado a rentes, que despois da seitura asemellan cabezas rapadas ao coucou.

O horizonte estaba mouro de todo; non era só a escuridade da noite, eran nubes moi baixas que semellaban encostarse no outeiro mesmo e que subían, enchendo o ceo todo. Porén, como a lúa se ía erguer e que aboiaba aínda no cénit un restiño de claridade crepuscular, aquelas nubes formaban no altor do ceo unha caste de bóveda abrancazada da que caía na terra unha luciña.

A terra estaba, daquela, mais alumeada que o ceo, o que é un efecto particularmente sinistro, e o outeiro, de pobre e cativoiro contorno, debuxábase vago e borrallento contra o horizonte tebegoso. Todo o conxunto aquel era noxento, ruín, lúgubre e acañado. Nada no campo nin no outeiro senón unha árbore deforme que se torcía tremelicando a uns pasos do viaxeiro.

Aquel home estaba, evidentemente, moi lonxe de ter eses delicados costumes de intelixencia e de enxeño que lle fan a alguén ser sensíbel aos aspectos misteriosos das cousas; con todo, había naquel ceo, naquel outeiro, naquela chaira e naquela árbore, algo tan fondamente desolado que, logo dun instante de inmovilidade e de matinalción, volveu camiño atrás de súpeto. Hai momentos nos que a natureza semella hostil.

Volveu sobre os seus pasos. As portas de Digne estaban pechadas. Digne, que resistiu asedios cando das guerras de relixión, estaba aínda en 1815 rodeado de vellas murallas flanqueadas por torres cadradas que foron derrubadas despois. Pasou por unha fenda e volveu entrar na vila.

Podían ser as oito do serán. Como non coñecía as rúas, volveu encetar o seu paseo á toa.

Chegou así á prefectura, e logo ao seminario. Ao pasar pola praza da catedral amosoulle o puño á igrexa.

Hai no recanto desta praza unha imprenta. Alá foron impresas por vez primeira as proclamas do emperador e da garda imperial, traídas de Elba e dictadas polo propio Napoleón.

Derreado pola canseira e sen esperar xa nada, deitouse no banco de pedra que está á porta desa imprenta.

Unha muller velleira saía da igrexa nese intre e viu aquel home tendido na sombra.

- Que fai aí, meu amigo? –díxolle.

El respondeu duramente e con carraxe:

-Ben o ve, miña boa señora: deitarme a dormir.

A boa muller, ben digna dese nome, en efecto, era a señora marquesa de R.

- Nese banco? –continuou ela.

- Durante dezanove anos tiven como colchón unha táboa de madeira –dixo o home- hoxe teño un colchón de pedra.

- Foi soldado?

- Si, miña boa señora. Soldado.

- Por que non vai á pousada?

- Porque non teño cartos.

-Sintoo –dixo a señora de R.- Non teño máis que catro patacos, na faldriqueira.

- Déamos, de todas as formas.

O home colleu os catro patacos. A señora de R. seguiu:

-Non pode aloxarse nunha pousada con tan pouquiño. E mais intentouno xa? Sen dúbida terá fame e frío. Igual o podían aloxar por caridade.

- Petei en todas as portas.

- E que foi?

- En todas me botaron fóra.

A “boa muller” tocou o brazo do home e sinaloulle , da outra banda da praza, unha casiña baixa ao pé do bispado.

- Petou en todas as portas? –continuou.

- Petei.

- E petou naquela?

- Non.

- Pois pete.

II A PRUDENCIA ACONSELLADA Á SABEDORÍA

Aquel serán, o señor bispo de Digne, despois do seu paseo pola vila, mantivérase pechado bastante tarde no seu cuarto. Estaba ocupado nun longo traballo sobre os *Deberes*, que desafortunadamente ficou inacabado. Apañaba coidadosamente todo o que os Padres e os Doutores teñen dito sobre esta grave materia. O seu libro estaba dividido en dúas partes; en primeiro lugar os deberes de todos, en segundo os deberes de cada quen, consonte a clase á que pertence. Os deberes de todos son os grandes deberes. Hai catro. San Mateu indícaos: Deberes cara a Deus (Mat., VI), deberes cara a un mesmo (Mat., 29, 30), deberes cara ao próximo (Mat., 7, 129 e deberes cara ás criaturas (Mat., 20,25). Os demais deberes, o bispo atopáraos indicados e prescritos noutros lugares; aos soberanos e aos súbditos na *Epístola aos romanos*, aos maxistrados, ás esposas, ás nais e aos mozos en San Pedro, aos maridos, aos pais, aos rapaces e aos criados na *Epístola aos efesios*; aos fieis na *Epístola aos hebreus*; ás virxes na *Epístola aos corintios*. Formaba laboriosamente con todas estas prescricións un conxunto harmonioso que lles quería presentar ás almas.

Estaba aínda a traballar ás oito -escribindo moi incomodamente sobre pequenos cadrados de papel enriba dun libro groso aberto sobre dos seus xeonllos- cando a señora Magloire entrou, segundo o seu costume, para coller os cubertos de prata no armariño de rente o leito. Un momento despois, o bispo, sentindo que a mesa estaba posta e que a súa irmá estaba se cadra esperando, pechou o seu libro, ergueuse e entrou na sala de xantar

A sala de xantar era un cuarto oblongo con cheminea, e cunha porta para a rúa (xa o dixemos) e fiestra para o xardín.

Efectivamente, a señora Magloire acabara de poñer os cubertos.

Ao mesmo tempo que se ocupaba de servir, parolaba coa señorita Baptistine.

Había un candil enriba da mesa e a mesa estaba ao carón da cheminea. Un bo lume estaba aceso.

Podémonos figurar doadamente esas dúas mulleres que pasaran xa todas dúas os sesenta anos: a señora Magloire pequena, gordecha e viva, e a señorita Baptistine, maina, delgadiña e fráxil, un pouco máis alta que seu irmán. Levaba un vestido de seda vermello acastañado -cor de moda en 1806- que mercara en París e que aínda lle duraba. Por empregar locucións vulgares que teñen o mérito de diciren só cunha palabra unha idea que apenas daría expresado unha páxina, a señora Magloire tiña o aspecto dunha *labradora* e a señorita Baptistine dunha *dama*. A señora Magloire levaba un pucho branco tubular, no pescozo unha cruz de ouro nunha cadeíña -a única xoia de muller que houbese na casa-, unha mantela branquiña que saía do vestido de burel negro e mangas folgadas e cortas, un mandil de tecido de algodón a cadros vermellos e verdes, atado no van cunha fita verde, cun corpiño igual prendido con dous alfinetes nos dous ángulos de enriba, nos pés zapatos grandes e medias amarelas como as mulleres de Marsella. O vestido da señorita Baptistine estaba cortado polos patróns de 1806, pegado ao corpo, talle alto e mangas con ombreiras, tirelos e botóns. Agachaba o seus cabelos grises baixo unha perruca rizada que chaman *infantil*. A señora Magloire tiña aspecto intelixente, vivo e bo; os dous cantiños da boca a distinta altura e o beizo superior máis groso que o inferior dábanlle un aquel de rudeza e de altivez. Cando monseñor calaba, ela faláballe con decisión nunha mestura de respecto e de liberdade, mais des que monseñor se puña a falar -xa o vimos- obedecía pasivamente igual que a señorita. A señorita Baptistine nin mesmo falaba, limitábase a obedecer e a complacer. Mesmo de nova non era bonita, tiña grandes

ollos azuis esbugallados e un nariz longo e curvado, mais toda a súa faciana, toda a súa persoa –xa o dixemos ao comezo- respiraba unha bondade inefábel. Sempre estivera predestinada á mansedume, mais a fe, a caridade e a esperanza, esas tres virtudes que van quentando paseniño a alma, elevaran pouquechiño a pouco esa mansedume até a santidad. A natureza fixera dela unha simple ovella, a relixión fixera un anxo. Pobre mociña santa! Doce recordo desaparecido! A señorita Baptistine contou dende entón tantas veces o que se pasara no bispado aquela noitiña, que algunhas persoas aínda vivas lembran os menores detalles.

No momento no que o señor bispo entrou, a señora Magloire falaba con vivacidade. Comentáballe á *señorita* un asunto que lle era familiar e ao que o bispo estaba afeito. Tratábase da caravilla da porta de entrada.

Parece que, ao ir por algunhas provisións para a cea, a señora Magloire sentira dicir cousas en varios sitios. Falábase dun home de má pinta a roldar. Seica chegara un vagabundo sospeitoso que debía andar por algures na vila, e que podería haber encontros danosos para aqueles que se descoidasen en volver tarde á súa casa esa noite. Que a seguranza, polo demais, atendíase moi mal, visto que o señor prefecto e o señor alcalde non se levaban ben e trataban de se prexudicaren deixando que as cousas acontecesen. Que, daquela, era a xente honrada a que tiña que atender a propia seguranza e protexerse ben, e que cumpría ter coidado en choer, botar o ferrollo e atrancar a casa, e *fechar ben as portas todas*.

A señora Magloire recalcou esta última frase, mais o bispo viña do seu cuarto, onde tivera bastante friaxe, e sentárase diante da cheminea, onde quecía, e estaba a pensar noutra cousa. Non recolleu a frase que a señora Magloire acababa de deixar caír. Ela repetiuna. Entón, a señorita Baptistine, querendo satisfacer á señora Magloire sen desagradar o seu irmán, ousou dicir timidamente.

- Meu irmán: escoitastes o que di a señora Magloire?
- Non escoitei senón un pouquiño, vagamente –respondeu o bispo.

E despois virando a medias a súa cadeira, pousando as dúas mans nos xeonllos e levantando cara á vella serventa a súa faciana cordial e doadamente leda, que o fogo alumeaba dende embaixo, dixo:

- Vexamos. Que foi? Que foi? Seica estamos nun grave perigo?

Entón a señora Magloire volveu comezar a historia toda, esaxerándoa un pouquiño, sen desconfiar dela. Polo que parecía, un bohemio, un cirolán, unha especie de esmoleiro perigoso andaría neste momento pola vila. Tentara de se aloxar na pousada de Jacquin Labarre, que non quixera acollelo. Virano chegar polo boulevard Gassendi e roldar polas rúas entre a brétema. Un home de saco e de corda cunha fasquía terríbel.

- De certo? -dixo o bispo.

Este consentemento para o diálogo animou a señora Magloire: pareceulle indicar que o bispo non estaba loxe de se alarmar. E proseguiu triunfante:

-Si, monseñor. Évos así. Vai haber algunha desfeita esta noite na vila. Dío todo o mundo. Como a seguranza se atende tan mal! (repetición inútil). Vivir nunha terra de montañas e non ter mesmo nin farois nas rúas pola noite! Se saímos, escuridade completa! E eu digo, monseñor, e a señorita que velaí está di coma min...

-Eu non digo nada –interrompeu a irmá- O que meu irmán fai, ben feito está.

A señora Magloire continuou como se non houbera protesta:

-Dicimos que esta casa non é en absoluto segura; que se monseñor o permite voulle ir dicir a Paulin Musebois, o cerralleiro, que veña poñer de volta os antigos ferrollos da porta; témosos aí, é un minuto. E digo que precisamos ferrollos, monseñor, aínda que non fose máis que para esta noite; porque digo que unha porta cunha caravilla que calquera pode abrir desde fóra, non hai nada máis terríbel. Xa monseñor ten o costume de dicir sempre que entren, e que, de por parte, mesmo no medio da noite – Deus me valla!- non fai falta pedir permiso...

Nese momento petaron na porta dun xeito bastante violento.

-Entre! –dixo o bispo.

III HEROISMO DA OBEDIENCIA PASIVA

Abriuse a porta.

Abriuse de socate, totalmente, como se alguén a puxara enerxicamente e con decisión.

Entrou un home.

Coñecémolo xa, ese home. É o viaxeiro que temos visto hai un momento errando na procura dun acubillo.

Entrou, deu un paso e detívose, deixando aberta detrás del a porta. Levaba o seu foleco ao lombo, o seu caxato na man e unha expresión ruda, ousada, cansa e violenta nos ollos. O lume da cheminea alumeábao. Era noxento. Era unha funesta aparición.

A señora Magloire non tivo mesmo forza para botar un berro. Arreguizou e ficou estantía.

A señorita Baptistine volveuse, dexergou o home que entraba e soergueuse coa sacudidela; despois, virando pouquiño a pouco a súa cabeza cara á cheminea, púxose a ollar o seu irmán e a súa face tornouse de novo acougada e serena.

O bispo fitaba o home cun ollar tranquilo.

Cando abriu a boca -sen dúbida para lle preguntar ao recién chegado o que desexaba, o home pousou as dúas mans ao tempo enriba do caxato, paseou os seus ollos sucesivamente sobre do vello e das mulleres e, sen agardar que o bispo falase, dixo con voz alta:

-Velaí. Chámome Jean Valjean. Son un galeote. Pasei dezanove anos nos traballos forzados. Estou libre dende hai catro días e vou camiño de Pontarlier, que é o meu destino. Catro días que levo andando dende Toulon. Hoxe fixen doce leguas a pé. Ao serán, en chegando a esta bisbarra, fun a unha pousada e expulsáronme por causa do meu pasaporte amarelo que ensinara no concello. Fora necesario. Fun a outra pousada e dixéronme "Vaite!". Nunha e mais na outra. Ninguén me quixo. Fun a prisión e o gardián non abriu. Fun ao caseto dun can e o can traboume e botoume igual que se el fose un home. Diríase que sabía quen eu era. Fun aos campos para me deitar ao raso das estrelas, e non había estrelas. Pensei que ía chover e non habería un bon Deus para impedir a chuvia, entón volví á vila para atopar nela o amparo dunha porta. Alí, na praza, íame deitar enriba dunha pedra. Unha boa muller amosoume a casa de vostedes e díxome: "Peta aí". E petei. Que é isto? Unha pousada? Teño cartos. A parte non retida do meu salario. Cento nove francos e medio que gañei no campo de traballo en dezanove anos. Vou pagar. Que me importa? Teño cartos. Estou moi canso, doce leguas a pé, e teño moita fame. Queren que quede?

- Señora Magloire, -dixo o bispo- poña outro cuberto.

O home deu tres pasos e se achegou ao candil que estaba enriba da mesa.

-Non -dixo como se non entendera ben as palabras do bispo- Non é iso. Escoitoume? Son un galeote. Un forzado. Veño das galeras.

Tirou do seu peto unha gran folla de papel amarelo, que despregou.

-Velaí o meu pasaporte⁵¹. Amarelo, como ven. Serve para que me boten de toda parte por onde vou. Quéreno ler? Eu sei ler. Aprendín no campo. Hai unha escola para os que queren. Teñan, velaí o que puxeron no meu pasaporte: Jean Valjean, forzado liberado, natural de... (isto a vostedes tanto lles ten)... permaneceu dezanove anos no campo de traballo. Cinco anos por roubo con danos, catorce por tentar de se evadir catro veces. Home moi perigoso.” Velaí! Todos me botaron fóra. Quérenme acoller, vostedes? E unha pousada? Quérenme dar comida e leito? Teñen unha cabalariza?

-Señora Magloire, –dixo o bispo- póñalle sabas limpas ao leito da alcoba.

Xa temos explicado de que natureza era a obediencia das dúas mulleres.

A señora Magloire saíu para cumprir as ordes. O bispo virouse cara ao home.

- Sente e quéntese, señor. Imos cear dentro dun momento, e vanlle facer o leito en canto que cea.

Aquí o home entendeu de a feito. A expresión da súa faciana, até entón sombriza e dura, impregnouse de estupefacción, de dúbida, de ledicia, e volveuse extraordinaria. Púxose a tatariñar como un tolo:

-De certo? O que? Acéptanme? Non me botan? Un forzado! Chámanme “señor” e non me din “ti”! Sempre me din “Vai de aí, can!”. Eu ben cría que me ían botar fóra. Por iso lles dixen decontadiño quen son. Ah! Foi ben boa a muller que me amosou a porta de vostedes! Vou cear! E un leito!. Un leito con colchón e sabas! Como todo o mundo! Están de acordo en que quede! Son persoas dignas. E mais teño diñeiro. Vou pagar todo. Perdón, señor pousadeiro, como lle chaman? Hei pagar todo o que queiran. É un home bo. É pousadeiro, non si?

- Son un crego que vive aquí- dixo o bispo.

- Un crego! –púxose o home- Entón non me pide cartos? O cura, non si? O cura desta igrexa grande? Ah, pois é certo, que parvo son! Non vira o seu casquetiño!

Ao tempo que falaba, pousara o seu foleco e o seu caxato nun recuncho e volvera gardar o seu pasaporte no peto e sentárase. A señorita Baptistine observábao manseliñamente. El seguiu:

- Vostede é humano, señor cura. Non despreza. É boa cousa nun cura. Daquela: non precisa que eu pague?

- Non, dixo o bispo- garde o seu diñeiro. Canto ten? Dixera cento nove francos, non?

- E medio –engadiu o home.

- Cento nove francos e medio. E que tempo lle levou gañalos?

- Dezanove anos.

- Dezanove anos!

O bispo suspirou profundamente.

O home proseguíu:

⁵¹ Ao seren liberados, os forzados recibían un pasaporte que tiñan a obriga de presentar na alcaldía de todas as vilas polas que pasaban, e cada oito días na alcaldía da vila onde ficaran. A este pasaporte alude tamén un ex-forzado no capítulo XXIII de “O derradeiro día dun condenado”.

- Aínda teño os meus cartos todos. Dende hai catro días non gastei senón medio franco que gañara axudando a descargar carros en Grasse. Como vostede é abade, voulle contar: nós tiñamos un capelán no campo de forzados; e un día vin un bispo, *monseñor* chámalle. Era o bispo de La Majore, en Marsella. O cura que está por riba dos curas. Perdón, vostede ben o sabe, fago mal en dicilo, mais para min aquilo está tan lonxe! Comprende? É que nós... Dixo a misa no medio do campo, nun altar. Levaba unha cousa bicuda, de ouro, enriba da cabeza. Á luz do mediodía brillaba toda. Nós estabamos en fileira. Dos tres lados. Cos canóns coa mecha acesa, fronte a nós. Non viamos ben. Falou, mais estaba moi ao fondo, nós non ouviamos. Velaí o que é un bispo.

Namentras el falaba, o bispo fora apuxar a porta que ficara toda aberta.

Volveu a señora Magloire. Traía un cuberto que puxo enriba da mesa.

- Señora Magloire, -dixo o bispo- poña o servizo o máis perto do lume que se poida.

E virándose cara ao seu hóspede:

- O vento é duro nos Alpes. Debe ter frío, señor.

Cada vez que el dicía a palabra *señor*, coa súa voz lenemente grave e de tan boa compañía, a face do home iluminábase. *Señor* para un forzado é un vaso de auga para un náufrago da Medusa⁵². A ignominia ten sede de consideración.

- Velaí un candil que alumea ben pouco.

A señora Magloire entendeu e foi buscar enriba da cheminea do cuarto de dormir de monseñor os dous candeiros de prata e pousounos acesos sobre da mesa.

- Señor cura, -dixo o home- vostede é bó. Non me despreza. Acólleme na súa casa e acende candeas para min. E mais eu non lle agachei de onde veño e que son un malpocado.

O bispo, sentado cabo del, tocoulle dondamente a man.

- Podía non me dicir quen era. Esta non é a miña casa, é a casa de Xesucristo. Esta porta non lle pregunta a quen entra se ten un nome, senón se ten unha dor. Vostede sofre; ten fame e sede, benchegado sexa. E non mo agradeza a min, non me diga que eu o acollo na miña casa. Ninguén está aquí na súa casa, non sendo o que precisa un asilo. Dígollo a vostede, que está de paso: vostede, aquí, está máis na súa casa do que eu propio. Todo o que aquí hai é de vostede. Para qué vou eu precisar saber o seu nome? E de por parte, antes de mo dicir, xa tiña vostede un que eu sabía.

O home abriu uns allos asombrados.

- De certo? Sabía como me chamo?

- Si -respondeu o bispo- Chámase *meu irmán*.

- Ai, señor cura! -exclamou o home- Tiña moita fame cando entrei aquí, mais é tan bó que agora xa non sei o que teño: pasoume.

O bispo mirou para el e díxolle:

⁵² Alusión ao naufraxio da fragata *Méduse*, que naufragou en 1816. Perto de cento cincuenta persoas deron subido nunha balsa ategada e rudimentaria e só quince se mantiñan cando foron rescatados. O pintor Géricault pintou en 1818-19 un cadro, *A balsa da Médusa*, que se fixo célebre.

- Sufriu moito?

- Abofé! A chupa vermella, o bolón no pé, unha táboa para durmir, a calor, a friaxe, o traballo, os gardaforzados, os fungueirazos! A cadea dobre por nada. Por unha palabra, a cela. Mesmo doente, encadeado ao leito. Os cans, os cans son máis felices! Dezanove anos! E teño corente e sete. Arestora, o pasaporte amarelo. Velaí.

- Si –proseguíu o bispo- sae dun lugar de tristura. Escoite. Haberá máis ledicia no ceo pola face en bágoas dun pecador arrepentido que polo vestido branco de cen xustos. Se sae dese lugar doroso con pensamentos de xenreira e de carraxe contra os homes, é vostede digno de piedade, se sae del con pensamentos de benquerenza, de dozura e de paz, vale máis do que ningún de nós.

No entanto, a señora Magloire servira a cea. Unha sopa feita con auga, aceite, pan e mais sal, un pouco de touciño, un anaco de carne de carneiro, figos, un queixo fresco e un gran pan de centeo. Pola súa conta engadira ao ordinario do bispo unha botella de viño vello de Mauves.

A faciana do bispo tomou de súpeto esa expresión leda propia da xente hospitalaria por natureza.

-Á mesa – dixo animadamente.

Como tiña por costume cando un estraño ceaba con el, fixo sentar o home á súa dereita. A señorita Baptistine, perfectamente tranquila e natural, colocouse á súa esquerda.

O bispo dixo o *Benedicite*⁵³ e despois serviu a sopa el mesmo, segundo o seu costume. O home púxose a comer avidamente.

De súpeto, o bispo dixo:

- Paréceme que falta algo nesta mesa.

Efectivamente, a señora Magloire só puxera os tres cubertos absolutamente necesarios. Ora ben. O hábito da casa, cando o bispo tiña alguén a cear, era dispor enriba do mantel os seis cubertos de prata, inocente ostentación. Esa pavera aparencia de luxo era unha sorte de infantilismo chea de encanto nesta casa maina e severa que elevaba a pobreza até á dignidade.

A señora Magloire entendeu a observación, saíu sen dar unha fala, e un momentíño despois os tres cubertos reclamados polo bispo brillaban enriba do mantel, simetricamente colocados diante de cada un dos tres comensais.

⁵³ Oración pedíndolle a Deus a benzón dos alimentos.

IV DETALLES SOBRE AS QUEIXEIRAS DE PONTARLIER

Agora, para dar unha idea do que se pasou nesa mesa, non saberíamos facer cousa mellor que transcribir aquí un anaco dunha carta da señorita Baptistine á señora de Boischevron no que conta cunha inxel minuciosidade a conversa do forzado e do bispo:

“Aquel home non lle prestaba atención a ninguén. Comía coa voracidade dun esfameado. Porén, despois da sopa, dixo:

- Señor cura do bon Deus, todo esto aínda é bo de máis para min, mais teño que dicir que os carreiros que non quixeron deixarme cear con eles comen ben mellor do ca vostede.

Entre nós, a observación chocoume un pouco. Meu irmán respondeulle:

*- Tamén cansan máis do ca min.
- Non -retrucou o home- teñen máis cartos. Vostede é pobre, ben o vexo. Se cadra nin é cura. Éo? Ai, ho, se o bon Deus fose xusto tería vostede que ser cura.
-O bon Deus é máis que xusto -dixo meu irmán.*

Un momento despois engadíu:

*- Señor Jean Valjean: vai, daquela, a Pontarlier?
- Cun itinerario obrigado.*

Penso que foi así como dixo o home. Logo seguíu:

-Cómpre que mañá ao arraiar estea en camiño. É duro viaxar. Se as noites son frías, os días son quentes,

- Vai a unha boa terra -continuou meu irmán- Cando da Revolución, a miña familia arruinouse e eu refuxieime no Franco-Condado nun primeiro momento, Alá vivín algún tempo do traballo dos meus brazos. Eu tiña boa vontade e atopei ocupación. Non hai senón que escoller. Hai papeleiras, curtumes, destilarías, aceiteiras, fábricas dunha importante produción de reloxos, fábricas de aceiro, de cobre, un mínimo de vinte fábricas de ferro -das que catro están en Lods, Châtillon. Audincourt e mais Beure e son considerabeis...

Creo que non me engano e que son ben eses os nomes que citou meu irmán, despois interrompeuse e dirixiume a palabra:

- Querida irmá: non temos nós parentes naquela bisbarra?

Eu respondílle:

- Tiñamos; entre outros o señor de Lucenet, que era capitán das portas en Pontarlier no Antigo Réxime.

-Si -continuou meu irmán. Mais no 93 xa non tiñamos parentes, tiñamos só os nosos brazos. Traballei. Na bisbarra de Pontarlier á que vai, señor Valjean, teñen unha industria -moi patriarcal e encantadora, miña irmá. Son as súas queixeiras, que eles chaman froiteiras.

Entón meu irmán, ao tempo que lle daba de comer a aquel home, explicoulle con todo detalle o que eran as froiteiras de Pontarlier -das que se distinguían dous tipos: as granxas

grossas, que son dos ricos e onde hai corenta ou cincuenta vacas que producen sete ou oito mil queixos por verán; e mais as froiteiras de asociación, que son dos pobres; labregos da montaña media que poñen en común as súas vacas e partillan os produtos, correndo entre todos co gasto dun queixeiro ao que chaman o grurin, quen recibe o leite dos asociados tres veces por día e marca as cantidades cunha entalla dobre nun pau. Contra a fin de abril comeza o traballo das queixeiras e contra mediados de xuño os queixeiros levan as súas vacas ao monte.

O home ía collendo azos ao comer. Meu irmán dáballo de beber ese viño tan bo de Mauves, que pola súa banda el non bebe pois di que é caro. Meu irmán contáballo todos eses detalles coa ledicia doada que lle coñecesdes, mesturando as súa falas de xeito gracioso para min. Volveu moito sobre esa boa condición do grurin, como se desexase que o home entendese –sen llo aconsellar directamente e bruscamente- que había ser un abeiro para el. Sorprendeume unha cousa: ese home era o que vos dixen; pois ben, meu irmán nin na cea nin no serán todo –non sendo algunhas palabras sobre Xesús cando aquel entrou- dixo cousa ningunha que puidese lembrarlle a ese home quen el era nin darlle a saber quen era meu irmán. Aparentemente, era de certo unha ocasión para dar un sermonciño e realzar o bispo diante do forzado deixando a pegada do seu paso. A outro se cadra lle tería parecido que o que acaía era –ao ter este malfadado a man- alimentarlle a alma ao tempo que o corpo e facerlle algún reproche adubado con moral e consellos, ou ben unha pouquiña conmiseración coa exhortación a se portar ben no futuro. Meu irmán nin mesmo lle preguntou de que bisbarra era, nin a súa historia. Porque na súa historia está a súa falta, e meu irmán semellaba evitar todo o que podía facerllo lembrar. Até o punto que, nun momento determinado, cando meu irmán lle falaba dos montañeses de Pontarlier que teñen un traballo lene rentes do ceo e que –engadí- son felices porque son inocentes, parou de socate, por medo a que nesa palabra que lle escapaba houbera algo que puidese ferir o home. A poder de reflexionar no asunto, coído ter entendido o que acontecía no corazón de meu irmán. Sen dúbida pensaba que aquel home, chamado Jean Valjean, tiña a súa miseria presente de máis no sentido, que o mellor era desvialo dela e facerlle crer –aínda que fose só un momento- que era unha persoa como as outras ao ser para el totalmente ordinario. Seica non é iso, de certo, entender ben a caridade? Non hai, miña boa señora, algo verdadeiramente evanxélico nesa delicadeza que se abstén do sermón, da moral e da mellor piedade, cando un home ten un punto de dor, non tocando nel en absoluto? Pareceume que tal podía ser o pensamento interno de meu irmán. En todo caso, o que eu podo dicir é que se el tivo todas esas ideas, non as fixo notar nin res, mesmo a min; foi, de cabo a cabo, o mesmo home de todos os días e ceou con ese Jean Valjean cos mesmos modos e maneiras que co señor Gédeon, o preboste, ou co señor cura da parroquia.

Contra o final, cando estabamos nos figos, petaron á porta. Era a señora Gerbaud co seu pequeno no colo. Meu irmán deulle un bico na testa ao meniño e pedíume empréstados uns patacos que eu tiña para llos dar á señora Gerbaud. O home, entrementres, non estaba moi atento. Non falaba máis nada e semellaba moi canso. Des que a señora marchou, meu irmán deu as grazas pola comida e despois virouse cara ao home e díxolle: “Debedes necesitar ben o leite”. A señora Magloire recolleu os pratos axiña. Eu entendín que compría retirarnos para deixar durmir aquel viaxeiro e as dúas subimos. Porén, enviei un momentíño despois a señora Magloire levarlle ao leite dese home unha pel de corzo da Selva Negra que está no meu cuarto. As noites son glaciais e esa pel mantén quentiño. Mágoa que esta vella e lle caia o pelo todo. Meu irmán mercouna cando estaba na Alemaña, en Tottlingen, perto do nacedoiro do Danubio, igual que o coiteliño de mango de nacre que eu utilizo na mesa.

A señora Magloire subiu de novo axiña, puxémonos a rezarlle a Deus no salón onde tendemos a roupa branca e logo fúmonos cada unha para o noso cuarto sen nos dicirmos cousa ningunha.”

V TRANQUILIDADE

Despois de lle ter dado a boa noite á súa irmá, monseñor Bienvenu colleu de riba da mesa un dos candelabros de prata, deulle o outro ao seu hóspede e díxolle:

- Señor, vouvos levar ao voso cuarto

O home seguiu.

Como se puido observar no que quedou dito xa, a morada estaba distribuída de tal xeito que, para pasar ao oratorio onde estaba a alcoba -ou para saír del- cumpría atravesar o dormitorio do bispo.

No instante en que eles atravesaban ese cuarto, a señora Magloire estaba gardando os cubertos de prata no armariño que estaba á cabeceira do leito. Era o derradeiro cometido que facía cada noite antes de se ir deitar.

O bispo instalou o seu hóspede na alcoba. Alá estaba preparado un leito branco e fresco. O home pousou o candelabro enriba dunha mesa.

- Ben -dixo o bispo- que teña unha boa noite. Mañá pola mañá, antes de se pór en marcha, vai beber unha cunca de leite quentiño das nosas vacas.

- Grazas, señor abade -dixo o home.

Apenas pronunciara el esas palabras cheas de paz, tivo un movemento estraño que tería xado de medo as dúas santas mulleres se tivesen sido testemuña del. Hoxe mesmo énos difícil decatarnos de que era o que o apuxaba nese instante. Quería dar unha advertencia ou lanzar unha ameaza? Obedecía sinxelamente a unha sorte de impulso instintivo e escuro para el propio? Virouse de súpeto cara ao velliño, cruzou os brazos e, chantando no seu hospedador unha ollada salvaxe, exclamou con voz rouca:

- Ai, ho! Abofé! Alóxame así na súa casa tan pertiño de vostede!

Interrompeuse e engadiu cunha risada na que había algo monstruoso:

- Pensouno moi ben? Quen lle di que eu non son un asasino?

O bispo levantou a vista cara ao teito e respondeu:

- Iso é cousa do bon Deus.

Logo, gravemente e movendo os beizos como alguén que reza ou que fala consigo mesmo, ergueu os dous dedos da súa man dereita e bendiciu o home, que non se abaixou, e, sen volver a cabeza nin ollar atrás súa, entrou no seu cuarto.

Cando na alcoba había un convidado, un cortinón de sarga, tirado de banda a banda no oratorio, agachaba o altar. O bispo axeonllouse ao pasar diante desta cortina e fixo unha pequena oración.

Un momento despois estaba na súa horta a camiñar, soñar e contemplar; coa alma e o pensamento enteiriños nesas grandes cousas misteriosas que Deus amosa pola noite aos ollos que permanecen abertos.

Tocante ao home, estaba el de certo tan canso que nin mesmo aproveitara esas boas sabas brancas. Apagara a súa candeia soprando coas ventas do nariz, ao xeito dos forzados, e deixárase caír vestido enriba do leito, onde adormecera profundamente.

Daba a medianoite cando o bispo regresaba do horto ao seu apousento.

Uns minutos máis tarde, todo durmía na casiña.

VI JEAN VALJEAN

Alá pola metade da noite Jean Valjean espertou.

Jean Valjean era dunha familia labrega pobre de Brie. De neno non aprendera a ler. Cando tivo a idade de home era podador de árbores en Faverolles. A súa nai chamábase Jeanne Mathieu e seu pai Jean Valjean ou Vlajean, probábel alcuño e contracción de *Voilà Jean*.

Jean Valjean era de carácter caviloso sen ser triste, o que é propio das naturezas afectuosas. Con todo, en suma, era un algo adurmiñado e bastante insignificante, aparentemente cando menos, este Jean Valjean. Perdera de meniño seu pai e súa nai. Súa nai morrera a causa dunha febre de leite⁵⁴ mal curada. Seu pai, podador coma el, morrera ao caír dunha árbore. Non lle quedara a Jean Valjean máis que unha irmá, máis vella ca el, viúva, con sete fillos, rapazas e rapaces. Esa irmá criara Jean Valjean, e, en tanto que ela tivo o seu marido, aloxou e alimentou o seu irmán pequeno. O marido morreu. O máis vello dos fillos tiña oito anos e o máis novo un. Jean Valjean acababa de cumprir os seus vintecinco anos. Substituíu a seu pai e mantivo á súa vez a irmá que o criara. A cousa fíxose con sinxeleza, como un deber, mesmo cunha miga de rudeza por parte de Jean Valjean. A súa mocidade gastábase así nun traballo árdigo e mal pago. Endexamáis lle coñeceron na bisbarra unha “boa amiga”. Non tivera o tempo de estar namorado.

Polo serán regresaba canso e tomaba a sopa sen dar unha fala. A súa irmá, Jeanne, entrementes el comía, pilláballe a miúdo na súa cunca o mellor da cea, o anaco de carne, a tallada de touciño, o carozo de verza, para llo dar a algún dos seus fillos, e el, seguindo a comer, debruzado enriba da mesa, coa cabeza case na sopa, as guedellas a lle caír de arredor da cunca e a lle tapar os ollos, facía coma quen non vía nada, e deixaba facer. Había en Faverolles, non lonxe da cabana dos Valjean, do outro lado da ruína, unha granxeira chamada Marie-Claude; os rapaces Valjean, de adoito esfameados, ían ás veces pedirlle en nome de súa nai unha cántara de leite a Marie-Claude que bebían detrás dunha sebe ou nalgún recantiño, arrancándose o xerro e tan ás carreiras que as cativiñas enlarafouzaban o fociño e o mandil. A nai, de saber esta falcatrúa, tería castigado os delincuentes. Jean Valjean, esguiro e roñón, pagáballe a cántara de leite a Marie Claude ás costas da nai e os nenos salvábanse do castigo.

No tempo da poda gañaba un franco e cuarto por día, e despois alugábase como segador, como peón, como vaqueiro ou como mozo de corda. Facía o que podía. A súa irmá traballaba tamén, mais: que facer con sete fillos pequenos? Era un triste feixe que a miseria embrullou e apertou pouquiño a pouco. E aconteceu que veu un inverno moi duro. Jean non tivo traballo. A familia non tivo pan. Non tivo pan. Literalmente. Sete crianzas.

Un domingo polo serán Maubert Isabeau, panadeiro na praza da igrexa, en Faverolles, dispúñase a deitarse cando sentiu un golpe violento na dianteira enreixada e acristalada do seu establecemento. Chegou a tempo para ver un brazo pasado ao través dun buraco feito por unha puñada na reixa e no cristal. O brazo pillou un pan e levouno. Isabeau saíu a présa, o ladrón fuxía ás alancadas. Isabeau correu atrás del e o detivo. O ladrón tirara co pan, mais aínda tiña o brazo ensanguentado. Era Jean Valjean.

Isto ocorría en 1785. Jean Valjean foi levado ante os tribunais da época “por roubo con nocturnidade e danos en domicilio habitado”. Tiña un fusil que manexaba mellor que

⁵⁴ Febre ou infección puerperal.

ningún tirador do mundo, era algo cazador furtivo, o que o prexudicou. Hai contra dos furtivos un prexuízo lexítimo. O furtivo, o mesmo que o contrabandista, achégase moito ao bandido. E mais –digámolo de paso- aínda existe un abismo entre estas razas de homes e o noxento asasino das cidades. O furtivo vive no bosque, o contrabandista no monte ou no mar. As cidades fan homes feroces porque son homes corrompidos. A montaña, o mar, o bosque, fan homes salvaxes. Desenvolven o lado fero, mais a miúdo sen destruíren o lado humano.

Jean Valjean foi declarado culpábel. As disposicións do código eran taxativas. Hai na nosa civilización horas temibeis, son os momentos nos que a penalidade pronuncia un naufraxio. Que minuto tan fúnebre aquel no que a sociedade se afasta e consoma o irreparábel abandono dun ser pensante! Jean Valjean foi condenado a cinco anos de galeras.

O 22 de abril de 1796, pegoouse en París a vitoria de Montenotte obtida polo xeneral en xefe do exército de Italia, que a mensaxe do 2 de floreal do ano IV, do Directorio aos Cincocentos, chama Buona-Parte. Ese mesmo día foi ferrada unha cadea en Bicêtre. Jean Valjean formou parte desa cadea. Un antigo gardián da prisión, que ten agora perto de noventa anos, lémbrese aínda perfectamente daquel malfadado que foi ferrado na extremidade da cuarta corda no ángulo norte do patio. Estaba sentado no chan como os outros todos. Parecía non entender nada da súa postura, non sendo que era horribel. É probábel que dexergase tamén, ao través das vagas ideas dun pobre home totalmente ignorante, que había un exceso. Entrementres que encaravillaban a grandes marteladas detrás da súa cabeza o bolón da súa canga, choraba, as bágoas o afogaban, impedíanlle falar, e só de cando en cando daba dito: *Era podador en Faverolles*. Despois, seguindo a saloucar, levantaba a súa man dereita e abaixábaa gradualmente sete veces como se tocasse sucesivamente sete testas desiguais, e con este aceno adiviñábase que aquela cousa que fixera, fixéraa para vestir e alimentar sete crianzas⁵⁵.

Partiu para Toulon. Chegou despois dunha viaxe de vinteseite días, enriba dunha carreta, coa cadea ao pescozo. En Toulon puxéronlle a chupa vermella. Todo o que fora a súa vida borrouse, mesmo o seu nome; xa non foi máis Jean Valjean: foi o número 24601. Que foi da súa irmá? Que foi dos sete rapaces? Quen se ocupa diso? Que é do puñado de follas da arboriña serrada polo pé?

Sempre a mesma historia. Eses pobres seres vivos, esas criaturas de Deus, en diante sen apoio, sen guía, sen abeiro, marcharon ao chou, quen sabe de certo? Cada un pola súa banda, se cadra, e afundíronse pouco a pouco nesa fría brétema onde se mergullan os destinos solitarios, soturnas tebras polas que desaparecen sucesivamente tantas testas infortunadas na sombría camiñada do xénero humano. Abandonaron a súa terriña. O campanario do que fora a súa aldea esqueceuse deles, o marco do que fora a súa leira esqueceuse deles, e, despois dalgúns anos no campo de forzados, tamén Jean Valjean se esqueceu deles. Nese corazón no que houbera unha ferida, houbo unha cicatriz. Velaí todo. Apenas, en todo o tempo que pasou en Toulon, sentiu falar da súa irmá unha vez só. Era, paréceme, contra o final do cuarto ano do seu cativerio. Non sei por que camiño lle chegou esa información. Alguén que os coñecera na súa bisbarra vira a súa irmá. Estaba en París. Vivía nunha rúa pobre perto de Saint-Sulpice, a rue Geindre. Non tiña máis que un rapaz, un meniño, o derradeiro. Onde estaban os seis outros? Se cadra nin ela mesmo o sabía. Todas as mañás ía a unha imprenta no número 3 da rue Sabot, onde era dobradora e encadernadora. Cumpría estar alá ás seis da mañá, moito antes do día no inverno. Diante da casa da imprenta había unha escola e ela levaba a esa escola o seu fillo que tiña sete

⁵⁵ Victor Hugo describira xa de xeito pomenorizado no seu libro *O derradeiro día dun condenado* (1829) a ferraxe e a partida dos forzados dende a prisión de Bicêtre ao porto de Toulon para os levaren ás galeras.

anos. Só que, como ela entraba na imprenta ás seis e a escola non abría até as sete, cumpría que o neno agardase no patio a que a escola abrise, unha hora; no inverno, unha hora de noite, á intemperie. Non querían que o neno entrase na imprenta, porque molestaba, dicían. Os obreiros vían pola mañá, ao pasaren, o pobre pequeno sentado na lousa do chan, caíndo co sono, e a miúdo durmido na sombra, encrequenado e dobrado enriba do seu cestiño. Cando chovía, unha vella, a porteira, doíase del; acollíao no seu tobo, onde non había máis que un catre, unha roca e dúas cadeiras de madeira, e o neno durmía alá, nun recuncho, arreconchegándose contra o gato para ter menos frío. Ás sete a escola abría e el entraba. Velaí o que lle dixeron a Jean Valjean. Con iso distraérono un día. Foi como un alustre, como unha fiestra aberta de súpeto sobre o destino destes seres que el amara, despois pechouse todo de volta; máis nunca volveu sentir falar deles e foi para endexamáis. Nada volveu saber deles: xamais os volveu ver, xamais os volveu encontrar, e na continuación desta dorosa historia non os habemos volver atopar.

Contra finais deste cuarto ano chegoulle a vez da evasión a Jean Valjean. Os seus compañeiros axudárono como se fai neste triste lugar. Escapou. Andivo errante dous días en liberdade polos agros, se é que libre é ser acosado, virar a cabeza a cada momento, arreguizarse co menor ruído, ter medo de todo, do tellado que fumea, do home que pasa, do can que ladra, do cabalo que galopa, da hora que dá, do día porque se ve, da noite porque non se ve, da estrada, do vieiro, da matogueira, do sono. No segundo día, polo serán, pillárono. Non comera nin durmira dende había trinta e seis horas. O tribunal marítimo condenouno por este delito a unha prolongación de tres anos, o que lle totalizou oito. O sexto ano chegoulle de novo a vez de se evadir, utilizouna mais non deu consumado a fuga. Faltara á chamada. Dispararon o canonazo e pola noite a xente da ronda atopouno agachado baixo a quilla dun navío en construción; resistiuse aos garda-forzados que o prenderon. Evasión e rebelión. Este feito previsto no código penal foi castigado cunha agravación de cinco anos, dos que dous anos con cadea dobre. Trece anos. O décimo ano volveulle tocar a vez e volveu aproveitar. Non lle saíu mellor. Tres anos por esta nova tentativa. Dezaseis anos. Finalmente, creo, foi durante o decimoterceiro ano cando el intentou por derradeira vez e non conseguiu senón facerse pillar tras catro horas de ausencia. Tres anos por estas catro horas. Dezanove anos. En outubro de 1815 foi liberado; entrara alá en 1796 por ter rompido un cristal e collido un pan.

Espazo para unha corta paréntese. É a segunda vez que, nos estudos sobre a cuestión penal e sobre a condenación pola lei, o autor deste libro atopa o roubo dun pan como punto de partida do desastre dun destino. Claude Gueux roubara un pan⁵⁶. Unha estatística inglesa constata que en Londres catro roubos de cinco teñen por causa inmediata a fame.

Jean Valjean entrara no campo de forzados saloucando e tremelicando, saíu del impasíbel. Entrara desesperado, saíu del sombrío

Que pasara nesta alma?

⁵⁶ En 1834 Victor Hugo publicara a historia de Claude Gueux, o relato dun personaxe real, obreiro sen traballo que rouba para dar de comer á súa familia e acabará na guillotina.

VII O INTERIOR DO DESESPERO

Intentemos dicilo.

Cómpre que a sociedade mire estas cousas pois que é ela quen as fai.

Era -xa o dixemos- un ignorante, mais non era un parvo. A luz natural alumeaba nel. O malfado, que tamén ten a súa claridade, fixo medrar o escaso día que se atopaba nesa mente. Baixo o pau, baixo a cadea, no calabozo, na canseira, baixo o sol queimante do campo, sobre do leito de táboas dos forzados, repregouse na súa conciencia e reflexionou.

Constituíuse en tribunal.

Comezou por se xulgar el mesmo.

Recoñeceu que non era un inocente inxustamente castigado. Confesouse que cometera unha acción extrema e criticábel, que se cadra non lle terían negado ese pan se o tivese pedido, que en todo caso mellor fora esperalo -quer da conmiseración quer do traballo-, que non é exactamente unha razón sen réplica dicir *Pódese agardar cando se ten fame?* Que en primeiro lugar é moi raro que se morra literalmente de fame, que a maiores -para ben ou para mal- o home está feito de maneira a poder sufrir moito e durante moito tempo -moralmente e fisicamente- sen morrer, que cumpría- logo- paciencia, que tería sido mellor para estes pobres meniños, que era un acto de tolemia por parte del -malpocado home cativo- coller violentamente polo colariño a sociedade enteira e imaxinar saír da miseria a través do roubo, que era en todo caso unha porta enganada para saír da miseria aquela pola que se entra na infamia; en fin, que cometera un erro.

Despois preguntouse:

Se el era o único en cometer un erro nesta fatal historia. Se, de primeiras, non era unha cousa grave que a el, traballador sen traballo, a el, traballador laborioso, lle tivese faltado o pan. Se, a máis diso, cometida e confesada a falta, o castigo non tería sido feroz e desmedido. Se non había por parte da lei na pena máis abuso do que houbera por parte do culpábel na falta. Se non había exceso de peso nun dos pratos da balanza, o da expiación. Se a sobrecarga da pena non borraba o delito e chegaba ao resultado de revirar a situación, de substituír a falta do delincuente pola falta da represión, de facer do culpábel a vítima e do debedor o acreedor, e de poñer definitivamente o dereito do lado do mesmo que o violara. Se esta pena, complicada coas agravacións sucesivas polas tentativas de evasión, non acababa por ser unha sorte de atentado do máis forte contra o máis feble, un crime da sociedade contra o individuo, un crime que comezaba de novo cada día, un crime que duraba dezanove anos.

Preguntouse se a sociedade humana podía ter dereito a facer sufrir por igual aos seus membros -nun caso a súa imprevisión irrazoábel e no outro caso a súa previsión implacábel- e a apoderarse para sempre dun pobre home entre un defecto e un exceso, defecto de traballo e exceso de castigo. Se non era desorbitado que a sociedade tratase así precisamente os seus membros máis mal dotados no reparto dos bens que fai o azar, e que en consecuencia son os máis dignos de consideración.

Feitas e resoltas estas preguntas, xulgou a sociedade e condenouna.

Condenouna sen xenreira.

Fíxoa responsábel da sorte que sufría, e díxose que non vacilaría se cadra en lle pedir contas un día. Declarouse a el mesmo que non había equilibrio entre o dano que causara e o dano que lle estaban a causar. E concluíu, finalmente, que o seu castigo non era verdadeiramente unha inxustiza, senón que era, con toda certeza, unha iniquidade.

A carraxe pode ser tola e absurda, pódese estar irritado enganadamente, indignado estase só cando se ten razón no fondo por algún lado. Jean Valjean sentíase indignado.

E, por outra banda, a sociedade humana non lle fixera senón mal. Endexamáis el lle vira senón o rostro colérico que ela chama a súa xustiza e lles amosa a aqueles nos que bate. Os homes tocáranos só para o ferir. Todo contacto con eles fora unha pancada. Endexamáis, dende a súa infancia, dende a súa nai, dende a súa irmá, endexamáis atopara unha fala amiga e unha ollada agarimosa. De sufrimento en sufrimento chegou devagariño á convicción de que a vida era unha guerra, e que nesa guerra el era o vencido. Non tiña outra arma senón a súa xenreira. Decidiu afiala estando preso e levala con el ao se ir.

Había en Toulon unha escola para os forzados levada por irmáns ignorantíños⁵⁷ na que lles aprendían o máis necesario aos malfadados que tiñan boa vontade. El estivo entre os homes de boa vontade. Foi á escola aos corenta anos, aprendeu a ler, a escribir e a contar. Sentiu que enfortecer a súa intelixencia era enfortecer a súa xenreira. En certos casos, a instrución e a luz poden servirle de prolongación ao mal.

Dá tristura dicilo: despois de ter xulgado a sociedade que causara o seu infortunio, xulgou a providencia que creara a sociedade.

Condenouna tamén.

Así, durante estes dezanove anos de tortura e de escravitude esa alma subiu e caíu ao mesmo tempo. Por unha banda entrou luz nela e pola outra tebras.

Jean Valjean non era -xa o vimos- de natureza má. Aínda era bo cando chegou ao campo. Alá condenou a sociedade e sentiu que se volvía ruín, alá condenou a providencia e sentiu que se volvía impío.

Resulta aquí difícil non meditar un momento.

Seica a natureza humana se transforma así de punta a couce e de vez? Seica o home creado bo por Deus pode ser feito malvado polo home? Pode a alma ser refeita enteira polo destino e volveuse ruín, ao ser ruín o destino? Pode o corazón volveuse deforme e contraír feezas e enfermidades incurabeis baixo a presión dun infortunio desproporcionado, como a columna vertebral so unha bóveda demasiado baixa? Seica non hai en toda alma humana, seica non había na alma de Jean Valjean en particular, unha primeira muxica, un elemento divino, incorruptíbel neste mundo, inmortal no outro, que o ben pode desenvolver, atear, acender, inflamar e facer raiolar espléndidamente, e que o mal non pode nunca apagar?

Cuestións graves e escuras, á última das cales todo fisiólogo tería probabelmente respondido “non” sen dubidar, se tivese visto en Toulon -nas horas de repouso que eran para Jean Valjean horas de soño, sentado, brazos cruzados, enriba da barra dalgún cabrestante, co extremo da súa cadea afundido no seu peto para lle impedir andar dun

⁵⁷ Denominación que se daba aos membros da congregación hospitalaria de San Xoán de Deus e mais aos da congregación dos irmáns das Escolas Cristianas.

sitio a outro- ese galeote soturno, serio, silandeiro e caviloso, paria das leis mirando con carraxe o home, condenado pola civilización mirando o ceo con severidade.

De certo – e non queremos disimulalo- o fisiólogo observador tería visto aí unha miseria irremediábel, teríase se cadra doído deste sufridor da lei, mais non tería mesmo intentado fornecérlle un tratamento; tería afastado a vista das cavernas albiscadas nesa alma e, como Dante na porta do Inferno, tería borrado desa existencia a palabra que o dedo de Deus escribe, porén, na fronte de cada home: *Esperanza*.

Ese estado da súa alma que vimos de tentar analizar: seica era tan perfectamente claro para Jean Valjean como nós intentamos facelo para os que nos len? Vía Jean Valjean nidiamente, despois da formación deles (e víraos nidiamente a medida que se ían formando) os elementos todos dos que se compuña a súa miseria moral? Ese home esguiro e iletrado: decatárase claramente da sucesión de ideas pola que, chanzo a chanzo, subira e baixara deica os máis lúgubres aspectos que, dende había tantos anos xa, constituían o horizonte interior do seu espírito? Tiña ben conciencia de todo o que acontecera nel e de todo o que alá se remexía? Non nos atreveríamos a dicilo, non o cremos, mesmo. Había ignorancia de máis en Jean Valjean para que, mesmo despois de tanta desgraza, non ficase moita vaguidade. Por momentos non sabía mesmo moi ao xusto o que el experimentaba. Jean Valjean estaba nas tebras, sufría nas tebras, odiaba as tebras, poderíase dicir que odiaba o que estaba diante súa. Vivía de adoito nesta escuridade, andaba ás atoutiñadas como un cego e un soñador. Só a intervalos lle viña de súpeto –del mesmo ou de fóra- un abalo de carraxe, unha medra de sufrimento, un pálido e rápido lóstrego que alumeaba a súa alma toda e facía bruscamente aparecer por toda parte arredor del, por diante e por tras, nos resplandores dunha luz horrenda, os noxentos precipicios e as sombrías perspectivas do seu destino.

Pasado o lóstrego, volvía caír a noite, e el xa non sabía onde estaba.

O propio das penas desta natureza, nas que domina o que é implacábel, é dicir o que hai de embrutecedor, é o transformar devagariño, ao través dunha sorte de transfiguración estúpida, un home nun animal salvaxe. Ás veces nun animal feroz. As tentativas de evasión de Jean Valjean, sucesivas e testudas, serían abondo para probar ese estraño traballo feito pola lei sobre da alma humana. Jean Valjean tería repetido esas tentativas, tan perfectamente inútiles e tolas, tantas veces como a ocasión se presentase, sen pensar un momentíño no resultado nin nas experiencias xa realizadas. Escapábase impetuosamente como o lobo que atopa a gaiola aberta. O instinto dicíalle: *Foxe!* A razón teríalle dito: *Queda!* Mais diante dunha tentación tan violenta, a razón desaparecera, non ficaba máis que o instinto. Só operaba o animal. Cando o capturaban outra vez, as novas severidades que lle inflixían só servían para acerriquitálo máis.

Un detalle que non debemos omitir era que tiña unha forza física á que non se achegaba ningún dos habitantes do campo. No traballo duro, para largar un cabo, para virar un cabrestante, Jean Valjean valía por catro homes. Levantaba e sostíña por veces enormes pesos co lombo, e chegada a ocasión el facía de substituto do instrumento chamado *alzaprema* que antes era chamado *orgullo* e do que -dito sexa de paso- tomou o nome unha rúa de París perto do mercado⁵⁸. Os seus compañeiros chamábanlle *Alzaprema*. Dunha vez, cando reparaban o balcón do concello de Toulon, unha das admirabeis cariátides de Puget que sosteñen este balcón despegouse e houbo caír. Jean Valjean, que se atopaba alá, termou da cariátide co ombreiro e deu tempo a que os obreiros chegasen.

⁵⁸ Victor Hugo cita expresamente no texto a rue Montorgueil.

A súa axilidade superaba aínda o seu vigor. Certos forzados, que soñan perpetuamente coa evasión, acaban por facer da forza e da destreza combinadas unha verdadeira ciencia. É a ciencia dos músculos. Os presos, eses eternos envexosos das moscas e dos paxaros, practican acotío toda unha misteriosa estática. Gabear por unha vertical e atopar puntos de apoio onde apenas se ve un saínte resultaba un xogo para Jean Valjean. Dado un ángulo de parede, coa tensión do lombo e das sofraxes, cos cóbados e os calcaños encaixados nas asperezas da pedra, empolicábase como por arte de maxia a un terceiro andar. Por veces subía así deica o teito do campo de forzados.

Falaba pouco. Non ría. Cumpría algunha emoción extrema para lle arrancar, unha ou dúas veces no ano, ese lúgubre rir do galeote que é como un eco do rir do demo. Ao velo, semellaba ocupado en ollar de contino algo terríbel.

Estaba efectivamente absorbido.

Ao través das percepcións doentías dunha natureza incompleta e dunha intelixencia cangada, sentía confusamente que unha cousa monstruosa estaba enriba del. Nesa penumbra escura e borrallenta pola que agatuñaba, cada vez que reviraba o pescozo e que tentaba de levantar a ollada, vía, cun estarrecemento mesturado con rabia, construírse, gañar alturas e subir até se perder de vista por riba del, con horribes corgas escarpadas, unha sorte de arrepiente amoreamento de cousas, de leis, de prexuizos, de homes e de feitos, do que lle escapaban os contornos e do que a masa o enchía de espanto, e que non era outra cousa senón esa prodixiosa pirámide que chamamos civilización. Dexergaba acá e acolá, nese revoltallo formigueante e deforme -quer cabo del, quer ao lonxe e riba de chairas inaccesibeis- algún grupo, algún detalle alumeado con viveza, aquí o cómitre co seu pau, aí o xendarme co seu sabre, alá embaixo o arcebispo mitrado, e enriba de todo, nunha caste de sol, o emperador coroado e escintilante. Semelláballe que eses esplendores afastados, lonxe de esvaecer a súa noite, volvíana máis fúnebre e máis moura. Todo iso, leis, prexuizos, feitos, homes, cousas, ía e viña por riba del, segundo o movemento complicado e misterioso que Deus lle imprime á civilización, camiñando sobre del e esmagándoo, con non sei o que tranquilo na crueza e inexorábel na indiferenza. Almas caídas ao fondo do infortunio posíbel, malfadados homes perdidos no máis baixo destes limbos nos que xa non se ve, os réprobos da lei senten pesar con toda a súa carga sobre das súas cabezas esa sociedade humana, tan formidábel para quen está fóra, tan aterradora para quen está embaixo.

Nesa situación, Jean Valjean cavilaba; e cal podía ser a natureza da súa matinação?

Se o gran de millo baixo a moa tivese pensamentos, había sen dúbida pensar o que pensaba Jean Valjean.

Todas esas cousas, realidades cheas de espectros, fantasmagorías cheas de realidades, acabaran por lle crear unha caste de estado interior case inexpresábel.

Por momentos, no medio do seu traballo no campo, parábase. E púñase a pensar. A súa razón, a un tempo máis madura e máis confusa que de antigo, revoltábase. Todo canto lle acontecera semelláballe absurdo, todo o que o rodeaba parecíalle imposíbel. Díciase: é un soño. Ollaba o cómitre de pé a uns pasos del e o cómitre semelláballe un fantasma; de súpeto o fantasma dáballe un mocazo.

A natureza visíbel apenas existía para el. Sería case certo dicir que para Jean Valjean non había sol nin fermosos días de verán, nin ceo raiolante nin frescos mences de abril. Non sei que claridade de lumieira lle daba de contino luz á súa alma.

Para resumir, terminando, o que pode ser resumido e traducido en resultados positivos en todo o que acabamos de indicar, limitarémonos a constatar que en dezanove anos, Jean Valjean, o inofensivo podador de Faverolles, o temíbel forzado de Toulon, volvérase capaz –grazas á maneira na que o campo o modelara- de dous tipos de accións ruíns: en primeiro lugar, dunha acción ruín rápida, irreflexiva, chea de atordecemento, totalmente instintiva, sorte de represalia polo mal sufrido, e, en segundo lugar, dunha acción ruín grave, seria, debatida en conciencia e meditada coas ideas falsas que pode producir un infortunio tal. As súas meditacións previas pasaban polas tres fases sucesivas que só as naturezas de certo tempero poden percorrer: razoamento, vontade e obstinación. Tiña el por móbiles a indignación habitual, a amargura da alma, o profundo sentimento das iniquidades sufridas, a reacción, mesmo contra dos bós, os inocentes e os xustos, se é que os hai. O punto de partida igual que o punto de chegada de todos os seus pensamentos era o odio á lei humana, ese odio que –se non é parado no seu desenvolvemento por algún incidente providencial- vírase, nun tempo dado, en odio á sociedade, e despois no odio ao xénero humano, e despois no odio á creación, e tradúcese nun vago e incesante e brutal desexo de mancar, sen importar a quen, a calquera ser vivo. Como se ve, non era sen razón, que o pasaporte cualificaba a Jean Valjean de *home moi perigoso*.

De ano en ano esa alma fórase desecando cada vez máis, devagariño mais fatalmente. A corazón seco, ollo seco. Cando saíu do campo había dezanove anos que non vertera unha bágoa.

VIII A ONDA E A SOMBRA

Home ao mar!

Que importa! O navío non se detén. O vento sopra e ese sombrío navío ten unha ruta que está forzado a seguir. Pasa.

O home desaparece e logo reaparece, mergúllase e volve subir á superficie, chama, tende os brazos, non o sinten; o navío, tremelicando baixo o furacán, está todo á súa manobra, os mariñeiros e os pasaxeiros nin mesmo ven xa o home somerxido; a súa miserábel cabeza non é senón un punto na enormidade das vagas.

Lanza berros desesperados nas profundidades. Que espectro, esa vela que se vai! Fítaa e fítaa frenéticamente. Ela vaise afastando, esvaíndo, devecendo. Hai pouquiño el estaba alá, formaba parte da tripulación, ía e viña sobre a ponte cos outros, tiña a súa parcela de respiración e de sol, era un vivo. Agora: que aconteceu, daquela? Escorregou e caíu, acabouse.

Está na auga monstruosa. Baixo os seus pés non ten senón a fuxida e o afundimento. As olas rachadas e escachizadas polo vento rodéano horrorosamente, os abaneos do abismo lévano, todos os farrapos da auga rebolen de arredor da súa testa, un populacho de vagas cuspe de riba del, confusos buracos devóranos a medias; cada vez que se afunde albisca precipicios inzados de noite, terribes vexetacións descoñecidas apodéranse del, átanlle os pés, tíranos cara a elas, sente que se converte en abismo, forma parte do escumallo, as olas lánzanos dunha á outra, bebe o amarguexo, o océano covarde asáñase en o afogar, a enormidade xoga coa súa agonía. Semella que toda esa auga é xenreira.

E mais el loita, tenta de se defender, tenta de se soste, esfórzase a nadar. El, esa pobre forza decontadiño esgotada, combate contra o inesgotábel.

Onde está, logo, o navío? Alá lonxe. Apenas visíbel nas pálidas tebras do horizonte.

Sopran as razadas, tómbano as escumas todas. Ergue os ollos e non ve senón a lividez do nuboso entoldado. Asiste, agonizante, á inmensa demencia do mar. É torturado por esa tolemia. Escoita os ruídos estraños ao home que semellan vir de alén a terra e de non se sabe que exterior arrepiante.

Hai paxaros polas nubes, igual que hai anxos por riba das coitas humanas, mais: que poden facer por el? Voan, cantan e planean en canto que el acora.

Séntese amortallado ao tempo por eses dous infinitos, o océano e o ceo: un é unha cova, o outro un sudario.

A noite vai baixando, leva nadando horas e as súas forzas están ao límite; ese navío, esa cousa ao lonxe na que había homes, esvaeceu. Está só no formidábel abismo crepuscular, finca, entésase, retócese, sente por baixo de si as vagas monstros do invisíbel. Chama.

Xa non hai homes. Onde está Deus?

Chama. Acudide! Acudide! Segue a chamar.

Nada no horizonte. Nada no ceo.

Implora a largura, a vaga, o argazo, o baixío; están xordos. Suplícalle á tempestade; a tempestade, inexorábel, só obedece ao infinito.

Arredor del, a escuridade, a brétema, a soidade, o tumulto treboento e inconsciente, o pregamento indefinido das augas feras. No interior del o horror e a fatiga. Baixo del a caída. Sen punto de apoio. Pensa nas aventuras tebregosas do cadáver na sombra ilimitada. O frío sen fondo entálao. As súas mans críspanse e péchanse e pillan baleiro. Ventos, nubes, rodopíos, sopros, estrelas inútiles! Que facer? O desesperado abandónase, o que está canso toma a opción de morrer, déixase facer, déixase levar, arría en banda, e velo aí vai, a rolar para sempre nas profundidades lúgubres do engulimento.

Oh, andaina implacábel das sociedades humanas! Perdas de homes e de almas polo camiño! Océano no que cai todo o que a lei deixa caír! Sinistra desaparición do socorro! Oh, morte moral!

O mar é a inexorábel noite social onde a penalidade bota os seus condenados. O mar é a inmensa miseria.

A alma, levada pola corrente neste precipicio, pódese virar nun cadáver. Quen a resucitará?

IX NOVOS REPROCHES

Cando chegou a hora da saída do campo, cando Jean Valjean escoitou no seu ouvido as estrañas palabras de *Estás libre!* o momento foi inimaxinábel e inaudito; unha raiola de viva luz, unha raiola da verdadeira luz dos vivos penetrou nel de súpeto. Mais esta raiola non tardou en palidecer. Jean Valjean resultara cegado pola idea da liberdade. Crera nunha vida nova. Axiña viu que non era senón unha liberdade á que lle dan un pasaporte amarelo.

E arredor diso, moitas amarguras. Calculara que o seu salario, na súa estadía no campo, debería terse elevado a cento setenta e un francos. É de xustiza engadir que lle esquecera ter en conta nos seus cálculos o repouso forzado dos domingos e festas que, para dezanove anos supuña unha diminución de aproximadamente vinte e catro francos. Fose como for, ese salario reducírase, polo feito de diversos descontos locais á suma de cento dezanove francos e setenta e cinco céntimos que lle fora entregada á saída..

El non entendera nada e considerábase lesado. Digamos a palabra: roubado.

No día seguinte á súa liberación, en Grasse, viu diante da porta dunha destilería de flores de laranxeira uns homes a descargar fardos. Ofreceu os seus servizos. O choio apuraba e aceptáronos. Púxose ao labor. Era intelixente, robusto e hábil; daba canto podía; o patrón parecía contento. En canto estaba a traballar, pasou un xendarme, reparou nel e pediulle a documentación. Tivo que amosar o pasaporte amarelo. Feito isto, Jean Valjean volveu ao traballo. Un pouco antes preguntáralle a un dos obreiros canto gañaban por día nese labor e respondéranlle que un franco cincuenta. Polo serán, como tiña forzosamente que volver marchar á mañanciña seguinte, presentouse diante do amo da destilería e rogoulle que lle pagase. O amo non deu fala ningunha e entregoulle un franco vinte e cinco. El reclamou. Respondéronlle: *Xa é dabondo para ti*. Insistiu. O amo fitouno entre os ollos e díxolle: *Coidado co caldeiro!*⁵⁹.

Tamén aí se considerou roubado.

A sociedade, o estado, rebaixándolle o seu salario, roubáralle moito. Agora era a vez do individuo, que lle roubaba pouco.

Liberdade non é liberación. Sáese do campo mais non da condena.

Velaí o que lle acontecera en Grasse. Xa vimos de que xeito fora recibido en Digne.

⁵⁹ Prisión, cárcere.

X O HOME ACORDA

Entón, cando soaban no reloxo da catedral as dúas da mañá, Jean Valjean acordou.

O que o acordou foi que o leito era bo de máis. Axiña habería vinte anos que el non se deitara nun leito, e aínda que non se desvestira, a sensación era nova de máis para non turbar o seu sono.

Durmira máis de catro horas. A súa canseira pasara. Estaba afeito a non lle dar moitas horas ao descanso.

Abriu os ollos e mirou un momento de arredor del na escuridade, despois volveu pechalos para durmir de novo.

Cando moitas sensacións diferentes teñen axitado a xornada, cando hai cousas que preocupan a mente, un adormece mais non durme de novo. O sono ven mais doadamente do que volve. É o que lle aconteceu a Jean Valjean. Non deu durmido de novo e púxose a cavilar.

Era un deses momentos nos que as ideas que un ten na mente están revoltas. Tiña unha sorte de vaivén escuro no cerebro. As súas lembranzas antigas e as súas lembranzas inmediatas aboiaban nel nun remexido e se entrecruzaban confusamente, perdendo as súas formas, medrando desmesuradamente, e despois desaparecendo de golpe como nunha auga lamacenta e axitada. Moitos pensamentos lle viñan, mais había un que se volvía presentar continuamente e que afastaba os outros todos. Este pensamento ímolo dicir decontadiño: reparara nos seis cubertos de prata e no cullerón que a señora Magloire puxera na mesa.

Eses seis cubertos de prata obsesionábano. Estaban aí. A uns pasos. No intre no que atravesara o cuarto do lado para ir ao que se atopaba, a vella serventa estaba a gardalos nun armariño á cabeceira da cama. Ben vira ese armario. Á dereita, entrando polo comedor. Eran macizos. E de prata antiga. Co cullerón, tiraríaa por eles polo menos dous centos francos. Dúas veces o que ganara en dezanove anos. É certo que teríaa gañado máis se a *administración* non o roubara.

O seu sentido abaneou durante toda unha hora en flutuacións ás que se mesturaba algo de loita. Soaron as tres. Abriu de novo os ollos, ergueuse de socate sobre os cadrís, estendeu o brazo e apalpou a súa mochila –que botara no recuncho da alcoba- e logo deixou pender as pernas e pousarse os pés no chan, e atopouse, case sen saber como, sentado na cama.

Permaneceu certo tempo en visio nesa actitude que teríaa un aire sinistro para alguén que o vise así, na sombra, o único desperto na casa adurmiñada. De súpeto baixouse, quitou os zapatos e pousounos amodiño na esteira cabo do leito, e despois volveu á súa postura de cavilación e volveu á inmovilidade.

No medio desa horrenda meditación, as ideas que acabamos de indicar rebulían sen acougo no seu cerebro, entraban, saían, regresaban, facían del unha caste de balanza. E despois pensaba tamén, sen saber por que e con esa mecánica testudez da matinação, nun forzado chamado Brevet que coñecera no campo e que levaba o pantalón suxeito só por un tirante de algodón trezado. O debuxo en dameiro daquel tirante volvíalle sen cesar á mente.

Permanecía nesa situación, e se cadra tería quedado nela indefinidamente até o raiar do día, se o reloxo non tivese dado unha pancada, o cuarto ou a media. Pareceu que esa pancada lle dixera: *Vamos!*

Púxose de pé, vacilou aínda un momento e escoitou; todo calaba na casa; entón camiñou dereitiño e paso a paso cara á fiestra que lubrigaba. A noite non era moi escura, era unha lúa chea sobre a que corrían largas nubes afastadas polo vento. Iso provocaba que fóra houbese alternativas de sombra e de clareza, eclipses e despois lampexos, e no interior unha sorte de crepúsculo. Ese crepúsculo, suficiente para que un puidese guiarse, intermitente por causa das nubes, semellaba a especie de lividez que cai do respiradoiro dunha adega por diante do que vai e ven pasando xente. Ao chegar á fiestra, Jean Valjean examinouna. Non tiña barrotes, daba ao xardín e, conforme ao uso da bisbarra, estaba pechada só cun tarabelo. Abriuna, mais, como un aire friaxento e vivo entrou de súpeto no cuarto, pechouna axiña outra vez. Fitou o xardín con ese ollar atento que estuda máis que olla. O xardín estaba choído por un muro branco bastante baixo, doado de escalar. No fondo, alén, dexergou copas de árbores a espazos regulares, o que indicaba que tal muro separaba o xardín dunha avenida ou unha ruela onde estaban plantadas.

Botada esa ollada, moveuse como un home decidido, foi á súa alcoba, colleu a súa mochila, abriuna, remexeu, tirou dela algo que pousou riba do leito, meteu os zapatos nun dos petos daquela, pechou todo de volta, cargou o foleco nos ombreiros, cubriuse co carapucho –do que baixou a viseira sobre os ollos– buscou o seu caxato atoutiñando e foino deixar no recanto da fiestra, despois volveu ao leito e colleu resoltamente o obxecto que pousara nel. Semellaba unha barra de ferro corta, afiada como un chuzo nun dos seus extremos.

Sería difícil dexergar nas tebras para que fin puideran preparar ese anaco de ferro. Era unha panca? Era unha moca?

Á luz do día poderíase recoñecer que non era senón un candeeiro de mineiro. Empregábase daquela os forzados en extraer pedra nos elevados outeiros que rodean Toulon, e non era raro que tivesen á súa disposición ferramentas de mineiro. Os candeeiros dos mineiros son de ferro macizo, rematados no seu extremo nunha punta por medio da que se afunden na rocha.

Colleu o candeeiro coa man dereita e, contendo o alento, amortecendo o paso, dirixiuse cara á porta do cuarto veciño, o do bispo, como sabemos. De chegado a esa porta, atopouna entreaberta. O bispo non a pechara.

XI O QUE FAI

Jean Valjean escoitou. Ningún ruído.

Apuxou a porta.

Apuxouna coa punta do dedo, lixeiramente, con esa dozura furtiva e inquedada dun gato que quere entrar.

A porta cedeu á presión e fixo un movemento imperceptíbel e silandeiro que alargou un pouco a abertura.

Agardou un momento e despois apuxou a porta por segunda vez, máis ousadamente.

Seguíu cedendo en silencio. A abertura era agora grande de abondo para poder el pasar. Mais había cabo da porta unha mesiña que facía con ela un ángulo molesto e que atrancaba a entrada.

Jean Valjean recoñeceu a dificultade. Cumpría forzosamente que a abertura se alargase máis.

Tomou a decisión e apuxou por terceira vez a porta. Esta vez un porlón mal engraxado lanzou de súpeto nesa escuridade un berro rouco e prolongado.

Jean Valjean arreguizou. O ruído dese porlón soóu no seu ouvido cun algo de estoupido e de luzada como o clarín do xuízo final.

No engrosamento fantástico do primeiro minuto, case se figurou que ese porlón acababa de cobrar vida e de tomar de súpeto un carácter terríbel, e que oubeaba como un can para avisar todo o mundo e acordar a xente que estaba a durmir.

Parou, tremelicando, descarreirado, e a punta do pé bateulle contra do calcaño. Ouvía as súas arterias petar nas tempas como dous martelos de forxa e semelláballe que o alento lle saía do peito co ruído do vento que sae dunha furna. Parecíalle imposíbel que o horríbel clamor dese porlón irritado non tivera abalado a casa toda como a sacudida dun tremor de terra; a porta que el apuxara dera a alarma chamando, o vello íase erguer, as dúas mulleriñas ían gritar, acudiríanlles, e antes dun cuarto de hora a vila estaría chea de balbordo e a xendarmería preparada. Por un momento creuse perdido.

Ficou onde estaba, petrificado como a estatua de sal, non se atrevendo a facer movemento ningún.

Decorron uns minutos. A porta estaba aberta a vagabán. Aventurouse a ollar o cuarto. Nada se movera nel. Puxo a orella. Nada rebulía na casa. O ruído do porlón enferruxado non espertara ninguén.

Pasara aquel primeiro perigo mais aínda había no interior de Jean Valjean un espantoso rebumbio. Porén, non recuou. Mesmo cando se sentira perdido non recuara. Xa non pensou máis que en rematar rápido. Deu un paso e entrou no cuarto.

Aquel cuarto estaba nunha calma perfecta. Distinguíanse acá e acolá formas confusas e vagas, que no día eran papeis espallados enriba dunha mesa, in-folios abertos, volumes amoreados enriba dun tallo, unha cadeira de brazos acugulada de roupa e un reclinatorio, e que nesa hora non eran mais que recunchos tebegosos e lugares esbrancuxados. Jean Valjean avanzou con precaución evitando bater cos mobles. Ouvía no fondo do cuarto a respiración igual e tranquila do bispo adormecido.

De súpeto detívose. Estaba rente do leito. Chegará aí máis axiña do que non pensara.

A natureza mestura por veces os seus efectos e os seus espectáculos coas nosas accións nunha especie de oportunidade sombría e intelixente, como se quixese facernos reflexionar. Dende perto de media hora, unha nube grande cubría o ceo. No intre en que Jean Valjean se detivo fronte ao leito, esa nube rachou, como se o tivese feito a propósito, e unha raiola do luar, atravesando a longa fiestra, veu alumear subitamente o pálido rostro do bispo. Durmía apraciblemente. Estaba case vestido na cama, por causa das frías noites dos Baixos Alpes, cunha prenda de la escura que lle cubría os brazos até os pulsos. Tiña a testa virada sobre do cabezal na actitude abandonada do repouso; deixaba pender fóra do leito a súa man ornada co anelo pastoral de onde procederan tantas boas obras e santas accións. Toda a súa face se iluminaba cunha vaga expresión de satisfacción, de esperanza e de beatitude. Era máis que un sorrir, case un raiolar. Había sobre a súa fronte a inexpresábel reverberación dunha luz que non se vía. A alma dos xustos durante o sono contempla un ceo misterioso.

Un reflexo dese ceo estaba enriba do bispo.

Era ao mesmo tempo unha transparencia luminosa, porque ese ceo estaba dentro del. Ese ceo, era a súa conciencia.

No momento no que a raiola do luar veu superpoñerse, por dicilo así, a esa claridade interior, o bispo adormecido apareceu como nunha gloria. Porén, iso seguiu entre a suavidade e o veo dun semi-día inefábel. Aquela lúa no ceo, aquela natureza ensoniñada, aquel xardín sen un arreguizo, aquela casa tan tranquila, a hora, o momento, o silencio, engadían un non sei o que solemne e indicíbel ao venerábel repouso daquel sabio, e envolvían cunha sorte de auréola maxestosa e serena aqueles cabelos brancos e aqueles ollos pechados, aquel rostro no que todo era esperanza e no que todo era confianza, aquela cabeza de velliño e aquel sono de neno.

Había case divindade naquel home tan augusto sen o saber.

Jean Valjean, pola súa banda, estaba na escuridade, co seu candeeiro de ferro na man, de pé, inmóbil, abraiado por ese luminoso velliño. Endexamais tiña visto cousa igual. Aquela confianza arrepiábao. O mundo moral non ten espectáculo máis grande que ese: unha conciencia turbada e inqueda, chegada á beira dunha má acción e contemplando o sono dun xusto.

Aquel sono, naquel illamento, e con tal veciño, tiña algo de sublime que el sentía vagamente mais de xeito imperioso.

Ninguén tería podido dicir o que se pasaba no seu interior, nin mesmo el. Para tratar de se decatar, cómpre soñar o máis violento que existe en presenza do máis lene que hai. No seu rostro, mesmo, non se daría distinguido nada de maneira certa. Era unha caste de asombro alucinado. Estaba a mirar. Velaí todo. Mais: que pensaba? Tería sido

imposíbel adiviñalo. O que resultaba evidente é que estaba emocionado e abalado. Mais: de que natureza era esa emoción?

Os seus ollos non se arredaban do velliño. A única cousa que se desprendía nidiamente da súa actitude e da súa fisionomía era unha estraña indecisión. Teríase dito que estaba a dubidar entre os dous abismos, aquel no que un se perde e aquel no que un se salva. Semellaba disposto a fender aquel cranio ou a bicar aquela man.

Ao cabo dalgúns instantes, o seu brazo esquerdo ergueuse lentamente cara á súa fronte e tirou o carapucho, despois o seu brazo volveu caír coa mesma lentitude, e Jean Valjean volveu á súa contemplación, co carapucho na man esquerda, a súa moca na man dereita e os seus cabelos arrepiñados na súa testa salvaxe.

O bispo seguía a durmir nunha paz profunda baixo aquela ollada estarrecedora.

Un reflexo da lúa facía confusamente visíbel enriba da cheminea o crucifixo que semellaba abrírlles os brazos a ambos os dous, cunha benzón para un e un perdón para o outro.

De socato, Jean Valjean volveu pór o seu carapucho enriba da fronte, logo camiñou rapidamente ao longo do leito, sen mirar para o bispo, dereito ao armariño que trasvía rente da cabeceira; ergueu o candeeiro de ferro como para forzar a pechadura; a chave estaba posta; abriuno; a primeira cousa que lle apareceu foi o cesto da cubertería de prata; colleuno, atravesou o cuarto alancando sen precaución e sen se preocupar polo ruído, chegou á porta, entrou de volta no oratorio, abriu a fiestra, recadou o caxato, subiu ao peitoril da planta baixa, meteu os cubertos no foleco, tirou co cesto, franqueou o horto, saltou por riba do muro como un tigre, e fuxiu.

XII O BISPO TRABALLA

No outro día, ao raiar o sol, monseñor Bienvenu paseaba polo horto. A señora Magloire correu cara a el toda abalada.

-Monseñor, monseñor! –gritou- A vosa grandeza sabe onde vai o cesto dos cubertos de prata?

- Sei –dixo o bispo.

- Louvado sexa Xesucristo! –exclamou a señora Magloire- Non sabía que fora del.

O bispo acababa de recoller o cesto nun cantonciño. Amosoullo á señora Magloire.

- Velo aí está.

- Entón? –dixo ela- Non hai nada dentro! E os cubertos de prata?

- Ah! –retrucou o bispo- Daquela son os cubertos de prata os que lle preocupa? Non sei onde están.

- Deus nos valla! Roubáronos. É o home de onte quen os roubou!

Nun chiscar de ollos, con toda a súa vivacidade de vella alerta correu ao oratorio, entrou na alcoba e regresou cabo do bispo. O bispo acababa de se abaixar e examinaba suspirando un pé de *cochlearia des Guillons* que o cesto derramara ao caír polo cantonciño. Endereitouse ante o grito da señora Magloire.

-Monseñor, o home marchou! Roubou a cubertaría!

Ao tempo que exclamaba isto, os seus ollos caían sobre dun ángulo do xardín onde se vían pegadas de escalada. O cango do muro estaba arrancado.

-Mirade! Foi por aquí por onde saíu. Saltou á ruelle Cocheilet. Arrenego! Roubounos a cubertaría!

O bispo permaneceu en silencio un momento e despois ergueu unha ollada seria dicíndolle manseliñamente á señora Magloire:

- E, de primeiras: era nosa esa cubertería?

A señora Magloire ficou estantía. Houbo outro silencio e despois o bispo continuou:

- Señora Magloire eu retíña por erro dende hai moito tempo esa cubertería. Era dos pobres. E que era este home? Un pobre, evidentemente

- Ai, Xesús me valla! –retrucou a señora Magloire- Non é por min nin pola señorita. A nós énos igual, É por monseñor. Con que vai comer agora monseñor?

O bispo mirouna con aire asombrado.

- Éche boa! Seica non hai cubertos de estaño?

A señora Magloire ergueu os ombreiros.

- O estaño ten un cheiriño.

- Entón, cubertos de ferro.

A señora Magloire fixo unha carantoña significativa.

- O ferro ten un saboriño
- Pois logo –dixo o bispo- cubertos de pau.

Uns momentos despois almorzaba na mesma mesa á que Jean Valjean estivera sentado a víspera. Ao tempo que almorzaba, monseñor Bienvenu facíalle reparar ledamente á súa irmá que estaba calada e á señora Magloire que refungaba polo baixo que non se precisa en absoluto unha culler ou un garfo, mesmo de pau, para mollar un anaco de pan nunha cunca de leite.

- Tamén é unha idea! –dicía a señora Magloire para ela indo e vindo- Acoller un home así! E aloxalo á beira dun ! E aínda bo foi que non fixo máis que roubar! Ai, meu Deus, fai estremecer só pensalo!

Cando os dous irmáns se ían erguer da mesa, petaron á porta.

- Entren –dixo o bispo.

Abriuse a porta. Un grupo estraño e violento apareceu no limiar. Tres homes suxeitaban outro polo colariño. Os tres eran xendarmes, o outro era Jean Valjean.

Un brigada da xendarmería, que semellaba dirixir o grupo, estaba cabo da porta. Entrou e avantou cara ao bispo facendo o saúdo militar.

- Monseñor... -dixo.

A esta palabra, Jean Valjean, que estaba soturno e semellaba abatido, levantou a cabeza con aire estupefacto.

- Monseñor! –murmurou- Daquela non é o cura!...
- Silencio! –dixo un xendarme- É monseñor o bispo.

No entanto, monseñor Bienvenu achegárase tan axiña como a súa idade avanzada llo permitira.

-Ah! Velaí está vostede! –exclamou mirando para Jean Valjean- Estou contento de velo outra vez. Entón? Déralle tamén os candeeiros, que son de prata como o resto e dos que pode tirar dous centos francos. Por que non os levou cos cubertos?

Jean Valjean abriu os ollos e mirou para o venerábel bispo cunha expresión que ningunha lingua humana podería traducir.

- Monseñor –dixo o brigada da xendarmería- Era, logo, certo o que dicía este home? Atopámolo. Ía como alguén que foxe. Detivémolo, para comprobar. Tiña esta cubertaría...

-E díxolles –interrompeu o bispo sorrindo- que lla dera un curiña vello na casa do que pasara a noite? Xa vexo o asunto. E trouxérono aquí. É un equívoco.

- Así é que –repuxo o brigada- podemos deixalo ir?
- Naturalmente –respondedeu o bispo.

Os xendarmes ceibaron Jean Valjean, que recuou.

-É verdade que me soltan? -dixo cunha voz case inarticulada e como se falase no medio do sono.

-Soltamos, si; seica non oes? -dixo un xendarme.

-Meu amigo -continuou o bispo- antes de marchar velaí os seus candeeiros. Cólloos.

Foi á cheminea, colleu os dous candelabros de prata e levoullos a Jean Valjean. As dúas mulleres deixábane facer sen unha palabra ou un aceno que puidese molestar o bispo.

A Jean Valjean tremíanlle os membros todos. Colleu os dous candelabros mecanicamente e con aire confundido.

- Agora -dixo o bispo- vaia en paz... A propósito, meu amigo, cando volva non ten que pasar polo xardín. Pode entrar sempre pola porta da rúa. Só está pechada coa caravilla, día e noite.

Despois, virándose cara aos xendarmes:

- Señores, pódense retirar.

Os xendarmes afastáronse.

Jean Valjean sentíase como un home que se vai desmaiar.

O bispo achegouse a el e díxolle en voz baixiña:

- Non esqueza, non esqueza nunca que me prometeu empregar ese diñeiro en se facer un home honrado.

Jean Valjean, que non tiña lembranza ningunha de ter prometido nada, permaneceu estantío. O bispo recalcara esas palabras ao pronuncialas. E continuou cunha especie de solemnidade:

-Jean Valjean, irmán meu, xa non lle pertence ao mal senón ao ben. É a súa alma a que estou a mercar; tírollela aos pensamentos escuros e ao espírito de perdición e doulla a Deus.

XIII PETIT GERVAIS

Jean Valjean saíu da vila coma quen escapa. Púxose a camiñar á carreira polas agras, collendo os camiños e os vieiros que se presentaban sen se decatar de que a cada instante volvía sobre os seus pasos. Vagou así toda a mañá sen comer e sen fame. Era presa dunha chea de sensacións novas. Sentía nel unha sorte de carraxe, non sabía contra quen. Non daría dito se estaba conmovido ou humillado. Por momentos víñalle un estraño entenrecemento que el combatía e ao que lle opuña o endurecemento dos seus vinte últimos anos. Ese estado fatigábao. Vía con inqueda abalar no seu interior a especie de sosego noxento que a inxustiza do seu infortunio lle dera. Preguntábase que era o que o ía substituír. Por veces tería querido mellor estar na prisión, cos xendarmes, e que as cousas non tivesen ocorrido así; dese xeito estaría menos axitado. Aínda que a estación ía xa bastante avanzada, había acá e acolá, polas sebes, algunhas flores serodias cun arrecendo que, ao atravesalo camiñando, traía lembranzas da infancia. Unhas lembranzas que lle eran case insoportábeis, de tanto tempo que levaban sen lle aparecer.

Pensamentos inexpressábeis fóronse amoreando así nel o día enteiro.

Cando o sol baixaba, ao se pór, alongando no chan a sombra do coíño máis pequeno, Jean Valjean estaba sentado tras dunha silveira nunha chaira rubia totalmente deserta. No horizonte só estaban os Alpes. Nin mesmo, ao lonxe, a torre da igrexa dunha aldeíña. Jean Valjean podía estar a tres leguas de Digne. Un vieiro que cortaba a chaira pasaba a uns pasos da silveira.

No medio desta meditación -que non daría contribuído pouco a volver os seus farrapos máis estarrecedores para calquera que se atopase con el- sentíu un ruído ledó.

Volveu a cabeza e viu vir polo sendeiro un rapaz saboiano duns dez anos cantando, coa súa zanfona no costado e a súa caixiña de marmota ao lombo; un deses mainos e alegres rapaces que van de bisbarra en bisbarra, deixando ver os furados do seu pantalón⁶⁰.

Ao tempo que cantaba, o rapaz interrompía de cando en cando a camiñada e xogaba aos pelouriños⁶¹ con algunhas moedas que tiña na man, probabelmente a súa fortuna toda. Entre estas moedas había unha de dous francos.

O rapaz parouse rente da silveira sen ver a Jean Valjean e fixo saltar o seu puñado de patacos que até entón mantivera enteiro con destreza abondo no dorso da man.

Esta vez a peza de dous francos escapoulle e veu rolar cara á matogueira xunto a Jean Valjean.

Jean Valjean puxo o pé derriba.

Mais o rapaz seguira a moeda coa ollada e vírao.

Non se estrañou e foi dereitiño cara ao home.

⁶⁰ Moitos rapaces saboianos ían terras adiante e gañaban o pan facendo bailar, coa música da zanfona, unha marmotiña amestrada.

⁶¹ Xogo moi antigo e popular que utilizaba inicialmente cinco osíños dunha pata de ovella ou de cabra (posteriormente substituídos por pedriñas, e modernamente por pezas de plástico ou de metal) que as nenas ou nenos, sentados no chan, lanzaban ao aire e recollían facendo distintas figuras. É coñecido en galego con diversos nomes (*pelouros, chucas, tabas*....)

Era un lugar absolutamente deserto. Tan lonxe como a súa ollada daba chegado non había ninguén na chaira nin no vieiro. Oíanse só os gritoños febles dunha bandada de paxaros que atravesaban o ceo a unha altura inmensa. O rapaz daba as costas ao sol que lle puña fíos de ouro nos cabelos e empurpurecía cun resplandor sanguento a face salvaxe de Jean Valjean.

- Señor -dixo o saboianiño con esa confianza da infancia que se compón de ignorancia e de inocencia - , e a miña moeda?

- Como te chamas? -preguntoulle Jean Valjean.

- Petit Gervais, señor.

- Vaite -dixo Jean Valjean.

- Señor -seguíu el- vólvame a miña moeda.

Jean Valjean baixou a cabeza e non respondeu.

O rapaz dixo outra vez:

- A miña moeda, señor.

Os ollos de Jean Valjean seguiron chantados na terra.

- A miña moeda -gritou o rapaz- A miña branca! O meu diñeiro!

Semellaba que Jean Valjean non oise. O rapaz colleuno polo collar da blusa e abaneouno. E ao mesmo tempo facía forza para apartar o zoco ferrado pousado enriba do seu tesouro.

- Quero a miña moeda! A miña moeda de dous francos!

O rapaz choraba. A cabeza de Jean Valjean ergueuse de novo. Seguía sentado. Tiña os ollos avoltos. Obsevou o rapaz cunha sorte de asombro e logo estendeu a man cara ao seu caxato e berrou cunha voz terríbel:

- Quen anda aí?

- Eu, señor -respondeu o rapaz- Petit Gervais! Eu! Eu! Vólvame os meus dous francos, por favor! Señor, saque o pé, faga o favor!

Logo, irritado, aínda que pequeno de todo, e volvéndose case ameazador:

- Veña, ho! Vai sacar o pé? Saque o pé, vamos!

- Ah, ti outra vez! -dixo Jean Valjean, e, pódose de pé bruscamente, co pé sempre enriba da moeda, engadiu- Queres liscar xa?

O rapaz mirouno amedoñado e despois comezou a tremer da testa aos pés, e tras uns segundos de estupor fuxiu correndo á carreira aberta sen ousar volver o pescozo nin botar un grito.

Con todo, a unha certa distancia, o acoramento obrigouno a se deter, e Jean Valjean, na súa matinación, ouvíu como saloucaba.

Pasados uns instantes o rapaz desaparecera.

O sol puxérase.

Arredor de Jean Valjean arremuiñábase a sombra. Non comera no día todo e é probable que tivese febre.

Permanecera de pé e non cambiara de postura des que o rapaz fuxira. O seu alento erguíalle o peito a intervalos longos e desiguais. A súa ollada, parada a dez ou doce pasos diante del, semellaba estudar con profunda atención a forma dun cacho vello de louza azul caído na herba. De súpeto arreguizou, acababa se sentir a friaxe do serán.

Asegurou o seu carapucho na testa, tentou mecanicamente de cruzar e abotoar a súa blusa, deu un paso e abaixouse para coller do chan o seu caxato.

Nese momento dexergou a moeda dos dous francos que o seu pé afundira a medias na terra e que brillaba entre os coios,

Foi como unha conmoción galvánica. “Que é iso?”, díxose entre dentes. Recuou tres pasos e despois parou, sen poder arredar a súa ollada dese punto que o seu pé tripara un momentíño antes, como se esa cousa que relucía na escuridade tivese sido un ollo aberto chantado nel.

Ao cabo duns minutos lanzouse convulsivamente cara á moeda de prata, pillouna e, endereitándose de volta, púxose a espreitar ao lonxe na chaira, botando ao tempo os ollos cara a todos os puntos do horizonte, de pé e tremelicando como unha besta amedoñada que procura un asilo.

Non viu nada. A noite caía, a chaira estaba friaxenta e imprecisa, grandes brétemas violetas subín na clareza crepuscular.

Dixo “Ah!” e botouse a camiñar rapidamente en determinada dirección, pola banda por onde o rapaz desaparecera. Despois dun cento de pasos, detívose, mirou e non viu nada.

Entón berrou con todas as súas forzas: “Petit Gervais! Petit Gervais!”.

Calou e agardou.

Nada respondeu.

O campo estaba deserto e soturno. Jean Valjean estaba rodeado polo infindo. Non había de arredor del máis que unha sombra na que se perdía a súa ollada e un silencio no que se perdía a súa voz.

Sopraba un sieiro glacial e dáballes ás cousas que o rodeaban unha especie de vida lúgubre. Uns arbustos sacudían os seus braciños delgadeiros cunha furia incríbel. Teríase dito que ameazaban e perseguían a alguén.

Púxose de novo a camiñar e despois botouse a correr, e de cando en cando detíñase e berraba nesa soidade, cunha voz que era o máis formidábel e o máis desolado que se podía ouvir: “Petit Gervais! Petit Gervais!”.

De certo que se o rapaz o dera escoitado tería pillado medo e teríase gardado moito de se amosar. Mais o rapaz estaba sen dúbida ben lonxe xa.

Atopou un crego que ía de a cabalo. Foi cara a el e preguntoulle:

- Señor cura: viu pasar un rapaz?
- Non, dixo o crego.
- Un que lle chaman Petit Gervais.
- Non vin ninguén.

Tirou dúas moedas de cinco francos da súa falchoca e entregoullas ao crego.

- Señor cura, velaí ten para os seus pobres. Señor cura, é un pequeno duns dez anos que leva unha marmota, paréceme, e mais unha zanfona. Ía de paso. Un deses saboianos, non si?

- Non o vin.
- Petit Gervais: será dunha destas aldeas de por aquí? Pódemo dicir?

Jean Valjean colleu violentamente outros dous escudos de cinco francos e deullos ao crego.

- Para os seus pobres –dixo.

Despois engadiu atrapallado:

- Señor cura, fágame prender. Son un ladrón.

O crego esporeou, fuxindo arrepiado.

Jean Valjean botouse de novo a correr na dirección que tomara antes.

Fixo así un bo anaco de camiño, espreitando, chamando e berrando, mais non atopou ninguén. Dúas ou tres veces correu pola chaira cara a algunha cousa que lle tiña aspecto dun ser deitado ou engruñado, non eran senón matogueiras ou rochas a rentes do chan. Finalmente, nun lugar onde se cruzaban tres vieiros, parouse. A lúa erguérase. Paseou a súa ollada ao lonxe e chamou por última vez “Petit Gervais! Petit Gervais!”. O seu berro apagouse na brétema, sen mesmo espertar un eco. Aínda borboriñou “Petit Gervais!” mais cunha voz feble e case inarticulada. Foi o seu derradeiro esforzo: as súas sofraxes dobregáronse de súpeto baixo del como se unha potencia invisíbel o cangase de golpe co peso da súa má conciencia. Caíu derreado sobre dunha pena, cos puños nos cabelos e a faciana riba dos xeonllos e berrou: “Son un miserábel!”.

Entón o corazón lle estoupou e botouse a chorar. Era a primeira vez que choraba dende había dezanove anos.

Cando Jean Valjean saíra da casa do bispo –virámolo- estaba fóra de todo o que constituíra o seu pensamento deica ese momento. Non podía decatarse do que se pasaba dentro del. Entesábase contra a acción anxelical e contra as lenes palabras do velliño. “Prometeume facerse un home honrado. Mércolle a súa alma. Tírolla ao espírito da perversidade e doulla ao bon Deus”. As falas volvíanlle de contino. Opuña a esa indulxencia celestial o orgullo, que é en nós como a fortaleza do mal. Sentía vagamente que o perdón dese crego era o asalto máis grande e o ataque máis formidábel que nunca o abalara; que o seu endurecemento sería definitivo se é que resistía a esa clemencia; que, se cedía, cumpriría renunciar a esa xenreira coa que as accións doutros homes encheran a súa alma durante tantos anos, e que lle gustaba; que desta vez cumpría vencer ou ser vencido e que a loita comezara -unha loita colosal e decisiva- entre a súa maldade e a bondade daquel home.

En presenza de todos eses resplandores, andaba como un home bébedo. En canto que así camiñaba, cos ollos estarulados: seica tiña unha percepción nidia do que podería resultar para el a súa aventura de Digne? Seica ouvía toda esa zoeira misteriosa que advirte ou importuna a mente en certos momentos da vida? Unha voz dicíalle ao ouvido que acababa de atravesar a hora solemne do seu destino, que xa non había para el territorio medio, que se a partir deste momento non era o mellor dos homes sería o peor, que cumpría -por dicilo así- que agora subise máis alto que o bispo ou caíse máis baixo que o forzado, que se quería tornarse bo cumpría tornarse anxo, e que se quería seguir sendo ruín cumpría tornarse monstro.

Aínda cómpre facerse aquí esas preguntas que nos temos xa feito noutro lugar: seica el recollía confusamente algunha sombra de todo isto no seu pensamento? De certo que a coita -témolo dito- educa a intelixencia; con todo, é dubidoso que Jean Valjean estivese en situación de desenlear todo o que indicamos aquí. Se estas ideas chegaban a el, lubrigábaas máis do que as vía, e non lograban senón sumilo nun desacougo insoportábel e case doroso. Ao saír desa cousa deforme e moura que chaman o campo de forzados, o bispo mancáralo na alma igual que unha claridade viva de máis o tería mancado nos ollos ao saír das tebras. A vida futura, a vida posíbel que se lle ofrecía de agora en diante, toda pura a raiolar, enchíao de tremelos e de ansiedade. Verdadeiramente xa non sabía onde estaba. Como unha curuxa que vise de súpeto erguerse o sol, o forzado resultara ofuscado e como cegado pola virtude.

O que era seguro, o que el non dubidaba, é que xa non era o mesmo home, que todo nel mudara, que non podía facer que o bispo non lle tivese falado e non lle tivese tocado.

Nese estado de ánimo el atopara Petit Gervais e lle roubara os seus dous francos. Por que? Seguramente non sería quen de explicalo. Seica era un derradeiro efecto e como un supremo esforzo dos maos pensamentos que troxera do campo, un resto de impulso, un resultado do que en estática se chama a *forza adquirida* ? Era iso e se cadra era aínda menos ca iso. Digámolo sinxelamente: non era el quen roubara, non era o home, era o animal que, por hábito e por instinto, pousara estupidamente o pé sobre dese diñeiro, en tanto que a intelixencia se debatía no medio de tantas obsesións inauditas e novas. Cando a intelixencia acordou e viu esa acción da besta, Jean Valjean recuou anguriado e botou un berro estarrecido.

É que -fenómeno estraño e só posíbel na situación na que se atopaba- ao lle roubar ese diñeiro a aquel mociño, fixera unha cousa da que xa non era capaz.

Sexa como for, esta derradeira ruín acción tivo sobre el un efecto decisivo: atravesou bruscamente ese caos que había na intelixencia e disipouno. Botou dun lado as negras espesuras e do outro a luz, e actuou sobre a súa alma, no estado no que se atopaba, como certos reactivos químicos actúan sobre unha mestura turbia precipitando un elemento e clarificando o outro.

De primeiras, antes mesmo de se examinar e de reflexionar, perdido, como alguén que busca salvarse, tentou de atopar o rapaz para lle volver o seu diñeiro, e despois, cando recoñeceu que era inútil e imposíbel, parou desesperado. No momento en que exclamou "Son un miserábel!" acababa de se dexergar tal como era, e estaba xa nese punto, separado de si mesmo, que lle semellaba ser só un fantasma e ter diante del -en carne o oso, co caxato na man, a blusa sobre dos cadrís, o seu foleco ao lombo cheo de obxectos roubados, co rostro resolto e soturno, co pensamento cheo de proxectos abominabeis- o noxento forzado Jean Valjean.

O exceso de coita, como temos reparado, fixérao dalgún xeito visionario. Isto foi, daquela, como unha visión. Realmente viu ese Jean Valjean, esa face sinistra diante súa. Chegou case ao momento de se preguntar quen era ese home, e horrorizouse del.

O seu cerebro estaba nun deses momentos violentos e con todo espantosamente calmos nos que a fantasía é tan profunda que absorbe a realidade. Non se ven xa os obxectos que un ten de arredor, e vense como fóra de si as figuras que un ten na mente.

Contemplouse, por dicilo así, cara a cara, e ao mesmo tempo, ao través desa alucinación, vía nunha profundidade misteriosa unha sorte de luz que de primeiras tomou por un facho. Fitando máis atentamente aquela luz que lle aparecía á súa conciencia, recoñeceu que tiña forma humana e que aquel facho era o bispo.

A súa conciencia considerou un tras outro aqueles dous homes colocados así diante dela. Jean Valjean minguaba e se esvaía. Nun momento dado xa non foi senón unha sombra. De golpe desapareceu. Só ficara o bispo.

Enchía a alma toda daquel miserábel cun magnífico raiolar.

Jean Valjean chorou moito tempo. Chorou con bágoas quentes, chorou con saloucos, con máis febleza que unha muller, con máis arrepío que un neno.

En canto que choraba, facíase de máis en máis día no seu cerebro, un día extraordinario, un día enmeigador e terríbel á vez. A súa vida pasada, a súa primeira falta, a súa longa expiación, o seu embrutecemento exterior o seu endurecemento interior, a súa posta en liberdade aledada por tantos propósitos de vinganza, o que lle acontecera na casa do bispo, a última cousa que fixera, ese roubo dos dous francos ao rapaz -crime tanto máis covarde e tanto máis monstruoso canto que viña despois do perdón do bispo-, todo iso volveulle e lle apareceu claramente, mais cunha clareza que non tiña visto até entón. Mirou a súa vida e pareceulle horríbel, a súa alma e pareceulle repugnante. Porén, un día doce pairaba por riba desa vida e desa alma. Semelláballe que estaba vendo Satán á luz do paraíso.

Cantas horas chorou así? Que fixo despois de ter chorado? Onde foi? Endexamais se soubo. Parece somente comprobado que, naquela mesma noite, o carreteiro que facía naquela época o servizo de Grenoble e que chegaba a Digne contra as tres da mañá, viu ao atravesar a rúa do bispado un home en actitude de oración, a xeonllos no lousado, na sombra, diante da porta de monseñor Bienvenu.

Libro terceiro

No ano 1817

I

O ANO 1817⁶²

1817 é o ano en que Luís XVIII, cunha certa altivez rexia non carente de apostura, calificaba o vixésimo segundo ano do seu reinado. É o ano no que o señor Bruguère de Sorsum era célebre. Todos os establecementos dos perruqueiros, á espera do pó de amidón e da volta do paxaro real, estaban flordelisados e pintarrallados de azul. Era o tempo cándido no que o conde Lynch oficiaba os domingos todos como sancristán no banco de fábrica de Saint Germain des Prés en uniforme de par de Francia, co seu cordón vermello e o seu nariz longo, e esa maxestade de perfil propia dun home que realizou unha acción brillante. A acción brillante efectuada polo señor Lynch era esta: sendo alcalde de Bordeos, o 12 de marzo de 1814, terlle entregado algo rapidamente de máis a cidade ao señor duque de Angulema. De aí o seu título de par. En 1817 a moda engulía os cativiños de catro a seis anos baixo grandes carapuchas de coiro marroquinado con orelleiras que asemellaban moito aos puchos dos esquimais. O exército francés vestía de branco, á maneira austríaca, os reximentos chamábanse lexións, e no canto de cifras levaban os nomes dos departamentos. Napoleón estaba en Santa Helena e, como Inglaterra lle refugaba pano verde, mandaba darlle a volta á súa roupa vella. En 1817 Pellegrini cantaba, a señorita Bigottini bailaba, Potier reinaba e Odry aínda non existía. A señora Saqui sucedía a Forioso. Aínda había prusianos en Francia. O señor Dalot era un personaxe. A lexitimidade acababa de se facer firme cortándolle o puño, e logo a cabeza, a Pleignier, a Carbonneau e a Tolleron. O príncipe de Talleyrand, gran chambelán, e o abade Louis, designado ministro das Finanzas, mirábanse rindo co rir de dous augures; os dous celebraran, o 14 de xullo de 1790, a misa da Federación no Campo de Marte: Talleyrand oficiáara como bispo, Louis auxiliara como diácono. En 1817, nas avenidas laterais dese mesmo Campo de Marte, víanse grosos cilindros de madeira, xacendo baixo a chuvia, apodrecendo na herba, pintados de azul con trazas de águas e abellas que perderan o dourado. Eran as columnas que dous anos antes sostiveran o estrado do emperador no Campo de Maio. Estaban amourecidas acá e acolá polo queimazo da acampada dos austríacos en barracóns rente do Gros-Caillou. Dúas ou tres destas columnas desapareceran nos lumes do campamento e fixeran quecer as largas mans dos *kaiserlicks*. O Campo de Maio tiña iso de notábel: que se celebrara en Xuño e no Campo de Marte⁶³. Nese ano 1817 eran populares dúas cousas: o Voltaire-Touquet e a tabaqueira coa carta constitucional. A emoción parisiense máis recente era o crime de Dautun que botara a cabeza de seu irmán no estanque do Mercado das Flores. Comezábase a facer no ministerio da mariña unha investigación sobre aquela fatal fragata da Medusa que debía cubrir Chaumareix de vergoña e Géricault de gloria. O coronel Selves ía a Exipto para se converter alá en Solimán Pachá. O palacio das termas, da rue La Harpe, servíalle de tenda a un toneleiro. Aínda se vía no cantón da torre octogonal da rue Cluny o casetiño de táboas que lle servira de observatorio a Messier, astrónomo da mariña baixo Luís XVI. A duquesa de Duras líalles *Ourika* –inérita- a tres ou catro amigos no seu salongiño privado, amoblado e tapizado de satén azul ceo, sito en X. No Louvre raspaban os N. A ponte de Austerlitz abdicaba e titulábase ponte do Xardín do Rei, dobre enigma que disfrazaba á vez a ponte de Austerlitz e o Xardín das Plantas. Luís XVIII –inqueda- ao tempo que anotaba coa uña a Horacio, polos heroes que se fan emperadores e polos zoqueiros que se fan delfíns dos reis, tiña dúas preocupacións: Napoleón e Mathurin Bruneau. A Academia

⁶² Non todos os feitos aquí presentados por Victor Hugo son historicamente exactos e a súa relevancia ven ás veces dada simplemente polo seu vencellamento á biografía dos protagonistas dos *Miserabeis* ou á do propio autor. Ás veces condensa datos e lembranzas que non corresponden ao momento preciso. Lembremos que para Victor Hugo –como xa acontecera na *Lenda dos séculos*- o que realmente importa é o sentido dos feitos, o camiñar da Historia, por riba da exactitude do detalle. Trátase de pintar un cadro xeral, de cousas por veces miúdas, polo que non imos debullar alusión por alusión, o que faría moi pesada e se cadra innecesaria a explicación.

⁶³ O francés *Mars* denomina tanto o deus latino como o mes que conserva a lembranza del, o mes de marzo. De aí o xogo de palabras de Victor Hugo.

Francesa sinalaba como tema de premio: *A felicidade que o estudo fornece*. O señor Bellart era oficialmente elocuente. Víase xermolar á súa sombra ese futuro fiscal xeral de Broë, prometido aos sarcasmos de Paul-Louis Courier. Había un falso Chateaubriand chamado Marchangy, na agarda de que houbese un falso Marchangy chamado d'Arlincourt. *Claire d'Albe* e mais *Malek-Adel* eran obras mestras; a señora Cottin era nomeada primeiro escritor da época. O Instituto deixaba riscar da súa lista o académico Napoleón Bonaparte. Unha real ordenanza erixía Angulema como escola da Mariña, porque ao ser gran almirante o duque de Angulema, resulta evidente que a cidade de Angulema tiña por dereito todas as cualidades dun porto de mar, sen o que se tería resentido o principio monárquico. Axitábase no consello de ministros a cuestión de saber se se debían tolerar as viñetas con representacións de viravoltas acrobáticas que salpimentaban os carteis de Franconi e arremuñaban os abandallados das rúas. O señor Paër, autor de *Agnese*, homiño de faciana cadrada que tiña unha espulla na meixela, dirixía os concertinhos íntimos da marquesa de Sassenaye, na rue Ville-l'Évêque. As mociñas todas cantaban *L'Ermite de Saint-Avelle*, con letra de Edmond Géraud. *Le Nain jaune* transformábase en *Miroir*. O café Lamblin tomaba partido polo emperador contra o café Valois que o tomaba polos Borbóns. Acababan de casar cunha princesa de Sicilia o señor duque de Berry, xa alucado dende o fondo por Louvel. Había un ano que morrera a señora de Staël. Os gardacostas asubiábanlle á señorita Mars. Os grandes xornais eran pequerrechiños. O formato era restrixido mais a liberdade era grande. O *Constitutionnel* era constitucional. A *Minerve* chamáballe a Chateaubriand *Chateaubriant*. Ese t facía rir moito os burgueses a conta do gran escritor. En xornais vendidos, uns xornalistas prostituídos insultaban os proscritos de 1815: David xa non tiña talento, Arnaut xa non tiña agudeza, Carnot xa non tiña probidade, Soult xa non gañara batalla ningunha; tamén é certo que Napoleón xa non era un xenio. Ninguén ignora que é moi raro que as cartas enviadas polo correo a un exilado lle cheguen, as policíaas toman como un deber relixioso interceptalas. O feito non é novo: Descartes, desterrado, queixábase diso. Ora ben, cando David amosou, nun xornal belga, algún humor por non recibir as cartas que lle escribían, a cousa parecíalles graciosa ás follas monárquicas que abaixaban con tal motivo o proscrito. Dicar *os rexicidas* ou dicir *os votantes*, dicir *os inimigos* ou dicir *os aliados*, dicir *Napoleón* ou dicir *Buonaparte*⁶⁴ separaba dous homes máis que un abismo. Todas as persoas asisadas concordaban en que a era das revolucións fora para sempre pechada polo rei Luís XVIII, nomeado “o inmortal autor da Carta constitucional”. No terraplén do Pont-Neuf esculpíase a palabra *Redivivus* no pedestal que agardaba pola estatua de Henrique IV. O señor Piet esbozaba, no nº 4 da rue Sainte Thérèse, o seu conciliábulo para consolidar a monarquía. Os xefes da dereita dicían nas conxunturas graves: “Cómpre escribir a Bacot”. Os señores Canuel, O'Mahony e de Chappedelaine bosquexaban, algo aprobados por *Monsieur*⁶⁵, o que máis tarde debía ser “a conspiración da beira da auga”. L'Épingle Noire complotaba pola súa banda. Delaverderie púñase á fala con Trogoff. O señor Decazes, mentalidade en certo sentido liberal, dominaba. Chateaubriand, de pé as mañás todas diante da súa fiestra no nº 27 da rue Sainte-Dominique, en pantalóns con pés e pantufas, cabelos grises toucados cun pano de Madrás, os ollos chantados nun espello, un estoxo completo de cirurxián-dentista aberto diante súa, esgarabellaba nos dentes –que tiña encantadores- entremetres dictaba variantes de *A Monarquía segundo a Carta Constitucional* ao señor Pilorge, seu secretario. A crítica autorizada prefería Lafon a Talma. O señor de Féletz asinaba A. e Hoffman asinaba Z. Charles Nodier escribía *Thérèse Aubert*. Abolíase o divorcio. Os liceos chamábanse colexios. Os colexiais, adornados no colariño cunha flor de lis de ouro, enfrontábanse a propósito do rei de Roma. A contra-policía do castelo denunciaba ante Súa Alteza Real *Madame* o retrato –exposto por todas partes- do señor duque de Orléans, quen tiña mellor aspecto en uniforme de coronel xeral dos húsares que o señor duque de Berry en uniforme de coronel xeral dos dragóns: grave inconveniente. A cidade de París

⁶⁴ Ver nota 128.

⁶⁵ Dende os tempos do Renacemento dábaselle en Francia este tratamento ao irmán segundoxénito do Rei. Nese momento histórico *Monsieur* era o conde de Artois, que despois sucedería a Luís XVIII co nome de Carlos X.

corría cos gastos de dourar novamente a cúpula dos Inválidos. Os homes serios preguntábanse o que había facer en tal ou cal ocasión o señor de Trinquelague; o señor Clausel de Montals distanciábase en varios puntos do señor Clausel de Coussergues; o señor de Salaberry non estaba contento. O cómico Picard, que pertencía á Academia da que o cómico Molière non conseguira formar parte, facía representar *os dous Philibert* no Odeón, teatro de frontón con letras arrancadas que aínda deixaban ler claramente TEATRO DA EMPERATRIZ. Tomábase partido a prol e á contra de Cugnet de Montarlot. Fabvier era faccioso, Bavoux era revolucionario. O libreiro Pélicier publicaba unha edición de Voltaire baixo o seguinte título: *Obras de Voltaire, da Academia Francesa*. “ Iso fai afluír os lectores” dicía este inxenuo editor. A opinión xeral é que o señor Loyson había ser o xenio do século, a envexa comezaba a trabalo, sinal de gloria, e facían sobre el este verso:

Mesmo cando Loyson voa , sentimos que el ten patas ⁶⁶.

Ao se negar o cardeal Fesch a dimitir, Monseñor de Pins, bispo de Amasia, administraba a diocese de Lyon. Comezaba a querela do val de Dappes entre Suíza e Francia cun memorando do capitán Dufour, dende aquela xeneral. Saint Simon, ignorado, erguía a armazón do seu soño sublime. Había na Academia das Ciencias un Fourier célebre que a posteridade esqueceu e en non sei que faiado un Fourier escuro de quen o porvir se ha lembrar. Lord Byron comezaba a despuntar, unha nota dun poema de Millevoye anunciábao a Francia nestes termos: *un tal lord Baron*. David de Angers traballaba en moldear o mármore. O abade Caron falaba eloxiosamente, nun grupiño de seminaristas, na rúa cega de Les Feuillantines, dun crego descoñecido chamado Félicité Robert que mais tarde foi Lammenais. Unha cousa que fumegaba e batuxaba polo Sena co ruído dun can que nada, ía e viña baixo as fiestras das Tuilerías, da Ponte Real á Ponte Luís XV; era un aparato mecánico que servía para pouco, unha especie de enredoiño, a matinal de algún inventor fantasioso, unha utopía: un barco de vapor. Os parisienses miraban esa inutilidade con indiferenza. O señor de Vaublanc, reformador do Instituto por vía de golpe de Estado, de disposición legal e de nomeamento, autor distinguido por varios académicos, despois de telos designado, non daba conseguido ser el un. O faubourg Saint-Germain e o pavillón Marsan⁶⁷ desexaban para prefecto de Policía o señor Delaveau a causa da súa devoción. Dupuytren e Récamier disputaban no anfiteatro da Escola de Medicina e ameazábanse co puño a propósito da divindade de Xesucristo. Cuvier, cun ollo na Xénese e o outro na natureza, esforzábase en gustarlle á reacción beateira pondo os fósiles de acordo cos textos e facendo adular Moisés polos mastodontes. O señor François de Neufchâteau, louvável continuador da memoria de Parmentier, facía mil esforzos para que *pomme de terre* fose pronunciado *parmentière* e non o lograba. O abade Grégoire, antigo bispo, antigo membro da Convención, antigo senador, pasara na polémica monárquica ao estado de “infame Grégoire”. Esta locución que acabamos de empregar *pasar ao estado de*, era denunciada como neoloxismo polo señor Royer-Collard. Podíase aínda distinguir pola súa brancura, baixo o terceiro arco da ponte de Iéna, a pedra nova coa que dous anos antes se entupira o buraco de mina practicado por Blücher para facer saltar a ponte. A Xustiza chamaba diante dela un home que ao ver o conde de Artois en Notre-Dame, dixera en voz alta: *Pardiola! Boto de menos o tempo en que vía a Bonaparte e Talma entraren de ganchete no Bal Sauvage*. Palabras sediciosas. Seis meses de prisión. Había traidores a se mostrar abertamente; homes que se pasaran ao inimigo a víspera dunha batalla non ocultaban nada da recompensa e desfilaban impudicamente a pleno sol no cinismo das riquezas e as dignidades; desertores de Ligny e de Quatre-Bras, no desaseo da súa torpeza pagada, exhibían a súa devoción monárquica núa, esquecendo o que está escrito en Inglaterra na parede interior dos water-closets públicos: *Please adjust your dress before leaving*.

⁶⁶ Xógase aquí en francés co significado do antropónimo *oison* como designación dun anátido e o seu significado como adxectivo (‘parruliño’, que como en galego tamén ten o sentido de ‘pimpín, parviño’).

⁶⁷ Residencia do conde de Artois.

Velaí, nun remexido, o que aboia confusamente do ano 1817, esquecido hoxe. A historia esguella case todas esas particularidades e non pode facer outramente: o infinito a inundaría. Con todo, estes detalles que por erro son chamados pequenos (non hai feitos pequenos na humanidade nin follas pequenas na vexetación) son útiles. É da fisionomía dos anos do que se compón o rostro dos séculos.

Nese ano 1817, catro mozos parisienses fixeron “unha boa brincadela”.

II DOBRE CUARTETO

Estes parisienses eran un de Toulouse, outro de Limoges, o terceiro de Cahors e o cuarto de Montauban, mais eran estudantes, e quen di estudante di parisiense: estudar en París é nacer en París.

Eses mozos eran insignificantes, todo o mundo ten visto esas caras: catro mostras do primeiro chegado, nin bos nin ruíns, nin sabios nin ignorantes, nin xenios nin imbéciles, coa fermosura dese encantador abril que chamamos vinte anos. Eran catro Óscares calquera, pois nesa época os Arturos aínda non existían. *Queimade para el os perfumes da Arabia* -exclamaba a romanza- *Oscar avanza, Oscar vou ver*. Saíase de Ossian, a elegancia era escandinava e caledoniana, o xénero inglés puro só debía prevalecer máis tarde, e o primeiro dos Arturos, Wellington, apenas acababa de gañar a batalla de Waterloo.

Este Óscares chamábanse un Félix Tholomyès, de Toulouse, o outro Listolier, de Cahors, o outro Fameuil, de Limoges, e o último Blacheville, de Montauban. Naturalmente, cada un tiña a súa amante. Blacheville amaba Favourite, así chamada porque fóra a Inglaterra, Listolier adoraba Dalia, que adoptara como nome de guerra un nome de flor, Fameuil idolatraba Zéphine, abreviación de Joséphine, e Tholomyès tiña Fantine, chamada a Loira a causa dos seu fermosos cabelos da cor do sol

Favourite, Dalia, Zéphine e Fantine eran catro enmeigadoras rapazas. perfumadas e radiantes, aínda algo obreiras, que non abandonaran totalmente a agulla, desordenadas polos namoros, mais conservaran no rostro un resto da serenidade do traballo e na alma esa flor de honestidade que na muller sobrevive á primeira caída. A unha das catro chamábanlle a nova porque era a de menor idade e a outra chamábanlle a vella. A vella tiña vinte e tres anos. Para non ocultar nada: as tres primeiras eran máis experimentadas, máis despreocupadas e máis enlevadas polo ruído da vida do que Fantine a Loira, quen se atopaba na súa primeira ilusión.

Dalia, Zéphine, e maiormente Favourite, non poderían dicir o mesmo. Había xa máis dun episodio na súa novela apenas encetada e o namorado, que se chamaba Adolphe no primeiro capítulo, viña sendo Alphonse no segundo e Gustave no terceiro. Pobreza e coquetaría son dúas conselleiras fatais: unha rosma, a outra adula, e as belidas rapazas do pobo téñenas a lles falar elas dúas ao ouvido, cada unha pola súa banda. Esas almas mal gardadas escoitan. De aí as caídas que levan e as pedras que lles botan. Cánganas co esplendor de todo o que é inmaculado e inaccesíbel. Malpocadas! E se a Jungfrau tivese fame?

Ao ter estado Favourite en Inglaterra, Zéphine e Dalia admirábana. Dende moi cedo tivera ela casa propia. Seu pai era un vello profesor de Matemáticas brutal e que tiña un forte acento gascón: non casara, e malia os seus anos daba clases particulares. Ese profesor, cando novo, vira un día a saia dunha criada engancharse nun ferro da cheminea e namorárase dese accidente. De aí viñera Favourite. De cando en cando víase con seu pai, que a ía saudar. Unha mañá, unha velliña de aspecto monxil entrara na súa casa e díxeralle:

- Non me coñece, señorita?
- Non.
- Son túa nai.

Despois a vella abría o aparador, bebera e comera, mandara traer un colchón que tiña e instalárase alí. Esa nai, roñona e devota, non falaba nunca con Favourite, estaba horas sen dicir cousa ningunha, almorzaba, xantaba e ceaba como catro e baixaba facer tertulia á casa do porteiro, onde botaba pestes da súa filla.

O que arrastrara Dalia cara a Listolier, cara a outros se cadra, cara á ociosidade, era ter unllas rosadiñas bonitas de máis. Como facer traballar esas unllas? A que quere seguir virtuosa non ten que doerse das súas mans. Canto a Zéphine, conquistara Fameuil polo seu xeitiño guímalo e acariñador de dicir: “Si, señor”.

Ao seren os mozos compañeiros, as mozas eran amigas. Sempre eses amores van dobrados por esas amizades.

Asisado e filósofo son cousas distintas, e o que o proba é que –deixando a parte as reservas todas sobre eses emparellamentos irregulares- Favourite, Zéphine e Dalia eran rapazas filósofas e Fantine unha rapariga asisada.

“Asisada”, han dicir: e logo Tholomyès? Salomón respondería que o amor forma parte do siso. Nós limitámonos a dicir que o amor de Fantine era un primeiro amor, un amor único, un amor fiel.

Ela era a única das catro que só un trataba de ti.

Fantine era un deses seres que agroman –por dicilo así- no fondo do pobo. Saída das máis insondáveis espesuras da sombra da sociedade, levaba na fronte o sinal do anonimato e do descoñecido. Nacera en Montreuil-sur-Mer. Quen eran seus pais? Ninguén o podería dicir. Nunca lle coñeceran pai nin nai. Chamábase Fantine. Por que Fantine? Nunca lle coñeceran outro nome. No momento de ela nacer aínda existía o Directorio. Ao non ter nome de familia non tiña familia, ao non ter nome de bautismo a igrexa tampouco non estaba. Chamouse como lle petou ao primeiro viandante que a atopou de pequerrecha, camiñando descalza pola rúa. Recibiu un nome igual que recibía a auga das nubes na fronte cando chovía. Chamárona a pequena Fantine. Ninguén sabía máis dela. Aquela criatura humana viñera á vida dese modo. Aos dez anos, Fantine deixou a vila e foi servir á casa duns granxeiros dos arredores. Aos quince anos foise a París “na procura de fortuna”. Fantine era fermosa e permaneceu pura o máis tempo que puido. Era unha belida loira con bonitos dentes. Tiña ouro e perlas por dote, mais o seu ouro levábao enriba da testa e as súas perlas levábaas dentro da boca.

Traballou para vivir. Logo –para seguir vivindo, pois o corazón sente tamén fame – amou.

Amou a Tholomyès.

Namoriscamento para el, paixón para ela. As rúas do Bairro Latino, ateigadas do formigueo dos estudantes e as costureiriñas, viron o comezo dese soño. Fantine, neses dédalos do outeiro do Panteón, onde tantas aventuras se atan e se desatan, fuxira de Tholomyès moito tempo, mais de xeito que sempre acababa por atoparse con el. Hai unha maneira de evitar que semella buscar. En resumo: tivo lugar a égloga.

Blachevelle, Listolier e Fameuil formaban unha sorte de grupo do que Tholomyès era a testa. Era el o que tiña a agudeza.

Tholomyès era o antigo estudante vello; era rico, tiña catro mil francos de renda: catro mil francos de renda, espléndido escándalo na Montagne Sainte Genèviève.

Tholomyès era un vividor de trinta anos mal conservado. Estaba engurrado e desdentado, e esbozaba unha calvicie da que el mesmo dicía sen tristura: *cranio aos trinta anos, bóla rasa aos corenta*. Dixería malamente, e un ollo bagoáballe. Mais a medida que a súa mocidade se ía apagando alumeaba a súa alegría, substituíu os seus dentes polo humor, os seus cabelos polo contentamento, a súa saúde pola ironía, e o seu ollo que choraba ría de contino. Estaba escalazado, mais todo en flores. Ao facer a súa mocidade as maletas antes de tempo, batíase en retirada ordenadamente, escachaba a rir e non se notaba nadiña. Rexeitáranlle unha obra no vodevil. Facía por acá e por acolá versos medianeiros. A maiores, dubidaba enteiramente das cousas todas, forza considerábel a ollos dos febles. Así, ao ser irónico e calvo, era o xefe. *Iron* é palabra inglesa que quer dicir ferro. Será dela que ven ironía?

Un día, Tholomyès chamou os outros a parte, fixo un aceno de oráculo e díxolles:

- Vai para un ano que Fantine, Dalia, Zéphine e Favourite levan pedíndonos unha sorpresa. E nós prometímosllela solemnemente. Sempre nos están a falar dela, a min maiormente. Igual que en Nápoles as vellas lle gritan a San Gennaro *Faccia gialluta, fa o miracolo* "Cara marela fai o milagre!", as nosas belidas dinme de contino: "Tholomyès, cando vas parir a sorpresa?". Ao mesmo tempo, os nosos pais escribennos. Serran polos dous lados. Paréceme que chegou o momento. Falemos.

Nestas, Tholomyès baixou a voz e articulou milagrosamente algo tan divertido que un vasto e entusiasta rir sarcástico saíu á vez das catro bocas e que Blacheville exclamou:

- Esa si que é unha idea!

Apareceu un barucho cheo de fume, entraron nel e o resto da súa conferencia perdeuse nas sombras.

O resultado desas tebras foi un fascinante día de festa que tivo lugar no domingo seguinte, ao convidaren os catro mozos ás catro rapazas.

III CATRO A CATRO

Non nos damos figurado axeitadamente hoxe o que era unha excursión de estudantes e costureiriñas hai corenta e cinco anos. París non ten os mesmos arredores, a faciana do que poderíamos chamar a vida circumparisiense mudou de a feito dende hai medio século: onde estaba a carruaxe está o vagón, onde estaba o patache está o barco de vapor, hoxe fábase de Fécamp como antes se falaba de Saint Cloud. O Paris de 1862 é unha cidade que ten Francia por suburbio.

As catro parellas cumpriron a conciencia todos os reloucos campestres posíbeis daquela. Entrábase nas vacacións e era unha quente e clara xornada de verán. A víspera, Favourite, a única que sabía escribir, escribíralle a Tholomyès isto en nome das catro: “Unha boa mañanciña comeza de mañanciña.” Por iso se ergueron ás cinco. Logo foron a Saint-Cloud na carrilana, miraron a fervenza seca e exclamaron: “Debe ser ben bonita cando leva auga!”, almorzaron na Tête-Noire, pola que Castaing⁶⁸ aínda non pasara, botaron unha partida de aneis no quincuncio⁶⁹ do gran estanque, subiron á lampariña de Dióxenes⁷⁰, xogaron mazapáns⁷¹ na ruleta da ponte de Sèvres, colleron ramos en Puteaux, mercaron canas de crema en Neuilly, comeron a esgalla pasteliños de mazá e foron perfectamente felices.

As raparigas barullaban e barallaban cal papuxiñas escapadas. Era un delirio. Por momentos dábanlles palmadiñas aos mozos. Bebedeira matinal da vida! Adorabeis anos! A aza das libélulas tremela. Ah, quen queira que vós sexades: lembrádesvos? Tedes camiñado pola matogueira arredando as ramas por causa da cabeciña engaioladora que ven atrás vosa? Tedes escorregado rindo por algunha encostiña mollada pola chuvia cunha muller amada que terma de vós coa man e exclama: “Ai, as miñas chinelas noviñas! Dá mágoa como están!”

Digamos decontadiño que esa leda contrariedade, un ballón, faltoulle a ese grupo de bo humor, aínda que Favourite tivese dito ao saír, cun acento maxistral e maternal: *As lesmas pasean polos carreiros. Sinal de chuvia, rapaces.*

Todas catro eran loucamente bonitas. Un bo e vello poeta clásico, de moita sona entón, un homiño que tiña a súa Eléonore, o señor cabaleiro de Labouïsse, errando aquel día so os castiñeiros de Saint Cloud, viunas pasar contra as dez da mañá e exclamou *Hai unha de máis*, pensando nas Grazas. Favourite, a amiga de Blacheville, a dos vinte e tres anos, a vella, corría cara a diante baixo as grandes árbores verdes, saltaba as fochancas, alancaba perdidamente por riba das silveiras e presidía aquela alegría coa pibela dunha faunesa mociña. Zéphine e Dalia, que o acaso fixera fermosas de xeito que se potenciaban ao se achegaren e se completaban, non se separaban –por instinto de coquetaría máis aínda que por amizade- e, apoiadas unha na outra, adoptaban poses inglesas; os primeiros keepsakes acababan de aparecer, a melancolía despuntaba entre as mulleres, como máis tarde o byronismo entre os homes, e os cabelos do sexo tenro comezaban a esbagoar. Zéphine e Dalia estaban peiteadas en rolos. Listolier e Fameuil, metidos nunha discusión sobre os seus profesores, explicábanlle a Fantine a diferenza que había entre o señor Delvincourt e o señor Blondeau.

⁶⁸ Envenenador citado xa por Victor Hugo en *O derradeiro día dun condenado*.

⁶⁹ Figura xeométrica na que cinco elementos –con frecuencia vexetais- son dispostos catro deles en cadrado ou rombo e o quinto no seu centro.

⁷⁰ Espectáculo no que se representaba a historia do filósofo grego Dióxenes de Sinope ao través das anécdotas que se lle atribúen.

⁷¹ Un tipo de xogo de azar.

Blachevelle semellaba ter sido creado expresamente para levar sobre o seu brazo o domingo o chal de imitación de cachemira de Favourite.

Tholomyès seguíaos, dominando o grupo. Estaba moi ledo, mais nel sentíase o mando, había dictadura na súa xovialidade. O seu ornato principal era un pantalón de patas de elefante, en nanquín, con sopés de trenza de cobre; tiña na man un rexo bambú de dous centos francos e, como se permitía todo, unha cousa estraña chamada *cigarro* na boca. Ao non haber para el cousa ningunha sagrada, fumaba.

- Este Tholomyès é asombroso –dicían os outros con veneración- Que pantalón! Que pulo!

Canto a Fantine, ela era a alegría. Os seus dentes espléndidos recibiran de Deus, evidentemente, unha función: rir. Levaba na man, de mellor grado que na cabeza, o seu sombreiriño de palla cosida e longas fitas brancas. Os seus mestos cabelos loiros, con tendencia a flotar e doadamente desatados e que cumpría prender de contino, semellaban feitos para a fuxida de Galatea baixo os salgueiros. Os seus beizos rosados parolicaban meiguíños. Os recantos da súa boca, voluptuosamente soergueitos, como nos mascaróns antigos de Erígona, tiñan aspecto de animar os audaces, mais as súas longas pestanas cheas de sombra abaixábanse discretamente enriba deste boureo do baixo da face como para dar o alto. Todo o seu enfeite tiña un non sei o que de cantareiro e de alapreante. Levaba un vestido de barège⁷² malva, zapatiños-coturnos acastañados e brillosos, con amallos que trazaban X nas súas brancas medias caladas, e esa especie de spencer⁷³ de muselina, invento marsellés do que o nome -*canesú*, pronunciado *quinze août* en La Canebière⁷⁴- significa bo tempo, calor e terras do sur. As outras tres, menos tímidas xa dixemos, estaban todas escotadas, o que polo verán, baixo chapeus cubertos de flores, presenta moita graza e engado, mais á beira destes adovíos ousados, o *canesú* da loira Fantine, coas súas transparencias, as súas indiscrecións e as súas reticencias, agachando e amosando ao tempo, semellaba un achado provocativo da decencia, e a famosa Corte de Amor, presidida pola vizcondesa de Cette, de ollos verdemar, teríalle dado se cadra o premio da coquetaría a este *canesú* que competía pola castidade. O máis sinxelo é as veces o máis elaborado. Acontece.

Coruscante de fronte, delicada de perfil, os ollos dun azul profundo, as pálpebras graxas, os pés arqueados e pequenos, os pulsos e os tornecelos admirabelmente encaixados, a pel branca deixando ver acá e acolá as arborescencias cor índigo das veas, a meixela pueril e franca, o pescozo robusto das Xunos exinéticas⁷⁵, a caluga forte e flexíbel, os ombreiros modelados como por Coustou e cunha voluptuosa coviña no centro deles visíbel ao través da muselina. Unha ledicia conxelada de soño, escultural, exquisita. Tal era Fantine, e baixo eses tecidos adiviñábase unha estatua, e nesa estatua unha alma.

Fantine era fermosa sen o saber moito. Os poucos envisos, sacerdotes misteriosos da beleza, que confrontan toda cousa coa perfección, terían dexergado nesta obreiriña, ao través da transparencia da graza parisiense, a antiga eufonía sagrada. Esa rapariga da sombra tiña raza. Era fermosa baixo as dúas especies, que son o estilo e o ritmo. O estilo é a forma do ideal, o ritmo é o seu movemento.

Dixemos que Fantine era a alegría, Fantine era tamén o pudor.

⁷² Tecido de la lixeira orixinario da localidade de Barèges.

⁷³ Tipo de chaqueta, corta e axustada, con mangas longas.

⁷⁴ Avenida do centro de Marsella.

⁷⁵ Orixinarias da illa grega de Exina.

Para un observador que a tivese estudado atentamente, o que se desprendía dela, ao través da idade, da estación e do amoriño, era unha expresión invencíbel de contención e de modestia. Permanecía sempre algo aglaiada. Ese casto aglaio é o matiz que separa Psiqué de Venus. Fantine tiña os longos dedos brancos e finos da vestal que remove as cinzas do lume sagrado cun alfinete de ouro. Mesmo se non lle tivese refugado nada – como veremos de xeito manifesto- a Tholomyès. o seu rostro, en repouso, era soberanamente virxinal, unha sorte de dignidade seria e case austera invadía de súpeto a certas horas e nada era igual de singular e turbador como ver a ledicia apagarse tan axiña e o recollemento suceder sen tránsito ao esparexemento. Esa repentina gravidade, por veces severamente acentuada, semellaba o desdén dunha deusa. O seu fronte, o seu nariz e o seu queixelo ofrecían ese equilibrio de liña, ben distinguíbel do equilibrio da proporción, de onde resulta a harmonía do rostro. No intervalo tan característico que separa a base do nariz do beizo superior tiña ese pregamento imperceptíbel e meiguiño, signo misterioso da castidade que fixo namorar Barbarrubia⁷⁶ dunha Diana atopada nas excavacións de Icona⁷⁷.

O amor é unha falta, concordo. Fantine era a inocencia que nada por riba da falta.

⁷⁶ Frederico Barbarrubia, emperador do Sacro Imperio Romano-Xermánico (s. XII).

⁷⁷ Capital da Licaonia, antiga rexión da Asia Menor e hoxe Konya, na actual Turquía.

IV

THOLOMYÈS ESTÁ TAN LEDO QUE CANTA UNHA CANCIÓN ESPAÑOLA

Aquel día estaba de punta a couce feito de aurora. A natureza toda semellaba en festa e a rir. Os xardíns de Saint-Cloud arrecendían, o alento do Sena brandeaba as follas mainamente, as pólas acenaban no vento, as abellas sometían os xasmíns á pillaxe e toda unha bohemia de bolboretas brincaba polas milfollas, o trevo e a avea louca. Había no augusto parque do rei de Francia unha chea de vagabundos: os paxaros.

As catro ledas parellas, mesturadas co sol, cos campos, coas flores e coas árbores, resplandecían.

E neste paraíso común, falando, cantando, correndo, bailando, cazando bolboretas, pillando correolas, mollando as súas medias caladas de rosados buracos nas altas herbas, frescas, toleironas, nada malintencionadas, todas elas recibían, espaxados por acá e por acolá os bicos de todos, non sendo Fantine, pechada na súa vaga resistencia soñadora e fuxidía, que estaba en amores.

-Ti, dicíalle Favourite, sempre parece que tes algo.

Velaí as alegrías. Estas pasaxes de parellas felices conteñen un profundo chamado á vida e á natureza e de todo fan xurdir a caricia e a luz. Había unha vez unha fada que fixo os prados e as árbores expresamente para os namorados. De aí o eterno latar dos amantes á escola para brincaren polos campos, latar que sempre comeza de novo e ha durar en tanto existan as escolas e os campos. De aí a popularidade da primavera entre os pensadores. O patricio e mais o petapouco, o duque e par e mais o niquitates, a xente da corte e mais a da vila, como se dicía en tempos, todos eles son súbditos desta fada. Estase entre risas e procuras, hai no aire unha claridade apoteósica. Que transfiguración a de amar! Os escribintes de notaría son deuses. E os gritoños, as persecucións pola herba, o van collido ao voar, esas faladelas que son melodías, esas adoracións que estouran no xeito de pronunciar unha sílaba, esas cereixas arrancadas dunha boca á outra, todo iso alaprea e pasa en glorias celestiais. As fermosas rapazas malbarátanse elas mesmas manseliñamente. Crese que non vai rematar endexamais. Os filósofos, os poetas, os pintores observan esas éxtases e non saben que facer con elas, tan encandeados se ven. “Embarque para Citera!”, exclama Watteau. Lancret, o pintor da xente común, contempla os seus burgueses a voaren no azul, Diderot tende os brazos a todos os amoriños e d’Urfé mestúralles druidas.

Despois de almorzar, as catro parellas foran ver, no que daquela se chamaba “o cadrado do rei”, unha planta acabada de chegar da India, da que non me lembro o nome neste momento e que entón atraía todo París a Saint-Cloud. Era unha estraña e encantadora arboriña, no alto dun talo, con innumerabeis pólas delgadas como fíos encerellados, sen follas, cubertas por un millón de rosiñas brancas, o que facía que o arbusto tivese o aspecto dunha cabeleira apiollada de flores. Sempre había unha chea de xente a admirala.

Tras veren o arbusto, Tholomyès exclamara: “Eu pago os burros!” e, tratado o prezo cun burreiro, volveran por Vanves e Issy. En Issy, incidente. O Parque (Ben Nacional que nesta época posuía Bourguin, fornecedor das tropas) estaba por sorte aberto a vagabán. Franquearan a reixa, visitaran o anacoreta manequín na súa cova, e probaran os efectiños misteriosos do famoso gabinete dos espellos, lasciva trapela digna dun sátiro convertido en millonario ou de Turcaret metamorfoseado en Príapo. Abalaran rexamente

a grande rede bambaneante atada nos dous castiñeiros celebrados polo abade de Bernis. Ao tempo que acaneaba aquelas raparigas belidas unha tras outra -o que provocaba, entre as risas universais, pregaduras de saias a voar das que Greuze tería tirado partido- Tholomyès, o mozo de Toulouse, algo español pois esta cidade é curmán de Tolosa, cantaba sobre unha melodía melancólica a vella canción galega probabelmente inspirada por algunha rapaza feitiña lanzada a todo revoar enriba dunha corda entre dúas árbores:

*Soy de Badajoz.
Amor me llama.
Toda mi alma
Es en mis ojos
Porque enseñas
A tus piernas*⁷⁸.

Só Fantine refugou bambanearse.

- Non me gusta que se ande con tantas maneiras –murmurou agrememente Favourite.

Devoltos os burros, nova alegría: atravesaron o Sena en barco, e dende Passy, camiñando, chegaron á barreira de Étoile. Levaban, como lembramos, a pé dende as cinco da mañá, pero boh! *Non hai fatiga o domingo*, -diciu Favourite- *o domingo a canseira non traballa*. Contra as tres, as catro parellas, cegadas de felicidade, rolaban polas montañas rusas, edificio singular que daquela ocupaba os outeiros de Beaujon e dos que se albiscaba a liña serpenteante por riba das árbores dos Campos Elíseos.

De cando en cando Favourite exclamaba:

- E a sorpresa? Pido a sorpresa.
- Paciencia –respondía Tholomyès.

⁷⁸ A letra desta canción denota –polos seus erros en español- un autor francés, que foi con toda probabilidade Victor Hugo se temos en conta outros textos anteriores nos que el evoca amoríos de mocidade. O paso da *canción española* á *galega* é deliberado para dar entrada a unha *melodía melancólica* que adianta o porvir tristeiro de Fantine. Véxase o noso artigo en *Sermos Galiza* <https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/victor-hugo/20180918120041072134.html> ou a nosa “Note sur la chanson de Tholomyès” no sitio do universitario *GroupeHugo* [http://groupugo.div.jussieu.fr/Groupugo/Textes et documents/Banet %20Note%20sur%20la%20chanson%20de%20Tholomy%C3%A8s.pdf](http://groupugo.div.jussieu.fr/Groupugo/Textes%20et%20documents/Banet%20Note%20sur%20la%20chanson%20de%20Tholomy%C3%A8s.pdf)

Queremos deixar constancia do noso agradecemento pola súa xestión ao señor Guy Rosa, profesor da universidade Paris Diderot e un dos maiores especialistas na obra de Victor Hugo.

V EN CASA BOMBARDA

Esgotadas as montañas rusas, pensárase na cea, e o radiante octeto, ao final algo canso, naufragara na taberna Bombarda, sucursal que establecera nos Campos Elíseos o famoso restaurador Bombarda, de quen se vía daquela o letreiro na rue de Rivoli, á beira da pasaxe Delorme.

Un cuarto grande, aínda que feo, con alcoba e leito ao fondo (visto o cheo da taberna houbera que aceptar ese tobo); dúas fiestras dende as que se podían contemplar, a través dos olmos, o peirán e o río; unha magnífica raiola de agosto rozando as fiestras; dúas mesas: enriba dunha unha triunfante montaña de ramos mesturados con chapeos de homes e de mulleres, e na outra as catro parellas sentadas de arredor dun ledó acugulo de fontes, pratos, vasos e botellas; cantariñas de cervexa mesturadas con frascas de viño, pouca orde na mesa e algunha desorde por baixo:

*Facían baixo a mesa
un troupeleo e bulla de pés con moita présa*

Como di Molière.

Velaí onde estaba contra as catro e media do serán a pastorela encetada ás cinco da mañá. O sol declinaba e o apetito apagábase.

Os Campos Elíseos, cheos de sol e de xente, non eran senón luz e poeira, dúas cousas das que se compón a gloria. Os cabalos de Marly⁷⁹, eses mármoreos rinchantes, daban pinchos nunha nube de ouro. As carruaxes ían e viñan. Un escadrón de magníficos escoltas, co clarín á cabeza, baixaba a avenida de Neuilly ; a bandeira branca, vagamente rosada no solpór, flotaba na cúpula das Tuilerías. A praza da Concordia, convertida entón de novo en praza de Luís XV, refervía de paseantes contentos. Moitos levaban a flor de lis de prata pendurada da fita branca lampexante, que en 1817 aínda non desaparecera totalmente das lapelas. Por acá e por acolá, no medio dos camiñantes que facían círculo e aplaudían, rodas de rapaciñas botaban ao vento un bailiño borbónico entón célebre, destinado a fulminar os Cen Días e que tiña como retrouso:

*Volveinos o noso pai de Gante.
Volveinos o noso pai⁸⁰*

Moreas de habitantes dos arrabaldos, endomingados e ás veces mesmo flordelisados como os burgueses, espallados polo gran cadrado e o cadrado de Marigny, xogaban aos aneis e daban voltas nos cabalos de madeira; outros bebían; algúns, aprendices de impresores, levaban puchos de papel. Todo raiolaba. Era un tempo de paz indiscutíbel e de profunda seguranza monárquica; era o momento no que un informe íntimo e especial do prefecto de policía Anglès ao rei encol dos arrabaldos de París remataba con estas liñas: “Ben considerado todo, Maxestade, non hai nada que temer desa xente. Son despreocupados e indolentes como gatos. O baixo pobo das rexións é bulideiro, o de París non o é. Son todos homiños. Maxestade, cumprirían dous deles, empatados un no outro, para facer un dos vossos granadeiros. Non hai temor tocante ao populacho da capital. Resulta notábel que a estatura aínda decreceu nesta poboación dende hai

⁷⁹ Estas pezas do escultor Marly foron instaladas en París na praza da Concordia, sendo posteriormente substituídas por copias, en tanto que os orixinais se conservan no museo do Louvre.

⁸⁰ Alusión a Luís XVIII, que se refugiara en Gante, durante ese período do regreso de Napoleón.

cincuenta anos, e o pobo dos arrabaldos de París é máis pequeno do que antes da revolución. Non é perigoso. En resumo: é canalla boíña.”

Que un gato poida mudarse en león, os prefectos de policía non o cren posíbel, porén iso é o milagre do pobo de París. Por parte, o gato, tan desprezado polo conde Anglès, gozaba da estima das repúblicas antigas, encarnaba aos seus ollos a liberdade, e, como para servir de paralelo á Minerva áptera do Pireo, había na praza pública de Corintio un colosal gato de bronce. A inxenua policía da restauración vía con “bos ollos” de máis o pobo de París. Con todo, non vaiamos crer que é “canalla boíña”. O parisiense é ao francés o que o ateniense era ao grego: ninguén dorme mellor do ca el, ninguén é máis francamente frívolo e preguiceiro do ca el, ninguén mellor do ca el parece esquecer; ora ben, que ninguén se fíe: é presa de toda caste de despreocupación, mais, cando hai gloria no cabo, abraia con todo tipo de furia. Dádelle unha pica e fará o 10 de agosto⁸¹, dádelle un fusil e teredes Austerlitz. El é o punto de apoio de Napoleón e o recurso de Dantón. Trátase da patria? El se alista. Trátase da liberdade? Arranca o empedrado. Coidadiño, os seus cabelos encarraxados son épicos e a súa blusa espésase en clámide! Tende conta. Da primeira rue Greneta⁸² que apareza ha facer unhas forcas caudinas. Se chega a hora, ese habitante do arrabaldo vai medrar, ese homiño vaise erguer, e ha ollar dun xeito terríbel, e o seu alento hase virar en tempestade e ha saír dese pobre peitiño magrelo vento abondo para abalar os pregamentos dos Alpes. É grazas ao habitante dos arrabaldos de París como a revolución, mesturada cos exércitos, conquista Europa. El canta, é a súa ledicia. Poñede a súa canción en proporción coa súa natureza e habedes ver! Mentres só teña por retrouso a Carmañola, só derruba a Luís XVI; facédelle cantar a Marsellesa e ha liberar o mundo.

Escrita esta nota á marxe do informe Anglès, regresamos ás nosas catro parellas. A cea, como dixemos, estaba rematando.

⁸¹ 10 de agosto de 1792, importante xornada dentro da Revolución Francesa.

⁸² Nesa pequena rúa resistiu heroicamente un grupo de parisienses na insurrección de maio de 1839.

VI CAPÍTULO NO QUE SE ADORAN

Falas de mesa e falas de amor; unhas son tan inaprensíbeis como as outras; as falas de amor son nubes, as falas de mesa son fumes.

Fameuil e Dalia cantarolaban, Tholomyès bebía, Zéphine ría, Fantine sorría Listolier sopraba nunha trompeta de pau mercada en Saint-Cloud. Favourite miraba tenramente para Blachevelle e dicía:

- Blachevelle, adórote.

Iso provocou unha pregunta de Blachevelle:

- Que farías ti se eu deixase de te querer, Favourite?

- Eu? –exclamou Favourite- Ah, non digas iso nin de risa! Se deixases de me querer, habíache saltar enriba, rabuñaríate, rañaríate, botaríache auga e faría que te prendesen.

Blachevelle sorriu coa fatuidade voluptuosa dun home ao que lle fan cóchegas no seu amor propio. Favourite seguíu:

- E mais si, chamaría os gardas! Habíame incomodar, si ho! Canalla!

Blachevelle, extasiado, revolveuse no seu asento e pechou orgullosamente os ollos.

Dalia, ao tempo que comía, díxolle polo baixo a Favourite no boureo:

- Seica o idalatrás moito, logo, o teu Blachevelle?

-Detéstoo -respondeu Favourite no mesmo ton collendo outra vez o trinchante- É avaro. Gústame o pequeno que vive fronte á miña casa. Esta moi ben, o mociño ese: coñécelo? Vese que ten maneira de actor. Gústanme os actores. Tan axiña como entra na casa, a súa nai dille: “Ai, meu Deus, acabouse a tranquilidade! Vaise poñer a berrar. Rómpesme a cabeza, meu amiguiño!” Porque vai ao faiado dos ratos, aos recunchos escuros, tan alto como dá subido, a cantar e declamar, que sei eu o que se sente embaixo! Gaña xa un franco ao día escribindo os preitos dun avogado. É fillo dun antigo chantre de Saint-Jacques du-Haut-Pas⁸³. Ah, está moi ben, el! Idolátrame tanto que un día que me viu facer amoadado de filloas, díxome: *‘ñorita, faga chulas coas súas luvas, que eu heinas comer!* Só os artistas din cousas coma esa. Ah, está moi ben, el! Estou a piques de perder o siso por ese pequeno. É igual, eu dígolle a Blachevelle que o adoro. Que mentireira son, eh? Que mentireira!

Favourite fixo unha pausa e continuou:

- Dalia, sabes, estou triste. Todo o inverno estivo a chover, o vento amólame, o vento non acouga. Blachevelle é un rañicas, seica no mercado non hai senón chícharos, non comemos outra cousa. Teño o spleen, como din os ingleses: a manteiga vai tan cara! E mais, mira, é un horror, estamos ceando nun sitio onde hai unha cama, é unha vida repugnante.

⁸³ Unha igrexa de París.

VII SABENCIA DE THOLOMYÈS

No entanto, namentres algúns deles cantaban, outros parolaban tumultuosamente e todos á vez; era só balbordo. Tholomyès interveu:

- Non temos que falar ao chou nin tan rápido –exclamou- Pensémolo, se queremos ser brillantes. Improvisando de máis baleiramos parvamente a agudeza. O calar si ten cancelas. Señores, sen precipitarnos. Mesturemos a maxestade coa esmorga; comamos con solemnidade, festinemos lentamente. Non nos apresuremos. Mirade a primavera, se se apura inflámase e conxélase. O que non ten maña non come castaña. Cómpre ter maña para non matar a graza e a ledicia dos bos xantares. Maña, señores! Grimod de la Reynière⁸⁴ é da mesma opinión que Talleyrand⁸⁵.

Unha xorda rebelión roñou no grupo.

- Tholomyès, déixanos tranquilos –dixo Blachevelle.
- Abaixo o tirano! –dixo Fameuil.
- Bombarda, bombo, e bambeo! –berrou Listolier.
- Os domingos existen –seguiu Fameuil.
- Nós somos sobrios –engadiu Listolier
- Tholomyès- púxose Blachevelle- son un monte de calma.
- Si, ho, o marqués de Montcalm –respondeu Tholomyès.

Ese mediocre xogo de palabras fixo o efecto dunha pedra nun lameiro. O marqués de Montcalm era un monárquico entón célebre. Calaron as rás todas.

-Amigos -exclamou Tholomyès co acento dun home que recobraba a seguranza-repoñédevos. Cómpre non acollermos con moito estupor esta leria caída do ceo. Non todo o que cai dese xeito é necesariamente digno de entusiasmo e de respecto. O equívoco é o excremento da agudeza a voar. A chanza cae onde cadra, e a agudeza, despois de que pariu unha parvada, afúndese no azul. Unha pinta abrancazada que se se apegar na rocha non lle impide ao cóndor planear. Lonxe de min insultar o xogo de palabras! Doulle honra na proporción que merece, máis nada. Todo o máis augusto, máis sublime e máis meigo da Humanidade ten xogado coas palabras. Xesucristo fíxoo co nome de San Pedro, Moisés co de Isaac, Esquilo co de Polínice e Cleopatra fíxolle un xogo de palabras a Octavio. Reparade en que o equívoco de Cleopatra precedeu a batalla de Actium, e que sen el ninguén había lembrar da cidade de Torina, que significa cullerón. Concedido isto, volvo á miña exhortación. Irmáns, repítoo. Nada de precipitación, nada de balbordo, de exceso, mesmo en sutilezas, alegrías, grazas e xogos de palabras. Escoitádeme, teño a prudencia de Anfiarao e a calvicie de César. Cómpre un límite, mesmo aos xeroglíficos. *Est modus in rebus*⁸⁶. Cómpre un límite, mesmo para as ceas. Gústanvos os pasteliños de mazá, señoras, mais non abusedes deles. Cómpre, mesmo cos pasteliños, siso e arte. A lambonaría castiga o lambón. *Gula punit gulax*. O bon Deus encárgalle á indigestión que faga o ensino moral dos estómagos. E lembre isto: cada unha das nosas paixóns, mesmo o amor, ten un estómago que cómpre non encher de máis. En toda cousa cómpre escribir a palabra *finis*, cómpre coutarse, cando se fai urxente, botarlle o ferrollo ao seu apetito, prender a súa fantasía e levarse un mesmo cabo dos gardas. O sabio é aquel que sabe nun momento dado realizar a súa propia detención. Confiade un pouco en min. Porque estudei algo de

⁸⁴ Célebre gastrónomo.

⁸⁵ Político e diplomático conservador francés que navegou habilmente polos diversos reximes políticos do seu país dende a Revolución á Restauración.

⁸⁶ Cita de Horacio. Lembremos que o xeroglífico se denomina en frances *rébus*.

dereito, segundo din os meus exames, porque sei a diferenza que existe entre o asunto movido e o asunto pendente, porque defendín unha tese en latín sobre a maneira da que se torturaba en Roma no tempo en que Munatius Demens era questor do parricida, porque vou ser doutor -ao que parece- non se deduce necesariamente que eu sexa un imbécil. Recomendovos moderación nos vosos desexos, Certo como me chamo Félix Tholomyès, falo ben. Feliz aquel que, cando a hora soou, toma unha decisión heroica e abdica, como Sila ou Oríxenes!

Favourite escoitaba con profunda atención.

- Félix! Dixo- Que bonita palabra! Gústame ese nome. É latín. Quere dicir Próspero.

Tholomyès seguíu:

-Quirites, gentlemen, caballeros, meus amigos! Queredes non sentir aguillón ningún e pasar do leito nupcial e desafiar o amor? Nada máis sinxelo. Velaquí a receita: limonada, exercicio extremado, traballo forzado, derreádevos, arrastrade bloques, non durmades, velade, ateigádevos de bebidas nitrosas e de tisanas de nenúfares, saboreade emulsións de papoulas e de agnocasto, adubade iso cunha dieta severa, morrede de fame, e engadide baños fríos, cintos de herbas, aplicación dunha placa de chumbo, locións co licor de Saturno e fomentos con oxicato.

- Quero mellor unha muller -dixo Listolier.

- A muller! -continuou Tholomyès- Desconfiade dela. Malfadado aquel que se entrega ao corazón cambiante da muller! A muller é pérfida e tortuosa. Odia a serpe por ciúmes do oficio. A serpe é a tenda que está en fronte.

- Tholomyès -berrou Blachevelle- estás bébedo!

- Pardiola! -dixo Tholomyès.

- Entón sé alegre -seguíu Blachevelle.

- De acordo -respondeu Tholomyès.

E enchendo o o seu vaso, ergueuse:

- Gloria ao viño! *Nunc te, Bacche, canam*⁸⁷! Perdón, señoritas, é español. E a proba, señoras mías, velaí está: cada pobo súa medida. A arroba de Castilla ten doce litros, o cántaro de Alicante doce, o almud das Canarias vinte e cinco, o cuartín das Baleares vinte e seis, a bota do czar Pedro trinta. Viva ese czar que era grande, e viva a súa bota que aínda era máis grande! Miñas señoras, un consello de amigo: enganádevos de veciño, se vos parece ben. O propio do amor é errar. Os amoríños non están feitos para se encrequenaren e se embruteceren como unha criada inglesa que leva nos xeonllos o calo de fregar o chan. Non están feitos para iso, e erran ledamente, os doces amoríños! Díxose: errar é humano; eu digo: errar é amoroso. Miñas señoras, idoládrovos todas. Oh, Zéphine! Oh, Joséphine, a da face tan repregada! Seríades encantadora se non estivésedes atravesada. Tedes aire dun bonito rostro no que, por descoido, alguén se sentou. Canto a Favourite, oh, ninfas e musas! Un día que Blachevelle pasaba o regato da rue Guérin-Buisseau, viu unha belida rapaza de medias brancas ben apertadiñas que amosaba as pernas. Este limiar gustoulle e Blachevelle amouna. A que el amou era Favourite. Oh, Favourite, tes beizos iónicos! Había un pintor grego alcumado Euforio, ao que denominaran o pintor dos beizos. Só ese grego sería digno de pintar a túa boca. Escoita: antes de ti non había criatura digna dese nome! Estás feita para recibir a mazá, como Venus, ou para comela, como Eva. A beleza comeza en ti. Acabo de falar de Eva, é ti quen a creaches. Mereces o certificado de invención da muller belida. Oh, Favourite, deixo de te tratar de “ti” porque paso da poesía á prosa. Falabades do meu nome hai un momentíño e iso conmoveume, mais -sexamos quen

⁸⁷ Cita das *Xeórxicas* de Virxilio: *E agora, Baco, voute cantar*.

sexamos- desconfiemos dos nomes; pódense enganar Eu chámome Félix e non son feliz. As palabras son mentireiras, non aceptemos cegamente as indicacións que nos dan. Sería un erro escribir a Liexa para obter rollas e a Pau para obter luvas⁸⁸. Miss Dalia, no voso lugar eu chamárame Rosa. Cómpre que a flor recenda e que a muller sexa aguda. Non digo nada de Fantine, é unha pensativa, unha soñadora, unha envisa, unha sensitiva: é un fantasma con forma de ninfa e o pudor dunha monxa, que se extravía na vida de costureiriña mais que se refuxia nas ilusións, e que canta, e que prega, e que mira o azul sen saber moito o que ve nin o que fai, e que, cos ollos no ceo, vaga por un xardín no que hai máis paxaros dos que existen. Oh, Fantine, sabe isto: eu, Tholomyès, son unha ilusión. E mais nin mesmo me óe, a loira rapariga das quimeras! Polo resto, todo nela é frescura, suavidade. Xuventude, doce clareza matinal. Oh, Fantine, rapaza digna de vos chamardes margarita ou perla, sodes unha muller do máis fermoso oriente. Señoras, un segundo consello: non casesdes; o casamento é un enxerto, pode prender ou non; escapade dese perigo. Pero, boh: que estou a cantar? Perdo as falas. As rapazas son incurabeis no da voda, e todo o que poidamos dicir, nós os sabios, non lles vai impedir ás modistiñas e ás furadoras de zapatos soñaren maridos enriquecidos con diamantes. En fin, de acordo, mais, miñas belidas, lembrade isto: tomades azucre de máis. Só cometedes un erro: lambiscar azucre. Oh, sexo rillador, os teus dentiños brancos adoran o azucre. Mais, escoitade ben: o azucre é un sal. E todo sal é desecante. O azucre é o máis desecante de todos os sales. A través das veas fai opar os líquidos do sangue, de aí a coagulación e logo a solidificación do sangue, de aí os tubérculos no pulmón, de aí a morte. É polo que a diabetes linda coa tise. Daquela, non trisqueades azucre e habedes vivir! Vírome cara ao homes. Señores, facede conquistas. Pilládevos uns aos outros sen remorso as vosas benamadas. Cazade, cruzade. No amor non hai amigos. Alá onde hai unha muller belida sempre está aberta a hostilidade. Non hai cuartel, guerra a ultranza ! Unha muller belida é un *casus belli*, unha muller belida é un flagrante delito. Todas as invasións da Historia están motivadas por saias. A muller é o dereito do home. Rómulo raptou as sabinas, Guillermo raptou as saxonas, César raptou as romanas. O home que non é amado planea como un abutre sobre as amantes doutro. E canto a min, a todos eses infortunados que están viúvos, lánzolles a sublime proclamación de Bonaparte ao exército de Italia: “Soldados, vós carecedes de todo. O inimigo teno.”

Tholomyès interrompeuse.

- Alenta, Tholomyès –dixo Blachevelle.

Ao mesmo tempo, Blachevelle, apoiado por Listolier e Fameuil, entoou con música de laio unha destas cancións festeiras, compostas coas primeiras palabras que se ocorren, con rimas ricas e pobres, baleiras de sentido como o aceno da árbore e o bruar do vento, que nacen do vapor dos pipos e se esvaecen e voan con el. Velaí a cantigiña coa que o grupo lle deu réplica á arenga de Tholomyès:

*Deron cartos a un loubán
os galos do galiñeiro
para facer por San Xoán
papa un seu compañeiro;
mais saíulles mal a man
pois nin crego era, o papeiro,
e houbo que gardar o plan
e volvelo p’ra o poleiro.*

⁸⁸ Tholomyès fai dous xogos de palabras intraducíbeis: *liège* é en francés ‘cortiza’ e mais o nome da vila de Bélxica; o nome da cidade occitana Pau pronúnciase igual que a palabra francesa *peau* (‘pel’).

Isto non foi quen de calmar a improvisación de Tholomyès. Baleirou o seu vaso, encheuno de volta e comezou de novo.

- Abaixo a sabencia! Esquecede todo o que dixer. Non sexamos sabios nin prudentes nin previdentes. Brindo pola alegría: sexamos alegres! Completemos o noso curso de dereito coa tolemia e a paparota. Indigestión e Digesto. Que Xustiniano sexa o macho e Esmorga a femia! Leducia nas profundidades! Vive, oh, creación! O mundo é un gran diamante! Son feliz. Os paxaros son asombrosos. Que festa en todos os lugares! O reiseñor é un Elleviou⁸⁹ gratis. Saúdote, verán! Oh, Luxemburgo, oh Xeórxicas da rue Madame e da avenue du Conservatoire! Oh, paxariños soñadores! Oh, todas aquelas que namentres gardan cativiños se divirten esbozándoos! As pampas da América agradaríanme se eu non tivese os arcos do Odeón. A miña alma voa polas selvas virxes e polas sabanas. Todo é fermoso. As moscas zoan nas raiolas. O sol espirrou o colibrí. Abrázame, Fantine!

Enganouse e abrazou Favourite.

⁸⁹ Famoso cantante da época.

VIII MORTE DUN CABALO

- Céase mellor en Casa Edón que en Casa Bombarda -exclamou Zéphine.
- Eu prefiro Bombarda a Edón –declarou Blachevelle. Hai máis luxo. É máis asiático. Pensade na sala de embaixo. Déixanos xeados.
- Eu, os xeados, quéroos no prato –dixo Favourite.

Blachevelle insistiu:

- Mirade para os coitelos. Os mangos son de prata en Bombarda, e de oso en Edón. E a prata é máis preciosa que o oso.
- Non sendo para os que teñen o queixelo de prata –observou Tholomyès.

Nese momento estaba el a fitar a cúpula dos Inválidos, visíbel dende as fiestras de Bombarda.

Houbo unha pausa.

- Tholomyès –gritou Fameuil- Hai un momentíño Listolier e mais eu tiñamos unha discusión.
- Unha dicusión é boa –respondeu Tholomyès- unha querela é mellor.
- Disputabamos de filosofía.
- De acordo.
- Ti cal prefires: Descartes ou Spinoza?
- Desaugiers⁹⁰ –respondeu Tholomyès.

Dado o seu veredicto, bebeu e proseguíu:

-Consinto en vivir. Non todo rematou na terra pois que aínda podemos perder a razón. Doulles grazas aos deuses inmortalis. Mentimos, mais rimos. Afirmamos, mais dubidamos. O inesperado abrolla do siloxismo. É fermoso. Aínda existen aquí embaixo humanos que saben ledamente abrir e pechar a boca con sorpresas do paradoxo. Esto, miñas señoras, que estades a beber con aire tranquilo é viño de Madeira -sabédeo- do viñado de Coural das Freiras, que está a setecentas vinte e seis varas por riba do nivel do mar! Atención ao beberdes! Setecentas vinte e seis varas! E o señor Bombarda, o magnífico restaurador dávos esas setecentas vinte e seis varas por catro francos con cincuenta céntimos!

Fameuil interrompeu de novo:

- Tholomyès as túas opinións son lei. Cal é o teu autor favorito?
- Ber...
- ...quin?
- Non, Ber...choux.⁹¹

E Tholomyès seguíu:

-Honra a Bombarda! El sería quen de igualar Munofis de Elephanta se puidese collerme unha almea⁹², e Tixelión de Queronea se me dese traído unha hetaira! Porque –

⁹⁰ *Chansonnier* coñecido nese momento. O chansonnier compón e interpreta cancións, fundamentalmente satíricas e humorísticas, sobre o momento que vive.

⁹¹ Berquin e Berchoux eran autores considerados mediocres.

⁹² Danzadora exipcia que tamén cantaba e improvisaba versos nas festas.

oh, miñas señoras!- había Bombardas en Grecia e mais en Exipto. É Apuleio quen nolo conta. Por desgraza, sempre as mesmas cousas e nada novo! Nada inédito na creación do creador! *Nil sub sole novum* di Salomón; *amor omnibus idem*, di Virxilio; a mociña pupila sobe co estudante na galera de Saint-Cloud, igual que Aspasia se embarcaba con Pericles na flota de Samos. Unha fala derradeira: sabedes o que era Aspasia, miñas señoras? Aínda que ela viviu nunha época na que as mulleres aínda non tiñan alma, era unha alma; unha alma de tono rosa e púrpura, máis abrasado que o lume, máis franco que a aurora. Aspasia era unha criatura na que se tocaban os dous extremos da muller: era a prostituta deusa. Sócrates con Manón Lescaut sumada. Aspasia foi creada para o caso de que lle cumprise unha nena a Prometeo.

A Tholomyès, lanzado, teríalle custado moito parar se non fose que un cabalo caíu nese momento no peirán. Co choque, o carro e mais o orador ficaron paralizados. Era unha égua da Beauce, vella e fraca -digna do esfolador- que turraba dun carro moi pesado. Chegada diante de Casa Bombarda, a besta, derreada e cangada, negárase a ir máis lonxe. Este incidente arremuiñara moita xente. Aínda ben non tivera tempo o carreteiro de pronunciar coa forza necesaria a palabra sacramental “Arre!” -apoiada cun implácabel xostregazo-, que xa a faca caíra para non se erguer máis nunca. Co boureo dos viandantes, o ledó auditorio de Tholomyès virou a testa e Tholomyès aproveitou para pechar a súa alocución con esta estrofa melancólica.

*Mais éravos do mundo do que as mellores testas
o destino vos varre,
e, cal besta, viviu o que viven as bestas:
o espazo dun “Arre!”⁹³*

-Pobre cabaliño!- suspirou Fantine.

E Dalia exclamou:

- Agora Fantine vai chorar polos cabalos! Haiche que ser ben parva, ho!

Nese instante, Favourite, cruzando os brazos e revirando a cabeza cara a atrás, mirou en fite a Tholomyès e dixo:

- E entón, esa sorpresa?
- Xustamente. Chegou o momento -respondeu el- Meus señores. É a hora de sorprendermos estas damas. Miñas señora, agardádenos un momentinho.
- Comeza cun bico -dixo Blachevelle.
- Na fronte, engadiu Tholomyès.

Cada un deles bicou gravemente a fronte da súa amante, e despois dirixíronse cara á porta todos catro en fileira, pondo o dedo sobre a boca.

Favourite bateu palmas cando saíron.

- É divertido, xa -dixo.
- Non tardedes moito -murmurou Fantine- Esperámosvos.

⁹³ Tholomyès parodia un coñecido anaco do poeta francés Malherbe sobre a fragilidade da vida personificándoa nunha rosa.

IX
LEDO FINAL DA LEDICIA

As rapazas, ao quedaren soas, debrozáronse de dúas en dúas no peitoril das fiestras larapeteando, asomando a cabeza e falándose dun extremo ao outro.

Viron os mozos saír de ganchete da taberna de Bombarda. Eles viráronse e fixéronlles acenos rindo e desapareceron nesa poeirenta catropea do domingo que invade semanalmente os Campos Elíseos.

- Non tardedes moito! – berroulles Fantine.
- Que nos irán traer? –dixo Zéphine.
- Ha ser bonito- dixo Dalia.
- Eu –seguíu Favourite- quero que sexa de ouro.

Axiña as distraeu o movemento da beira da auga que distinguían entre as pólas das altas árbores e as divertía moito. Era a hora da saída dos correos e das dilixencias. Case todas as liñas de envíos para o sur e para o oeste pasaban entón polos Campos Elíseos. As máis delas ían rente ao peirao e saían pola barreira de Passy. De minuto en minuto, un gran vagón pintado de amarelo e negro, pesadamente carregado, ruidosamente xunguido, deformado a poder de arcóns, de lonas e de maletas, cheo de testas desaparecidas decontado, escachizando a calzada, mudando as pedras todas en esqueiros, guindábase por entremedio da xente con todas as muxicas dunha fragua, unha poeira como fume e aire de furia. Ese rebumbio aledaba as raparigas. Favourite exclamou:

- Que estroncio! Semellan moreas de cadeas a voar!

Aconteceu un momento que un deses vehículos que non se daban dexergado moi ben na espesura dos olmos se detivo un momento e logo volveu marchar ao galope. A Fantine estrañoulle:

- Que raro! Dixo- Eu pensei que a dilixencia nunca paraba.

Favourite ergue os ombreiros.

- Esta Fantine é sorprendente. Véñoa ver por curiosidade. Abráíase coas cousas máis sinxelas. Un supoñer: eu son un viaxeiro e dígolle á dilixencia “Eu vou diante, cóllédeme no peirán ao pasar.” A dilixencia pasa, veme, para, e cólleme. Iso faise todos os días. Non coñeces a vida, queridíña.

Decorreu así certo tempo. De súpeto Favourite moveuse como alguén que acorda.

- Entón? –púxose- E a sorpresa?
- Si, é certo –seguíu Dalia- E a famosa sorpresa?
- Tardan ben! –dixo Fantine.

Cando Fantine remataba ese suspiro, o mozo que servira a cea entrou. Na man termaba de algo que semellaba unha carta.

- Que é iso? –preguntou Favourite.

O mozo respondeu:

- É unha nota que os señores deixaron para as señoras.
- E por que non o trouxo decontado?
- Porque os señores ordenaron que só llo entregáramos ás señoras ao cabo dunha hora – seguíu o camareiro.

Favourite arrancou o papel das mans do mozo. Efectivamente era unha carta.

- Ah, non leva enderezo! – dixo- E velaquí o que está escrito nela:

ESTA É A SORPRESA.

Abriu axiña a carta, despregouna e leu (ela sabía ler):

“ Oh, amantes nosas!

Sabede que temos pais. Dos pais vós non sabedes moito. Chámanse pais e nais no código civil, pueril e honesto. Ora ben, eses pais láianse, eses vellos reclámannos, eses homes e esas mulleres chámannos fillos pródigos, desexan o noso regreso e prométennos matar un cuxo. Nós obedecemoslles pois somos virtuosos. Cando vos esteades a ler estas liñas, cinco fogosos cabalos estarán a nos levar cos nosos papás e mamás. Liscámonos, como dí Bossuet. Ímonos ir, xa nos fumos. Fuximos nos brazos de Laffite e nas azas de Caillard⁹⁴. A dilixencia de Toulouse arráncanos do abismo, e o abismo sodes vós, belidas pequenas nosas! Regresamos á sociedade, ao deber e á orde, cun trote rápido, a razón de tres leguas por hora. É importante para a patria que nós sexamos –como todo o mundo- prefectos, pais de familia, gardas campestres e conselleiros de Estado. Venerádenos. Nós sacrificámonos. Chorádenos rapidamente e substituídenos axiña. Se esta carta vos esgaza, facede vós o mesmo con ela. Adeus.

Durante perto de dous anos fixémosvos felices. Non nos teñades xenreira.

Asinado: BLACHEVELLE
FAMEUIL
LISTOLIER
FÉLIX THOLOMYÈS

POST-DATA: A cea está paga.”

As catro rapazas fitáronse.

Favourite foi a primeira en romper o silencio.

-Ai ho! – exclamou- Cando menos éche unha boa broma.
- Éche ben divertida –dixo Zéphine.
- Debeu ser idea de Blachevelle –seguíu Favourite- Faime namorar del. Canto máis reñidos máis queridos. Velaí o conto.
- Non -dixo Dalia- é unha idea de Tholomyès. Ben se ve.
- Nese caso –seguíu Favourite- Morte a Blachevelle e viva Tholomyès!
- Viva Tholomyès! – gritaron Dalia e mais Zéphine.

E escacharon a rir.

⁹⁴ A dilixencia pertencía a esa empresa.

Fantine riu como as outras.

Unha hora despois, ao que estivo de volta no seu cuarto, botouse a chorar. Era –xa o viramos – o seu primeiro amor; entregárase a Tholomyès como a un marido e a pobre rapaza tiña unha filla.

Libro cuarto

*Confiar
é por veces entregar*

I UNHA NAI QUE ATOPA OUTRA

No primeiro cuarto deste século, había en Montfermeil, perto de París, unha especie de baiuca que hoxe xa non existe. Levaban a baiuca esa unhas persoas chamadas Thénardier, marido e muller. Estaba situada na ruelle Boulanger. Enriba da porta víase unha táboa cravada a pran na parede. Nesa táboa estaba pintado algo que semellaba un home que levaba ao lombo outro home con grandes ombreiras de xeneral douradas e con largas estrelas prateadas. Uns borranchos vermellos figuraban sangue; o resto do cadro era fume e representaba probabelmente unha batalla. No baixo líase esta inscrición: *Ao sarxento de Waterloo*.

Nada é máis habitual que un carro á porta dunha pousada. E mais, o vehículo –ou por mellor dicir, o fragmento de vehículo que ocupaba a rúa diante da baiuca do Sarxento de Waterloo un serán da primavera de 1818- tería de certo polo seu volume chamado a atención dun pintor que pasase por alí.

Era a parte dianteira dun deses fardeiros⁹⁵ motorizados utilizados nas rexións boscosas que serven para carrexar madeiros e troncos de árbores. Esta dianteira compúñase dun eixo de ferro macizo con pivote no que encaixaba un pesado temón que era soportado por dúas rodas desmesuradas. O conxunto todo era reboludo, esmagador e deforme. Diríase a armazón dun canón xigante. As relleiras deixaran nas rodas, nos zunchos, nos mións, no eixo e no temón unha capa de lodo, noxento pintarrallado lourido moi semellante ao que deliberadamente lles apoñen ás catedrais. A madeira desaparecía baixo a lama e o ferro baixo a ferruxe. Por baixo do eixo pendía, como unha colgadura, unha gran cadea digna dun Goliat forzado. A cadea facía pensar, non nas trabes que tiña a función de transportar senón nos mastodontes e mamuts que podería ter xunguido. Tiña un aire de campo de forzados, mais dun campo ciclópeo e sobrehumano, e semellaba desvencellada dalgún monstro. Con ela Homero tería amarrado Polifemo, e Shakespeare Calibán.

Por que esta dianteira de fardeiro estaba neste lugar da rúa? De primeiras, para atrancar, e despois, para rematar de se enferruxar. Hai na vella orde social unha chea de institucións que atopamos desa maneira ao ela pasar ao aire libre e que non teñen outras razóns para estaren aí.

O centro da cadea pendía so o eixo pertiño do chan, e na curvatura, como enriba da corda dun bambán, estaban aquel serán sentadas xuntas, nunha exquisita aperta, dúas rapaciñas, unha duns dous anos e medio e a outra duns dezoito meses, a máis pequena no colo da máis grande. Un pano, atado axeitadamente, impedíalles caír. Unha nai vira aquela espantosa cadea e dixerá.: “Velaí un enredión para as miñas nenas, óches!”.

As dúas nenas -adobiadas por outra banda con xeito e algo rebuscadamente-resplandecían. Diríase que eran dúas rosas no medio da ferralla, os seus ollos eran un triunfo e as súas frescas meixelas rían. Unha era acastañada e a outra morena. Os seus rostros inxeis eran dous aglaios encantados; unha mata florida que había ao seu carón enviáballe á xente que pasaba arrecendos que semellaban vir delas. A de dezoito meses amosaba a súa linda barriguiña núa con esa casta indecencia da nenez. Por riba e arredor destas delicadas cabeciñas, moldeadas na felicidade e temperadas na luz, a xigantesca dianteira, amourecida pola ferruxe, case terrorífica, toda enguedellada de curvas e ángulos bruscos, arredondábase como o pórtico dunha cova. A uns pasos, encrequenada no limiar

⁹⁵ Un tipo dos primeiros vehículos autopropulsados por vapor, destinado a carrexar grandes fardos e pesos.

da pousada, a nai –muller de aspecto pouco acolledor, por outra banda, mais tenra nese momento- facía bambeas as dúas nenas cunha longa corda, protexéndoas coa ollada, por medo a un accidente, con esa expresión animalesca e celestial propia da maternidade. A cada vaivén, os noxentos elos lanzaban un ruído estridente que semellaba un berro de carraxe, as raparigiñas extasiábanse, o solpor mesturábase con esa alegría, e nada había tan meigo como ese capricho do azar que fixera dunha cadea de titáns unha randeeira de querubíns.

Ao tempo que arrolaba as súas dúas pequenas, a nai cantarolaba desafinando un romance entón célebre:

“Ten que ser”, dixo un guerreiro...

O seu canto e a contemplación das súas fillas impedíanlle ver o que pasaba na rúa.

Entrementres, alguén se achegara a ela cando comezaba a primeira estrofa do romance, e de socato sentiu unha voz que dicía pertiño do seu ouvido:

- Ten dúas filliñas ben bonitas, señora.

- ... *á belida e tenra Aldina* –respondeu a nai continuando o romance, e despois virou a cabeza.

Diante dela estaba unha muller, a uns pasos. Tamén tiña unha filla, que levaba no colo.

A maiores levaba un bolso de equipaxe bastante grande que semellaba moi pesado.

A filla desta muller era un dos seres máis divinos que ver se puidese. Era unha meniña de dous a tres anos. Tería podido competir coas outras dúas pola coquetería do enfeite; levaba unha touca de liño fino, fitas na chombra e encaixes no carapucho. O pregue da saia arregazada deixaba ver a súa coxa branca, gordecha e firme. Estaba admirabelmente rosada e chea de saúde. Daban ganas de lle morder as fazulas á garrida pequena. Dos seus ollos non se podía dicir senón que debían ser moi grandes e que tiña unhas pestanas magníficas. Estaba a durmir.

Estaba a durmir ese sono de absoluta confianza propio da súa idade. O colo da nai está feito de agarimo e os nenos durmen nel profundamente.

Canto á nai, o seu aspecto era pobre e tristeiro. Ía arranxada como unha obreira que trata de vestir de novo como campesiña. Era nova. Belida? Se cadra, mais con ese arranxo non o parecía. Os seus cabelos, dos que escapaba un guecho loiro, semellaban moi mestos, mais desaparecían severamente baixo unha cofia monxil, fea, apertada, estreita e atada no queixelo. Ao rir amósanse dentes bonitos cando se teñen, mais ela non ría. Os seus ollos non semellaban estar secos dende había moito. Estaba pálida, tiña aspecto moi canso e algo enfermo, fitaba a súa filla adormecida no colo con ese aire característico dunha nai que alimentou o seu fillo. Un largo pano azul, como o que empregan os inválidos para se soaren, dobrado como un mantelo, agachaba pesadamente o seu van. Tiña as mans curtidas e todas picadas de marxas, o índice endurecido e esnaquizado pola agulla, un manto escuro de lá tosca, un vestido de tea e galorchos. Era Fantine.

Era Fantine. Difícil de recoñecer. Porén, ao examinala atentamente, seguía conservando a súa beleza. Un pregue triste, que semellaba un comezo de ironía, engurraba a súa meixela dereita. Canto ao seu toucado, aquel toucado etéreo de muselina e fitas que parecía feito de ledicia, de tolería e de música, cheo de axóuxeres e perfumado de lilas,

esvaecérase como eses fermosos carazos coruscantes que ao sol tomamos por diamantes. Fúndense e deixan a póla toda negra.

Dez meses decorreran dende a “boa broma”.

Que acontecera nestes dez meses? Doado de adiviñar.

Despois do abandono, a dificultade. Fantine perdera axiña de vista Favourite, Zéphine e Dalia; o vencello, crebado pola banda dos homes, desfixérase pola banda das mulleres. Moito lles había estrañar a elas se quince días despois lles dixesen que eran amigas; non tiñan motivo de selo. Fantine quedara soa. Des que o pai da súa filla marchara (por desgraza estas rupturas son irrevocabéis), atopouse totalmente illada, coa perda do hábito do traballo e a novidade do gusto polo pracer. Levada pola súa relación con Tholomyès a desdeñar o modesto oficio que coñecía, descoidara as súas saídas, que se lle pecharan. Non tiña recurso ningún. Fantine apenas sabía ler e non sabía escribir: aprendéranlle só, de nena, a asinar co seu nome. Fixera escribir por un escritor público unha carta a Tholomyès, logo unha segunda e logo unha terceira. Tholomyès non respondera a ningunha. Un día Fantine sentiu dicir a unhas comadres mirando para a súa filla:

- Seica se poden tomar en serio esas criaturas? É para un se encoller de ombros!

Entón pensou en Tholomyès, que se encollía de ombros ante a súa filla e non tomaba en serio aquel ser inocente, e o seu corazón ensombreceuse tocante a aquel home. Porén: que partido debía tomar? Non sabía a quen se dirixir. Ela cometera unha falta, mais o fondo da súa natureza, lembrámolo ben, era pudor e virtude. Sentiu vagamente que estaba a piques de caír no infortunio e de escorregar polo peor. Cumprían azos, tívoos e arrichou. Veuille a idea de regresar á súa viliña natal, Montreuil-sur-mer. Alá, se cadra, alguén había coñecela e darlle traballo. Si, mais tería que agachar a súa falta. E entrevía confusamente a necesidade posíbel dunha separación aínda máis dorosa que a primeira. Apertóuselle o corazón, mais resolveuse. Fantine, como veremos, tiña a cernuda afouteza da vida.

Xa tiña renunciado valentemente ao atavío, vestírase con tea e puxera toda a súa seda, todos os seus tirelos, as súas fitas e os seus encaixes na súa filla, unha vaidade que lle ficaba, e santa neste caso. Vendeu todo canto tiña, que lle rendeu dous centos francos, e ao pagar as súas pequenas débedas non lle quedaron máis que uns oitenta. Aos vinte e dous anos, unha fermosa mañá da primavera, abandonaba París levando a súa filla ao lombo. Alguén que as vise pasar doeríase delas dúas. Aquela muller non tiña no mundo máis que esa nena, e esa nena non tiña no mundo máis que aquela muller. Fantine alimentara a súa filla, o que lle producira cansazo no peito, e tusía un pouco.

Non volveremos ter ocasión de falar do señor Félix Tholomyès. Limitémonos a dicir que vinte anos despois, baixo o rei Luís Felipe, era un importante procurador en provincia, influínte e rico, elector sabio e xurado moi severo, e seguía a vivir nos praceres.

Contra o mediodía -despois de se ter desprazado de cando en cando, para descansar, no que entón se chamaban os Coheciños dos Arredores de París, pagando quince ou vinte céntimos por legua- Fantine atopábase en Montfermeil na ruelle Boulanger.

Cando pasaba diante da pousada Thénardier, as dúas rapariguiñas, sentadas na súa monstruosa randeeira foran para ela unha caste de deslumbramento, e detivérase ante aquela alegre visión

Hai encantamentos. E aquelas dúas rapariguiñas fórono para aquela nai.

Estaba a fitalas conmovida. A presenza dos anxos é un anuncio do paraíso. Ela coidou ver por riba desa pousada o misterioso AQUÍ da providencia. Eran tan manifestamente felices aquelas pequenas! Ollábaas e admirábaas tan tenramente que no momento de a nai retomar alento entre dous versos da canción, Fantine non se deu resistido a lle dicir aquela fala que acabamos de ler:

- Ten dúas filliñas ben bonitas, señora.

As criaturas máis ferozes desármanse ante a caricia aos seus pequenos. A nai ergueu a cabeza, deu grazas e fixo sentar a camiñeira no banco da porta, rente dela que estaba no limiar. As dúas mulleres parolaron.

-Son a señora Thénardier –dixo a nai das dúas pequenas- Temos esta pousada.

Logo, seguindo o seu romance, continuou entre dentes:

*Ten que ser: son cabaleiro
e vou para Palestina.*

A tal señora Thénardier era unha muller roxa, carnuda e angulosa, a típica muller de soldado en toda a súa decadencia. E -cousa curiosa- cunha melancolía afectada que debía ás súas lecturas de novelas. Era unha machona mixiriqueira. Algunha novelas vellas que se esfiacharon no maxín das taberneiras teñen eses efectos. Aínda era nova, apenas tiña trinta anos. Se esa muller que estaba en crequenanas se mantivese tesa, se cadra a súa alta estatura e a súa envergadura de coloso ambulante terían de primeiras intimidado a viaxeira, turbado a súa confianza e feito desaparecer o que temos que contar. Unha persoa que permanece sentada nun sitio en lugar de estar de pé, os destinos dependen diso.

A viaxeira contou a súa historia, un pouco modificada:

Que era obreira, que o seu marido morrera, que o traballo lle escaseaba en París e ía buscalo fóra, na súa terra. Que abandonara París aquela mesma mañá, a pé, que -como levaba a súa filla e se sentía cansa-ao atopar o coche de Villemomble subira a el. Que de Villemomble viñera a Montfermeil a pé, que a pequena camiñara un pouquiño-mais non moito, ao ser tan noviña cumpríu collela- e que a prendiña adormecera.

E en dicindo isto deulle á súa filla un bico afervorado que a acordou. A nena abriu os ollos, uns grandes ollos azúis como os da súa nai, e ollou. O que? Nada e mais todo, con ese aire serio e por veces severo dos pequerrechos que é un misterio da súa luminosa inocencia diante dos nosos crepúsculos de virtudes. Diríase que eles se senten anxos e nos saben homes. Logo a rapariga botouse a rir, e aínda que a nai turrou por ela, escorreu para o chan coa xiria indomábel dun ser cativiño que quere correr. De súpeto albiscou as outras dúas no seu bambán, parou de golpe e tirou a lingua nun aceno de admiración.

A nai Thénardier desprende as súas fillas, mandounas baixar da randeeira e dixo:

- Brincade as tres.

A esas idades afanse decontadiño, e ao cabo dun minuto, as rapaciñas Thénardier xogaban coa recién chegada a facer buracos no chan, inmenso pracer.

A recién chegada era moi leda; a bondade da nai vai escrita na ledicia do tatán; ela pillara un garabullíño que lle servía de pá, e escavichaba con forza unha fochiña axeitada para unha mosca. O que fai o enterrador vólvese alegre cando o fai o neno.

As dúas mulleres seguían a falar,

- Como lle chaman á vosa pícara?
- Cosette.

Cosette, entendede Eufrasia. A pequena chamábase Eufrasia. Mais de Eufrasia a nai fixera Cosette, por ese doce e gracioso instinto das nais e do pobo que muda Josefa en Pepita e Françoise en Sillette. É ese un tipo de derivados que complica e desconcerta a sabencia toda dos etimólogos. Nós chegamos a coñecer unha nai que de Théodore dera feito *Gnon*.

- Que tempo ten?
- Vai para os tres anos.
- Como a miña máis vella.

Entre tanto, as tres raparigiñas estaban xuntas nunha postura de ansiedade profunda e de beatitude; producírase un acontecemento: acababa de saír da terra unha miñoca, tiñan medo e estaban extasiadas.

As súas testas raiolantes tocábanse, teríanse dito tres testas nunha auréola.

-As criaturas! –exclamou a nai Thénardier- Que rapidiño se fan amigas! Xuraríase que son tres irmás!

Esa fala foi a faísca que probablemente agardaba a outra nai. Colleu a man da Thénardier, ollouna en fite e díxolle.

-Quere gardarme a miña filla?

A Thénardier tivo un deses movementos de sorpresa que non son nin consentemento nin denegación.

A nai de Cosette proseguíu:

-Non podo levar comigo a nena á miña terra. Traballando éme imposíbel. Cun fillo non se atopa colocación. Tan ridículos son na bisbarra. Foi Deus quen me fixo pasar diante da vosa pousada. Cando vin estas pequenas tan feitas, tan limpiñas e tan contentas, conmovínme. Díxenme: velaí unha boa nai. Iso é: han ser tres irmás. E mais, non hei tardar en volver. Quéreme gardar a miña nena?

- Habería que falalo –dixo a Thénardier.
- Daríalle seis francos por mes.

Aquí, unha voz de home berrou dende o fondo da baiuca:

-Menos de sete francos, nada. E seis meses pagados por adiantado.
-Pagareinos –dixo a nai.
-E quince francos a maiores para os primeiros gastos –engadíu a voz de home.
-En total, cincuenta e sete francos –dixo a señora Thénardier- E, no medio destas sumas, cantarolaba vagamente:

“Ten que ser”, dixo un guerreiro...

-Pagareinos –dixo a nai- teño oitenta francos. Vaime quedar con que ir á miña terra. Indo a pé. Alá hei gañar cartos e, ao que teña uns poucos, hei volver buscar o meu amoriño.

O home continuou:

-E déixalle roupa á pequena?

-É o meu marido –dixo a Thénardier.

-E mais , claro que lle deixo, ao meu tesouriño. Xa vin que era o seu marido. Moita roupa e ben boa! Unha roupa impresionante. Todo por ducias, e vestidos de seda como unha dama. Está no meu bolso.

-Terá que deixala –retomou a voz de home.

-Pois claro que a vou deixar! –dixo a nai- Sería boa que deixase a miña filla despidiña de a feito!

Apareceu a faciana do amo.

-Está ben –dixo.

Pechouse o trato. A nai pasou a noite na pousada, pagou o diñeiro e deixou a súa filla. Volveu coller o seu bolso de equipaxe –agora descargado da roupa da filla e lixeiro- e marchou na mañá seguinte, contando con regresar axiña. Amáñanse doadamente esas partidas, mais son actos desesperados.

Unha veciña dos Thénardier atopou aquela nai cando se ía e veu dicindo:

-Acabo de ver unha muller chorando pola rúa, que parte o corazón.

Ao que a nai de Cosette marchou, díxolle o home á muller:

-Con isto vou pagar a miña obriga de cento dez francos que vence mañá. Faltábanme cincuenta francos. Sabes que tería un protesto e o algucil atrás miña? Fixeches unha boa rateira coas túas pequenas.

-Sen me decatarse –dixo a muller.

II PRIMEIRO ESBOZO DE DÚAS FIGURAS AVESAS

O ratiño pillado era ben cativoiro, mais o gato alédase mesmo cun ratiño magro.

Que eran os Thénardier?

Digamos dende agora unha fala sobre eles. Habemos completar o croquis máis en diante.

Estes seres pertencían a esa clase bastarda composta de xente groseira socialmente triunfadora e de xente intelixente ida a menos, que está entre a clase chamada media e a clase chamada baixa, e que combina algúns dos defectos da segunda con todos os vicios da primeira, sen ter o xeneroso pulo do obreiro nin a orde honesta do burgués.

Eran desas naturezas ananas que, se algún lume sombrío os quenta por acaso, vólvense doadamente monstruosos. Había na muller o fondo dunha besta e no home o pano dun loubán. Os dous eran no máis alto grao susceptíbeis da especie de noxento progreso que se fai no sentido do mal. Existen almas-caranguexos que recúan de continuo cara ás tebras, retrocedendo na vida máis do que avanza, empregando a experiencia en aumentaren a súa deformidade, indo arreo a peor, e impregnándose cada vez máis dunha crecente mourenza. Aquel home e aquela muller eran desas almas

O Thénardier resultaba particularmente incómodo para o fisionomista. Un non ten máis que ollar certos homes para desconfiar deles, síntese que son tebregosos nos seus dous extremos. Inquietan por trás e ameazan por diante. Hai neles algo descoñecido. Non se pode responder mellor do que teñen feito que do que han facer. A sombra que teñen na ollada denunciaos. Xa só en os ouvindo dar unha fala ou en os vendo facer un aceno, dexérganse sombríos segredos no seu pasado e sombríos misterios no seu porvir.

O tal Thénardier, se tivésemos que lle dar creto, fora soldado, sarxento, dicía el. Probabelmente fixera a campaña de 1815, e comportárase con bastante valentía, polo que parece. Máis tarde habemos ver como foi. A enseña da súa taberna era unha alusión a un dos seus feitos de armas. El mesmo a pintara, pois sabía facer un pouco de todo. Mal.

Era a época na que a antiga novela clásica –que despois de ter sido *Clelia* non era senón *Lodoíska*, nobre aínda, mais a cada paso máis vulgar, caída de mademoiselle de Scudéry a madame Barthélemy-Hadot, e de madame de Lafayette a madame Bournon-Malarme – incendiaba a amante alma das porteiras de París e arrasaba mesmo un pouco os suburbios. A señora Thénardier era xusto intelixente abondo para ler esa caste de libros. E alimentábase deles. Afogaba alí os seus miolos, o que lle producira cando nova –e mesmo algo máis tarde- unha sorte de actitude penseira cara ao seu marido, golfante de certa profundidade, rufián letrado xusto en rudimentos de gramática, groseiro e fino ao mesmo tempo, mais en materia de sentimentalismo lector de Pigault-Lebrun, e para “todo o que toca ao sexo” –como el dicía no seu falar- correcto abutre sen mestura. A súa muller tiña uns doce ou quince anos menos ca el. Máis tarde, cando os cabelos novelescamente choróns comezaron a encanecer, cando a arpía se desprendeu da moza, a Thénardier non foi senón unha grosa muller maligna que tiña saboreado novelas parvas. Non se len impunemente estupideces. De aí veu que a súa filla máis vella se chamou Éponine. Canto á máis nova, a pobre pequecha houbo chamarse Gulnare, e só debeu a non sei que feliz distracción causada por unha novela de Ducray-Dumini, o chamarse sinxelamente Azelma.

Polo demais, por dicilo de paso, non todo é ridículo e superficial nesta curiosa época á que estamos a aludir, e que poderíamos chamar da anarquía dos nomes do bautismo. Á beira do elemento novelesco que acabamos de indicar hai o elemento social. Hoxe non é raro que o rapaz que garda as vacas se chame Arthur, Alfred ou Alphonse, e que o vizconde (se aínda hai vizcondes) se chame Thomas, Pierre ou Jacques. Este desprazamento que pon o nome “elegante” por riba do plebeo e o nome campesiño por riba do aristocrático, non é outra cousa que un remuíño de igualdade. A irresistible penetración do alento novo está aí como en todo. Baixo esa discordancia aparente hai unha cousa grande e profunda: a revolución francesa.

III A LAVERQUIÑA

Non abonda con ser malvado para prosperar. A baiuca ía mal.

Grazas aos cincuenta e sete francos da viaxeira, Thénardier puidera evitar un protesto e responder da súa sinatura. No mes seguinte aínda precisaron diñeiro: a muller levou a París e empeñou no Monte de Piedade a roupa de Cosette por unha suma de sesenta francos. Des que gastaron esa suma, os Thénardier afixéronse a ver só na rapaciña unha nena que eles tiñan na súa casa por caridade, e tratárona de acordo con iso. Como non tiña xa roupa de seu, vestírona con camisas e saias vellas das súas fillas, e dicir, con farrapos. Alimentárona cos restos de todo o mundo, un pouco mellor que ao can e un pouco peor que ao gato. O gato e o can eran, por outra banda, os seus comensais cotiáns; Cosette comía con eles debaixo da mesa, nun cunco de madeira semellante ao seu.

A nai, que se instalara, como veremos máis tarde, en Montreuil-sur-mer, escribía – ou mellor dito facía que lle escribisen- todos os meses a fin de ter novas da súa filla. Os Thénardier respondían invariabelmente: “Cosette está de maravilla”.

Decorridos os primeiros seis meses, a nai enviou sete francos para o sétimo, e seguíu exactamente os seus envíos mes a mes. Aínda non rematara o ano e o Thénardier dixo:

- Fáichenos bo favor, ho! Que quere que fagamos cos sete francos?

E escribiulle para esixir doce francos. A nai, á que convencían de que a súa filla era feliz e “ía ben”, someteuse e enviou os doce francos.

Algunhas naturezas non poden amar por unha banda sen odiar pola outra. A nai Thénardier amaba afervoadamente as súas dúas fillas propias, o que fixo que lle collese teima á estraña. Resulta triste pensar que o amor dunha nai poida ter aspectos ruíns. Por pouco sitio que Cosette ocupase na casa, parecíalle que llo tiraba aos seus, e que esta pequena mingaba o aire que as súas fillas respiraban. Aquela muller, como moitas mulleres do seu xeito, tiña unha cantidade de aloumiños e unha cantidade de pancadas e de insultos que distribuír cada día. Se non chegara a ter a Cosette, seguramente as súas fillas, por ben que as idolatraba, terían recibido todo, mais a estraña servíralles para desviar as pancadas cara a ela. As súas fillas levaron só os aloumiños. Cosette non se movía sen facer chover sobre de si unha sarabiada de castigos violentos e inmerecidos. Doce criaturiña feble que non debía entender miga deste mundo nin de Deus, arreo castigada, rosmada, asoballada, zoscada, e vendo ao seu carón dous seres coma ela que vivían nunha raiola da aurora!

Ao ser a Thénardier má para con Cosette, Eponine e Azelma foron más. As rapazas, nesta idade, son só reproducións da nai. En formato máis pequeno, esa é a única diferenza.

Pasou un ano, e despois outro.

Na aldea dicían:

-Eses Thénardier son boa xente. Non son ricos e mais crían unha pobre nena que lles deixaron abandonada na súa casa!

Coidaban a Cosette esquecida pola súa nai.

Entrementres, o Thénardier, tras ter sabido por non sei que camiños escuros que a rapaza era probabelmente bastarda e que a nai non podía confesalo, esixiu quince francos por mes, dicindo que a “criatura” medraba e que “comía”, e ameazando con botala fóra. “Que non me amole!” –exclamaba- “Ou lle chanto a súa macaca no medio e medio das súas alladas!. Ten que me pagar máis. “ A nai pagou os quince francos.

De ano en ano a rapaza medrou, e a súa miseria tamén.

En canto que Cosette foi pequerrecha, ela foi o pandote das outras dúas nenas; des que se foi desnvolvendo un pouco –é dicir, antes mesmo de que tivese cinco anos- converteuse na criada da casa.

“Cinco anos –hase dicir- É inverosímil.” Por desgraza é certo. O sufrimento social comeza a calquera idade. Ou seica non temos recentemente visto o proceso dun tal Dumolard, orfo convertido en bandido, que dende a idade dos cinco anos –din os documentos oficiais- ao estar só no mundo “traballaba para vivir e roubaba”?

A Cosette mandáronlle facer os recados, varrer os cuartos, o patio, a rúa, lavar a louza, levar mesmo fardos. Os Thénardier consideráronse tanto máis autorizados a actuar canto que a nai, que seguía en Montreuil, comezou a pagar mal. Algúns meses o pago demorouse.

Se aquela nai volvera a Montfermeil ao cabo deses tres anos, non daría recoñecido a súa filla. Cosette, tan bonita e fresca á súa chegada a aquela casa, estaba agora fraca e esbrancuxada. Tiña non sei que aspecto inquietante. “Soinamoina” dicían os Thénardier.

A inxustiza fixéraa ríspeta e a miseria volvéraa fea. Non lle quedaban senón os seus fermosos ollos que daban mágoa porque, grandes como eran, semellaba que neles se vise unha maior cantidade de tristura.

Era unha cousa ben magoante ver, de inverno, esa pobre cativa que aínda non tiña seis anos, atrecendo baixo uns ciringallos de tea, vellos e furados, varrer a rúa, antes de o día raiar, cunha enorme vasoira nas súas manciñas rubias e unha bágoa nos seus grandes ollos.

Na bisbarra chamábanlle *A Laverquiña*. O pobo, que gusta das imaxes, compracérase en nomear así ese ser pequeno, non máis grande que un paxaro, tremelante, medoñento e arreguizado, desperto o primeiro cada mañá na casa e na aldea, sempre na rúa ou nos campos antes do mencer.

Só que a pobre Laverquiña non cantaba endexamáis.

Libro quinto

O descenso

I

HISTORIA DUN PROGRESO NOS ABELORIOS NEGROS

No entanto: que era daquela nai que, no dicir da xente de Montfermeil, semellaba ter abandonado a súa filla? Onde estaba? Que facía?

Despois de lles ter deixado a súa Cosetiña aos Thénardier continuara o camiño e chegara a Montreuil-sur-mer.

Era –lembrámonos- en 1818.

Fantine deixara a súa terra había uns dez anos. Montreuil mudara de aspecto. En canto que Fantine ía descendo devagariño de miseria en miseria, a súa vila natal prosperara.

Dende había un par de anos tivera lugar un deses feitos industriais que constitúen os grandes acontecementos dos sitios pequenos.

Ese detalle importa, e coidamos útil de desenvolvedo, case que diríamos “de subliñalo”.

Dende tempo inmemorial, Montreuil tiña como industria especial a imitación dos acibeques ingleses e dos abelorios negros de Alemaña. Esta industria fora sempre vexetando, por causa da careza das materias primas que influía na man de obra. No momento en que Fantine volveu a Montreuil operárase unha transformación inaudita nesa produción dos “artigos negros”. Contra a fin de 1815, un home, un descoñecido, viñera se establecer na vila e tivera a idea de substituír nesa fabricación a resina por goma laca e, para as pulseiras en particular, as presillas de chapa soldada por presillas de chapa simplemente achegada. Ese pequenísimo troco fora unha revolución.

En efecto, ese pequenísimo troco reducira prodixiosamente o prezo da materia prima, o que permitira de primeiras elevar o prezo da man de obra, un beneficio para a bisbarra. En segundo lugar, mellorar a fabricación, unha vantaxe para o consumidor. E en terceiro lugar, vender máis barato, triplicando o rendemento, un proveito para o manufactureiro.

Deste xeito, unha idea e tres resultados.

En menos de tres anos, o autor deste procedemento fixérase rico, o que está ben, e de arredor del fixera todo rico, o que está mellor. Era alleo á provincia. Da súa orixe non se sabía nada, dos seus comezos pouca cousa.

Contábase que chegara á vila con moi pouco diñeiro, uns centos de francos como moito.

Foi dese magro capital, posto ao servizo dunha idea inxeniosa, fecundada pola orde e o pensamento, de onde tirara a súa fortuna e a fortuna de toda aquela bisbarra.

Á súa chegada a Montreuil só tiña a roupa, as maneiras e a fala dun obreiro.

Parece que o mesmo día no que el facía escuramente a súa entrada na viliña de Montreuil, ao remate dun serán de decembro, co foleco ao lombo e o caxato de estripeiro na man, un grande incendio acababa de se producir na casa do concello. Aquel home

botárase no lume e salvara, arriscando a súa vida, dous rapaces que resultaban ser os do capitán da xendarmería, polo que non se pensara en lle pedir o seu pasaporte. Dende aquela souberon o seu nome. Chamábase o *tío Madeleine*.

II MADELEINE

Era un home duns cincuenta anos que tiña aspecto preocupado e que era bo. Velai todo o que se podía dicir del.

Grazas aos rápidos progresos desa industria que el tan admirabelmente transformara, Montreuil convertérase nun centro de negocios considerábel. España, que consome moito acibeche, facía cada ano pedidos inmensos. Montreuil, neste comercio, case competía con Londres e Berlín. Os beneficios do tío Madeleine eran tais que, dende o segundo ano, puidera construír unha gran fábrica na que había dous vastos obradoiros, un para os homes e outro para as mulleres. Calquera que tiña fame podía presentarse alí e estaba seguro de atopar emprego e pan. O tío Madeleine pedíalles aos homes boa vontade, ás mulleres costumes puros, e a todos probidade. Dividira os obradoiros a fin de separar os sexos e de que as rapazas e as mulleres seguisen tendo siso. Neste punto era inflexíbel. Era o único no que, dalgunha maneira, se amosaba intolerante. Esa severidade era tanto máis fundada que, ao ser Montreuil unha praza militar, as ocasións de corrupción abundaban. Polo resto, a súa chegada fora proveitosa e a súa presenza providencial. Antes de o tío Madeleine chegar, todo esmorecía na bisbarra, agora todo vivía nela da vida sá do traballo. Unha forte circulación quentaba todo e penetraba por todas as partes. O paro e a miseria eran descoñecidos. Non había un peto tan escuro onde non houbese uns cartiños, nin unha morada tan pobre onde non houbese unha pouca alegría .

O tío Madeleine dáballe emprego a todo o mundo. Só esixía unha cousa: “Sexa un home honrado! Sexa unha rapaza honrada!”.

Como xa dixemos, no medio desa actividade da que era a causa e o eixo, o tío Madeleine facía fortuna, mais –cousa bastante singular nun simple home de comercio- non parecía que iso fose a súa principal preocupación. Semellaba que pensaba moito nos outros e pouco en si propio. En 1820, coñecíasele unha suma de seis centos trinta mil francos depositada ao seu nome no banco de Laffitte, mais antes de se reservar eses seis centos trinta mil francos, desembolsara máis dun millón en prol da vila e dos pobres.

O hospital estaba mal dotado e el patrocinara dez camas. Montreuil divídese en “vila alta” e “vila baixa”. A vila baixa, na que el vivía, tiña só unha escola, casarella indecente que caía en ruínas. El pagáballes cos seus cartos aos dous mestres unha retribución do dobre que o seu magro salario oficial, e un día, a alguén que se estrañaba diso, díxolle: “Os dous primeiros funcionarios do estado son a ama de leite e o mestre de escola”. Creara á súa custa unha sala de asilo, cousa entón descoñecida en Francia, e unha caixa de socorro para os obreiros vellos e eivados. Ao ser a súa manufactura un centro, axiña surxira de arredor un bairro novo onde había unha gran cantidade de familias indixentes e el instalara alí unha farmacia gratuita.

Nos primeiros momentos, cando o viron comezar, as almas piadosas dixeron: “ É un pillabán que quere poñerse rico”. Cando o viron enriquecer a bisbarra antes de se enriquecer el propio, as mesmas almas piadosas dixeron: “É un intereseiro”. A cousa parecía tanto máis probábel que ese home era relixioso, e mesmo practicante en certa medida, o que era moi ben visto naquel tempo. Aos domingos, ía sempre a unha misa ordinaria. O deputado local –que andaba sempre a ventar os competidores- non tardou en se inquietar por esa relixión. O tal deputado –que fora membro do corpo lexislativo do Imperio- partillaba as ideas relixiosas dun pai da oratoria coñecido co nome de Fouché, duque de Otranto, de quen fora criatura e amigo. De portas para dentro ría de Deus polo baixiño. Mais cando viu o rico manufactureiro Madeleine ir á misa ordinaria das sete, albiscou un posíbel candidato e decidiu adiantalo: colleu un confesor xesuíta e foi á misa

cantada e ás vésperas. O interese nese momento era –na acepción literal da palabra– unha carreira cara o altar. Os pobres aproveitaron ese terror igual que o bon Deus, porque o honorábel deputado custeou tamén dúas camas no hospital, o que totalizou doce.

No entanto, en 1819, unha mañá correu na vila o ruxerruxe de que, tras a presentación polo señor prefecto e en consideración aos servizos prestados á bisbarra, o tío Madeleine ía ser nomeado polo rei alcalde de Montreuil. Os que declararan a ese chegado de fóra “un intereseiro” pillaron con arroubo esa ocasión que todos os homes degoran para declarar: “Velo? Que dixeramos nós?”. Todo Montreuil era un rumor. O run-run estaba ben fundado. Uns días despois aparecece o nomeamento en *Le Moniteur*. No outro día, o tío Madeleine refugou,

Nese mesmo ano de 1819, os produtos do procedemento novo inventado por Madeleine figuraron na Exposición da industria, e, a proposta do xurado, o rei nomeou o inventor cabaleiro da Lexión de Honor. Novo rumor pola viliña: “Velaí tes! É a cruz que el buscaba!”. O tío Madeleine refugou a cruz.

Decididamente, aquel home era un enigma. As almas piadosas saíron do apuro dicindo: “Despois de todo, é unha especie de aventureiro.”

Xa o vimos: a bisbarra debíalle moito e os pobres debíanlle todo. Era tan útil que ben cumprira que acabasen concedéndolle honores, e era tan maino que ben cumprira que acabasen queréndolle; os seus obreiros en particular adorábano e el levaba esa adoración cunha caste de gravidade melancólica. Cando foi recoñecido como rico, “as persoas da sociedade” saudárono e na vila chamáronlle “o señor Madeleine”, os seus obreiros e os rapaces seguiron a chamarlle *o tío Madeleine*, e esa era a cousa que máis o facía sorrir. A medida que el subía, íanlle chovendo as invitacións. “A sociedade” reclamábao. Os salongiños empolados de Montreuil que, claro está, permanecerían nos primeiros momentos pechados ao artesan, abríronse de par en par ao millonario. Fixéronlle arreo as beiras. El refugou.

Tampouco desta vez as almas piadosas se coutaron.

- É un home ignorante e de pouca educación. Non se sabe de onde ven. Non é quen de saber estar en sociedade. E non está demostrado que saiba ler.

Cando o viran gañar cartos, dixeran: “É un comerciante”. Cando o viran sementar os seus cartos, dixeran: “É un intereseiro”. Cando o viran refugar os honores, dixeran: “É un aventureiro”. Cando o viron refugar a sociedade, dixeran: “É un brután.”

En 1820, cinco anos despois de el chegar a Montreuil, os servizos que lle prestara á bisbarra eran tan manifestos e o desexo da comarca foi tan unánime, que o rei nomeouno de novo alcalde da vila. El refugou outra vez, mais o prefecto resistiuse ao seu rexeitamento, os notábeis todos viñeron rogarllo, o pobo en plena rúa suplicoullo e a insistencia foi tan viva que acabou por aceptar. Reparouse en que o que pareceu sobre todo decidilo, foi o apóstrofo case irritado dunha muller vella do pobo que lle berrou dende o limiar da súa porta con humor: *Un bo alcalde é útil. Seica se arrecúa ante o ben que se pode facer?*

Foi esa a terceira fase do seu ascenso. O tío Madeleine convertérase no señor Madeleine, e o señor Madeleine converteuse no señor alcalde.

III CANTIDADES DEPOSITADAS EN LAFFITTE

Por outra banda, el seguía a ser tan sinxelo como o primeiro día. Tiña o cabelo gris, a ollada seria, a tez torrada dun obreiro e a face penseira dun filósofo. Levaba de adoito un chapeu de aba larga e unha levita longa de pano groso abotoada ata o queixelo. Cubría as súas funcións de alcalde, mais fóra diso vivía solitario. Faláballe a pouca xente, esquivaba os cumprimentos, saudaba de esguello, liscábase decontadiño, sorría para se escusar de parolar e daba para se escusar de sorrir. As mulleres dicían del: “Éche un bo ourizo!”. O seu pracer era ir de paseo polo campo.

Comía sempre só, cun libro aberto diante del no que lía. Tiña unha pequena biblioteca ben feita. Gustaba dos libros, os libros son amigos fríos e seguros. A medida de que lle chegaba o lecer coa fortuna, semellaba que o aproveitase para cultivar o seu espírito. Dende que estaba en Montreuil reparábase en que, de ano para ano, a súa fala era máis pulida, máis escolleita e máis lene.

De grado levaba un fusil nos seus paseos, mais raramente o utilizaba. Cando por ventura lle acontecía, tiña un disparo infalíbel que metía medo. Nunca mataba un animal inofensivo. Nunca lle tiraba a un paxariño.

Ainda que non fose xa mozo, contábase que tiña unha forza prodixiosa. Botáballe unha man a quen o precisase. Soerguía un cabalo, puxaba unha roda entalada na lama, paraba, collendoo polos cornos, un touro que se ceibara. Tiña decotío os petos cheos en saíndo e baleiros en voltando. Cando pasaba por un vilariño, os macaquiños esfarrapados corrían ledamente atrás del e o arrodeaban como unha nube de moscóns.

Na vila crían adiviñar que en tempos debiera ter vivido do agro, pois sabía toda sorte de segredos útiles que lles ensinaba aos campesiños. Aprendíalles a destruír a tiña do trigo espaxando pola palleira e alagando as fendas do sollado cunha disolución de sal común, e a botar fóra os gurgullos pendurando por todas as partes, nos muros e nos teitos, nas medianeiras e nas casas, herba formigueira en flor⁹⁶. Tiña “receitas” para extirpar dunha leira a ervellaca, a nixela, a veza, o rabo de raposo⁹⁷ e todas as herbas parásitas que comen o trigo. Protexía unha coelleira contra as ratas só co cheiro dun coello das Indias que metía dentro.

Un día viu xente da bisbarra moi ocupada a arrancar ortigas. Ollou ese feixe de plantas sen raíz e xa secas e dixo:

-Morreu. E mais sería boa se se soubese usala. En canto que a ortiga é nova, a folla é un legume excelente, cando vai vella ten filamentos e fibras como o cáñamo e o liño. O tecido da ortiga é tan bo como o tecido de liño. Picada, a ortiga é boa para as aves de curral, moída é boa para os animais de cornos. A semente da ortiga mesturada coa forraxe fai relucir o pelo dos animais, a raíz mesturada co sal produce unha fermosa cor amarela.

⁹⁶ Dúas das plantas que Victor Hugo cita no orixinal (*orviot* e *gaverolle*) resultan imposíbeis de identificar pois –que nós saibamos– non aparecen (baixo a súa denominación científica ou baixo outro nome popular) en ningún dicionario francés nin páxina de Internet, nin son explicadas en edición ningunha de *Os Miserables*. Solicitada a axuda da Société Botanique de France, a súa secretaria xeral, señora Agnès Artiges, comunicounos que o *orviot* correspondería ao *Chenopodium bonus-henricus*. Dadas as discrepancias de denominacións en galego e portugués que aparecen nalgúns fontes botánicas canto a determinadas especies do xénero *chenopodium* (palabra de orixe grega que significa « pé de ganso »), optamos por traducir *orviot* por herba formigueira, (*Chenopodium ambrosioides*) especie presente en Galiza e que ten efectos contra o gurgullo.

⁹⁷ A falta de podermos identificar a planta que Victor Hugo chama *gaverolle*, suprimímola da enumeración das cinco que aparecen na frase orixinal, onde iría entre a veza e o rabo de gato.

Polo demais, é unha herba seca excelente que se pode segar dúas veces. E que lle cómpre á ortiga? Pouca terra, coidado ningún e laboura ningunha. Só que a semente vai caíndo ao madurecer e é difícil de colleitar. Velaí todo. Cun pouquiño de traballo que un tomase, a ortiga había ser útil, abandónana e vólvese nociva. Daquela mátana. Cantos homes asemellan á ortiga!

Logo dun silencio engadiu:

- Meus amigos, lembre isto: non hai herbas más nin maos homes. Hai só maos cultivadores.

Os cativos queríanlle ben porque, de por parte, sabía facer xeitosos labores con palla e cascas de coco.

Cando vía a porta da igrexa empanicada de negro, entraba: buscaba os enterros como outros buscan os bautismos. A viuvez e a coita dos outros atraíano por causa da súa gran dozura; mesturábase cos amigos asistentes ao dó, cos familiares vestido de negro, cos cregos que laíaban arredor dun cadaleito. Parecía darlle de grado como texto aos seus pensamentos esas salmodias fúnebres cheas da visión dun outro mundo. Cos ollos no ceo, escoitaba cunha sorte de aspiración cara aos misterios todos do infinito, esas voces tristes que cantan á beira do abismo escuro da morte.

Facía unha chea de boas accións escondéndose igual que se un esconde para as accións más. Polo serán, entraba ás agachadas nas casas e subía caladiño polas escaleiras. Un pobre díaño, ao volver á súa bufarda, atopaba que a porta fora aberta, por veces mesmo forzada, na súa ausencia. O pobre home clamaba: "Veu un ladrupeiro!". Entraba e o primeiro que vía era unha moeda de ouro esquecida derriba dun moble. O "ladrupeiro" que entrara era o tío Madeleine.

Era gasalleiro e triste. O pobo dicía. "Velaí un home rico que non ten aire de fachendoso. Velaí un home feliz que non ten aire de contento."

Algúns pretendían que era un personaxe misterioso, e afirmaban que non se entraba endexamais no seu cuarto, que era unha verdadeira cela de anacoreta amoblada con reloxos de area alados e ornada con tibias en cruz e caveiras. Tanto se dicía iso que unhas elegantes e malignas mulleres novas de Montreuil foron un día á súa casa e pedíronlle:

- Señor alcalde, amósenos, logo, o seu cuarto. Disque é unha caverna.

El sorriu e fíxoas entrar decontado nesa "caverna". Levaron un bo castigo pola súa curiosidade. Era un cuarto amoblado sinxelamente con mobles de caoba bastante feos como todos os mobles desta clase e entapizada de papel de a catro cartos. Nel, só puideron reparar en dous candelabros de formas vellas que estaban enriba da cheminea e tiñan aspecto de ser de prata, "pois estaban controlados". Observación plenamente típica das vilas pequenas.

Con todo, non se deixou de dicir que ninguén entraba nese cuarto e que era unha cova de ermitán, un lugar de envisamento, un buraco, unha tomba.

Bisbillotaban tamén que había cantidades "inmensas" depositadas en Laffitte, coa particularidade de que estaban sempre á súa inmediata disposición, de tal sorte – engadíán- que o señor Madeleine podería chegar unha mañá á banca de Laffitte, asinar un

recibo e levar os seus dous ou tres millóns en dez minutos. Na realidade, eses “dous ou tres millóns” reducíanse a seiscentos trinta ou corenta mil francos.

IV

O SEÑOR MADELEINE DE LOITO

A comezos de 1821 os xornais anunciaron a morte do señor Myriel, bispo de Digne, coñecido como *monseñor Benvido* e finado en olor de santidad á idade de oitenta e dous anos.

O bispo de Digne, para engadirmos aquí un detalle que os xornais omitiron, estaba cando morreu –e dende había varios anos- cego e contento de estar cego, ao estar a súa irmá cabo del.

Digámolo de paso: ser cego e ser amado é, efectivamente, nesta terra na que nada é completo, unha das formas máis estrañamente exquisitas de felicidade. Ter arreo á súa beira unha muller, unha rapaza, unha irmá, un ser meiguiño que está aí porque vós precisades dela e porque ela non pode pasar sen vós, saberse indispensábel a quen nos é necesaria, poder medir constantemente o seu afecto pola cantidade de presenza que nos dá, e dicirse: “Pois que ela me consagra todo o seu tempo é que teño todo o seu corazón”, ver o seu pensamento -a falta da súa face-, constatar a fidelidade dun ser na eclipse do mundo, percibir o roce dun vestido como un ruído de azas, ouvila ir e vir, saír, regresar, falar, cantar, e matinar en que un é o centro deses pasos, desa fala, dese canto, manifestar a cada minuto a súa propia atracción, sentirse tanto máis poderoso canto máis eivado se está, tornarse na escuridade -e pola escuridade- o astro arredor do que gravita ese anxo, poucas satisfaccións igualan esa. A suprema felicidade da vida é a convicción de que se é amado, amado polo que un é (digamos mellor, amado malia o que un é). Fáltalle algo? Non, ter o amor non é perder a luz. E que amor! Un amor feito enteiramente de virtude. Non hai cegueira onde hai certeza. A alma, ás apalpadadas, busca a alma e atópaa. E esta alma atopada e demostrada é unha muller. Sosténvos unha man: é a súa. Unha boca pasa a rentiño da vosa fronte: é a súa boca. Ouvides unha respiración pertiño de vós: é ela. Ter dela todo, dende o seu culto á súa piedade, non ser nunca abandonado, ter esa doce febleza que vos socorre, apoiarse nese esteo inquebrantábel, tocar coas vosas mans a providencia e poder collela nos vosos brazos –Deus palpábel- que enlevo! O corazón, esa celestial flor escura, entra nun espaxamento misterioso. Un non daría xa esta sombra nin por toda a claridade. A alma anxo está aí, aí de continuo, se se arreda é para regresar; bórrase como o soño e reaparece como a realidade. Séntese achegarse a calor, velaí está. Rebórdase serenidade, ledicia e éxtase, ése un raiolar na noite. E mil coidadiños. Uns nadiñas que son enormes nese baleiro. Os máis inefábeis acentos da voz feminina empregados en vos arrolar, e suplindo para vós o universo esvaecido. Ése acariciado con alma. Non se ve cousa ningunha, mais un séntese adorado. É un paraíso de tebras.

É dese paraíso, do que monseñor Bienvenu pasara ao outro.

O anuncio da súa morte foi reproducido polo xornal local de Montreuil. O señor Madeleine apareceu no outro día todo de negro cun crespón no chapeu.

Na vila repararon nese leito e latricaron. Aquilo pareceu unha luciña sobre a orixe do señor Madeleine. Tirouse a conclusion de que había algún emparentamento co venerábel bispo. *Leva dó polo bispo de Digne*, comentaron os salóns. Iso realizou moito o señor Madeleine, e deulle ao socato unha certa consideración no mundo nobre de Montreuil. O microscópico Faubourg Saint-Germain⁹⁸ do lugar matinou en facer cesar a corentena do señor Madeleine, posíbel parente dun bispo. O señor Madeleine decatouse do adianto que obtiña polo maior número de reverencias das mulleres vellas e polo maior

⁹⁸ Unha das rúas principais de París.

número de sorrisos das novas. Un serán, unha decana dese mundiño, curiosa por dereito de antigüidade, atreveuse a lle preguntar:

-O señor alcalde sen dúbida é curmán do finado bispo de Digne.

El díxolle:

-Non, señora.

-E máis -dixo a fidalgota- leva loito por el.

O señor Madeleine respondeulle:

-É que, sendo eu mozo, fun lacaios da súa familia.

Outra observación que facían era que, cada vez que pasaba pola vila algún rapaz saboiano percorrendo a bisbarra en procura de chemineas que limpar, el preguntáballe o seu nome e dáballe diñeiro. Os rapaces saboianos comentábano entre eles e pasaban moitos.

V VAGOS LÓSTREGOS NO HORIZONTE

Pouco a pouco, e co tempo, fora caíndo toda oposición. Houbera ao primeiro contra o señor Madeleine -sorte de lei que sofren sempre os que se elevan- negruras e calumnias, e despois non foron senón ruindades, e despois maledicencias, e despois todo iso se esvaeceu de a feito; o respecto fíxose unánime, cordial, e chegou un momento, contra 1821, no que a denominación “o señor alcalde” foi pronunciada en Montreuil case co mesmo acento que a denominación “o señor bispo” era pronunciada en Digne en 1815. Viñan de dez leguas á redonda consultar o señor Madeleine. El remataba os diferendos, impedía os preitos, reconciliaba os inimigos. Tomábano todos por xuíz de bo dereito. Semellaba que tivese por alma o libro da lei natural. Foi un contaxio de veneración que, en sete ou oito anos e de persoa en persoa, se apoderou da bisbarra.

Só un home, na vila e no distrito, escapou totalmente a este contaxio e - fixese o que fixer o tío Madeleine- permaneceu rebelde a aquilo, como se unha sorte de instinto, incorruptíbel e imperturbábel, o espertase e o inquietase. Semellaría, en efecto, que existe en certos homes un verdadeiro instinto bestial, puro e íntegro como todo instinto, que crea as antipatías e as simpatías, que separa fatalmente unha natureza doutra natureza, que non dubida, que non se turba, non cala e non se contradí nunca, claro dentro da súa escuridade, infalíbel, imperioso, refractario a todos os consellos da intelixencia e a todos os disolventes da razón, e que -estean feitos os destinos da maneira que estean- advirte en segredo ao home-can da presenza do home-gato, e ao home-raposo da presenza do home-león.

A miúdo, cando o señor Madeleine pasaba por unha rúa, calmo, afectuoso, rodeado polas benzóns de todos, acontecía que un home de estatura alta, vestido cunha levita gris de ferro, armado cun bastón groso, e toucado cun chapeu de aba baixada, se volvía bruscamente atrás del e o seguía cos ollos até que tivese desaparecido, cruzando os brazos, abaneando amodiño a testa e erguendo o beizo superior co beizo inferior até o nariz, especie de carantoña significativa que podería traducirse por: “E mais: quen ven sendo o home ese? Estou seguro de telo visto nalgures. En todo caso, eu non me deixo enganar por el.”

Ese personaxe, grave con unha gravidade ameazante, era dos que, mesmo entrevistados rapidamente, preocupan o observador.

Chamábase Javert e formaba parte da policía.

Efectuaba en Montreuil os cometidos penosos, mais útiles, de inspector. Non vira os comezos de Madeleine. Javert debíalle o posto que ocupaba á protección do señor Chabouillet -secretario do ministro de Estado conde Anglés- daquela prefecto de policía en París. Cando Javert chegara a Montreuil, a fortuna do gran manufactureiro estaba feita xa e o tío Madeleine convertérase en señor Madeleine.

Certos oficiais de policía teñen unha fisionomía á parte e que se complica cun aire de baixeza mesturado cun aire de autoridade. Javert tiña esa fisionomía, menos a baixeza.

Na nosa convicción, se as almas fosen visíbeis polos ollos, habíamos ver nidiamente a cousa estraña de que cada un dos individuos da especie humana corresponde a algunha das especies da creación animal; e poderíase recoñecer doadamente esta verdade apenas albiscada polo pensador: que, dende a ostra á águia,

dende o porco ao tigre, os animais todos están no home, e que cada un deles está dentro dun home. Ás veces mesmo varios deles á vez.

Os animais non son outra cousa senón as figuras das nosas virtudes e dos nosos vicios, errantes diante dos nosos ollos, os fantasmas visíbeis das nosas almas. Deus amósanolas para nos facer reflexionar. Só que –como os animais non son senón sombras- Deus non os fixo educabeis no sentido pleno da palabra: para que? Ao contrario, ao seren realidades as nosas almas e teren unha finalidade propia, Deus deulles a intelixencia, é dicir a educación posíbel. A educación social ben feita pode sempre tirar dunha alma –sexa ela cal for- a utilidade que contén.

Dito sexa isto, claro está, dende o punto de vista restrito da vida terrestre aparente, e sen prexulgar a profunda cuestión da personalidade anterior e ulterior dos seres que non son o home. O eu visíbel non autoriza de xeito ningún o pensador a negar o eu latente. Feita esta reserva, pasemos.

Agora, se se admite connosco un momento que en todo home hai unha das especies animais da creación, hanos ser doado dicer o que era o oficial de paz Javert.

Os campesiños asturianos están convencidos de que en toda camada de loba hai un can, que a nai mata, pois endenón, ao medrar, había devorar as outras crías.

Dádelle unha face humana a ese can fillo dunha loba e ha ser Javert.

Javert nacera unha prisión, dunha cartuxeira que tiña o seu marido nas galeras. Ao medrar, el pensou que estaba fóra da sociedade e desesperou de poder regresar nunca alá. Reparou en que a sociedade mantén irremisibelmente fóra dela dúas clases de homes: os que a atacan e os que a gardan; non tiña senón a escolla entre esas dúas clases. Ao mesmo tempo sentía dentro del non sei que fondo de rixidez, de regularidade e de probidade, complicado cunha inexpressábel xenreira cara a esa raza de bohemios da que formaba parte. Entrou na policía.

Alá tivo éxito. Aos corenta anos era inspector.

Na súa mocidade estivera empregado nos gardaforzados do sur.

Antes de irmos máis lonxe, entendámonos sobre esa expression de “face humana” que hai un momentíño lle aplicabamos a Javert.

A face humana de Javert consistía nun nariz nacho con dúas profundas ventas cara ás que subían sobre as súas dúas fazulas unhas enormes guedellas. Un sentíase mal a gusto a primeira vez que vía esas dúas fragas e esas dúas covas. Cando Javert ría –o que era raro e terríbel- os seus finos beizos arredábanse e deixaban ver non só os seus dentes senón as súas enxivas, e facíase de arredor do seu nariz un pregamento sorprendido e salvaxe como sobre do fociño dunha besta fera. Javert serio era un dogo, cando ría era un tigre. Polo resto, pouco cranio, moito queixelo, cabelos que agachaban a fronte e caían nas cellas, entre os dous ollos unha engurra central permanente como unha estrela de carraxe, a ollada escura, a boca requichada e temíbel, o aire do mandato feroz.

Ese home estaba composto por dous sentimentos moi sinxelos, e relativamente moi bos, mais que el facía case maos a poder de os esaxerar: o respecto da autoridade e o odio á rebelión, e aos seus ollos, o roubo, o asasinato, os crimes todos, non eran senón formas da rebelión. Envolvía nunha sorte de fe cega e profunda todo o que ten unha función no Estado, desde o primeiro ministro ao garda forestal. Cubría de desprezo, de

aversión e de noxo todo o que algunha vez tiña franqueado o limiar do mal. Era absoluto e non admitía excepcións. Por unha banda dicía:

-O funcionario non pode enganarse, a autoridade nunca está errada.

Por outra banda dicía:

-Estes están perdidos sen remedio. Nada bo pode saír deles.

Compartía totalmente a opinión deses espíritos extremos que lle atribúen á lei humana non sei que poder para facer –ou, se se quere, para constatar– condenados ao Inferno, e que poñen un Estixe⁹⁹ no baixo da sociedade. Era estoico, serio, e austero, soñador e triste, humilde e altivo como os fanáticos. A súa ollada era un trade; era fría e furaba. Toda a súa vida cabía nestas dúas palabras: velar e vixiar. Introducira a liña recta no que no mundo é máis retorto. Tiña conciencia da súa utilidade, a relixión das súas funcións, e era espía como se é sacerdote. Coitado do que caía baixo a súa man! Tería prendido o seu pai se se evadise do campo de forzados e denunciado a súa nai se quebrantase o desterro. Teríao feito con esa especie de satisfacción interior que dá a virtude. Xunto a iso, unha vida de privacións, o illamento, a abnegación, a castidade, endexamais unha distracción. Era o deber implacábel, a policía entendida como os espartanos entendían Esparta, un axexo sen piedade, unha honradez punxente, un abesullón marmóreo. Bruto en Vidocq¹⁰⁰.

Toda a persoa de Javert expresaba o home que espía e que se agacha. A escola mística de Joseph de Maistre¹⁰¹, que nesta época salpimentaba con alta teogonía os que se denominaba “xornais ultras”, non tería deixado de afirmar que Javert era un símbolo. Non se vía a súa fronte, que desaparecía baixo o seu chapeu, non se vían os seus ollos que se perdían baixo as súas cellas, non se vía o seu queixelo que se mergullaba na súa garavata, non se vían as súas mans que se metían nas súas mangas, non se vía o seu bastón que levaba por baixo da súa levita. Mais chegada a ocasión, víase de súpeto saír de toda esa sombra, como unha emboscada, unha fronte angulosa e estreita, unha ollada funesta, un queixelo ameazador, unhas mans enormes e unha porra monstruosa.

Nos seus momentos de lecer, que eran pouco frecuentes, mesmo odiando os libros, lía, o que fai que non era totalmente analfabeto. A cousa recoñecía-se por certa ampulosidade na fala.

Non tiña vicio ningún, xa o dixemos. Cando estaba contento de si mesmo, concedíase aspirar tabaco. Conectaba coa humanidade a través diso.

Entenderáse sen dificultade que Javert era o terror de toda esa clase que a estatística anual do ministerio de Xustiza designa baixo a rúbrica de *xente que non ten quen responda por ela*. Pronunciado o nome de Javert, púñase ela en desbandada, e, cando aparecía, a face de Javert petrificábaa.

Tal era ese home formidábel.

Javert era como un ollo sempre chantado enriba do señor Madeleine. Ollo cheo de sospeita e de conxecturas. O señor Madeleine acabara por se decatar, mais semellaba que

⁹⁹ Na mitoloxía grega, un dos ríos do Inferno.

¹⁰⁰ Famoso aventureiro francés (1775-1857) que foi sucesivamente delincuente, confidente, creador e xefe da brigada da *Sûreté Nationale*, detective e empresario.

¹⁰¹ Político e escritor francés(1753-1821), una das principais figuras do pensamento e a práctica ultraconservadora.

fose insignificante para el. Nin unha pregunta lle fixo a Javert, non o buscaba nin o evitaba, e aturaba –sen parecer reparar nela- esa ollada molesta e case pesada. Trataba a Javert como a todo o mundo, con desenvoltura e bondade.

Por algunhas falas escapadas a Javert, adivinábase que tiña rebuscado en segredo - con esa curiosidade que procede da raza e na que entra tanto instinto como vontade- todas as pegadas anteriores que o tío Madeleine puidera ter deixado noutros lugares. Parecía saber –e dicía ás veces con frases indirectas- que alguén recollera certas informacións en certa bisbarra sobre certa familia desaparecida. Unha vez chegou a dicir, falando para el mesmo:

-Penso que xa o teño!

Logo, ficou tres días penseiro sen pronunciar nin unha palabra. Parece que o fío que coidaba ter pillado rompera.

De por parte -e isto é o correctivo necesario ao que o sentido de certas palabras podería presentar como absoluto de máis- non pode haber nada verdadeiramente infalíbel nunha criatura humana, e o propio do instinto é precisamente poderse entoldar, desorientar e desencamiñar. Sen iso, el sería superior á intelixencia, e o animal tería unha mellor luz que o home.

Javert estaba, evidentemente, un pouquiño desconcertado pola completa naturalidade e tranquilidade do señor Madeleine.

Porén, un día, a súa estraña maneira de ser pareceu facer efecto sobre o señor Madeleine. Velái en que ocasión.

VI O TÍO FAUCHELEVENT

O señor Madeleine pasaba un día por unha ruela non enlousada de Montreuil. Sentiu ruído e viu un grupo de xente a unha pouca distancia. Foi alá. Un home vello, chamado o tío Fauchelevent, acababa de caír debaixo da súa carreta ao se derrubar o cabalo.

Ese Fauchelevent era un dos raros inimigos que aínda tivese o señor Madeleine nesa época. Cando Madeleine chegara á bisbarra, Fauchelevent, antigo tabelián e campesiño case instruído, tiña un comercio que comezaba a ir mal. Fauchelevent vira aquel simple obreiro que se enriquecía, en tanto que el - propietario- se arruinaba. Iso enchérao de ciúmes e fixera o que puidera en todas as ocasións para prexudicar a Madeleine. Despois chegara a creba, e vello, non tendo de seu máis que unha carreta e un cabalo, sen familia e sen fillos por outra banda, para vivir fixérase carreteiro.

O cabalo tiña as dúas coxas rotas e non se daba levantado de novo. O vello estaba entalado entre as rodas. A caída fora tan malfadada que todo o peso do vehículo lle pousaba no peito. A carreta ía moi cargada. O tío Fauchelevent arfaba laiando. Intentaran tiralo, mais en van. Un esforzo desordenado, unha axuda desaxeitada, un abalo en falso podían rematar con el. Resultaba imposíbel ceibalo outramente que soerguendo o vehículo dende embaixo. Javert, que aparecera no momento do accidente, mandara na procura dunha alzaprema¹⁰².

Chegou o señor Madeleine. Apartáronse con respecto.

-Socorro! –berraba o vello Fauchelevent- Un bo rapaz para salvar este vello!

O señor Madeleine virouse cara aos asistentes:

-Temos unha alzaprema?

-Foron buscar unha –respondeu un labrego.

-E en canto tempo a teremos?

-Foron ao máis perto, ao lugar de Flachot, onde hai un ferreiro. Pero é igual, cómpre ben un cuarto de hora.

-Un cuarto de hora! –exclamou Madeleine.

A véspera chovera, o chan estaba enchoupado, a carreta íase afundindo a cada momento e comprimía de máis en máis o peito do vello carreteiro. Era evidente que antes de cinco minutos había ter as costelas rotas.

-É imposíbel agardar un cuarto de hora –díxolle o señor Madeleine aos labregos que miraban.

-Ten que ser!

¹⁰² Aparello para levantar grandes pesos composto basicamente dunha barra de ferro que, premendo nun punto de apoio, fai panca. Xa apareceu anteriormente na narración (v. nota 58).

-Non vai dar tempo! Seica non ven que a carreta se está a afundir?

-A Virxe!

-Escoiten –seguiu Madeleine, aínda hai lugar abondo debaixo do vehículo para que un home se meta alí e a erga co lombo. Medio minuto só e habemos tirar o pobre home. Hai alguén aquí que teña riles e corazón? Cinco luíses¹⁰³ de ouro que gañar!

Ninguén buliu no grupo.

-Dez luíses -dixo Madeleine.

Os asistentes baixaban os ollos. Un deles murmurou:

-Cumpría ser endiañadamente forte. E mais, un arríscase a se facer esmagar!

-Veña! –comezou de volta Madeleine- Vinte luíses!

Mesmo silencio.

-Non é boa vontade o que lles falta –dixo unha voz.

O señor Madeleine virouse e recoñeceu Javert. Non o dexergara ao chegar.

Javert continuou:

-É forza. Compría ser un home terríbel para facer a cousa de levantar un vehículo así co lombo.

Despois, ollando en fite para o señor Madeleine, proseguíu recalcando cada unha das palabras que pronunciaba:

-Señor Madeleine, só coñecín un home capaz de facer o que vostede pide.

Madeleine estremeceuse.

Javert engadiu con aire de indiferenza, mais sen tirar os ollos de Madeleine:

-Era un forzado.

-Ah! –dixo Madeleine.

-Do campo de Toulon.

Madeleine palideceu.

Entre tanto, a carreta seguía a se afundir devagariño. O tío Fauchelevent arfaba e berraba:

-Afogo! Estáme partindo as costelas! Unha alzaprema! Algo!

¹⁰³ O luís era una moeda de ouro do Antigo Réxime. A partir de 1801 aparece a moeda de 20 francos de ouro coñecida como “napoleón” (v. nota 48) que tamén -por inercia- se coñece como “luís”.

Madeleine ergueu a testa, atopou o ollo de falcón de Javert sempre amarrado a el, mirou os labregos inmóbiles, e sorriu tristemente. Despois, sen dar unha fala, caíu de xeonllos, e antes mesmo de que a multitude tivese tempo de botar un berro, estaba debaixo do vehículo.

Houbo un horroroso momento de espera e de silencio.

Viuse Madeleine, co peito case pegado ao chan, intentar baixo aquel peso espantoso, tentar de chegar en van dúas veces os seus cóbados aos seus xeonllos. Berráronlle:

-Tío Madeleine! Saia de aí!

O propio vello Fauchelevent díxolle:

-Señor Madeleine! Bótese fóra! Teño que morrer, sabe? Déixeme! Senón, acaba esmagado, vostede tamén!

Madeleine non respondeu.

Os asistentes acoraban. As rodas seguiran a se afundir e xa case se fixera imposible que Madeleine saíse de debaixo do vehículo.

De súpeto viuse a enorme masa abalar, a carreta íase soerguendo amodiño, as rodas ían saíndo da rodeira á metade. Ouviuse unha voz afogada que berraba:

-Axiña! Axuden!

Era Madeleine, que acababa de facer un derradeiro esforzo.

Lanzáronse. A entrega dun só déralles forza e azos a todos. A carreta foi levantada por vinte brazos. O vello Fauchelevent fora salvado.

Madeleine ergueuse de novo. Estaba albacento, aínda que a suor lle escorregaba. A súa roupa estaba rachada e cuberta de bulleiro. Todos choraban. O vello bicáballe os xeonllos e chamáballe “bon Deus”. El tiña na face non sei que expresión de sufrimento feliz e celestial, e chantaba o seu ollar tranquilo en Javert, que seguía a fitalo.

VII
FAUCHELEVENT
CONVÉRTESE EN XARDINEIRO EN PARÍS

Fauchelevant desartellara a rótula ao caír. O tío Madeleine fíxoo transportar a unha enfermaría que establecera para os seus obreiros no propio edificio da súa factoría e que estaba atendida por dúas irmás da caridade. Na mañá do outro día o vello atopou un billete de mil francos enriba da súa mesiña de noite, con esta nota do señor Madeleine: “Mércolle a súa carreta e o seu cabalo”. A carreta fendera e o cabalo morrera. Fauchelevant curou, mais o seu xeonllo ficou anquilosado. O señor Madeleine, por recomendación das irmás e do seu cura, fixo colocar o homiño como xardineiro nun convento de mulleres do barrio Saint-Antoine en París.

Un tempinho despois, o señor Madeleine foi nomeado alcalde. A primeira vez que Javert viu o señor Madeleine revestido coa faixa que lle daba toda a autoridade sobre a vila, experimentou unha sorte de arreguizo semellante ao que experimentaría un dogo que ventara un lobo baixo a roupa do seu amo. A partir dese momento, evitouno o máis que puido. Cando as necesidades do servizo o esixían imperiosamente e non podía facer outra cousa senón encontrarse co señor alcalde, faláballe con profundo respecto.

Aquela prosperidade creada en Montreuil polo tío Madeleine tiña, alén os signos visibéis que temos indicado, outro síntoma que non por ser invisíbel era menos significativo. Isto non engana nunca. Cando a poboación sofre, cando o traballo falta, cando o comercio é inexistente, o contribuínte resístese ao imposto por penuria, esgota e ultrapasa os prazos, e o Estado desembolsa moito diñeiro en gastos de coerción e de retorno. Cando o traballo abunda, cando a bisbarra é rica e feliz, o imposto págase doadamente e cóstalle pouco ao Estado. Pódese dicir que a miseria e a riqueza públicas teñen un termómetro infalíbel: os gastos de cobranza do imposto. En sete anos, os gastos de cobranza reducíranse tres cuartas partes no distrito de Montreuil, o que facía que con frecuencia este distrito fose citado entre todos polo señor de Villèle, daquela ministro de Finanzas.

Tal era a situación da bisbarra cando Fantine regresou. Ninguén se lembraba xa dela. Felizmente, a porta da factoría do señor Madeleine era como unha faciana amiga. Presentouse e foi admitida no obradoiro das mulleres. O oficio era novo de a feito para Fantine, non podía ser moi destra, polo que da súa xornada de traballo só tiraba pouco, mais, en fin, iso chegaba, o problema estaba resolto, gañaba a súa vida.

VIII
A SEÑORA VICTURNIEN GASTA TRINTA E CINCO FRANCOS
POLA MORALIDADE

Cando Fantine viu que vivía, tivo un momento de ledicia. Vivir honradamente do seu traballo, que grazza do ceo! O gusto polo traballo volveulle de certo. Mercou un espello, aledouse de ver nel a súa mocidade, os seus bonitos cabelos e os seus bonitos dentes, esqueceu moitas cousas, non pensou senón na súa Cosette e no porvir posíbel, e case foi feliz. Alugou un cuartíño e amoblouno a crédito sobre o seu traballo futuro, resto dos seus costumes desordenados.

Ao non poder dicir que estaba casada, gardárase moito -como xa deixamos entrever- de falar da súa filliña.

Nestes comezos, xa o vimos, pagáballes puntualmente aos Thénardier. Como non sabía máis que asinar, víase obrigada a lles escribir a través dun escritor público.

Fantine escribía a miúdo. Repararon niso. Comezouse a falar no obradoiro das mulleres que Fantine “escribía cartas” e que “vendía favores”.

Non hai cousa mellor para espiar as accións da xente que aquela que non ten que ver con elas. “Por que ese señor só ven sempre á noite pecha? Por que o señor X non deixa nunca a chave pendurada do cravo a quinta feira? Por que colle sempre rúas pequenas? Por que a señora sempre baixa do seu coche de cabalos antes de chegar á casa? Por que manda ela mercar papel de cartas cando ten cheo o escritorio? “. Etc, etc. Existen seres que, para coñecer o significado destes enigmas –que, por outra banda, lles son totalmente indiferentes- gastan máis diñeiro, empregan máis tempo, pasan máis traballo, do que había cumprir para dez boas accións; e iso gratuitamente, por pracer, sen que a súa curiosidade sexa paga por outra cousa que pola curiosidade. Han seguir este ou aquela durante días enteiros, han facer garda durante horas nos recantos da rúa, baixo portas de pasaxes, á noite, coa friaxe, coa chuvia, han subornar mandadeiros, han embebedar cocheiros de cabalos e lacaios, han mercar unha serventa, han gañar un porteiro. Por que? Por nada. Pura teimosía de ver, saber e entrometerse. Puro proído de contar. E a miúdo, coñecidos eses segredos, publicados eses misterios, aireados ao gran día eses enigmas, provocan catástrofes, duelos, crebas, familias arruinadas, existenciais rompidas, coa grande alegría daqueles que “descubriron todo” sen interese e por puro instinto. Cousa triste.

Algunhas persoas son ruíns unicamente pola necesidade de falar. A súa conversa -faladoiro no salón, larapetada no antesala- é como esas chemineas que consomen axiña a leña: cómprelles moito combustíbel, e o combustíbel é o próximo.

Axexaron, pois, Fantine.

Coa mesma, máis de unha tiña ciúmes dos seus cabelos loiros e dos seus dentes brancos.

Comprobaron que no obradoiro, no medio das outras, a miúdo se viraba para enxugar unha bágoa. Eran os momentos nos que Fantine pensaba na súa filla. E se cadra tamén no home que ela amara.

É un doroso labor, a ruptura dos sombríos vencellos do pasado.

Comprobaron que escribía –cando menos dúas veces no mes- sempre ao mesmo enderezo, e que franqueaba a carta. Déronse feito co enderezo: *Señor Thénardier, pousadeiro en Montfermeil*. Fixeron larapetar na taberna o escritor público, homiño velleiro que non daba enchido o seu estómago de viño tinto sen baleirar o seu peto dos segredos. En resumo, sóubose que Fantine tiña un fillo. “Debía ser unha especie de rapariga”. Atopouse unha comadre que viaxou a Montfermeil, falou cos Thénardier, e dixo á súa volta: “Polos meus trinta e cinco francos, pagoume a pena. Vin a pequena!”

A comadre que fixo iso era unha gorgona¹⁰⁴ chamada señora Victurnien, gardiá e porteira da virtude de todo o mundo. A señora Victurnien tiña cincuenta e seis anos, e dobraba a máscara da fealdade coa máscara da vellez. Voz caprina e espírito ovelheiro. Esa muller vella fora nova, cousa asombrosa. Na súa mocidade, en pleno 93¹⁰⁵, casara cun frade que escapara do claustro cun pucho vermello¹⁰⁶ e pasara dos bernardinos aos xacobinos¹⁰⁷. Era seca, rabeca¹⁰⁸ e chichimeca¹⁰⁹, punzante, espiñenta e case pezoñenta, ao tempo que se lembraba do seu frade da que viuvara e que a domeara moito e a dobregara. Era unha ortiga na que se vía o rozamento do hábito. Coa restauración fixérase beateira, e tan enérxicamente que os cregos perdoáranlle o do frade. Tiña un benciño que legaba ruidosamente a unha comunidade relixiosa. Estaba moi ben vista polo bispado de Arrás. A tal señora Victurnien foi, daquela, a Montfermeil e volveu dicindo: “Vin a pequena”.

Todo iso levou tempo. Fantine estaba dende había un ano na factoría, cando unha mañá a vixianta do obradoiro lle entregou, de parte do señor alcalde, cincuenta francos, dicíndolle que xa non formaba parte do obradoiro e instándoa, de parte do señor alcalde a abandonar a bisbarra.

Fora precisamente ese mesmo mes cando os Thénardier, despois de teren pedido doce francos en lugar de seis, acababan de esixir quince francos en lugar de doce.

Fantine ficou aterrorizada. Non podía irse do país, debía o aluguer e os mobles. Cincuenta francos non eran abondo para saldar a débeda. Tatariñou algunhas palabras de súplica. A vixianta comunicoulle que tiña que saír no instante do obradoiro. Fantine, por outra banda, non era senón unha obreira mediocre. Abrumada pola vergoña máis que pola desesperación, abandonou o obradoiro e volveu para o seu cuarto. A súa falta, logo, era coñecida por todos!

Non se sentiu con azos para dicir unha palabra. Aconselláronlle ver ao señor alcalde, mais non se atreveu. O señor alcalde dáballes cincuenta francos porque era bo, e botábaa porque era xusto. Dobregouse ante a sentenza.

¹⁰⁴ Ser feminino e feroz da mitoloxía grega.

¹⁰⁵ O ano 1793 foi o máis violento da Revolución Francesa.

¹⁰⁶ O pucho vermello era un dos distintivos dos revolucionarios.

¹⁰⁷ Os bernardinos era una orde relixiosa, como tamén os xacobinos -dominicos que eran coñecidos baixo estoutro nome por se instalaren en París nun hospital do camiño de Santiago. No seu convento parisiense reuníronse os membros da tendencia máis radical da Revolución Francesa (liderada por Robespierre), que por ese motivo foron chamados *xacobinos*.

¹⁰⁸ Malencarada.

¹⁰⁹ Ruín.

IX ÉXITO DA SEÑORA VICTURNIEN

A viúva do frade serviu, logo, para algo.

Polo resto, o señor Madeleine non soubera nada de todo iso. Son combinacións de elementos dos que a vida está chea. O señor Madeleine tiña por costume non entrar case nunca no obradoiro das mulleres. Puxera á cabeza deste obradoiro unha solteira vella que o cura lle fornecera, e tiña toda a confianza nesta vixianta, persoa verdadeiramente respectábel, firme, equitativa, íntegra, chea da caridade que consiste en dar, mais sen ter no mesmo grao a caridade que consiste en entender e perdoar. O señor Madeleine se remitía en todo a ela. Os mellores homes vense a miúdo forzados a delegar a súa autoridade. É neses plenos poderes e coa convicción de que actuaba ben, como a vixianta instruíra o proceso, xulgara, condenara e executara Fantine.

Canto aos cincuenta francos, ela déraos con cargo a unha cantidade que o señor Madeleine lle confiaba para esmolos e socorros ás obreiras e da que non daba conta.

Fantine ofreceuse como criada pola bisbarra, foi dunha casa á outra. Ninguén a quixo. Non puidera abandonar a vila. O comerciante chambón ao que lle debía os mobles (que mobles!) dixéralle: “Se se vai, fago que a deteñan por ladra.” O propietario ao que lle debía o aluguer, dixéralle: Vostede é nova e bonita, pode pagar.” Partillou os cincuenta francos entre o propietario e o chambón, devolveulle ao comerciante os tres cuartos do seu mobiliario, conservando só o necesario, e atopouse sen traballo, sen posición, sen ter máis que a súa cama, e cunha débeda aínda duns cen francos.

Púxose a coser enormes camisas para os soldados do reximento e gañaba sesenta céntimos por día. A súa filla costáballe cincuenta. Foi nese momento cando comezou a lles pagar mal aos Thénardier .

Entre tanto, unha muller vella que lle prendía a candea cando ela regresaba polo serán, aprendeulle a arte de vivir na miseria. Detrás do vivir de pouco está o vivir de nada. Son dous cuartos: o primeiro é escuro, o segundo é negro.

Fantine aprendeu como se pasa sen lume ningún polo inverno, como se renuncia a un paxaro que vos come un centimiño de paíño por día, como se fai do seu saio un cobertor e do cobertor un saio, como se aforra candea comendo fronte á luz da xanela. Non se sabe todo o que certos seres febles, que se teñen feito vellos na laceira e a honradez, saben tirar dun pataco. Acaba por ser un talento. Fantine adquiriu ese sublime talento e recuperou uns poucos azos.

Nesa época, dicíalle a unha veciña:

-Boh! Digo eu: non durmindo máis que cinco horas e traballando todo o resto a coser, sempre hei dar gañado ben o pan sen moita dificultade. E, de por parte, cando unha está triste, come menos. Pois, logo: uns sufrimentos, unhas inquedanzas, un pouquiño de pan por acá e unas coitas por acolá, todo me ha de manter.

Nesa mágoa, ter a súa filliña sería unha rara felicidade. Pensou en facela vir. Mais, o que! Facerlle compartir a súa laceira! E a maiores, debíalles aos Thénardier! Como liquidalo? E a viaxe! Como pagala?

A vella que lle dera o que poderíamos chamar leccións de vida indixente era unha santa solteira chamada Marguerite, devota con verdadeira devoción, pobre e caridosa cos pobres e mesmo cos ricos, que sabía xusto escribir dabondo para asinar *Marguerite*, e que cría en Deus, o que é ciencia.

Hai moitas desas virtudes alá embaixo; un día han estar enriba. Esta vida ten un mañá.

Nos primeiros tempos, Fantine pasara tanta vergoña que non se atrevera a saír.

Cando ía pola rúa, adiviñaba que se viraban atrás dela e que a sinalaban co dedo; todos a miraban e ninguén a saudaba; o desprezo agre e frío dos viandantes entráballe na carne e na alma como un sieiro.

Nas vilas pequenas semella que unha malfadada estea espida ante os sarcasmos e a curiosidade de todos. En París, polo menos, ninguén vos coñece, e esa escuridade é un vestido. Ah, moito tería ela desexado ir a París! Imposíbel.

Cumpríu afacerse á desconsideración, igual que se afixera á indixencia. Paseniño paseniño foi tomando partido. Logo de dous ou tres meses sacudíu a vergoña e volveu saír como se non acontecese nada.

-Tanto me ten -dixo.

Foi por alá e por acolá, coa testa alta, con sorriso amargo, e sentiu que se volvía lercha.

A señora Victurnien víaa por veces pasar pola súa fiestra, reparaba na laceira “desa criatura” grazas a ela “colocada de novo no seu lugar ” e felicitábase. Os ruíns teñen unha felicidade negra.

O exceso de traballo fatigaba Fantine, e a tosiña seca que tiña aumentou. Por veces dicíalle á súa veciña Marguerite:

-Apalpe o quentes que teño as mans!

Porén, á mañá, cando peiteaba cun peite vello rompido os seus belidos cabelos que ondeaban como seda fina, tiña un minuto de coquetería feliz.

X
SEGUE O ÉXITO

Fora despedida contra a fin do inverno. Pasou o verán, mais volveu o inverno. Días cortos, menos traballo. No inverno –sen calor, sen luz, sen mediodía- o serán empata coa mañá, brétema, crepúsculo, a fiestra está gris, non se ve claro. O ceo é un fachinelo. Toda a xornada é un sotarrego. O sol ten o aspecto dun pobre. Espantosa estación! O inverno muda en pedra a auga do ceo e o corazón do home. Os seus acredores acurrábana.

Fantine gañaba moi pouquiño. As súas débedas medraran. Os Thénardier escribíanlle a cada paso cartas de contido desolador e de portes que a arruinaban. Un día escribíronlle que a súa Cosetiña estaba núa coa friaxe que ía, que precisaba unha saia de la, e que cumpría que a nai enviase cando menos dez francos para iso. Recibiu a carta e tívola nas mans, engurrada, o día enteiro. Polo serán, foi xunto dun barbeiro que vivía no cabo da rúa e desfixo o peiteado. Os seus fermosos cabelos longos caíronlle até o van.

- Fermosos cabelos! –exclamou o barbeiro.
- Que me daría por eles? –dixo Fantine.
- Dez francos.
- Córtelos.

Mercou unha saia de lá trenzada e envioullela aos Thénardier.

A saia enfureceu os Thénardier. Eran cartos o que querían. Déronlle a saia a Éponine. A pobre Laberquiña seguiu a tremelar.

Fantine pensou: “A miña filla xa non pasa frío. Vestina cos meus cabelos.” Puña uns puchiños redondos que agachaban a súa cabeza rapada e cos que aínda estaba bonita.

Unha tebregosa labra íase facendo no corazón de Fantine. Cando viu que non se podía xa peitear comezou a lle coller xenreira a todo o que tiña de arredor. Compartira moito tempo a veneración polo tío Madeleine, porén, a poder de se repetir que fora el o que a botara, e que el era a causa do seu malfado, chegou a odialo, el tamén, el sobre todo. Cando pasaba diante da factoría, ás horas nas que os obreiros están na porta, facía coma quen ría e cantaba.

Unha obreira vella que a viu unha vez cantar e rir dese xeito, dixo:

- Velaí unha rapaza que ha acabar mal.

Colleu un amante, o primeiro que chegou, un home que ela non amaba, por amúo, coa carraxe do corazón. Era un miserábel, unha especie de músico mendigo, un loubán preguiceiro, que lle zoupaba e que a abandonou igual que viñera: con noxo.

Fantine adoraba a súa filla.

Canto máis se abaixaba, canto máis escuro se facía todo ao seu redor, mais raiolaba ese doce anxiño no fondo da súa alma. Ela dicía: “Cando sexa rica, hei ter a miña Cosetiña comigo.” E ría. A tose non a abandonaba e tiña suores polo lombo.

Un día recibiu dos Thénardier unha carta nestes termos:

“Cosette está enferma cun andacio que hai na bisbarra, Chámanlle febre miliaria. Precísanse drogas caras. Iso arruínanos e non podemos seguir pagando. Se non nos envía corenta francos antes de oito días, a pequena morre.”

Ela escachou a rir e díxolle á súa vella veciña:

-Ai, ho, esa si que é boa! Corenta francos! Nada máis! Son dous napoleóns! De onde queren que eu os tire? Seica son parvos, os labregos eses!

Entre tanto, foise á escaleira, rente dunha lumieira e releu a carta.

Despois baixou a escaleira e saíu correndo e choutando, seguindo a rir.

Alguén que a atopou díxolle:

-Que ten, que está tan contenta?

Ela respondeu:

-É unha boa parvada a que acaban de me escribir uns da aldea. Pídenme corenta francos. Labregos tiñan que ser!

Cando pasaba pola praza, viu moita xente rodeando un vehículo de forma estraña, con dous pisos e un home vestido de vermello a perorar no cumio. Era un tiramoas ambulante, que lle ofrecía ao público dentamias completas, opiatos¹¹⁰, pós e elixires.

Fantine mesturouse no grupo e botouse a rir, coma os outros, desta arenga na que había argot para o populacho e falar de iniciados para a xente como ten que ser. O arrincamoas viu aquela bonita rapariga que ría, e coa mesma exclamou:

-Ten uns dentes bonitos, a rapaza que está aí a rir. Se me vende as súas paletas, doulle por cada unha un napoleón de ouro.

-Que son as miñas paletas? -preguntou Fantine.

-As paletas -responden o profesor dentista- son os dentes de diante, os dous de enriba.

-Que horror! -exclamou Fantine.

-Dous napoleóns! -rosmou unha vella desdentada que estaba alá- Velaí unha ben afortunada!

Fantine rispouse, e tapou as orellas para non ouvir a voz rouca do home que berraba:

-Pénseo ben, miña rapaza! Dous napoleóns dan para moito! Se acorda facelo veña este serán pola pousada da *Tilla de prata*, hei estar alá.

Fantine regresou, estaba furiosa e contoulle o asunto á súa boa veciña Marguerite:

-Entende a cousa? Seica non é un home odioso? Como deixan xente así andar polo país? Arrancarme os dous dentes de diante! Estaría horríbel! Os cabelos volven medrar, pero os dentes! Que monstro de home! Mellor quería eu botarme de cabeza contra a rúa dende un quinto! Díxome que había estar este serán na *Tilla de prata*.

-E canto ofrecía? -preguntou Marguerite.

¹¹⁰ Preparados dentífricos con derivados do opio.

- Dous napoleóns.
- Son corenta francos.
- Si –dixo Fantine- son corenta francos.

Quedou penseira e púxose co seu labor. Ao cabo dun cuarto de hora abandonou a costura e foi reler a carta dos Thénardier á escaleira.

Ao volver, díxolle a Marguerite, que traballaba rente a ela:

- Que ven sendo unha febre miliaria? Sabe?
- Sei, si –respondeu a vella- É unha enfermidade.
- E precisa moitas drogas, logo?
- Ai! Unhas drogas terribes.
- Onde se pillan?
- E unha enfermidade que se ten sen máis.
- E ataca daquela os nenos?
- Maiormente os nenos.
- E mórrase dela?
- Moito –dixo Marguerite.

Fantine saíu e foi outra vez reler a carta na escaleira.

Polo serán, baixou, e virona dirixirse á banda da rue de París, onde están as pousadas.

No outro día á mañá, cando Marguerite entrou no cuarto de Fantine antes de o día raia –porque traballaban sempre xuntas e deste xeito só acendían unha candea para as dúas, atopou Fantine sentada enriba do leito, pálida, xeadá. Non se deitara. O seu pucho caíralle enriba dos xeonllos. A candea ardera a noite toda e estaba case enteiramente consumida.

Marguerite detívose no limiar, petrificada por este enorme desorde, e exclamou:

-Señor! A candea está toda queimada! Aquí pasou algo!

Logo mirou para Fantine, que viraba cara a ela a súa cabeza sen cabelo.

Fantine desde a véspera avellentara dez anos.

- Xesús! –dixo Marguerite- Que ten, Fantine?
- Non teño nada –respondeu Fantine- Ao contrario. A miña nena non vai morrer desa horrenda enfermidade por falta de axuda. Estou contenta.

Ao falar así, amosáballe á vella solteira dous napoleóns que brillaban enriba da mesa.

-Xesucristo me valla! –dixo Marguerite- É unha fortuna! De onde tirou estes luíses de ouro?

-Conseguinos -respondeu Fantine.

Ao mesmo tempo, sorriu. A candea alumeaba a súa face. Era un sorriso sanguento. Unha saliva avermellada lixáballe o canto dos beizos, e tiña un buraco negro na boca.

Os dous dentes estaban arrancados.

Enviou os corenta francos a Montfermeil.

Polo demais, era un engado dos Thénardier para pillaren diñeiro. Cosette non estaba enferma.

Fantine guindou o seu espello pola xanela. Dende había moito tempo abandonara a súa cela do segundo por un faiado pechado cun zapón no tellado; unha desas bufardas con teito que fai ángulo co sollado e vos bate a cada paso na testa. O pobre non pode ir deica o fondo do seu cuarto, igual que ao fondo do seu destino, senón abaixándose a cada paso. Xa non tiña cama, quedáballe un farrapo que ela chamaba o seu cobertor, un colchón no chan e unha cadeira que perdera a palla. Unha roseira pequena que tiña desecárase nun recuncho, esquecida. Noutro recuncho había un pote de manteiga para lle botar auga, que no inverno se xeaba, e no que os diferentes niveis da auga ficaban marcados moito tempo por cercos de xeo¹¹¹. Ela perdera a vergoña e perdera a coquetaría. Derradeiro signo. Saía con puchos suxos. Quer por falta de tempo, quer por indiferenza, non corcosía a súa roupa branca. A medida que os talóns se gastaban, ía metendo as medias máis dentro dos zapatos. Víase por certas engurras perpendiculares. Remendaba o seu corsé, vello e gasto, con anacos de fustán que rachaba co menor movemento. A xente á que lle debía facíalle “escenas” e non lle deixaba acougo. Atopábaa na rúa e volvíaa atopar na súa escaleira. Pasaba noites enteiras a chorar e a matinar. Tiña os ollos todos brillosos e sentía unha dór fixa no ombreiro, contra o alto da omoplata esquerda. Tusía moito. Odiaba profundamente o tío Madeleine e non se laiaba. Cosía dezasete horas por día, mais un empresario do traballo das prisións –que facía traballar as presas á baixa- fixo de súpeto baixar os prezos, o que reduciu a xornada das obreiras libres a corenta e cinco céntimos. Dezasete horas de traballo e corenta e cinco céntimos por día! Os seus acredores eran máis implacabeis que nunca. O chambón, que recuperara case todos os mobles, dicíalle sen cesar: “Cando me has pagar, loubana?” Que quería dela, bon Deus! Sentíase acurrada e íase desenvolvendo nela algo da besta feroz. Cara á mesma época, o Thénardier escribiulle que de certo tiña el agardado con moita bondade de máis, e que precisaba cen francos decontadiño, senón que ía poñer fóra a Cosetiña, toda convalecente da súa grave enfermidade, ao frío e aos camiños, e que sería dela o que fóra, e que había rebentar, se ela quería. “Cen francos – pensou Fantine- E onde hai unha condición na que se gañen cinco francos por día?”

-Vamos! –dixo ela- Vendamos o resto.

A infortunada fíxose muller pública.

¹¹¹ Sistema tradicional para conservar a manteiga, composto por un vaso de barro que se insire cara a abaixo no interior doutro máis ancho e fica rodeado por auga.

XI
CHRISTUS NOS LIBERAVIT¹¹²

Que ven sendo esta historia de Fantine? É a sociedade mercando unha escrava.

A quen? Á miseria

Á fame, á friaxe, ao illamento, ao abandono, á laceira. Mercado doroso. Unha alma por un anaco de pan. A miseria ofrece, a sociedade acepta.

A santa lei de Xesucrisro goberna a nosa civilización, mais non a penetra aínda. Dise que a escravitude desapareceu da sociedade europea. É un erro. Segue existindo, mais pesa unicamente sobre da muller e chámase prostitución.

Pesa sobre da muller, é dicir, sobre da graza, sobre da febleza, sobre da beleza, sobre da maternidade. Non é esta unha das menores vergoñas do home.

No punto deste doroso drama ao que temos chegado, non lle queda máis nada a Fantine do que ela foi algún día. Virouse mármore ao se virar lama. Quen a toca ten frío. Ela pasa, sófrevos e ignóravos; é a figura deshonorada e severa. A vida e a orde social dixerónlle a súa derradeira palabra. Aconteceulle xa todo canto lle ha acontecer. Sentiu todo, aturou todo, experimentou todo, sufriu todo, perdeu todo, chorou todo. Está resignada con esa resignación que asemella á indiferenza igual que a morte asemella ao sono. Non evita máis nada. Non teme máis nada. Caía por riba dela toda a nubada e pase por riba dela todo o océano! Que lle importa! É unha esponxa embebida.

Ela créo, cando menos, mais é un erro imaxinar que agotamos o fado e que tocamos o fondo do que sexa.

Malpocados! Que son todos eses destinos, así apuxados nun revoltallo? Onde van? Por que son así?

O que sabe iso ve a sombra toda.

É único. Chámase Deus.

¹¹² Cita do apóstolo Paulo: "Cristo liberounos"(Gal., V. I).

XII A DESOCUPACIÓN DO SEÑOR BAMATABOIS

Hai en todas as vilas pequenas, e había en Montreuil en particular, unha clase de mozos que rillan mil cinco centas libras de renda en provincias co mesmo aceno co que os seus iguais devoran en París douscentos mil francos por ano. Son seres da gran especie neutra, castrados, parasitos, nulos, que teñen unha pouca terra, unha pouca parvura e unha pouca agudeza, que habían ser rústicos nun salón e se cren nobres na taberna e din “os meus prados”, “as miñas carballeiras”, “os meus labregos”, asúbíanlles ás actrices de teatro para demostraren que son xente de gusto, disputan cos oficiais do reximento para probaren que son xente de guerra, cazan, fuman, bocexan, beben, cheiran ao tabaco, xogan ao billar, miran os viaxeiros baixar da dilixencia, viven no café, xantan na pousada, teñen un can que come os osos baixo da mesa e unha amante que pousa os pratos enriba, aférranse a un céntimo, esaxeran as modas, admiran a traxedia, desprezan as mulleres, gastan as súas botas vellas, copian Londres a través de París e París a través de Pont-à-Mousson¹¹³, envellecen apampados, non traballan, non serven para nada e non prexudican moito.

O señor Félix Tholomyès, de permanecer na súa provincia e sen ver nunca París, sería un deses homes.

Se fosen máis ricos, diríase deles “son elegantes”, se fosen máis pobres, diríase “son preguiceiros” Son sinxelamente desocupados. Entre estes desocupados hainos amolantes, amolados, soñadores e algúns graciosos.

Nese tempo, un elegante compúñase dun gran colo, unha gran garavata, un reloxo con penduricallos, tres chaleques superpostos de cores diferentes –incluíndo neles o azul e o vermello- unha casaca de cór oliva de corta altura e rabo de bacallau, con dobre fileira de botóns de prata apertados uns contra os outros e subindo até o ombreiro, e un pantalón oliva máis claro, adornado nas dúas costuras cun número indeterminado de estrías (aínda que sempre impar e variando entre unha a once, límite que nunca era ultrapasado). Engadílle a iso unhas botinas con ferriños no tacón, un chapeu de copa alta e aba estreita, cabelos en guedella mesta, un enorme bastón e unha conversa realzada por xogos de palabras ao xeito de Potier¹¹⁴. E todo por riba esporas e mostachos. Nesta época os mostachos querían dicir burgués e as esporas querían dicir viandante.

O elegante de provincias levaba as esporas máis longas e os mostachos máis feros.

Era o tempo da loita das repúblicas de América contra o rei de España, de Bolívar contra Morillo¹¹⁵. Os chapeus de aba pequena eran monárquicos e chamábanse morillos, os liberais levaban chapeus de aba cumprida que se chamaban bolívaes.

Daquela, oito ou dez meses despois do que foi contado nas páxinas anteriores, contra os primeiros días de xaneiro de 1823, un serán no que nevara, un destes elegantes, un destes desocupados, un “ben pensante” –porque levaba un morillo, e a maiores ía envolteito ao quente nun deses grandes abrigos que completaban no tempo frío o vestido de moda- divertíase en acurrar unha criatura que roldaba en traxe de baile e toda

¹¹³ Pequena vila da Lorena, no noreste de Francia.

¹¹⁴ Charles-Gabriel Potier (1774-1838), actor cómico francés ao que se lle atribúe un libro no que figuran numerosos xogos de palabras.

¹¹⁵ Pablo Morillo (1775-1837), militar español que loitou en 1808 contra as tropas de Napoleón no sur de Galiza. En 1815 foi enviado por Fernando VII ao mando do exército español para reprimir a loita de Latinoamérica pola súa independencia. Alí Morillo aplicou un réxime de ferro e fogo. En 1823 apoiou a nova invasión francesa dos “cen mil fillos de San Luís” sendo decisivo para impor o absolutismo na toma da Coruña (sitiada durante máis dun mes) e a de Vigo.

decotada, con flores na testa, diante da cristaleira do café dos oficiais. Este elegante estaba a fumar, porque era verdadeiramente a moda.

Cada vez que aquela muller pasaba diante del, botáballe, cunha bafarada do seu cigarro, algún apóstrofe que el coidaba enxeñoso e ledó, como: “Que fea es!” “Vai de aí!” “Vella sen dentes!”, etc. Ese señor chamábase o señor Bamatabois. A muller, triste espectro decorado que ía e viña sobre da neve, non lle respondía, nin mesmo miraba para el, e non deixaba de cumprir, en silencio e cunha sombría regularidade, a súa paseata que a levaba cada cinco minutos baixo o sarcasmo, igual que o soldado condenado volve baixo as baquetas. O escaso efecto picou sen dúbida o ocioso que, aproveitando un momento no que ela se viraba, avanzou por tras a paso de lobo e, afogando a súa risada, abaixouse, colleu do enlousado un puñado de neve e meteullo bruscamente polo lombo entre os seus dous ombreiros nus. A rapaza botou un brado, volveuse, chimpou como unha pantera e lanzouse enriba do home, afundíndolle as unllas na faciana, coas máis espantosas palabras que poden caír dende o cuartel á rúa. Eses abafallos, vomitados con voz enrouquecida pola augardente, saían noxentamente dunha boca á que efectivamente lle faltaban os dous dentes de diante. Era a Fantine.

Co balbordo que aquilo fixo, os oficiais saíron en masa do café, os camiñantes amoreáronse, e formouse un gran círculo que ría, apupaba e batía palmas arredor dese rodopío composto por dous seres nos que costaba traballo recoñecer un home e unha muller, o home espernexando, co chapeu no chan, e a muller zoupando cos pés e os puños, despenxada, ouleando, sen dentes e sen cabelos, lívida de carraxe, horríbel.

De socato, un home de estatura alta saíu con rapidez da multitude, pillou a muller polo seu corpiño de satén cuberto de lama, e díxolle: “Sígueme!”

A muller ergueu a cabeza e a súa voz furiosa apagouse de súpeto. Os seus ollos estaban vidrentos, de lívida pasara a pálida e tremía cun tremelo de terror. Recoñecera Javert.

O elegante aproveitara o incidente para se escapulir.

XIII
SOLUCIÓN DALGUNHAS CUESTIÓNS
DE ORDE PÚBLICA MUNICIPAL

Javert arredou os asistentes, rompeu o círculo e botouse a camiñar ás alancadas cara ao posto de policía que está no extremo da praza, arrastrando atrás del a miserábel. Ela deixábase levar mecanicamente. Nin el nin ela daban unha fala. A nube dos espectadores, no paroxismo da ledicia, seguía con rexoubas. A miseria suprema, ocasión de obscenidades.

De chegado ao posto de policía -que era unha sala baixa quentada por un calorífero e atendida por unha patrulla, con porta acristalada e enreixada que daba á rúa- Javert abriu a porta, entrou con Fantine e volveu pechar a porta atrás del, con gran decepción dos curiosos que se puxeron nos bicos dos pés e alongaron o pescozo diante da cristaleira do corpo de garda, tratando de ver. A curiosidade é unha lambonaría. Ver é devorar.

Ao entrar, a Fantine foi caír nun recanto, inmóbil e muda, encrequenada como unha cadela que ten medo.

O sarxento da patrulla levou unha candeia acendida nunha mesa. Javert sentouse, tirou do peto unha folla de papel timbrado e púxose a escribir.

Esa clase de mulleres son entregadas enteiramente polas nosas leis á discreción da policía. Esta fai con elas o que quere, castígaas como lles parece e confisca según lle peta esas dúas tristes cousas que elas chaman a súa industria e a súa liberdade. Javert estaba impasíbel, a súa face sería non traicionaba emoción ningunha. E mais estaba gravemente e profundamente preocupado. Era un deses momentos nos que el exercía sen control -mais con todos os escrúpulos dunha conciencia severa- o seu temíbel poder discrecional. Nese momento -sentíao así- o seu tallo de axente de policía era un tribunal. El xulgaba. Xulgaba e condenaba. Reunía todas as ideas que podía ter na mente arredor da cousa que estaba a facer. Canto máis examinaba o que fixera aquela rapaza, máis sublevado se sentía. Era evidente que ela acababa de cometer un crime. Acababa de ver, aí na rúa, a sociedade -representada por un propietario-elector¹¹⁶- insultada e atacada por unha criatura á marxe de todo. Unha prostituta atentara contra un burgués. Vira iso, el, Javert. Escribía en silencio.

Ao que rematou, asinou, encartou o papel e díxolle ao sarxento da patrulla, entregándollo:

-Colla tres homes e leve esa rapariga á cela.

Logo, volvéndose cara á Fantine:

-Tes para seis meses.

A malfadada estremeceuse.

-Seis meses! Seis meses de cadea! Seis meses a gañar trinta e cinco céntimos por día! E que vai ser de Cosette? Miña filliña! Miña filliña! E aínda lles debo máis de cen francos aos Thénardier, señor inspector, sabe iso?

¹¹⁶ O voto era censitario: só se podía elixir e ser elixido a partir dunhas determinadas idades e nivel de riqueza. É así que o corpo electoral francés non superaba os cen mil electores.

Arrastrouse por riba das lousas molladas polas botas lamacentas de todos aqueles homes, sen se erguer, xuntando as mans, alancando cos seus xeonllos.

-Señor Javert -dixo- pídolle clemencia. Asegúrolle que eu non tiven culpa. Se vise o comezo, veríao! Xúrolle polo bon Deus que non tiven culpa. Foi ese señor burgués que non coñezo o que me meteu a neve no lombo. Seica teñen dereito a meternos neve no lombo cando pasamos tranquilamente sen lle facer mal a ninguén? Iso alteroume. Estou un pouco enferma, sabe? E mais había xa algún tempo que el me levaba dicindo cousas. “Es fea!” “Non tes dentes!”. Ben sei eu que xa non teño dentes. Non dicía nada, eu, dicía “É un señor que se divirte.” Eu era honrada con el, non lle falaba. Foi nese momento cando me meteu neve. Señor Javert, meu bon señor inspector! Seica non hai ninguén aí que o vira, para dicirlle a vostede que é certo? Se cadra fixen mal en me alporizar. Sabe? No primeiro momento non somos donos de nós. Temos arretinos. E mais, algo tan friaxento que che meten polo lombo cando non o esperas! Fixen mal en lle estragar o chapeu ao señor. Por que marchou? Habíalle pedir perdón. Teña clemencia por hoxe, desta vez, señor Javert. Escoite, non sabe isto: nas prisións non se gañan máis que trinta e cinco céntimos, non é culpa do goberno pero gáñanse trinta e cinco céntimos e figúrese que eu teño que pagar cen francos ou senón poñen fóra á miña pequena. Ai, meu Deus, e non podo tela comigo. É tan feo o que eu fago! Ai, miña Cosetiña, meu anxiño da boa Virxe Santa! Que vai ser dela, meu pobre lobechiño! Voullo dicir, inspector, son os Thénardier, uns pousadeiros, uns labregos, non atenden a razóns! Queren cartos, só. Non me meta na cadea. Sabe? É unha nena que ían botar no medio e medio do camiño –“Záfate como poidas!”- en pleno corazón do inverno, cómpre doerse desa cousiña, meu bo señor Javert. Se fose máis grande había gañar a súa vida, mais non se pode, a esa idade. Eu, no fondo, non son muller má. Non foi a covardía nin a larpadela a que me fixeron así. Bebín augardente, foi por miseria. Non me gusta, pero atordece. Cando eu era máis feliz, non terían senon que mirar nos meus armarios, teríase visto que non son unha muller coqueta que vive no desorde. Tiña roupa branca, moita roupiña branca. Teña piedade de min, señor Javert!

Falaba así, rompida en dúas, abalada polos saloucos, cegada polas bágoas, co peito nu, retorcéndose as mans, tusindo cunha tose seca e corta, tatariñando amodiño con voz de agonía. A dor grande é unha raiola divina e terríbel que transfigura os miserabeis. Naquel momento, Fantine volvera ser fermosa. En certos instantes, detíñase e bicaba con dozura o baixo da levita do abesullón. Tería conmovido un corazón de granito, mais non se conmove un corazón de pau.

-Vamos! -dixo Javert- Xa te escoitei. Dixeches todo? Camiña, agora! Tes os teus seis meses: *nin o Pai Eterno en persoa daría podido xa nada*.

Nesa frase solemne, *nin o Pai Eterno en persoa daría podido xa nada*, comprendeu que a sentenza fora pronunciada. Derrubouse sobre dela mesma borboriñando:

-Clemencia!

Javert virou as costas.

Os soldados pillárona polos brazos

Dende había uns minutos, un home entrara sen que tivesen reparado nel. Pechara de novo a porta, encostárase nela e ouvira as súplicas desesperadas da Fantine.

No instante en que os soldados puxeron a man enriba da malfadada, que non se quería erguer, deu un paso, saíu da escuridade e dixo:

-Un momento, por favor!

Javert ergueu os ollos e recoñeceu o señor Madeleine. Tirou o seu chapeu e, saudando cunha caste de zouponaría molesta:

-Perdón, señor alcalde...

Esa expresión, “señor alcalde”, tivo un estraño efecto sobre a Fantine. Endereitouse, en pé dunha peza, como un espectro que xorde da terra, rexeitou os soldados cos dous brazos, foise nun pulo cara ao señor Madeleine antes de que a puidesen deter e, ollándoo en fite, con aire extraviado, gritou:

-Ah, daquela es ti o señor alcalde!

Despois escachou a rir e cuspiulle na faciana.

O señor Madeleine limpou a faciana e dixo:

-Inspector Javert, poña esta muller en liberdade.

Javert sentiuse tolear no momento. Experimentaba nese instante, unha tras outras e case mesturadas nun revoltallo, as máis violentas emocións que tivera sentido ao longo da súa vida. Ver unha prostituta cuspirlle na faciana a un alcalde era unha cousa monstruosa que, nas súas suposicións máis terribes, tería el mirado como un sacrilexio, de consideralo posíbel. Por outra banda, no fondo do seu pensamento, el facía confusamente unha noxenta asociación entre o que era esa muller e o que podía ser ese alcalde, e entón entrevía con horror un non sei o que moi sinxelo nese prodixioso atentado. Mais cando viu aquel alcalde, aquela autoridade, secarse tranquilamente a faciana e dicir “poña esta muller en liberdade”, ficou como cegado polo estupor; o pensamento e a fala faltáronlle, o cumio do seu abraio posíbel fora ultrapasado. Enmudeceu

Esta frase non lle batera un golpe menos estraño á Fantine. Ergueu o brazo nu e aferrouse á chave do calorífero como unha persoa que abanea. Entre tanto, ollaba de arredor dela e púxose a falar en baixinho, como se falara con ela mesma.

-En liberdade! Que me deixen ir! Que non vaia á cadea seis meses! Quen dixo iso? Non é posíbel que o dixeran. Entendín mal. Non pode ser o monstro do alcalde ese! Foi vostede, meu bo señor Javert, o que dixo que me poñan en liberdade? Ah, ve? Voulle explicar e hame deixar ir. O monstro do alcalde ese, o moinante do alcalde ese, el é a causa de todo. Figúrese, señor Javert, que me botou fóra por causa dun fato de larchas que andan a latricar no obradoiro. Que horror! Despedir unha rapaza que fai honradamente o seu labor! Entón deixei de gañar e chegou a coita toda. De primeiras, hai unha mellora que os señores da policía deberían facer; sería impedirlles aos empresarios das prisións facerlles mal á xente pobre. Voulle explicar iso, oíu! Gañades sesenta céntimos nas camisas e cai a trinta e cinco céntimos, non hai xa maneira de vivir. Tedes, logo, que facer o que poidades. Eu tiña a miña Cosetiña e daquela tiven á forza que me facer unha muller má. Agora entende que foi o larchán do alcalde o causante do mal todo. Despois diso, esmaguichei o chapeu daquel señor burgués diante do café dos oficiais. Pero el botárame a perder o meu vestido coa súa neve. E nosoutras non temos máis que un vestido de seda, para o serán. Veo? Non fixen mal a mantenta: non si, señor Javert? E vexo por todos os sitios mulleres ben máis ruíns ca min e que son máis felices. Ai, señor Javert, foi vostede o que dixo que me poñan fóra, non foi? Infórmese, fale co meu propietario, agora pago en prazo, hanlle

dicir que son honrada. Ai, meu Deus, pídolle perdón, acabo de tocar, sen me decatar, á chave do calorífero e bota fume.

O señor Madeleine escoitábaa con profunda atención. En canto que ela falaba, el pescudara no seu chaleque, tirara del a súa bolsa e abríraa. Estaba baleira. Volvera poñela no peto. Díxolle á Fantine:

-Canto dixo que debía?

A Fantine, que só miraba para Javert, virouse para o seu lado:

-Seica falo contigo?

Despois, dirixíndose aos soldados:

-E logo, vós: vistes como lle cuspín na cara? Ah, alcalde bandido, ves aquí para me meter medo, pero eu non teño medo de ti. Teño medo do señor Javert. Teño medo do meu bo señor Javert!

Ao falar así virouse cara ao inspector:

-Coa mesma, sabe, señor inspector? Cómpre ser xusto. Eu entendo que vostede é xusto, señor inspector. A cousa é ben sinxela: un home que xoga a poñer unha pouca neve no lombo dunha muller, facíaos rir, aos oficiais, hai que se divertir en algo, e nós as mulleres estamos aí para que se divirtan, non? E mais chega vostede, ten a obriga de poñer orde, leva a muller que ten a culpa, pero ao pensar niso, como vostede é bo, di que me deixen en liberdade, é pola pequena, porque seis meses de cadea impediríanme alimentar a miña filla. "Só que non volvas, loubana!" Ah, non volverei, non, señor Javert! Hanme facer todo canto queiran, agora, que non hei rebulir. Só que hoxe -sabe?- berrei porque me mancou, non esperaba nadiña a neve dese señor, e a mais -xa lle dixen- non ando moi ben, tuso, teño o estómago como unha bola que me queima, e o médico díxome: "Cóidese". Mire, apalpe, poña a man, non teña medo, é aquí.

Xa non choraba, a súa voz era garimosa, pousaba enriba do seu peito branco e delicado a grosa man ruda de Javert, e miraba para el sorrindo.

Ao socato, recompuxo nun pulo a desorde da súa roupa, fixo caír de novo os pregamentos do seu vestido, que ao se arrastrar se regazara case á altura do xeonllo, e camiñou cara á porta dicíndolles a media voz aos soldados cun aceno de testa amigábel.

-Rapaces, o señor inspector dixo que me ceiban, voumevos.

Puxo a man no abridoiro. Un paso máis e estaba na rúa.

Javert, até ese momento estiverase de pé, inmóbil, cos ollos chantados no chan, posto de esguello no medio dese escenario como unha estatua incómoda que agarda que a poñan nalgures.

Acordouno o ruído que fixo o abridoiro. Ergueu de novo a testa con expresión de autoridade soberana, expresión sempre tanto máis arrepiente canto máis baixo se atopa situado o poder, feroz na besta salvaxe, atroz no home de nada.

-Sarxento -berrou- Non ve que esta loubana se vai? Quen lle dixo a vostede de a deixar ir?

-Eu -dixo Madeleine.

A Fantine ante a voz de Javert tremera e ceibara o abridoiro igual que un ladrón ceiba o obxecto roubado. Ante a voz de Madeleine virouse, e a partir dese momento, sen ousar mesmo deixar saír o seu alento libremente, a súa ollada foi alternadamente de Madeleine a Javert e de Javert a Madeleine, segundo falase un ou o outro.

Era evidente que cumpría que tivesen tirado Javert “fóra dos eixos” para que se permitira increpar o sarxento como o fixera, despois da invitación do alcalde para poñer Fantine en liberdade. Esquecéralle a presenza do señor alcalde? Rematara por se declarar a si mesmo que era imposible que unha “autoridade” tivese dado tal orde, e que con toda seguranza o señor alcalde debiera ter dito sen quere-lo unha cousa por outra? Ou ben, diante das barbaridades das que era testemuña dende había dúas horas, el dicíase que cumpría volver ás resolucións supremas, que era preciso que o pequeno se fixese grande, que o abesullón se transformase en maxistrado, que o home da Policía se volvese o home da Xustiza, e que nesta prodixiosa situación extrema, a orde, a lei, a moral, o goberno, a sociedade enteira, estaban personificados nel, en Javert?

Fose como for, cando o señor Madeleine dixo o que acabamos de escoitar, viuse o inspector de policía Javert volve-se cara ao señor alcalde, pálido, frío, cos beizos azuis, a ollada desesperada, todo o corpo abalado por un tremor imperceptíbel e , cousa inaudita, dicirlle coa vista baixa mais a voz firme:

-Señor alcalde, iso non se pode.

-Como? -dixo o señor Madeleine.

- Esa malfadada agrediu un burgués.

-Inspector Javert -replicou o señor Madeleine con acento conciliador e calmo-escoite. Vostede é un home honrado e non teño problema ningún en lle dar unha explicación. Velaquí a verdade: eu pasaba pola praza cando vostede levaba esta muller, aínda había grupos e informeime, contáronmo todo: foi o burgués o que tivo a culpa e o que, en boa norma policial, tería que ser detido.

Javert insistiu:

-Esa miserábel acaba de agredir ao señor alcalde.

-Iso é cousa miña -dixo o señor Madeleine- A miña ofensa pertéceme, se cadra. Podo facer con ela o que queira.

-Pídolle perdón ao señor alcalde. A súa ofensa non é súa, é da Xustiza.

-Inspector Javert -retrucou o señor Madeleine- a primeira xustiza é a conciencia. Eu escoitei esa muller. Sei o que fago.

-E eu, señor alcalde, non sei o que vexo.

- Entón, conténtese con obedecer.

-Obedezo ao meu deber. O meu deber quere que esta muller faga seis meses de cadea.

O señor Madeleine respondeulle devagariño:

-Escoite ben isto: non vai facer nin un día.

Ante esta frase decisiva, Javert ousou mirar en fite o alcalde, e díxolle, mais cun ton de voz que seguía a ser profundamente respectuoso:

-Desespérame resistirme ao señor alcalde, é a primeira vez na miña vida, mais el dignarase a permitirme que lle faga reparar en que estou no marco das miñas atribucións. Limitome -pois que o señor alcalde o quere- ao feito do burgués. Eu estaba alí. Foi esta rapariga a que se botou contra o señor Bamatabois, que é elector e propietario desa magnífica casa con balcón que forma o anco da esplanada, de tres andares e en pedra de cantaría. En fin, hai cada cousa neste mundo! Sexa como for, señor alcalde, ese é un feito de orde da rúa que me corresponde, e eu reteño esa muller, Fantine.

Daquela o señor Madeleine cruzou os brazos e dixo cunha voz severa que ninguén na vila tiña aínda ouvido:

-O feito do que fala vostede é un feito de orde pública municipal. Nos termos dos artigos nove, once, quince e sesenta do código de instrución criminal, son eu o seu xuíz. Ordeno que esta rapariga sexa posta en liberdade.

Javert quixo tentar un derradeiro esforzo.

-Mais, señor alcalde...

- Lémbrolle a vostede o artigo oitenta e un da lei de 13 de decembro de 1799 sobre a detención arbitraria.

-Señor alcalde, permita que...

-Non se fale máis.

-Con todo...

-Saia -dixo o señor Madeleine.

Javert recibiu o golpe de pé, de cara, e en pleno peito, como un soldado ruso. Saudou até o chan ao alcalde e saíu.

Fantine arredouse da porta e ollouno con estupor pasar diante dela.

Porén, tamén ela era presa dun estraño trasvirar. Acababa de se ver en certo sentido disputada por dúas potencias enfrontadas. Vira loitar ante os seus ollos dous homes que tiñan nas mans deles a súa liberdade, a súa vida, a súa alma, a súa filla; un daqueles homes turraba dela cara á banda da sombra, o outro tirábaa cara á luz. Nesa loita lubricada a través do aumento do arrepío, aqueles dous homes aparecéranlle como dous xigantes; un falaba como o seu demo, o outro falaba como o seu anxo da garda. O anxo vencera ao demo e -cousa que a facía arreguizarse da testa aos pés- ese anxo, ese liberador, era precisamente o home que ela aborrecía, ese alcalde que tanto tempo ela considerara como o autor de todos os seus males, ese tal Madeleine! E no momento mesmo no que ela acababa de ofendelo dun xeito noxento, el salvábaa! Seica ela se enganara? Debía, logo, mudar toda a súa alma?... Non sabía, tremaba. Escoitaba conturbada, ollaba amedoñada, e a cada fala que daba o señor Madeleine, sentía esvaírse e esboroarse nela as horrorosas tebras da xenreira e nacer no seu corazón un non sei o que quentiño e indicíbel que era ledicia, confianza e amor.

Ao que Javert saíu, o señor Madeleine virouse cara a ela e díxolle con voz pousada, con dificultade para dar falado como un home serio que non quere chorar:

-Estivena escoitando. Eu non sabía nada do que vostede dixo. Creo que é certo, e sinto que é certo. Ignoraba mesmo que tivese abandonado o meu obradoiro. Por que non se dirixiu a min? Mais velaí: eu vou pagar as súas débedas, hei mandar traer a súa filla, ou vostede ha ir reunirse con ela. Han vivir aquí, en París ou onde queiran. Eu encárgome da súa filla e de vostede. Vostede non vai traballar xa, se non quere. Eu heille dar todo o diñeiro que precise. Ha volver ser honrada ao ser de novo feliz. E mesmo, escoite,

asegúrolle dende agora que se todo é como vostede di –e non teño dúbida ningunha- nunca vostede deixou de ser virtuosa e santa perante Deus. Ai, pobre muller!

Era máis do que a pobre Fantine podía soportar. Ter a Cosette! Saír dese vida infame! Vivir libre, rica, feliz e honrada, con Cosette! Ver de súpeto espaxarse no medio da súa miseria todas esas realidades do paraíso! Mirou como atoutelada aquel home que estaba a lle falar e non puido senón botar dous ou tres salucos: oh! oh! oh! As súas sofraxes dobregáronse, púxose de xeonllos diante do señor Madeleine e, antes de que o dese impedido, este sentiu que lle collía a man e que os seus beizos se pousaban nela.

Logo desmaiouse.

Libro sexto

Javert

I COMEZO DO REPOUSO

O señor Madeleine mandou levar a Fantine a aquela enfermería que tiña na súa propia casa. Confiouna ás irmás que a meteron na cama. Entrálle unha febre ardente. Pasou parte da noite a delirar e falar en alto. Con todo, rematou por adormecer.

No outro día, contra o mediodía, Fantine acordou, sentiu unha respiración cabo do seu leito, apartou a cortina e viu o señor Madeleine de pé a ollar algo enriba da súa cabeza. Aquela ollada estaba chea de mágoa e de anguria, e suplicaba. Seguíu a súa dirección e viu que se dirixía cara a un crucifixo cravado na parede.

O señor Madeleine estaba agora transfigurado, a ollos de Fantine. Semellaba envolteito en luz. Estaba absorto nunha sorte de pregaria. Observouno longo tempo sen ousar interrompelo. Finalmente díxolle timidamente:

-Que está a facer aí?

O señor Madeleine levaba nese sitio unha hora. Agardaba que Fantine acordase. Colleulle a man, tomoulle o pulso, e respondeu:

-Como está?

- Ben, durmín -dixo ela- Penso que vou mellor. Non ha ser nada.

El proseguíu, respondendo á pregunta que lle dirixira primeiro, como se só estivese a escoitala:

-Estaba a pregarlle ao mártir que está aí enriba.

E engadiu para o seu pensamento: "Pola mártir que está aquí embaixo."

O señor Madeleine pasara a noite e mais a mañá a se informar. Agora sabía todo. Coñecía con todos os seus punxentes detalles a historia de Fantine. E continuou:

-Ten vostede sufrido ben, pobriña nai. Oh, non se laie, arestora ten a dote dos elixidos. É deste xeito como os homes fan anxos. Non é culpa deles, non saben obrar doutro modo. Sabe? Ese inferno do que vostede sai é a primeira forma do ceo. Cumpría comezar por aí.

E suspirou profundamente. Entrementres, ela sorríalle con ese sublime sorriso ao que lle faltaban dous dentes.

Javert, esa mesma noite, escribira unha carta. El mesmo entregouna á mañá seguinte na oficina de correos de Montreuil. Ía a París, encomendada *Ao señor Chabouillet, secretario do señor prefecto de policía*. Como o asunto do posto da patrulla se espallara, a directora da oficina de correos e algunhas outras persoas que viron a carta antes de esta partir e que recoñeceron a escrita de Javert no enderezo, coidaron que era a súa demisión o que el enviaba.

O señor Madeleine apurouse en escribir aos Thénardier. Fantine debíalles cento vinte francos. Envioulles tres centos dicíndolles que se cobrasen desa cantidade e trouxesen decontado a rapariga a Montreuil onde a súa nai enferma estaba a reclamala.

Iso cegou o Thénardier.

-Arredemo! –díxolle el á súa muller- Non soltemos a rapariga! Esa cotovía vaise virar nunha vaca leiteira. Adivíño. Algún babeco se namoriscaría da nai.

Repondeu cun memorando moi ben feito de cinco centos francos e algo. Nel figuraban, por máis de tres centos francos, dúas facturas indiscutíbeis, unha dun médico e outra dun boticario, que coidaran e medicaran Eponina e Azelma en dúas longas doenzas. Cosette, xa o temos dito, non estivera doente. Foi cousa dunha pequeniña substitución de nomes. Thénardier puxo debaixo do memorial: *recibido a conta trescentos francos*.

O señor Madeleine enviou decontado outros tres centos francos e escribiu: “Déanse présa en traer a Cosette”.

-Cristo! –dixo o Thénardier- Non soltemos a rapariga!

No entanto, Fantine non se restabelecía. Continuaba na enfermaría.

As irmás, ao primeiro, só recibiran e coidaran “esa rapariga” con repugnancia. Quen ten ollado os baixorrelevos de Reims¹¹⁷ lembra o alombamento do beizo inferior das virxes sabias ao miraren para as virxes necias. Este antigo desprezo das vestais polas *ambubaiae*¹¹⁸ é un dos máis profundos instintos da dignidade feminina; as irmás experimentáranas co redobramento que lle engade a relixión. Mais en poucos días Fantine desarmáras. Tiña toda caste de falas humildiñas e doces, e a nai que había nela conmovía. Un día, as irmás sentírona dicir ao través da febre:

-Fun unha pecadenta, mais cando teña a miña filla cabo de min, iso ha querer dicir que Deus me perdoou. Mentres eu andaba no mal, non quería ter comigo a miña Cosettiña, non daría aturado os seus ollos asombrados e tristes. E mais era por ela por quen eu facía o mal, e iso é o que fai que Deus me perdoe. Hei sentir a benzón do bon Deus cando Cosette estea aquí. Heina mirar e hame facer ben ver esa inocentiña. Ela non sabe nada de todo isto. É un anxo: saben, irmás? A esa idade as ás aínda non caíron.

O señor Madeleine ía vela dúas veces por día, e de cada vez ela preguntáballe:

-Hei ver axiña á miña Cosette?

El respondíalle:

-Se cadra mañá pola mañá. Dun momento a outro ha chegar, estouna esperando.

E a pálida face da cara raiolaba.

-Ah! –dicía- Moi feliz vou ser!

Acabamos de dicir que non se restabelecía. Pola contra: o seu estado semellaba agravarse de semana en semana. Esa puñada de neve aplicada na pel núa entre as omoplatas determinara unha supresión súbita da transpiración e, como consecuencia dela, a doenza que ía chocando dende había varios anos acabou por se declarar violentamente. Comezábase daquela a seguir para o estudo e o tratamento das doenzas de peito as valiosas indicacións de Laënnec. O médico auscultou Fantine e abaneou a cabeza.

¹¹⁷ Esculturas no pórtico do Xuízo Final, da catedral de Reims.

¹¹⁸ Cortesás que na antiga Roma tocaban música, cantaban e danzaban.

O señor Madeleine díxolle a este:

-Entón?

- Non ten ela unha filla que desexa ver? –dixo o médico.

-Ten.

-Pois daquela apúrese en que veña.

O señor Madeleine sentíu un arreguizo.

Fantine preguntoulle:

-Que dixo o médico?

O señor Madeleine esforzouse en sorrir.

-Díxome que mandase vir a súa filliña, que lle devolverá a saúde.

-Ah –seguíu ela- Ten razón! Mais: que teñen os Thénardier eses a reteren a miña Cosette? Ah, vai vir. Velaí vexo eu a felicidade rente de min!

O Thénardier, porén, non “soltaba a rapariga” e daba cen ruíns razóns. Cosette estaba un pouco enferma para se poñer en camiño no inverno. E a maiores había un resto de pequenas débedas que aparecían na localidade e das que andaba a reunir as facturas, etc., etc.

-Vou mandar alguén na procura de Cosette -dixo o tío Madeleine- E se é preciso vou eu mesmo.

Dictada por Fanzine, escribiu el esta carta que deu a asinar á moza:

“Señor Thénardier,

Vai entregar Cosette a esta persoa.

Pagaránlle as cousas miúdas todas.

Saúdoo con consideración.

Fantine.”

Neses momentos aconteceu un grave incidente. Escusamos picar o mellor que podemos na misteriosa pedra da que está feita a nosa vida, a negra vea do fado aparece sempre de volta nela.

II COMO JEAN PODE VIRAR EN CHAMP

Unha mañá o señor Madeleine estaba no seu despacho, ocupado en deixar previamente arranxados algúns asuntos urxentes da alcaldía para o caso en que se decidise a esa viaxe a Montfermeil, cando viñeron dicirlle que o inspector de policía Javert solicitaba falar con el. En ouvindo pronunciar ese nome, o señor Madeleine non puido evitar unha impresión desagradábel. Dende a aventura do posto de policía, Javert evitáralo máis que nunca e o señor Madeleine non o volvera ver.

-Mándeo pasar -dixo.

Javert entrou.

O señor Madeleine estaba sentado rente da cheminea, cunha pluma na man, a vista sobre un expediente que estaba a follear tomando notas nel, e que contiña actas de infracción á ordenanza das vías públicas. Non se molestou por Javert. Non podía deixar de pensar na pobre de Fantine e convíñalle ser glacial.

Javert saudou respectuosamente o señor alcalde, que lle daba as costas. O señor alcalde non mirou para el e seguíu a tomar notas no seu expediente.

Javert deu dous ou tres pasos no despacho e detívose sen romper o silencio.

Un fisionomista familiarizado coa natureza de Javert que tivese estudado desde hai tempo ese salvaxe ao servizo da civilización, ese estraño composto do romano, o espartano, o frade e o cabo, ese espía incapaz dunha mentira, ese abesullón virxe, un fisionomista que tivese sabido a súa secreta e antiga aversion polo señor Madeleine, o seu conflito co alcalde tocante a Fantine, e que tivese observado a Javert nese momento, teríase dito: "Que foi?". Era evidente, para quen tivese coñecido esa conciencia dereita, clara, sincera, proba, austera e feroz, que Javert saía dalgún gran acaecemento interior. Javert non levaba nada na alma que non levase tamén na faciana. Estaba -como a xente violenta- suxeito aos bruscos reviramentos. Endexamais a súa fisionomía tiña sido máis estraña e máis inesperada. Ao entrar inclinárase diante do señor Madeleine cunha ollada na que non había nin xenreira nin carraxe nin desconfianza, detíverase a algúns pasos detrás da cadeira de brazos do alcalde, e mantíñase alá, de pé, nunha actitude case que disciplinaria, coa rudeza inxel e fría dun home que nunca foi maino e sempre foi paciente; agardaba, sen dar unha fala, sen facer un movemento -cunha humildade verdadeira e unha resignación tranquila- que lle prouguese ao señor alcalde de se volver, acougado, serio, o chapeu na man, o ollar baixo, cunha expresión que se situaba no medio entre o soldado diante do seu oficial e o culpábel diante do seu xuíz. Todos os sentimentos, como todas as lembranzas que se lle puidesen ter suposto desapareceran. Non había máis nada- enriba desta faciana impenetrábel e sinxela como o granito- senón unha soturna tristura. Toda a súa persoa respiraba abaixamento e firmeza, e un non sei que valente abatemento.

Finalmente o señor alcalde pousou a pluma e se virou a medias.

-Entón! Que é? Que pasa, Javert?

Javert permaneceu un momento silencioso, como se se recollese, e despois elevou a voz cunha sorte de solemnidade tristeira que, porén, non desbotaba a sinxeleza.

-Pasa, señor alcalde, que se cometeu un acto culpábel.

-Que acto?
-Un axente inferior da autoridade faltoulle ao respecto a un superior do xeito máis grave. Veño, como é o meu deber, poñer o feito no coñecemento de vostede.
-Quen é ese axente? –preguntou o señor Madeleine.
-Eu –dixo Javert.
- Vostede?
-Eu.
-E cal é o superior que tería queixa do axente?
-Vostede, señor alcalde.

O señor Madeleine ergueuse na súa cadeira de brazos. Javert proseguíu con aire severo e vista sempre baixa:

-Señor alcalde, véñolle rogar que teña a ben provocar da autoridade a miña destitución.

O señor Madeleine abriu a boca estupefacto. Javert interrompeuno.

-Vostede ha dicir que puiden ter dado a demisión, mais iso non abonda. Dar un a súa demisión é honroso. Eu faltei e debo ser castigado. Teño que ser expulsado.

E despois dunha pausa engadiu:

-Señor alcalde, vostede foi severo comigo esoutro día inxustamente. Séxao hoxe xustamente.

-Ai, ho! E por que? –exclamou o señor Madeleine- Que é ese galimatías? Que quere dicir iso? Onde hai un acto culpábel cometido contra de min por vostede? Que me fixo vostede? En que obrou mal tocante a min? Estáse acusando, quere que o substitúan...

-Destitúan –dixo Javert.
-Destitúan, de acordo. Moi ben. Non o entendo.
-Vaino entender, señor alcalde.

Javert suspirou dende o fondo do seu peito e proseguíu igual de friamente e tristeiramente:

-Señor alcalde, hai seis semanas, a seguido desa escena por causa da rapariga, eu estaba furioso e denuncieino a vostede

-Denuncioume!
- Á prefectura de policía de París.

O señor Madeleine que non ría máis a miúdo do que Javert, botouse a rir.

-Como alcalde que invade o terreo da policía?
-Como antigo forzado.

O alcalde púxose lívido.

Javert, que non levantara a vista, continuou:

-Críao. Dende había tempo dáballes voltas. Unha semellanza, informacións que vostede fixo recoller en Faverolles, a súa forza cos cadrís, a aventura do vello Fauchelevent, a habilidade de vostede no tiro, a súa perna que arrastra un pouco... Que sei eu? Parvadas! Pero en fin, tomáboas a vostede por un tal Jean Valjean.

-Un tal...? Como é que di?

-Jean Valjean. Un penado que vira hai vinte e cinco anos cando eu era axudante de garda-forzados en Toulon. Ao saír do campo, ese Jean Valjean parece que roubara na casa dun bispo, e despois cometera outro roubo a man armada nun camiño público, contra un rapaciño saboiano. Dende hai oito anos agachárase, non se sabe onde, e era buscado. Eu figurárame que... En fin: fixen esa cousa! A carraxe decidíume e denuncieino a vostede ante a prefectura.

O señor Madeleine, que volvera coller o expediente dende uns instantes, retomou cun acento de perfecta indiferenza:

-E que lle responderon?

- Que eu estaba tolo.

-Entón?

-Entón, tiñan razón.

-É ben que o reconece!

-Ten que ser, pois que o verdadeiro Jean Valjean foi atopado.

A folla que o señor Madeleine sostíña escapoulle das mans. Ergueu a testa, ollou en fite Javert e dixo cun acento imposíbel de expresar:

-Ah!

Javert seguiu:

-Velaí o que hai, señor alcalde. Parece que había na bisbarra, pola banda de Ailly-le-Haut-Clocher, unha especie de homiño que chamaban o tío Champmathieu. Era moi miserábel. Non facían atención a el. Esa xente non se sabe de que vive. Últimamente, este outono, o tío Champmathieu foi detido por un roubo de mazás de sidra cometido na casa de... en fin, non importa! Houbo roubo, escalada de muro, pólas de árbores esgazadas. Detiveron ao meu Champmathieu. Aínda levaba a póla da maceira na man. Meten o loubán no caldeiro. Até aquí non é moito máis que un asunto correccional. Mais velaí a intervención da providencia: ao estar a gaiola en mal estado, o señor xuíz de instrución coida axeitado mandar transferir Champmathieu a Arrás, onde está a prisión departamental. Nesta prisión de Arrás está un antigo forzado chamado Brevet, que está preso por non sei o que e foi feito gardián de dormitorio porque se porta ben. Señor alcalde, aínda non desembarcara Champmathieu que velaí Brevet exclamar: -“Ai, hom, se eu coñezo este tipo. É un da *charpela*¹¹⁹. Mira para min, homiño! Ti es Jean Valjean!”. -Jean Valjean? Quen é Jean Valjean?” (O Champmathieu, faise o asombrado). -Non fagas o *xoulo*¹²⁰ -dille Brevet- Ti es Jean Valjean! Estiveches no campo de Toulon. Hai vinte anos. Estabamos xuntos. (O Champmathieu nega). Pardiola! Entende? Afondan no suceso. Pescúdanme nesa aventura. Velaí o que aparece: ese Champmathieu hai uns trinta anos foi obreiro podador de árbores en distintas bisbarras, maiormente en Faverolles. Alá pérdese a súa pegada. Moito tempo despois atópano na Auvernia, e despois en París onde dis que foi carreiro e que tivo unha filla lavandeira, pero non hai probas diso; e finalmente nesta bisbarra. Orabén, antes de ir para o campo de traballos forzados por roubo calificado: que era Jean Valjean? Podador. Onde? En Faverolles. Outro feito. Ese Valjean chamábase de nome Jean, e o apelido de súa nai era Mathieu. Que é máis natural senón pensar que ao saír do campo tomou o apelido de súa nai para se agachar e se fixo chamar Jean Mathieu? Vai para a Auvernia. A pronuncia da bisbarra fai de “Jean” “Chan” e chámalle Chan Mathieu.

¹¹⁹ “Prisión, cárcere”. Termo tomado da xiria galega dos afiadores ou barallete. No orixinal, Victor Hugo emprega *fagot* “forzado”, termo do argot francés da época.

¹²⁰ Como no caso anterior empregamos un termo do barallete (co significado de “parvo”) onde o autor emprega un termo de argot francés do seu tempo (*sinvre*) do mesmo significado.

Velaí o noso homiño transformado en Champmathieu. Ségueme, non si? Informámonos en Faverolles. A familia de Jean Valjean xa non está alá. Non se sabe onde está. Sabe? Nesas clases a miúdo esvaécese unha familia. Buscamos e xa non atopamos nada. Esa xente, cando non é lama é poeira. E mais, como o comezo destas historias data de trinta anos, xa non hai ninguén en Faverolles que teña coñecido Jean Valjean. Informámonos en Toulon. Con Brevet só quedan dous forzados que teñan visto Jean Valjean. Son os condenados de por vida Cochepaille e Chenildieu. Tirános do campo e fanos vir aquí. Confróntanos co pretendido Champmathieu. Non dubidan. Para eles, como para Brevet é Jean Valjean. Mesma idade, el ten cincuenta e catro anos, mesma talla, mesmo aspecto, mesmo home en fin, é el. É nese mesmo momento cando eu enviaba a miña denuncia á prefectura de policía. Respóndenme que estou perdendo o siso e que Jean Valjean está en Arrás en poder da xustiza. Imaxine se a cousa me asombra, eu que coidaba ter aquí ese mesmo Jean Valjean! Escríbolle ao señor xuíz de instrución. El mándame ir alá e lévame o Champmathieu...

-E que? -interrompeu o señor Madeleine.

Javert respondeu coa súa faciana incorruptíbel e tristeira:

-Señor alcalde, a verdade é a verdade. Estou desgustado, mais ese home é Jean Valjean. Eu tamén o recoñecín.

O señor Madeleine retrucou cunha voz moi baixa:

-Está seguro?

Javert botouse a rir con esa risa dorosa que escapa dunha fonda convicción:

-Estou, si!

Permaneceu un momento penseiro, collendo mecanicamente entre a punta do pulgar e o índice piscas de serraduras no cunco de secar a tinta que estaba enriba da mesa, e engadiu:

-E mesmo, agora que vexo o verdadeiro Jean Valjean, non entendo como puiden crer outra cousa. Pídlle perdón, señor alcalde.

Dirixindo estas falas suplicantes e graves a aquel que seis semanas antes o humillara en pleno corpo de garda e lle ordenara "Saia!", Javert, este home altivo, estaba sen o saber cheo de sinxeleza e de dignidade. O señor Madeleine non respondeu ao seu rogo senón con esta pregunta brusca:

-E que di ese home?

-Virxe Santa, señor alcalde! O asunto é ruín. Se é Jean Valjean hai reincidencia. Saltar un muro, esgazar unha póla, ripar mazás, para un rapaz é unha trasnada, para un home é un delito, para un forzado é un crime. Escalada e roubo, todo está aí. Non é xa o correccional, é a audiencia. Non son xa uns días de prisión, son as galeras a perpetuidade. E mais está o asunto do rapaciño saboiano, que espero que volva. Arredemo! Hai motivo para se revolver, non é certo? Si, para outro que non sexa Jean Valjean. Pero Jean Valjean é un raposeiro. Tamén por iso o recoñezo. Outro sentiría subir a temperatura, rebuliría, berraría, a ola canta no lume, non querría ser Jean Valjean, etcétera. El, non ten aspecto de entender, di: "Son Champmathieu, non me movo de aí!". Ten aspecto asombrado, fai o bruto, é moito mellor. Ai, o loubán é hábil! Mais tanto ten, as probas están aí. É recoñecido

por catro persoas, o vello trampón vai ser condenado. Lévano á audiencia, a Arrás. Eu hei ir alá de testemuña. Estou citado.

O señor Madeleine volveu para o seu escritorio, collera de novo o expediente e folleábao tranquilamente, ora lendo ora escribindo como un home ocupado. Virouse cara a Javert:

-Abonda, Javert. Realmente, eses detalles todos impórtanme pouco. Estamos perdendo o tempo e temos cousas de présa. Javert, vai ir axiña a casa da señoriña Buseaupied, a que vende herbas alá lonxe, no cabo da rue Saint-Saulve. Vaille dicir que presente denuncia contra o carreteiro Pierre Chesnelong. Ese home é un brután que houbo esmagar aquela muller e mais seu fillo. Ten que ser castigado. Logo vai ir á casa do señor Charcellay, na rue Montre-de-Champigny. Quéixase de que hai unha pingueira da casa veciña que verte a auga da chuvia na del e que lle fura os alicerces da súa casa. Logo vai comprobar as infraccións que me sinalan na rue Guibourg na casa da viúva Doris, e na rue Garraud-Blanc na casa da señora Renée Le Bossé, e vai levantar acta. Mais estoulle dando moito traballo. Non se vai ausentar? Non me dixo que ía a Arrás para ese asunto dentro de oito ou dez días?...

-Antes diso, señor alcalde.

-Que día, entón?

-Cría terlle dito ao señor alcalde que o xuízo era mañá e que eu partía na dilixencia esta noite.

O señor Madeleine fixo un movemento imperceptíbel.

-E canto vai durar o asunto?

-Un día como moito. A sentenza será pronunciada como máis tarde mañá pola noite. Pero eu non vou agardar por ela, que non ha fallar. Des que faga a declaración hei volver para aquí.

-Está ben –dixo o señor Madeleine.

E cun aceno da man díxolle a Javert que marchase.

Javert non marchou.

-Perdón, señor alcalde –dixo.

- Que hai aínda?

-Señor alcalde, quedame unha cousa para lle lembrar.

-Cal?

- Que teño que ser destituído.

O señor Madeleine ergueuse.

-Javert, vostede é un home honrado, e eu aprécioo. Está a esaxerar a súa falta. Isto, por parte, é un asunto que ten que ver comigo. Javert, vostede é digno de subir, non de baixar. Eu entendo que ten que conservar o posto.

Javert fitou o señor Madeleine coa súa meniña cándida, ao fondo da que semellaba verse esa conciencia pouco iluminada mais ríxida e casta, e dixo cunha voz tranquila:

-Señor alcalde, non lle podo conceder iso.

-Repítolle que o asunto me toca.

Mais Javert, concentrado só no seu pensamento, continuou:

-Canto a esaxerar, non esaxero miga. Velaí o meu razoamento: sospeitei de vostede inxustamente; non pasa nada, é o noso dereito sospeitar, aínda que, con todo, exista abuso en sospeitar por riba dun mesmo. Mais, sen probas, nun ataque de carraxe, co fin de me vingar, denuncieino a vostede como forzado, vostede, un home respectábel, un alcalde, un superior! É grave. Moi Grave. Ofendín a autoridade na persoa de vostede, eu, un axente da autoridade! Se un dos meus subordinados tivese feito o que eu fixen, eu teríao declarado indigno do servizo, e expulsado.

-E que?

-Escoite unha palabriña máis, señor alcalde: a miúdo eu teño sido severo na vida. Cos outros. Era xusto. Obraba ben. Agora, se non fose severo comigo, todo canto xusto eu fixen volveríase inxusto. Teño que ter máis contemplacións comigo que cos demais? Non. O que? Só castigaría os outros e non me había castigar eu? Sería un miserábel! E os que din “o moinante ese de Javert” terían razón! Señor alcalde, non desexo que vostede me trate con bondade, a súa bondade revolveume o sangue cando era a prol dos outros. Non a quero para min. A bondade consiste en darlle a razón á prostituta contra o burgués, ao axente de policía contra o alcalde, ao que está embaixo contra o que está enriba, e é o que eu chamo a ruín bondade. Con esa bondade a sociedade acaba desorganizada. Meu Deus! É ben doado ser bo, o difícil é ser xusto. Ai, ho! Se vostede tivese sido o que eu coidaba, eu non tería sido bo con vostede! Habíao ver! Señor alcalde, eu téñome que tratar igual que eu trataría outro calquera. Cando reprimía malféitores cando mallaba en loubáns, a miúdo díxenme a min mesmo “Ti, se te moves, se te pillo nun renuncio, vas aviado!”. E eu movínme, collínme nun renuncio, pois alá vai! Veña, despedido, arrancado, expulsado! Está ben. Teño brazos, traballarei a terra, tanto me ten. Señor alcalde, o ben do servizo quere un exemplo. Pido a destitución do inspector Javert.

Todo iso era pronunciado cun acento humilde, decidido, desesperado e convencido que daba non sei que rara grandeza a este estraño home honrado.

-Veremos –dixo o señor Madeleine.

E tendeuille a man.

Javert recuou e dixo cun ton teimudo:

-Perdón, señor alcalde, mais non pode ser. Un alcalde non dá a man a un abesullón

E engadiu entre dentes:

-Abesullón, si: dende o momento no que fixen mal uso da policía non son senón un abesullón.

Logo fixo un profundo saúdo e dirixiuse cara á porta.

Alá virouse e, coa vista sempre baixada, dixo:

-Señor alcalde, vou continuar en servizo até ser substituído.

E saíu. O señor Madeleine ficou en visco, escoitando ese paso firme e seguro que se afastaba no chan do corredor.

Libro sétimo

O asunto Champmathieu

I A IRMÁ SIMPLICIA

Os incidentes que se van ler non foron todos coñecidos en Montreuil, mais os poucos que se filtraron deixaron nesa vila tal lembranza que sería unha grave lagoa neste libro non os contarmos nos seus menores detalles.

Neses detalles o lector vai atopar dúas ou tres circunstancias inverosímiles que nós mantemos por respecto á verdade.

No outro día da visita de Javert, despois do xantar, o señor Javert foi ver a Fantine, como de ordinario.

Antes de entrar rente da Fantine, mandou que chamasen a irmá Simplicia. As dúas relixiosas que facían o servizo da enfermaría, damas lazaristas como todas as irmás da caridade, chamábanse irmá Perpetua e irmá Simplicia.

A irmá Perpetua era a primeira aldeá chegada, groseiramente irmá da caridade, que entrara no servizo de Deus coma quen entra nun oficio. Era relixiosa igual que se é cociñeira. Este tipo non é raro. As ordes monásticas aceptan de grado esa pesada louza campesiña, doadamente modelada como capuchino ou ursulina. Esa xente rústica utilízase para os grosos labores de devoción. A transición dun vaqueiro a un carmelita non é cousa oposta: un múdase no outro sen moito traballo; o fondo común de ignorancia da aldea e do claustro é un caldo de cultivo e pon decontado en pé de igualdade o campesiño e o frade. Unha pouca máis amplitude ao blusón e velaí un hábito. A irmá Perpetua era unha relixiosa corpulenta, de Marines, perto de Pontoise, que empregaba a fala do país, salmodiaba, fungaba e azucaraba a tisana segundo a beataría ou a hipocresía do encamado, trataba bruscamente os enfermos, era tosca cos moribundos -en lles botando case Deus na cara, lapidando a agonía con oracións cheas de carraxe- destemida, honrada e coloradocha.

A irmá Simplicia era branca cunha brancura de cera. Cabo da irmá Perpetua era o cirio á beira da candeia. Vicente de Paul retratou divinamente a figura da irmá da caridade nestas admirabeis palabras nas que mestura tanta liberdade a tanta servidume: “Non han ter por mosteiro senón a casa dos doentes, por celda un cuarto alugado, por capela a igrexa da súa parroquia, por claustro as rúas da vila ou as salas dos hospitais, por clausura a obediencia, por reixa o temor de Deus, por velo a modestia”. Ese ideal estaba vivo na irmá Simplicia. Ninguén podería dicir a idade da irmá Simplicia; nunca fora nova e semellaba que endexamais había ser vella. Era unha persoa -non ousamos dicir unha muller- acougada, austera, de boa compañía, fría e que endexamais dixera unha mentira. Era tan maina que parecía fráxil, e por outra banda era máis cernella que o granito. Tocáballes aos arregueixados con encantadores dedos finos e puros. Había, por así dicilo, silencio na súa fala, falaba xusto o necesario, tiña un son de voz que sería, ao tempo, edificante para un confesionario e engaiolador para un salón. Esa delicadeza acomodábase co vestido de burel, atopando neste esquiro contacto unha continua lembranza do ceo e de Deus. Insistamos nun detalle: non ter mentido endexamais, non ter endexamais dito por interese de ningunha caste -e mesmo séndolle indiferente- unha cousa que non fose verdade, a santa verdade, era o trazo distintivo da irmá Simplicia; era o acento da súa virtude. Era case célebre na congregación por esa veracidade imperturbábel. O abade Sicard fala da irmá Simplicia nunha carta ao xordomudo Massieu. Tan sinceros, tan leais e tan puros como sexamos todos temos enriba do noso candor cando menos a regaña da mentira inocente. Ela, non. Mentira pequena, mentira inocente: seica existe? Mentir é o absoluto do mal. Mentir pouco non é posíbel, o que mente, mente a mentira toda; mentir é a mesma faciana do demo, Satán ten dous nomes: chámase Satán e chámase Mentira. Velaí

o que pensaba ela. E segundo o pensaba, practicábao. De aí resultaba esa brancura da que xa falamos, brancura que cubría co seu raiolar mesmo os seus beizos e os seus ollos. O seu sorrir era branco, o seu ollar era branco. Non había nin unha tea de araña, nin un aruxo de poeira no vidro desa conciencia. Ao entrar na obediencia de San Vicente de Paul tomara ela o nome de Simplicia por unha especial escolla. Simplicia de Sicilia –é ben sabido- é aquela santa que quixo mellor deixarse arrancar os dous seos que responder –tendo nacido en Siracusa- que nacera en Sexesta, mentira que a salvaba. Tal patroa acaía a tal alma.

A irmá Simplicia, ao entrar na orde, tiña dous defectos dos que se fora corrixindo aos pouquiños: gustáranlle as larpeiradas e gustáralle recibir cartas. Nunca lía senón un libro de oracións en caracteres grosos e en latín. Non entendía o latín, mais comprendía o libro.

A piadosa rapaza colléralle afecto a Fantine, sentindo probabelmente nela a virtude latente, e se adicara a coidala case en exclusiva.

O señor Madeleine levou á parte a irmá Simplicia e encomendoulle Fantine cun acento singular do que a irmá se lembrou máis en diante.

Ao se afastar da irmá, achegouse a Fantine.

Esta agardaba cada día a aparición do señor Madeleine como se agarda unha raiola de calor e de ledicia. E dicíalle ás irmás:

-Vivo só cando o señor alcalde está aquí.

Aquel día tiña moita febre. Des que viu o señor Madeleine, ela preguntoulle:

-E Cosette?

El respondeu sorrindo:

-Axiña.

O señor Madeleine estivo con Fantine igual que decotío. Só que permaneceu unha hora no canto de media, con gran contento dela. Instou aquel mil veces a todo o mundo a que non lle faltase nada á enferma. Repararon en que houbo un momento en que o rostro do señor Madeleine se ensombrecera moito. Mais a cousa explicouse cando se soubo que o médico se debrozara ao seu ouvido e lle dixera.

-Está baixando moito.

Despois volveu para a alcaldía, e o subalterno viuno examinar atentamente un mapa de estradas de Francia que estaba pendurado no seu gabinete. Escribiu unhas poucas cifras a lápis nun papel.

II PERSPICACIA DE MESTRE SCAUFFLAIRE

Da alcaldía dirixiuse ao extremo da vila, ao establecemento dun flamenco, mestre Scaufflaër, afrancesado en Scaufflaire, que alugaba cabalos e “cabriolés a discreción”.

Para ir xunto deste Scaufflaire, o máis corto era coller unha rúa pouco frecuentada onde estaba o presbiterio da parroquia na que vivía o señor Madeleine. O cura era -segundo dicían- un home digno e respectable, e de bo consello. No momento en que o señor Madeleine chegou diante do presbiterio só pasaba unha persoa pola rúa, e o tal camiñante reparou nisto: o señor alcalde, despois de ter ultrapasado a casa curial, parou, permaneceu inmóbil e logo volveu sobre os seus pasos ata a porta do presbiterio, que era unha porta para entrar a pé e tiña un petador de ferro; el soergueuno e despois detívose de novo e ficou parado e como pensamento, e, tras uns segundos, no canto de deixar caer ruidosamente o petador, volveuno pousar devagariño e retomou o seu camiño cunha especie de présa que antes non tiña.

O señor Madeleine atopou Mestre Scaufflaire no seu establecemento ocupado en preparar un arnés.

-Mestre Scaufflaire, -preguntoulle- ten un cabalo bo?

-Señor alcalde, -díxolle o flamenco- os meus cabalos son todos bos. Que entende vostede por un cabalo bo?

-Entendo un cabalo que poida facer vinte leguas no día.

-Arredemo! -dixo o flamenco- Vinte leguas!

-Si.

-Atrelado a un cabriolé?

-Si.

-E canto tempo ha descansar despois da carreira?

-Cómpre que puidese volver saír no outro día, se fose preciso.

-Para facer o mesmo camiño?

-Si.

-Arredemo, ho! Vinte leguas?

O señor Madeleine tirou do peto o papel no que riscara unhas cifras co lápis. Amosoullas ao flamenco. Eran as cifras, 5, 6 e 8 ½.

-Ben o ve, -díxolle- En total dezanove e media, o que ven sendo vinte leguas.

-Señor alcalde, -continuou o flamenco- teño o que necesita. O meu cabaliño branco. Debeu vostede velo pasar por veces. É un animalíño do baixo Bolonesado. Está cheo de lume. Quixeron facer del un cabalo de monta. Si, ho! Escouciñaba e tiraba con todos no chan. Coidaban que era revirado e non sabían o que facer con el. Merqueino eu. Púxeno no cabriolé. Meu señor, iso é o que el quería, é pacífico como unha rapariga e corre co vento. O que non se pode é subirlle ao lombo, éche boa! Non fixo idea de ser un cabalo de monta. Cada un ten a súa ambición. Tirar, si, cargar, non; seica é o que el se dixo.

-E dará feito o percorrido?

-As vinte leguas. Sempre a moito trote e en menos de oito horas. Mais velaí a que condicións.

-Dígame.

-De primeiras que o ten que deixar alentar unha hora á metade do camiño; terá que comer e haberá que estar rente del para evitar que o mozo do albergue lle roube a avea, porque eu reparei en que nos albergues, a avea, máis que comela os cabalos bébena os mozos das cabalarizas.

-Alá estaremos.
 -En segundo lugar... É para o señor alcalde, o cabriolé?
 -É.
 -O señor alcalde sabe guíalo?
 -Sei.
 -Pois o señor alcalde terá que viaxar só e sen equipaxe, para non carregar o cabalo.
 -De acordo.
 -Mais o señor alcalde, ao non levar ninguén con el, vai ter que pasar o traballo de vixiar a avea.
 -Está dito.
 -Cómprenme trinta francos por día. E os días de descanso páganse. Nin un pataco menos, e a manenza do animal á custa do señor alcalde.

O señor Madeleine tirou tres napoleóns da súa bolsa e pousounos enriba da mesa.

-Velaí ten dous días por adiantado.
 -En cuarto lugar, para tal percorrido un cabriolé sería pesado de máis e o cabalo cansaría. Sería preciso que o señor alcalde estivese de acordo en viaxar nun tilbury pequeno que teño.
 -Estou.
 -É lixeiro pero non leva capota.
 -Éme igual.
 -O señor alcalde non pensou en que estamos no inverno?...

O señor Madeleine non respondeu. O flamenco continuou:

-E que vai moito frío?

O señor Madeleine mantívose en silencio. Mestre Scaufflaire seguíu:

-E que pode chover?

O señor Madeleine ergueu a testa e dixo:

-O tilbury e o cabalo estarán diante da miña porta mañá ás catro e media da mañá.
 -Entendido, señor alcalde -respondeu Scaufflaire.

E despois, rañando coa unlla do seu pulgar unha lixadura que había na madeira da mesa, continuou con ese aire despreocupado que os flamencos saben ben mesturalle á súa finura:

-E mais, agora que o penso: o señor alcalde non me di onde vai! Onde vai, señor alcalde?

Non matinaba noutra cousa dende o comezo da conversa, mais -non sabía por que- non se atrevera a facer a pregunta.

-O seu cabalo ten boas patas dianteiras? -dixo o señor Madeleine.

-Ten, señor alcalde. Teráo que suxeitar un pouco nas baixadas. Hai moitas baixadas de aquí a onde vai vostede?

-Non lle esqueza estar á miña porta ás catro e media da mañá en punto- respondeu o señor Madeleine.

E marchou.

O flamenco quedou “todo parvo”, como se dicía a si mesmo un tempinho despois.

Había dous ou tres minutos que o señor alcalde marchara, cando a porta volveu abrirse; era o señor alcalde. Tiña o mesmo aire impasíbel e preocupado.

-Señor Scaufflaire: que cantidade calcula que valen o tilbury e o cabalo que leva?-
dixo.

-É o cabalo o que tira del, señor alcalde- dixo o flamenco cunha gran risada.

-Iso é. E canto?

-Seica o señor alcalde quere comprarmos?

-Non, pero ante calquera circunstancia, quero que vostede estea cuberto. En canto calcula o cabriolé o o cabalo?

-En cinco centos francos, señor alcalde.

-Velaí os ten.

O señor Madeleine pousou un billete de banco enriba da mesa, despois marchou, e desta vez xa non volveu.

Mestre Scaufflaire tivo unha perda espantosa de non ter dito mil francos. De por parte, o cabalo e o tilbury, en conxunto, valían cen escudos.

O flamenco chamou pola súa muller e contoulle a cousa. Onde demo pode ir o señor alcalde? Cavilaron os dous.

-Vai a París -dixo a muller.

-Non creo -dixo o marido.

O señor Madeleine esquecera sobre da cheminea o papel no que anotara as cifras. O flamenco colleuno e estudouno.

-Cinco, seis, oito e medio? Deben marcar as paradas de postas.

E virouse cara á súa muller.

-Atopeino.

-Como é?

-Hai cinco leguas de aquí a Hesdin, seis de Hesdin a Saint-Pol, e oito e media de Saint-Pol a Arrás. Vai a Arrás.

No entanto, o señor Madeleine regresara á súa casa.

Para volver de xunto a mestre Scaufflaire collera o camiño máis longo, como se a porta do presbiterio fose para el unha tentación e quixese evitala. Subira ao seu cuarto e pechárase nel, o que non tiña nada de extraordinario pois de adoito deitábase cediño. Con todo, a porteira da factoría, que era ao tempo a única serventa do señor Madeleine, reparou en que a súa luz se apagou ás oito e media, e díxollo ao caixeiro que regresaba nese momento, engadindo:

-Está enfermo o señor alcalde? Atopeino un pouco raro.

Ese caixeiro vivía nun cuarto situado xusto embaixo do cuarto do señor Madeleine. Non prestou atención ás palabras da muller, deitouse e durmiu. Contra a media noite acordou de súpeto; sentira a través do sono un ruído por riba da súa cabeza. Escoitou. Era un paso que ía e viña, como se camiñasen no cuarto de encima. Escoitou máis atentamente e recoñeceu o paso do señor Madeleine. Pareceulle estraño; polo xeral non se facía ruído ningún no cuarto do señor Madeleine antes da hora de se el erguer. Un momento despois, o caixeiro sentiu algo que semellaba un armario que se abre e se volve pechar. Despois moveron un moble, houbo un silencio e o paso comezou de volta. O caixeiro púxose sentado, acordou de todo e ollou, dexergando na parede de en fronte- ao través dos vidros da súa xanela- a reverberación avermellada dunha fiestra alumeada. Pola dirección das raiolas só podía ser a fiestra do cuarto do señor Madeleine. A reverberación tremelaba como se viñese máis ben dun lume aceso que dunha luz. Non se dibuxaba a sombra dos bastidores acristalados, o que indicaba que a fiestra estaba aberta de vagabán. Co frío que ía, aquela fiestra aberta resultaba sorprendente. O caixeiro volveu endormecer. Unha hora ou dúas despois volveu acordar aínda. O mesmo paso, lento e regular, seguía a ir e vir por riba da súa cabeza.

A reverberación seguíase a debuxar sobre da parede, mais agora era palideira e apracíbel como o reflexo dunha lámpada ou dunha vela. A fiestra seguía aberta.

Velaí o que acontecía no cuarto do señor Madeleine.

III UNHA TEMPESTADE BAIXO UN CRANIO

O lector adiviñou sen dúbida que o señor Madeleine non é outro que Jean Valjean.

Temos xa espreitado nas profundidades desa conciencia; chegou o momento de volver espreitar nela. Non o facemos sen emoción e sen tremelo. Non existe nada máis terrorífico que ese xeito de contemplación. O ollo do espírito non pode atopar en ningures máis fulgores nin máis tebras que dentro do home; non pode chantarse en cousa ningunha que sexa máis temíbel, máis complicada, máis misteriosa e máis infinda. Hai un espectáculo máis grande que o mar: o ceo. Hai un espectáculo máis grande que o ceo: o interior da alma.

Facer o poema da conciencia humana -mesmo que fose tocante a un só home, mesmo que fose tocante ao máis ínfimo dos homes- sería fundir as epopeas todas nunha epopea superior e definitiva. A conciencia é o caos das quimeras, das cobizas e das tentativas, o fogón dos soños, o antro das ideas das que un se avergoña; é o pandemonio dos sofismas, o campo de batalla das paixóns. Penetrade a certas horas, a través da faciana lívida dun ser humano que cavila, e espreitade detrás, espreitade nesa alma, espreitade nesa escuridade. Hai nela, so o silencio exterior, combates de xigantes como en Homero, loitas de dragóns e hidras e mais nubadas de fantasmas como en Milton, espirais visionarias como en Dante. Cousa sombría ese infinito que todo home leva en si e no que mide desesperado as vontades do seu cerebro e as accións da súa vida!

Alighieri atopou un día unha sinistra porta diante da cal dubidou. Velaí tamén unha diante nosa, no limiar da que nos atopamos indecisos. Malia todo, entremos.

Moi pouca cousa temos que engadir ao que o lector sabe que lle acontecera a Jean Valjean despois da aventura de Petit Gervais. A partir dese momento, xa o vimos, el foi outro home. Levou a cabo o que o bispo quixera facer del. Mais que unha transformación, foi unha transfiguración.

Logrou desaparecer, vendeu a cubertaría de prata do bispo, conservando só os candelabros como lembranza, escorregou de vila en vila, atravesou Francia, chegou a Montreuil, tivo a idea que deixamos dita, cumpriu o que deixamos contado, deuse feito inaprensíbel e inaccesíbel, e, en diante -estabelecido en Montreuil, feliz de sentir a súa conciencia atristada polo seu pasado e a primeira metade da súa existencia desmentida pola última- viviu apracibelmente, tranquilo e esperanzado, con só dous pensamentos: agachar o seu nome e santificar a súa vida, escapar dos homes e regresar a Deus.

Eses dous pensamentos estaban tan estreitamente mesturados no seu espírito que só formaban un; eran os dous igual de absorbentes e imperiosos, e dominaban as súas menores accións. De adoito acordábanse para rexeren a conduta da súa vida; eles virábano cara á sombra, facíano benevolente e sinxelo, aconsellábanlle as mesmas cousas. Con todo, por veces había conflito entre eles. Nese caso, lembrámolo, o home que toda a bisbarra de Montreuil chamaba o señor Madeleine non dubidaba en sacrificar a primeira á segunda, a súa seguridade á súa virtude. Así, sen gardar reserva nin prudencia ningunha, conservara os candeiros do bispo, levara loito por el, chamara e preguntara a todos os rapaces saboianos que pasaban, informárase sobre as familias de Faverolles, e salvarálle a vida ao vello Fauchelevent malia as inquietantes insinuacións de Javert. Semellaba, xa o temos sinalado, que el pensase, seguindo o exemplo de todos cantos foron sabios, santos e xustos, que o seu primeiro deber non era para consigo mesmo.

Porén, cómpre dicilo, nunca nada igual se presentara aínda. Nunca as dúas ideas que gobernaban o home malfadado do que estamos a contar os sufrimentos tiñan emprendido unha pelexa tan seria. Comprendeuno confusamente, mais profundamente, dende as primeiras palabras que pronunciou Javert ao entrar no seu gabinete. No momento en que foi articulado dun xeito tan estraño aquel nome que tiña sepultado baixo tantos espesos pousos, apoderouse del o estupor e sentiuse como embebedado pola sinistra rareza do seu destino, e, ao través daquel estupor entroulle ese arreguizo que precede os grandes abalos e empenouse como un carballo coa chegada da tormenta, como un soldado coa chegada do asalto. Notou que viñan riba da súa cabeza sombras cheas de lóstregos e de lampos. Namentres escoitaba falar Javert, tivo un primeiro pensamento de ir, de correr, de se denunciar, de tirar ese Champmathieu da prisión e de se poñer el nela. Foi doroso e punxente como unha incisión en carne viva, despois pasou, e el díxose: “Vamos! Vamos!”. Reprimiu ese primeiro movemento xeneroso e recuou diante do heroísmo.

Sen dúbida, sería fermoso que despois das santas palabras do bispo, despois de tantos anos de arrepentimento e de abnegación, no medio dunha penitencia admirabelmente comezada, este home, mesmo en presenza dunha conxuntura tan terríbel, non tivese vacilado nin un instante e tivese continuado a camiñar co mesmo paso cara a ese precipicio aberto que tiña o ceo no fondo; sería fermoso, mais non aconteceu así. É preciso que deamos conta das cousas que ocorrían nesa alma, e non podemos dicir senón o que sucedía. O que de primeiras gañou foi o instinto de conservación; ordenou á présa as súas ideas, afogou as súas emocións, considerou a presenza de Javert, ese gran perigo, adiou toda determinación coa firmeza do espanto, atordoouse sobre o que había que facer, e recuperou a calma igual que un loitador recolle o seu escudo.

O resto da xornada estivo neste estado, un rodopío por dentro e unha tranquilidade profunda por fóra; non tomou máis que o que poderíamos chamar “medidas de conservación”. Todo era confuso aínda e petaba no seu cerebro; tiña este tan atrapallado que non dexergaba nidiamente a forma de idea ningunha, e el propio non podería dicir nada de si mesmo senón que acababa de recibir un gran golpe. Dirixiuse como de adoito cabo do leito de dor de Fantine e prolongou a súa visita, por un instinto de bondade, dicíndose que cumpría obrar así e encomendala ben ás irmás para o caso de que acontecese que el tivera de se ausentar. Sentiu vagamente que se cadra cumpría ir a Arrás, e sen estar nada do mundo decidido a esa viaxe, díxose que, ao abeiro de toda sospeita como el estaba, non había inconveniente en ser testemuña do que ía pasar, e reservou o tilbury de Scaufflaire co fin de estar preparado para calquera acaecemento.

Ceou con bastante apetito.

De volta no seu cuarto recolleuse.

Examinou a situación e atopouna inaudita, tan inaudita que no medio da súa matinação, debido a non sei que impulso de ansiedade case inexplicábel, ergueuse da súa cadeira e pechou a porta co ferrollo. Temía que non entrase aínda algo. Atrancábase contra o posíbel.

Un momento despois soproulle á luz. Molestábao.

Semelláballe que podían velo.

“Podían”, quen?

Por desgraza, aquilo que el quería botar fóra entrara; aquilo que el quería cegar mirábao. A súa conciencia.

A súa conciencia, é dicir Deus.

Porén, no primeiro momento ilusionouse; tivo un sentimento de seguranza e de soidade; botado o ferrollo, creuse imposíbel de prender; apagada a candeia, sentiuse imposíbel de ver. Entón tomou posesión de si mesmo; pousou os cónados na mesa, apoiou a testa na man e púxose a matinar nas tebras.

-Onde estou? Non estou a soñar? Que me dixeron? E ben certo que vin Javert e que el me falou así? Que pode ser ese Champmathieu? Daquela aseméllame? Seica é posíbel? Cando penso que onte eu estaba tan tranquilo e tan lonxe de sospeitar nada! Que facía eu, logo, onte a esta hora? Que hai neste incidente? Como vai rematar? Que facer?

Velaí o tormento no que se atopaba. O seu cerebro perdera a forza de conservar as súas ideas, estas pasaban como ondas, e el collía a súa fronte coas súas dúas mans para detelas.

Dese rebumbio que transtrocaba a súa vontade e a súa razón, e do que el trataba de tirar unha evidencia e unha determinación, non se desprendía nada non sendo anguria.

A súa cabeza ardía. Foi á fiestra e abriuna de vagabán. Non había estrelas no ceo. Voveu sentarse rente á mesa.

A primeira hora decorreu así.

Con todo, pouquiño a pouco, uns trazos vagos comezaron a se formar e a se fincar na súa meditación, e puido albiscar coa precisión da realidade, non o conxunto da situación, mais si algúns detalles.

Comezou recoñecendo que, por ben extraordinaria e crítica que fose esa situación, el dominábaa totalmente.

O seu estupor non deixou de medrar.

Independentemente do obxectivo severo e relixioso que as súas accións se propuñan, todo o que el tiña feito até ese día non era outra cousa senón un buraco que el furaba para enterrar alí o seu nome. O que sempre máis temera, nas súas horas de repregamento sobre si mesmo, nas súas noites de insomnio, era ouvir pronunciar ese nome; dicíase que para el iso había ser o remate de todo; que o día no que ese nome reaparecese, había facer esvaecer arredor del a súa nova vida e mesmo se cadra -quen sabe?- no interior del a súa nova alma. Tremía só co pensamento de que fose posíbel. De certo, se alguén lle tivese dito neses momentos que había chegar a hora na que o seu nome ía ecoar no seu ouvido, na que ese horrendo nome de Jean Valjean había saír de súpeto da noite e se había erguer diante del, na que esa luz formidábel, feita para disipar o misterio co que se envolvía, había resplandecer subitamente por riba da súa cabeza, e que ese nome non o había ameazar, que esa luz non había producir senón unha mourenza máis espesa, que ese veo rachado había aumentar o misterio, que ese tremor de terra había consolidar o seu edificio, que ese prodixioso incidente non había ter outro resultado -se lle parecía ben a el- que o de volver a súa existencia ao tempo máis clara e máis impenetrábel, e que da súa confrontación co fantasma de Jean Valjean, o bo e digno burgués señor Madeleine, había saír con máis honras, máis acougo e máis respecto que nunca..., se alguén lle tivese dito iso, el tería abaneado a testa e ollado esas falas como insensatas. Pois ben,

todo iso acababa precisamente de acontecer, todo ese amoreamento do imposíbel era un feito, e Deus permitira que esas tolerías se virasen en cousas reais!

A súa matinação seguía a se aclarar. El íase decatando cada vez máis da súa posición.

Semelláballe que acababa de acordar de non sei que sono, e que se atopaba escorregando por unha costaneira no medio da noite, de pé, tremelicando, recuando en van, á beiriña xusto dun abismo. Dexergaba nidiamente na sombra un descoñecido, un estraño, que o destino tomaba por el e que el apuxaba ao cavorco no seu lugar. Cumpría, para que o cavorco se pechase de novo, que alguén caise alá, el ou o outro.

Só tiña que deixar andar.

A claridade fíxose total, e el confesouse isto: Que o seu lugar ficara baleiro nas galeras, que escusaba facer cousa ningunha, que el seguía esperando, que o roubo de Petit Gervais levábao alá, que ese lugar baleiro esperaríao e turraría del até que estivese alí, que era inevitábel e fatal.

E logo díxose: Que neste momento tiña un substituto, que parecía que un tal Champmathieu tiña esa má sorte e que, tocante a el, presente agora no campo de forzados na persoa dese Champmathieu e presente na sociedade baixo o nome de señor Madeleine, non tiña xa máis nada que temer, con que non lles impedise aos homes selaren sobre da cabeza dese Champmathieu a pedra da infamia que, como a pedra do sepulcro, cae unha vez e non se volve levantar endexamais.

Todo iso era tan violento e tan estraño que ao socato se fixo dentro del esa especie de movemento indescriptíbel que ningún home experimenta máis de dúas ou tres veces na súa vida, especie de convulsión da conciencia que remove todo o que o corazón ten de dubidoso, que se compón de ironía, de ledicia e de desespero, e que podería ser chamado unha gargallada interior.

Prendeu de novo bruscamente a súa vela.

-Entón, o que! -díxose el- De que teño medo? Que ando a matinar así? Estou salvado. Rematou todo. Eu tiña só unha porta entreaberta pola que o meu pasado podía facer irrupción na miña vida. Esta porta está agora murada! Para sempre! Ese Javert que me turba dende hai tanto tempo, ese temíbel Javert que semellaba terme descuberto -que me descubrira, recontra!- e que me seguía por todas as partes, ese horroroso can de caza sempre a me ventar, velo aí desorientado, ocupado noutro lugar, absolutamente desnortado! Está satisfeito arestora, hame deixar en paz, xa ten o seu Jean Valjean. Quen sabe, mesmo? É probábel que deixe a cidade! E todo isto fíxose sen min! Eu non teño nada que ver! Ai, oíches! E que ten isto de mao? A xente que me vise, abofé que había coidar que me aconteceu unha catástrofe! Despois de todo, se hai mal para alguén, non é para nada culpa miña. É a providencia a que fixo todo. É o que ela quere, aparentemente. Teño eu dereito a desarranxar o que ela arranxa? Que estou pedindo agora? Quen me chamou a entremeterme? Isto non é cousa miña. Como! Non estou contento? E logo que me fai falta? O fin ao que aspiro dende hai tantos anos, o soño das miñas noites, o obxecto dos meus pregos ao ceo, a seguridade, estouno acadando! E Deus quen o quere. Non teño eu nada que facer contra a vontade de Deus. E para que o quere Deus? Para que eu prosiga o que comecei, para que faga o ben, para que un día sexa eu un grande e estimulante exemplo, para que se diga que ao final houbo un pouco de felicidade unida a esa penitencia que sufrín e a esa virtude á que volví! Verdadeiramente, non entendo por que hai pouco tiven medo de entrar na casa dese bondadoso cura e de lle contar todo como a un confesor, e de

lle pedir consello, é evidente o que me había dicir. Está decidido, deixemos andar as cousas! Deixémoslle facer ao bondadoso Deus!

Falábase así nas profundidade da súa conciencia, debuzado sobre o que poderíamos chamar o seu propio abismo. Ergueuse da súa cadeira e púxose a camiñar polo cuarto. -"Vamos -dixo- non cavilemos máis. Velaí unha determinación tomada!". Mais non sentiu alegría ningunha.

Ao contrario.

Non se lle dá impedido ao pensamento volver a unha idea, igual que non se dá impedido ao mar volver a unha ribeira. Para o mariñeiro chámase maré, para o culpábel chámase remorso. Deus levanta a alma como o océano.

Á volta de poucos momentos, por moito que fixese, regresou o sombrío diálogo no que era el quen falaba e el quen escoitaba, dicindo o que tería querido calar, escoitando o que non tería querido ouvir, cedendo ante esa potencia misteriosa que lle dicía "Pensa!" igual que hai mil anos lle dicía a outro condenado "Camiña!".

Antes de irmos máis lonxe, e para sermos totalmente entendidos, insistamos nunha observación necesaria.

É certo que un fala consigo mesmo, non hai un ser pensante que non o teña experimentado. Pódese dicir mesmo que o verbo non é nunca un misterio máis magnífico senón cando vai, no interior dun home, dende o pensamento á conciencia e cando volve da conciencia ao pensamento. É só nese sentido como cómpre entender as palabras moitas veces empregadas neste capítulo "el dixo", "el exclamou". Un di, fala e exclama dentro de si mesmo, sen que o silencio exterior sexa rompido. Hai un gran rebumbio; todo fala dentro de nós, non sendo a boca. As realidades da alma, por non seren visíbeis e palpábeis, non deixan de seren realidades.

Preguntouse el, pois, onde estaba. Interrogouse sobre esa "determinación tomada". Confesouse a si mesmo que todo canto acababa de arranxar no seu espírito era monstruoso, que "deixar andar as cousas, deixarlle facer ao bondadoso Deus" era sinxelamente horríbel. Deixar cumprirse ese erro do destino e dos homes, non impedilo, prestarse a iso co seu silencio, non facer nada en fin, era facer todo! Era o último grao da indignidade hipócrita! Era un crime baixo, covarde, soturno, abxecto, repugnante!

Por primeira vez dende había oito anos, o malfadado do home acababa de sentir o saíbo amargo dun mal pensamento e dunha má acción.

Volveuna cuspir con noxo.

Seguíu interrogándose. Preguntouse severamente o que entendera por iso de "O meu obxectivo está acadado". Declarouse que a súa vida tiña un obxectivo en efecto. Mais: que obxectivo? Agachar o seu nome? Enganar á policía? Era por unha cousa tan pequena polo que el fixera todo o que fixera? Seica non tiña outro obxectivo, que era o grande, que era o verdadeiro? Salvar, non a súa persoa senón a súa alma. Facerse de novo honrado e bo. Ser un xusto! Non era iso sobre todo, iso unicamente, o que sempre quixera, o que o bispo lle ordenara?... Pechar a porta ao seu pasado? Mais non pechaba, Deus santo! Volvíaa abrir en facendo unha acción infame! Mais volvía facerse un ladrón, e o máis odioso dos ladróns! Roubáballe a outro a súa existencia, a súa vida, a súa paz, o seu lugar ao sol! Volvíase un asasino! Mataba, mataba moralmente un home miserábel, inflixíalle esa espantosa morte viva, esa morte a ceo aberto que se chama campo de forzados! Pola

contra, entregarse, salvar ese home golpeado por tan lúgubre erro, retomar o seu nome, volver ser de novo o forzado Jean Valjean, iso era acabar a súa resurrección e pechar para sempre o inferno do que saía! Caír nel en aparencia era saír del en realidade! Cumpría facelo! Non fixera nada se é que non facía iso! Toda a súa vida era inútil, toda a súa penitencia estaba perdida e non había máis que dicir: para que? Sentía que o bispo estaba alí, que o bispo estaba tanto máis presente en canto que estaba morto, que o bispo o ollaba en fite, que de aí en diante o alcalde Madeleine, con todas as súa virtudes, sería abominábel, e que o galeote Jean Valjean sería admirábel e puro diante del. Que os homes vían a súa máscara, mais que o bispo vía a súa face. Que os homes vían a súa vida, mais que o bispo vía a súa conciencia. Cumpría, logo, ir a Arrás, liberar o falso Jean Valjean, denunciar o verdadeiro. Por desgraza, iso era o máis grande dos sacrificios, a máis punxente das vitorias, o derradeiro paso que dar; mais era preciso. Doroso destino! Só entraría na santidad aos ollos de Deus se volvía entrar na infamia aos ollos dos homes!

-Pois ben, -dixo- tomemos esa decisión! Fagamos o noso deber! Salvemos ese home!

Pronunciou estas palabras en voz alta, sen se decatar de que estaba a falar moi alto.

Colleu os seus libros, comprobounos e púxoos en orde. Botou ao lume un feixe de obrigas que tiña de pequenos comerciantes en apuros. Escribiu unha carta que lacrou, cun sobre no que se podería ler, se houberse alguén no seu cuarto nese momento: *Ao señor Laffitte, banqueiro, rue d' Artois, en París.*

Tirou dun escritorio unha carteira que contiña varios billetes de banco e o pasaporte que utilizara ese mesmo ano para se presentar ás eleccións.

Quen o vise en canto que efectuaba esas diferentes accións ás que se mesturaba unha meditación tan grave, non tería dubidado do que acontecía nel. Só por momentos os seus beizos se movían; noutros instantes soerguía a testa e chantaba a súa ollada sobre dun punto calquera da muralla, como se houberse precisamente alí algo que el quixese aclarar ou interrogar.

Rematada a carta para o señor Laffitte, meteuna no peto, así como a carteira, e comezou de novo a camiñar.

A súa matinación no se desviara. Seguía a ver claramente o seu deber escrito en letras luminosas que flamexaban diante dos seus ollos e se desprazaban coa súa mirada: *Veña! Dí o teu nome! Denúnciate!*

Vía igualmente, e como se estas se tivesen movido diante del con formas sensíbeis, as dúas ideas que foran até alá a dupla regra da súa vida: agachar o seu nome, santificar a súa alma. Por primeira vez aparecíallle elas absolutamente nidas, e vía a diferenza que as separaba. Recoñecía que unha desas ideas era necesariamente boa mentres que a outra podía volveirse má, que aquela era a entrega aos demais e que esta era a personalidade; que unha dicía: *o próximo* e que a outra dicía: *eu*; que unha viña da luz e a outra viña da noite.

Combatíanse e el víaa combatérense. A medida que el matinaba, elas medraran a ollos do seu espírito; agora tiñan estaturas colosais; e semelláballe que vía loitar dentro de si mesmo, nese infinito do que falabamos hai pouco, no medio das escuridades e das luzadas, unha deusa e unha xiganta.

Estaba cheo de espanto, mais semelláballe que o bo pensamento vencía.

Sentía que tocaba o outro momento decisivo da súa conciencia e do seu destino; que o bispo marcara a primeira fase da súa vida nova, e que o tal Champmathieu marcaba a segunda. Despois da gran crise, a gran proba.

No entanto, a febre, acougada un instante, volvíalle pouquiño a pouco. Mil pensamentos o atravesaban, mais seguían a enfortecelo na súa determinación.

Nun momento concreto, díxerase que se cadra tomara a cousa demasiado a peito, que despois de todo o tal Champmathieu non interesaba, que ao fin e ao faio roubara.

Respondeuse: Se ese home efectivamente roubou unhas mazáns é un mes de prisión. Están lonxe diso os traballos forzados. E quen sabe, mesmo? Roubou? Hai probas? O nome de Jean Valjean esmágao e semella dispensar de probas. Seica os fiscais do rei non obran de adoito así? Considérano ladrón porque saben que é forzado.

Noutro instante, veulle a idea de que, cando el fose denunciado, habían se cadra considerar o heroísmo da súa acción, e a súa vida honrada dende había sete anos, e o que fixera a prol da bisbarra, e que o habían indultar.

Mais esta suposición esvaeceuse ben axiña, e sorriu amargamente ao pensar que o roubo dos dous francos a Petit Gervais facíao reincidente, que ese asunto ía con certeza aparecer de novo e, nos termos precisos da lei, faríao puníbel con traballos forzados a perpetuidade.

Afastouse de toda ilusión, arredouse cada vez máis da terra e procurou consolo e forza noutro lado. Díxose que cumpría facer o seu deber, que se cadra mesmo non había ser tan malfadado despois de ter feito o seu deber como despois de telo eludido, que se *deixaba facer*, se ficaba en Montreuil, a súa consideración, a súa boa sona, as súas boas obras, a deferencia, a veneración, a súa caridade, a súa riqueza, a súa popularidade, a súa virtude, serían adubadas cun crime -e que saíbo habían coller todas esas cousas santas unidas a esa cousa noxenta!- en tanto que, se levaba a cabo o seu sacrificio, no campo de forzados, na picota, na canga, no pucho verde, no traballo sen descanso, na vergoña sen piedade, habíase mesturar unha idea celestial!

Finalmente díxose que era necesario, que o seu destino estaba feito así, que el non era dono de perturbar as disposicións de enriba, que en todos os casos cumpría escoller: ou a virtude por fóra e a abominación por dentro, ou ben a santidad por dentro e a infamia por fóra.

A barallar tantas ideas lúgubres, a súa afouteza non diminuía, mais o seu cerebro fatigábase. Comezaba a pensar, malia el, noutras cousas, en cousas indiferentes.

As súas arterias batían violentamente nas súas tempas. Ía e viña continuamente. Deu a medianoite, primeiro na parroquia e despois na casa do concello. Contou as doce badaladas nos dous reloxos e comparou o son dos dous sinos. Lembrou nesa ocasión que uns días antes vira nun comerciante de ferralla un sino vello á venda que tiña escrito este nome: *Antoine Albin de Romainville*.

Tiña frío. Fixo algo de lume. Non pensou en pechar a fiestra.

Porén, volvera caír no seu estupor. Cumpríalle facer un grande esforzo para se lembrar no que estaba a pensar antes de que dera a medianoite. Finalmente, logrouno.

-Ah, si! -díxose- Tomara a determinación de me denunciar.

E despois, de súpeto, pensou na Fantine.

-Vaite! -dixo- E esta pobre muller!

Aquí declarouse unha nova crise.

Fantine, aparecendo bruscamente na súa matinal, foi como unha raiola de luz inesperada. Semelloulle que todo mudaba de aspecto de arredor del, e exclamou:

-Ai, ho, éche boa! Até agora non reparei máis que en min! Só tiven en consideración a miña conveniencia! Convenme calar ou denunciarme, agachar a miña persoa ou salvar a miña alma, ser unha autoridade desprezábel e respectada ou un forzado infame e venerábel; son eu, sempre eu, nada máis que eu! E mais -Deus me valla!- todo iso é egoísmo! Son formas diversas de egoísmo, mais é egoísmo! E se pensase un pouco nos demais? A primeira santidad é pensar nos outros. Vexamos, examinemos. Excluído eu, desaparecido eu, esquecido eu: que vai ser de todo isto?... Se eu me denuncio? Préndenme. Ceiban ese tal Champmathieu, vólvenme meter no campo, está ben. E despois? Que é o que pasa aquí? Ah, aquí hai unha bisbarra, unha vila, factorías, unha industria, obreiros, homes, mulleres, avós vellos, rapaces, xente pobre! Eu creei todo iso, eu fago vivir todo iso; en calquera parte que hai unha cheminea fumegando, son eu o que puxen o tizón no lume e a carne na pota, eu o que orixinou o ben-estar, a circulación, o crédito; antes de min non había nada, eu levantei, vivifiquei, animei, fecundei, estimulei e enriquecín a bisbarra toda; se eu falto é a alma a que falta. Se eu me retiro, morre todo... E esa muller que tanto sufriu, que ten tanto mérito na súa caída e da que eu causei sen quero-la toda a desgraza! E esa rapariga que eu quería ir buscar, que lle prometín á súa nai! Seica non lle debo tamén algo a esa muller, en reparación do mal que lle fixen? Se eu desaparezo: que sucede? A nai morre. Vai saber o que será da rapariga. Velaí o que ocorre se eu me denuncio... E se non me denuncio? Vexamos: e se non me denuncio?

Despois de se ter feito esa pregunta, parou; tivo como un momento de dúbida e de tremor, mais o momento durou pouco, e respondeuse con calma:

-Pois ese home vai aos traballos forzados, é certo, e mais -que demo!- el roubou. Por moito que eu me diga que non roubou, si roubou! Eu sigo, aquí, continuo. En dez anos terei gañado dez millóns e espálloos pola bisbarra, non teño nada de meu: que me importa? Non é para min o que eu fago! A prosperidade de todos vai medrando, as industrias acordan e collen pulo, as manufacturas e as factorías multiplícanse, as familias -cen familias, mil familias!- son felices; a bisbarra pobóase, nacen aldeas onde non hai senón granxas, nacen granxas onde non hai nada, a miseria desaparece, e coa miseria desaparecen o abandallamento, a prostitución, o roubo, o asasinato, todos os vicios, todos os crimes! E esa pobre nai cría a súa rapariga! E velaí toda unha bisbarra rica e honrada! Ai, ho, estaba eu tolo, era absurdo: que falaba eu de me denunciar? Cómpre ter coidado e non precipitar nada. O que! Porque me teña gustado facer o magno e o xeneroso (ten algo de melodrama, despois de todo!), porque non teña eu pensado unicamente en min (só en min, vaia!) para salvar dun castigo se cadra un pouco esaxerado (mais no fondo xusto) un non sei quen, un ladroeiro, un larchán evidentemente... Vai ser por iso necesario que morra toda unha bisbarra! Vai ser necesario que unha pobre muller rebente no hospital! Que unha pobre rapariga rebente na rúa! Como cans! Ah, é abominábel! Sen que a nai teña mesmo visto outra vez a súa filla! Sen que a filla teña coñecido a súa nai! E todo iso por ese vello moinante ladrón de mazáns, que con toda seguranza mereceu os traballos forzados por outra cousa, se non é por esta! Bonitos escrúpulos que salvan un vello vagabundo, ao

que non lle quedan senón uns poucos anos de vida ao fin de contas e non ha ser moito máis malfadado no campo do que na súa casarella, e que sacrifican toda unha poboación, nais, mulleres, rapaces! Esa pobre pequena Cosette que só me ten a min no mundo e que neste momento está sen dúbida toda encandecida de frío no tobo deses Thénardier! Velaí aínda outros canallas, eses! E faltarlles eu a todos os meus deberes para con todos eses pobres seres! E iríame eu denunciar a min mesmo! E faría eu estúpida parvada! Poñámonos no peor dos casos. Supoñamos que haxa niso unha acción ruín pola miña parte e que a miña conciencia un día reпрóchama; aceptar -polo ben doutros- estes reproches que só me cargan a min, esta acción ruín que só compromete a miña alma, niso consiste a entrega, niso consiste a virtude.

Ergueuse e púxose de novo a camiñar. Desta vez semelláballe que estaba contento.

Só se atopan os diamantes nas tebras da terra, só se atopan as verdades nas profundidades do pensamento. Semelláballe que despois de ter descido a esas profundidades, despois de ter atoutiñado moito tempo no máis escuro desas tebras, acababa finalmente de atopar un deses diamantes, unha desas verdades, e que a tiña na súa man; e cegábase ao mirala.

-Si -pensou- iso é. Estou no certo. Teño a solución. Cómpre acabar por se ater a algo. A miña decisión está tomada. Deixemos facer. Non vacilemos máis, non recuemos máis. É no interese de todos, non no meu. Eu son Madeleine e sigo sendo Madeleine. Malpocado do que é Jean Valjean! Eu xa non o son. Non coñezo ese home, non sei quen é, se a esta hora acontece que alguén é Jean Valjean, que se amañe! Comigo non vai a cousa. É un nome fatal que anda aboiano na noite, se se detén e cai sobre dunha testa, peor para ela!

Mirouse no espelliño que estaba enriba da súa cheminea, e díxose:

-Vaite, alivioume tomar unha determinación! Son totalmente diferente, arestora!

Camiñou outros pasos máis e despois detívose de golpe:

-Vamos! -dixo- Non hai que dubidar ante ningunha das consecuencias da determinación tomada. Aínda hai fíos que me atan ao tal Jean Valjean. Hai que rompelos! Hai aquí, neste cuarto mesmo, obxectos que me acusarían, cousas mudas que serían testemuñas; está falado, todo iso ten que desaparecer.

Cacheou no peto e tirou a faldriqueira, abriuna e colleu unha chaviña.

Introduciu aquela chave nunha pechadura da que apenas se vía o buraco, perdido como estaba nos matices máis escuros do debuxo que cubría o papel pegado na parede. Abriuse un agocho, unha especie de armario falso arranxado entre o ángulo do muro e a cambota da cheminea. Non había nese agocho máis que algúns farrapos, un chabro de tecido azul, un pantalón vello, unha mochila vella, e un gran caxato de estripeiro coas dúas puntas ferradas. Os que tiñan visto o Jean Valjean no momento en que atravesaba Digne, en outubro de 1815, terían recoñecido doadamente as pezas daquela vestimenta miserábel.

Conserváraas, igual que conservara os candeiros de prata, para se lembrar sempre do seu punto de partida. Só que el agachaba que isto procedía do campo de traballos forzados, e deixaba ver os candelabros que procedían do bispo.

Botou unha mirada furtiva cara á porta, como se temese que se abrise malia o ferrollo que a pechaba, e despois, dun movemento vivo e brusco e dunha soa brazada, sen mesmo botar unha ollada a aquelas cousas que tan relixiosamente e tan perigosamente gardara durante tantos anos, colleu todo, farrapos, caxato e mochila, e botou todo ao lume.

Volveu pechar o armario falso e, redobrando as precaucións, arestora inútiles pois que estaba baleiro, escondeu a porta detrás dun voluminoso moble que moveu apuxando.

Á volta dalgúns segundos, o cuarto e a parede de en fronte víronse iluminados por unha gran reverberación roxa e tremelicante. Todo ardía. O caxato de estripo faiscaba e botaba muxicas até o medio do cuarto.

A mochila, ao se consumir cos horrendos retallos que contiña, deixara ao descuberto algo que brillaba entre a cinza. En se debruzando, teríase doadamente recoñecido unha moeda de prata. Sen dúbida a moeda de dous francos roubada ao rapaciño saboiano.

El non miraba para o lume e camiñaba, indo e vindo sempre ao mesmo paso.

De súpeto os seus ollos bateron nos dous candelabros de prata que a reverberación facía relucir vagamente enriba da cheminea.

-Vaite! -pensou- Todo Jean Valjean está aí. Cómpre destruír iso.

Colleu os dous candelabros.

Había lume abondo para que se desen deformado axiña e facer con eles unha sorte de lingote irrecoñecíbel.

Debuzouse sobre o fogar e queceu un momentíño. Sentiu un verdadeiro ben-estar.

-Que boa caloriña! -dixo.

Remexeu o braseiro con un dos dous candeeiros.

Un minuto máis e estaban no lume.

Nese momento, semelloulle ouvir unha voz que gritaba no interior del:

-Jean Valjean! Jean Valjean!

Os seus cabelos arrepuñáronse e volveuse como un home que escoita unha cousa terríbel.

-Si, iso é, remata! -dicía a voz- Completa o que fas! Destrúe eses candelabros! Aniquila esa lembranza! Esquece o bispo! Esquece todo! Perde ese Champmathieu! Veña, está ben! Apláudete! Así, está acordado, está decidido, está falado, velaí un home, velaí un vello que non sabe o que lle queren, que se cadra non fixo nada, un inocente a quen o teu nome lle provoca toda a desgraza, sobre quen o teu nome pesa como un crime, que vai ser tomado por ti, que vai ser condenado, que vai acabar os seus días na abxección e no horror! Está ben. Sé home honrado, ti! Sigue a ser o señor alcalde, sigue a ser honorable e honrado, enriquece a vila, alimenta indixentes, educa orfos, vive feliz, virtuoso e admirado, e entrementes haberá alguén que ha levar a túa chupa vermella, que ha levar o

teu nome na ignominia e que ha arrastrar a túa cadea no campo de forzados. Si, está ben arranxado así! Ah, miserábel!

A suor escorríalle da fronte. El chantaba nos candelabros un ollar esguiro. E mais o que falaba dentro del non rematara. A voz continuaba.

-Jean Valjean! Axiña haberá arredor de ti moitas voces a faceren un gran ruído, a falaren ben alto, a te abenzoaren, e unicamente unha que ninguén ha ouvir e que te ha maldicir nas tebras. Pois ben, escoita, infame! Todas esas benzóns han caír de novo antes de chegaren ao ceo, e só a maldición ha ascender até Deus!

Esta voz, de primeiras moi feble e que se elevara dende o máis escuro da súa conciencia, fôrase facendo devagariño resoante e formidábel, e agora escoitábaa na súa orella. Semelláballe que saíra do seu interior e que arestora falaba fóra del. Coidou ouvir as últimas falas tan nididamente que mirou polo cuarto cunha especie de terror.

-Hai alguén aí? - preguntou en alto e todo extraviado.

Despois, continuou cunha risada que semellaba o rir dun idiota:

-Que parvo son! Non pode haber ninguén.

Había alguén, pero quen estaba alí non era daqueles que o ollo humano pode ver.

Pousou os candelabros enriba da cheminea.

Entón retomou aquel camiñar monótono e lúgubre que turbaba nos seus soños e acordaba sobresaltadamente o home durmido baixo del.

Aquel camiñar aliviábao e embebedábao ao mesmo tempo. Semella que ás veces nas ocasións supremas un se move para lle pedir consello a todo o que pode atopar en se desprazando. Á volta duns instantes xa el non sabía onde estaba.

Agora recuaba con igual espanto ante as dúas determinacións que tomara sucesivamente. As dúas ideas que o aconsellaban parecíanlle tan funestas unha como a outra... Que fatalidade! Que acaso, ese Champmathieu tomado por el! Ser precipitado xusto a través do medio que a providencia parecía ao primeiro ter empregado para enfortecelo!

Houbo un momento no que considerou o porvir. Denunciarse, santo Deus! Entregarse! Encarou cun inmenso desespero todo o que cumpriría abandonar, todo o que cumpriría retomar. Cumpriría dicirlle adeus a esa existencia tan boa, tan pura, tan radiante, a ese respecto de todos, ao honor, á liberdade! Non volvería pasear polos campos, non volvería ouvir cantar os paxaros no mes de maio; non volvería darlles esmola aos rapaciños! Non volvería sentir a dozura das olladas de recoñecemento e de amor chantados nel! Abandonaría esta casa que construíra, este cuarto, este cuartíño! Todo lle parecía encantador a esta hora. Non volvería ler nos seus libros, non volvería escribir enriba desta mesiña de madeira branca! A súa porteira vella, a unica serventa que tiña, non lle volvería subir o seu café pola mañá. Santo Deus! En lugar diso, os forzados, a canga, a casaca vermella, a cadea no pé, a fatiga, o calabozo, a cama desmontábel, todos eses horrores coñecidos. Aos seus anos, despois de ter sido o que era! Aínda se fose novo! Mais, de vello, ser tratado de ti polo primeiro que chega, ser cacheado polo garda-forzados, recibir o mocazo do cómitre! Ter os pés descalzos dentro de zapatos ferrados! Tenderlle mañá e noite a perna ao martelo do rondador nocturno que visita a argola! Sufrir a curiosidade dos estraños aos que lles dirían: *Este é o famoso Jean Valjean, que foi alcalde en*

Montreuil-sur-mer! Pola noite, escorregándolle a suor, derreado coa canseira e co pucho verde sobre dos ollos, subir de volta a escaleira-escada da prisión flotante! Ah, que miseria! O destino pode, logo, ser tan malvado como un ser intelixente e facerse tan monstruoso como o corazón humano!

E, fíxese o que fíxese, volvía caír sempre nese cruel dilema que estaba no fondo da súa matinação: permanecer no paraíso e converterse en demo ou regresar ao inferno e alá converterse en anxo!

Que facer, santo Deus! Que facer?

A tormenta da que saíra con tanto traballo desencadeouse outra vez nel. As súas ideas comezaron de volta a se mesturar. Adoptaron ese algo de estupefacción e de maquinallidade propio do desespero. Ese nome de Romainville presentábase sen cesar ás súa mente con dous versos dunha canción que escoitara en tempos. Coidou que Romainville era un bosquiño que estaba perto de París onde os mozos namorados van coller lilas no mes de abril.

Rengueleaba para fóra e máis para dentro. Andaba como un meniño ao que deixan camiñar só.

En certos momentos, loitando contra a canseira, facía esforzos para recuperar a súa intelixencia. Tentaba de se formular por derradeira e definitiva vez o problema sobre o que, en certo sentido, caíra esgotado. Cómpre denunciarse? Cómpre calar?... Non daba enxergado nidiamente cousa ningunha. Os vagos aspectos de todos os razoamentos esbozados pola súa matinação tremelicaban e esvaíanse un tras o outro en fume. Só sentía que, calquera decisión que tomase, necesariamente, e sen que fose posíbel escapar a iso, algo del ía morrer, que estaba a entrar nun sepulcro tanto á esquerda como á dereita, que lle puña remate a unha agonía: a agonía da súa felicidade ou a agonía da súa virtude.

Malpocado! As súas incertezas todas volvéranse apoderar del. Non estaba máis adiantado que no comezo.

Así se debatía baixo a anguria esa alma malfadada. Mil oitocentos anos antes deste home infortunado, o ser misterioso no que se resumen todas as santidades e todos os sufrimentos da humanidade, tamén el, namentras que as oliveiras se estremecían co vento fero do infindo, afastara coa man longamente o cáliz estarrecedor que se lle aparecía escorregando sombras e rebordando tebras nunhas profundidades cheas de estrelas.

IV

FORMAS QUE ADOPTA O SUFRIMENTO DURANTE O SONO

Deran as tres da mañá, e había cinco horas que estaba a camiñar así, case sen interrupción, cando se deixou caer na cadeira.

Adormeceu nela e tivo un soño.

Ese soño, como os máis dos soños, non tiña que ver coa situación senón por un non sei o que funesto e punxente, mais impresionouno. Ese pesadelo conmoveuno tanto que máis tarde o escribiu. É un dos papeis escritos pola súa man que deixou. Cremos deber noso transcribir aquí esa cousa textualmente

Sexa cal for este soño, a historia desa noite sería incompleta se o omitiramos. É a sombría aventura dunha alma enferma.

Velo aquí. No envoltorio atopamos escrita esta liña: *O soño que tiveron aquela noite.*

Encontrábame nun campo. Un extenso campo triste no que non había herba. Non me parecía que fose día nin que fose noite.

Estaba a pasear co meu irmán, o irmán dos meus anos da infancia, ese irmán no que teño que dicir que non penso nunca e do que xa case non me lembro.

Iamos parolando e atopabamos camiñantes. Falabamos dunha veciña que tiveramos en tempos e que, dende a súa instalación na rúa, traballaba coa fiestra sempre aberta. Ao parolar, sentíamos frío por causa desa fiestra aberta.

No campo non había árbores.

Vimos un home que pasou cabo de nós. Era un home totalmente nu, de cor borrallenta, montado sobre dun cabalo de cór da terra. O home non tiña cabelos; víase o seu cranio e veas sobre do cranio. Levaba na man unha variña dobradiza como un sarmento de viña e pesada como o ferro. Ese cabaleiro pasou e non nos dixo nada.

Meu irmán díxome: "Vamos polo camiño fondo".

Había un camiño fondo no que non se vía unha matogueira nin un gromo de musgo. Todo era de cor da terra, mesmo o ceo. Á volta duns pasos, non me responderon cando eu falaba. Decateime de que meu irmán non estaba xa comigo.

Entrei nunha aldea que vin. Pensei que alá debía ser Romainville (por que Romainville?).

A primeira rúa na que entrei estaba deserta. Entrei nunha segunda rúa. Detrás do anco que facían as dúas rúas, había un home de pé contra a parede. Díxenlle a ese home: "Que bisbarra é esta? Onde estou?". O home non respondeu. Vin a porta dunha casa aberta e entrei.

O primeiro cuarto estaba deserto. Entrei no segundo. Detrás da porta deste cuarto había un home de pé contra a parede. Pregunteille a ese home: “De quen é esta casa? Onde estou?”. O home non respondeu. A casa tiña unha horta.

Saín da casa e entrei na horta. A horta estaba deserta. Detrás da primeira árbore atopei un home que estaba de pé. Díxenlle a ese home: “Que horta é esta’ onde estou?”. O home non respondeu.

Vaguei pola aldea e decateime de que era unha vila. As rúas todas estaban desertas, as portas todas estaban abertas. Ningún ser vivo pasaba polas rúas, camiñaba polos cuartos nin paseaba polas hortas. Mais había detrás de cada esquina de parede, detrás de cada porta, detrás de cada árbore, un home de pé que calaba. Non se vía nunca máis que un ao tempo. Eses homes mirábanme pasar.

Saín da vila e boteime a andar polos campos.

Ao cabo dalgún tempo, vireime e vin unha gran multitude que viña atrás miña. Recoñecin os homes todos que vira na vila. Tiñan caras estrañas. Non parecían apurarse, e mais camiñaban máis rápido ca min. Non facían ruído ningún ao camiñar. Nun momento esa multitude chegou á miña altura e rodeoume. Os rostros deses homes eran cor de terra.

Entón, o primeiro que eu vira e ao que lle preguntara ao entrar na vila díxome: “Onde ides? Seica non sabedes que estades morto dende hai tempo?”.

Abrín a boca para responder, e decateime de que non había ninguén de arredor de min.

Acordou. Estaba xeadou. Un vento frío como o vento da mañá facía dar voltas nos seus porlóns os marcos da xanela que ficara aberta. O lume apagárase. A vela chegaba ao final. Aínda era noite pecha.

Ergueuse e foi á fiestra. Seguía sen haber estrelas no ceo.

Dende a súa fiestra víase o patio da casa e a rúa. Un ruído seco e duro que bateu de súpeto contra o chan fíxolle baixar os ollos.

Viu por baixo de si dúas estrelas vermellas con raiolas que se alongaban e se encollían de xeito curioso na sombra.

Cando o seu pensamento estaba aínda medio mergullado na bruma dos soños pensou: “Vaites, non as hai no ceo, agora están na terra!”.

Entrementres se foi esvaecendo este afogo, un segundo ruído, igual ao primeiro, acabou de o acordar; espreitou e recoñeceu que aquelas dúas estrelas eran os farois dun vehículo. Co claror que eles botaban deu distinguido a forma do vehículo. Era un tilbury atrelado a un cabaliño branco. O ruído que ouvira eran os golpes dos cascos do cabalo a bater no lousado.

-Que é o carricoche ese? -preguntouse- Quen ven tan cedoño?

Nese momento petaron unha vez na porta do seu cuarto.

Arreguizouse da cabeza aos pés, e berrou cunha voz terríbel:

-Quen está aí?

Alguén respondeu:

-Eu, señor alcalde.

El recoñeceu a voz da súa vella porteira.

-E logo, que foi? -preguntou.

-Señor alcalde, van ser as cinco da mañá.

-E por que mo di?

-Señor alcalde, está o cabriolé.

-Cal cabriolé?

-O tilbury.

-Cal tilbury?

-O señor alcalde non mandou chamar un tilbury?

-Non -dixo el.

-O cocheiro di que ven buscar o señor alcalde.

-Cal cocheiro?

-O cocheiro do señor Scaufflaire.

-O señor Scaufflaire?

Ese nome fíxoo sabresaltar como se un lóstrego tivese pasado diante da súa cara.

-Ah, si! -continuou- O señor Scaufflaire.

Se a vella o dese visto nese momento, sería tomada de espanto.

Fíxose un longo silencio. El examinaba con aire estúpido a chama da vela e collía de arredor da mecha cera ardente que facía rolar cos dedos. A vella agardaba. Arriscouse, con todo, a levantar de novo a voz:

-Señor alcalde: que teño que responder?

-Diga que está ben, que xa baixo.

V PAUS NAS RODAS

O servizo postal de Arrás a Montreuil facíase aínda naquel momento a través de pequenos transportes da época do Imperio. Eses transportes eran uns cabriolés de dúas rodas, tapizados de coiro louro no seu interior, con suspensión por resortes de bomba, e só dúas prazas, unha para o correo e outra para o viaxeiro. As rodas estaban armadas con eses longos mións ofensivos que manteñen os outros vehículos a distancia e que aínda se ven nos camiños da Alemaña. O maleteiro dos despachos, inmensa caixa oblonga, estaba situado detrás do cabriolé e facía corpo con el. Ese maleteiro estaba pintado de negro e o cabriolé de amarelo.

Estes vehículos, aos que nada hoxe se lles asemella, tiñan un algo deforme e lombudo, e, cando se vían pasar ao lonxe e agatuñar por algún camiño no horizonte, asemellaban eses insectos que lles chaman -paréceme- termitas, e que cun busto pequeno arrastran un gran traseiro. Por outra parte, ían moi rápido. O transporte que partía de Arrás todas as noites á unha, despois do paso do correo de París, chegaba a Montreuil pouco antes das cinco da mañá.

Aquela noite, o transporte que baixaba a Montreuil pola estrada de Hesdin, bateu, na revolta dunha rúa, no momento en que entraba na vila, cun pequeno tilbury atrelado a un cabalo branco que viña en sentido inverso e no que só ía unha persoa, un home envolteito nun capote. A roda do tilbury recibiu un choque bastante forte. O correo berroulle a aquel home que parase, mais o home non escoitou e seguiu o camiño a trote rápido.

-Leva unha présa do demo, o home ese! -dixo o correo.

O home que se apuraba así, é o que acabamos de ver debaterse en convulsións con toda seguranza dignas de mágoa.

Onde ía? Non o podería el dicir. Por que se apuraba? Non o sabía. Ía ao chou cara a diante. Onde? A Arrás, sen dúbida, mais tamén se cadra ía a outra parte. Por momentos sentíao e arreguizaba.

Afundíase naquela noite como nun cavorco. Algo o apuxaba, algo o atraía. O que pasaba nel ninguén podería dicilo, todos o entenderán. Que home non ten entrado, cando menos unha vez na súa vida, nesa escura caverna do infinito?

Polo demais, nada resolvera, nada decididira, nada determinara, nada fixera. Ningún dos actos da súa conciencia fora definitivo. Estaba, máis que nunca, igual que no primeiro momento.

Por que ía el a Arrás?

Repetíase o que se dixera ao reservar o cabriolé de Scaufflaire:

- que, fose cal for o resultado, non había inconveniente ningún en ver cos seus propios ollos, en xulgar as cousas por si mesmo.

- que iso mesmo era prudente; que cumpría saber o que ía pasar; que non se podía decidir nada sen ter observado e esculcado.

- que dende lonxe un facía de todo montañas; que, ao fin de contas, des que tivese visto o tal Champmathieu, un miserábel, a súa conciencia veríase probabelmente moi aliviada de o deixar ir ao campo de forzados no seu lugar.

-que de certo estarían alá Javert, e mais ese tal Brevet, ese tal Chenildieu, ese tal Cochepaille, antigos forzados que o coñeceran; mais que con seguridade non o habían recoñecer (boh, que idea!).

-que Javert estaba a cen leguas.

-que todas as conxecturas e todas as suposicións estaban chantadas no tal Champmathieu, e que non hai nada tan testudo como as suposicións e as conxecturas.

-que polo tanto non había perigo ningún.

Que sen dúbida era un momento negro, pero que había saír del.

-que despois de todo mantiña o seu destino, tan adverso como este quixese ser, na súa man, e que o dominaba. Aferrábase a este pensamento.

No fondo, para dicirmos todo, tería querido mellor non ir a Arrás.

E mais ía.

Ao tempo que matinaba, xostraba o seu cabalo, que trotaba con ese bo trote regular e firme que fai dúas leguas e media por hora.

A medida que o cabriolé ía avanzando el sentía dentro de si algo que arrecuaba.

Ao riscar o día corría por agra aberta; a vila de Montreuil ficaba bastante lonxe, atrás súa. Mirou o horizonte branquexar, mirou -sen as ver- pasar diante dos ollos todos os fríos rostros dun mencer de inverno, A mañá ten os seus espectros igual que o serán. Non os vía, mais, sen sabelo -e por unha caste de penetración case física- estas mouras siluetas de árbores e de outeiros engadíanlle ao estado violento da súa alma un non sei que soturno e sinistro.

Cada vez que pasaba diante dunha desas casas illadas que por veces están á beira das estradas, dicíase: "E, con todo, dentro delas hai xente durmindo!".

O trote do cabalo, os axóuxeres do arnés, as rodas sobre do lousado, facían un ruído suave e monótono. Esas cousas son engaioladoras cando un está ledos e lúgubres cando está triste.

Era día andado cando chegou a Hesdin. Parou diante dunha pousada para deixar alentar o cabalo e facer que lle desen aveas.

O cabalo -como dixera Scaufflaire- era desa raza pequena do Bolonesado que ten demasiada testa, demasiado ventre e pescozo insuficiente, mais que ten peito aberto, grupa cumprida, pata seca e fina e pé sólido; raza fea, mais robusta e sá. O excelente animal fixera cinco leguas en dúas horas e non tiña unha pinga de suor na grupa.

Non baixara do tilbury. O mozo da cabalariza que traía a aveas abaixouse de golpe e examinou a roda da esquerda.

-Vai ir lonxe, así? -dixo.

El respondeulle, case sen saír da súa matinación:

-E logo?

-Vén de lonxe? -proseguiu o mozo.

-De cinco leguas de aquí.

-Ah!

-Por que di “Ah!”?

O mozo debruzouse de novo, permaneceu en silencio un momento, co ollo chantado na roda, e despois ergueuse outra vez dicindo:

-E que temos aquí unha roda que acaba de facer cinco leguas, é posíbel, pero que con toda seguridade non ha facer agora nin un cuarto de legua.

Saltou do tilbury abaixo.

-Que di, meu amigo?

-Que é un milagre ter feito cinco leguas sen ir a rolos, vostede e o seu cabalo, por algunha fochanca da estrada. Bote unha ollada.

Efectivamente, a roda estaba moi estragada. O choque do transporte postal fendera dous raios e afundira o mión, do que a porqueta xa non termaba.

-Meu amigo, -díxolle ao mozo da cabalariza- hai aquí algún carreiro?

-Hai, señor.

-Fágame o favor de o ir buscar.

-Está aí, a dous pasos. Ei, mestre Bourgaillard!

Mestre Bourgaillard, o carreiro, estaba no limiar da súa porta. Veu examinar a roda e puxo a má cara dun cirurxián que observa unha perna rompida.

-Pódeme compor esta roda agora?

-Podo, si señor.

-E cando vou poder marchar?

-Mañá.

-Mañá!

-Hai un bo día de traballo. O señor ten présa?

-Moita. Teño que marchar de aquí a unha hora, como moito.

-Imposíbel, señor.

-Pagarei o que me pidan.

-Imposíbel.

Pois de aquí a dúas horas.

-Imposíbel hoxe. Hai refacer dous raios e un mión. O señor non ha poder marchar antes de mañá.

-O asunto que me ocupa non pode agardar a mañá. E se no canto de compor a roda a substituímos?

-Como?

-Vostede é carreiro?

-Son, señor.

-E non tería unha roda para me vender? Podería eu marchar decontado.

-Unha roda de recambio?

-Si.

-Non teño unha roda feita para o voso cabriolé. As rodas van por pares. Dúas rodas non se poñen xuntas ao chou.

-Nese caso, véndame un par de rodas.

-Non todas as rodas serven para todos os eixos.

-Inténteo, a ver.

-É inútil, señor. Eu só teño rodas de carreta para vender. Somos un lugar pequeno, aquí.

-Tería un cabriolé par me alugar?

O carreiro, á primeira ollada, recoñecera que o tilbury era un vehículo alugado. Ergueu os ombreiros.

-Trátaos ben, os cabriolés que lle alugan! Se eu tivese un non llo había alugar.

-Ben, pois para me vender.

-Non teño.

-O que? Nin unha carreta? Non son esixente, xa ve.

-Somos un lugar pequeno. Teño aí, debaixo do pendello -engadiu o carreiro- unha calesa vella que é dun burgués da vila que ma deixou a gardar e que a utiliza cada moito. Poderíalla alugar, non me importa, mais sería preciso que o burgués nona vise pasar; e, por parte, é unha calesa, cumprían dous cabalos.

-Collerei cabalos de posta.

-Onde vai o señor?

-A Arrás.

-E o señor quere chegar hoxe?

-Claro.

-Con cabalos de posta?

-E logo por que non?

-Elle igual ao señor chegar esta noite ás catro da mañá?

-De certo que non.

-E que, verá, hai algo que dicir cando se collen cabalos de posta... O señor ten o seu pasaporte?

-Teño.

-Pois en collendo cabalos de posta o señor non vai chegar a Arrás antes de mañá. Somos un camiño de pasada. As remudas funcionan mal, os cabalos están nos agros. Comeza o tempo da arada e cómpre tirar moito, polo que se collen cabalos por todas as partes, na posta ou onde sexa. O señor vai agardar polo menos tres ou catro horas en cada remuda. E mais vaise a pasiño. Hai moitas costas que subir.

-Vamos, vou ir de a cabalo. Desatrele o cabriolé. Seguro que me han vender unha sela de montar neste lugar.

-Han, si señor. Pero este cabalo atura a sela?

-E certo, agora que o penso: non a atura.

-Entón...

-Pero na aldea atoparei un cabalo para alugar, non?

-Para ir a Arrás dunha tirada!

-Si

-Cumpría un cabalo como non o hai na contorna. De primeiras, cumpría mercalo, porque non o coñecen a vostede. Pero nin para vender nin para alugar, nin por cinco centos francos nin por mil, o había dar topado!

-E como fago?

-O mellor é, con toda honestidade, que lle compoña a roda e que adíe a viaxe a mañá.

-Mañá ha ser tarde de mais.

-Virxe Santísima!

-E o transporte postal que vai a Arrás? Cando pasa?

-Esta noite. Os dous transportes fan o servizo pola noite, o que sobe e mais o que baixa.

-E entón! Precisa un día enteiro para compór esta roda?

-Un día ben cumprido!

-E en pondo dous obreiros?

-Igual que en pondo dez!

-E se atásemos os raios con cordas?

-Os raios si, o mión non. E mais tamén o zuncho está estragado.

-Hai alguén na vila que alugue vehículos?

-Non.

-E hai outro carreiro?

O mozo da cabalariza e o mestre carreiro responderon a un tempo abaneando a cabeza.

-Non.

Sentiu unha inmensa alegría.

Era evidente que a providencia estaba a se mesturar. Era ela a que crebara a roda do tilbury e a que o paraba no camiño. El non se rendera a esa especie de primeiro ultimato, acababa de facer todos os esforzos posíbeis por continuar a viaxe, esgotara lealmente e escrupulosamente os medios todos, non recuara nin diante da temperatura nin diante da fatiga nin diante do gasto, non tiña nada que se reprochar. Se non ía máis lonxe, non era cousa súa. Non tiña culpa, non era un acto da súa conciencia senón da providencia.

Respirou. Respirou libremente e a peito aberto por primeira vez dende a visita de Javert. Semelláballe que o aro de ferro que lle apretaba o corazón dende había vinte horas acababa de o ceibar.

Parecíalle que agora Deus estaba a prol del e se manifestaba.

Díxose que fixera todo o que puidera e que arestora non había senón que volver sobre os seus pasos, acougadamente.

Se a súa conversa co carreiro tivese acontecido nun cuarto da pousada, non habería testemuñas, ninguén a tería escoitado, as cousas terían quedado alá, e resulta probábel que nós non teríamos que contar ningún dos feitos que se van ler, mais esta conversa tivera lugar na rúa. Calquera coloquio na rúa produce inevitablemente un círculo. Sempre hai xente que non pide senón ser espectadora. En canto el lle preguntaba ao

carreiro, algúns dos que ían e viñan paráranse de arredor. Despois de ter escoitado uns minutos, un rapazolo no que ninguén reparara, arredárase do grupo correndo.

No momento en que o viaxeiro, despois da deliberación interior que acabamos de indicar, tomaba a decisión de dar volta atrás, aquel rapaz regresaba. Ía acompañado dunha muller velleira.

-Señor -dixo a muller- o meu rapaz dime que vostede desexaría alugar un cabriolé.

Esa sinxela fala, pronunciada por unha muller velleira guiada por un neno, fíxolle escorregar a suor polo lombo. Coidou ver a man que o ceibara reaparecer na sombra atrás del, totalmente disposta a pillalo de volta.

Respondeu:

-Si, miña señora, busco un cabriolé para alugar.

E apurouse a engadir:

-Mais non o hai, na bisbarra.

-Si tal- dixo a vella.

-E logo onde? - preguntou o carreiro.

-Na miña casa, replicou a vella.

El arreguizouse. A man fatal volvérao pillar.

Efectivamente, a vella tiña nun alboio unha especie de carreta de vimbio. O carreiro e o mozo, apesarados porque o viaxeiro lles escapase, interviñeron:

-Era unha ruín carrilana,
-ía pousada sen máis enriba do eixo,
-no interior, as banquetas, de certo, estaban penduradas de barazas de coiro,
-chovía dentro,
-as rodas estaban enferruxadas e comestas pola humidade,
-non había ir máis lonxe do que o tilbury,
-un verdadeiro cascallo!
-O señor faría moi mal en se embarcar nela,
-etc., etc.

Todo iso era certo, mais esa carrilana, ese cascallo, ese couso, fose o que for, rolaba sobre as súas dúas rodas e podía ir a Arrás.

Pagou o que quixeron, deixoulle o tilbury a reparar ao carreiro para collelo de novo ao regreso, mandou atrelar o cabalo branco á carreta e retomou o camiño que ía seguindo dende a mañá.

No momento de a carreta se pór en marcha, el confesouse que tivera no momento anterior unha certa alegría ao pensar que non había ir ao punto ao que se dirixía. Examinou esa alegría cunha sorte de carraxe e atopouna absurda. Por que a alegría ao volver atrás? Despois de todo, facía esa viaxe libremente. Ninguén o forzaba. E, con certeza, non había acontecer senón o que el quixese.

Cando saía de Hesdin, sentiu unha voz que lle berraba “Pare! Pare!”. Parou el a carreta cun movemento vivo no que aínda había un non sei o que febril e convulsivo que asemellaba á esperanza.

Era o rapazolo da vella.

-Señor, -díxolle- son eu o que lle busquei a carreta.

-E que?

-Non me deu nada.

El, que lle daba a todos e tan doadamente, atopou exorbitante e case odiosa esta petición.

-Ah, es ti, rillote? -dixo- Pois non has levar nada!

Xostrou o cabalo e volveu saír a trote rápido.

Perdera moito tempo en Hesdin e tería querido recuperalo. O cabaliño era animoso e tiraba por dous, mais eran mediados de febreiro, chovera, e os camiños eataban mal. E, a maiores, xa non era o tilbury. A carreta era dura e moi pesada. E, por riba, moitas costas.

Botou case catro horas en ir de Hesdin a Saint-Pol. Catro horas para cinco leguas.

En Saint-Pol, desatrelo na primeira pousada que apareceu, e mandou levar o cabalo á corte. Como lle prometera a Scaufflaire, mantívose cabo da manxadoira en canto que o cabalo comía. Andaba a matinar cousas tristes e confusas.

A muller do pousadeiro entra na corte.

-O señor non quere almorzar?

-Ai, é certo, mesmo teño ben apetito.

Seguiu á muller que tiña rostro fresco e ledó. Ela levouno a unha sala baixa onde había mesas con manteis de tea encerada.

-Apurade -dixo el- que teño que marchar de volta. Levo présa.

Unha grosa serventa flamenca púxolle os cubertos rápido. El enxergaba esa rapaza cun sentimento de benestar.

-É iso o que eu tiña -pensou- Non almorzara.

Servírono. Lanzouse sobre o pan, trabou un bocado e despois volveuno pousar enriba da mesa e non o tocou xa.

Un transportista comía nunha outra mesa. El díxolle a aquel home:

-Por que teñen un pan tan agre?

O transportista era alemán e non entendeu.

Volveu para a corte rente do cabalo.

Unha hora despois abandonara Saint-Pol e dirixíase cara a Tinques, que só dista cinco leguas de Arrás.

Que facía el durante ese traxecto? En que pensaba? Como á mañá, miraba pasar as árbores, os teitos de palla, os agros cultivados, e o esvaecer da paisaxe que se desartella a cada revolta do camiño. Esa é unha contemplación que ás veces abonda para a alma e que a dispensa case de pensar. Ver mil obxectos por primeira e derradeira vez: seica hai algo máis melancólico e máis profundo? Viaxar é nacer e morrer en cada instante. Se cadra na rexión máis vaga da súa mente el facía achegamentos entre eses horizontes cambiantes e a existencia humana. Todas as cousas da vida están perpetuamente fuxindo diante de nós. Os escurecementos e as claridades mestúranse entre elas: despois dun deslumbramento, unha eclipse. Espreitamos, apresúramonos, tendemos as mans para collermos o que pasa, cada suceso é unha guinada na carreira e ao socato xa somos vellos. Sentimos como un abalo, todo está mouro, dexergamos unha porta escura, ese sombrizo cabalo da vida que turraba de vós detense e vemos alguén, descoñecido e cuberto cun veo que o desatreila entre as tebras.

Caía o crepúsculo no momento en que algúns rapaces, ao saíren da escola, viron entrar en Tinques o viaxeiro ese. É certo que aínda eran os días cortos do ano. Non parou en Tinques. No remate da aldea, un legoeiro que estaba a empedrar a estrada ergueu a cabeza e dixo:

-Velaí vai un cabalo ben canso.

Efectivamente, o pobre do animalíño só ía paso a paso.

-Vai para Arrás? -engadiu o legoeiro.

-Vou.

-Pois con esa marcha non ha chegar moi cedo.

Detivo o cabalo e preguntoulle ao legoeiro.

-Canto queda aínda de aquí a Arrás?

-Unhas sete leguas, ben.

-Como é? O libro da posta marca só cinco leguas e cuarto.

-Ah! -dixo o legoeiro- Logo non sabe que a estrada está en obras? Vaina atopar cortada a un cuarto de hora de aquí. Non hai xeito de ir máis lonxe.

-Vaia, ho!

-Vai coller á esquerda o camiño que vai a Carency; vai pasar o río e, cando estea en Camblin, torcer á dereita, é a estrada de Mont-Saint-Éloy que vai a Arrás.

-Pero xa é noite, voume perder.

-Non é da bisbarra?

-Non.

-E mais son atallos... escoite, señor, -continuou o legoeiro- quere que lle dea un consello? O seu cabalo está canso, volva a Tinkes. Hai unha boa pousada. Durma nela. Mañá ha ir a Arrás.

-Teño que estar alá este serán.

-Pois logo é diferente. Vaia de todos os xeitos a esa pousada e colla un cabalo de reforzo. O mozo do cabalo vaino guiar polos atallos.

Seguiu o consello do legoeiro, deu volta atrás e media hora despois pasaba polo mesmo lugar, mais a moito trote cun bo cabalo de reforzo. Un mozo de cabalariza que se calificaba de postillón ía sentado no varal da carreta.

E mais sentía que estaba perdendo o tempo.

Era noite pecha.

Metéronse no atallo. O camiño volveuse terríbel. A carreta caía dunha rodeira contra a outra. Díxolle ao postillón:

-Vamos ao trote, gratificación dobre.

Nun tombo partiu o balancín.

-Señor -dixo o postillón- partiu o balancín, non sei como vou atrelar o meu cabalo, este camiño é moi ruín de noite; se quere regresar e dormir en Tinkes, poderíamos estar mañá á mañá cediño en Arrás.

El respondeulle:

-Tes un pouco de corda e unha navalla?

-Teño, señor.

El cortou a póla dunha árbore e fixo un balancín.

Perderon outros vinte minutos, mais partiron ao galope.

A chaira estaba tebregosa. Aos outeiros subían agatuñando brétemas baixas, cortas e negras, e esgazábanse como fume. Había luciñas abrancazadas nas nubes. Un forte vento que viña do mar facía en todos os recunchos do horizonte o ruído de alguén que anda a mover mobles. Todo o que se albiscaba tiña actitudes aterradoras. Que de cousas arrepían baixo eses vastos sopros da noite!

O frío era penetrante. El non comera dende a víspera. Lembrábase vagamente da súa outra andaina nocturna pola larga chaira dos arredores de Digne. Había diso oito anos, e semelláballe onte.

Algún campanario, ao lonxe, deu a hora. Preguntoulle ao mozo:

-Que horas son?

-As sete, señor. Estaremos en Arrás ás oito. Non temos máis que tres leguas.

Nese momento el fixo por primeira vez a seguinte reflexión, atopando raro que non lle viñera antes:

-que se cadra era inútil todo o traballo que se tomaba; que nin mesmo sabía a hora do proceso; que, cando menos, deberíase ter informado; que era extravagante ir así para diante sen saber se iso serviría para algo.

Logo esbozou algúns cálculos na súa mente:

-que de adoito as sesións da audiencia comezaban ás nove da mañá.

-que non había levar moito tempo, o asunto ese.

-que o roubo de mazáns sería cortiño.

-que despois só habería unha cuestión de identidade.

-catro ou cinco declaracións e pouco que dicir polos avogados.

-que ía chegar cando todo estivese rematado!

O postillón xostraba os cabalos. Pasaran o río e deixaran atrás deles Mont-Saint-Éloy.

A noite tornábase cada vez máis profunda.

VI A IRMÁ SIMPLICIA POSTA A PROBA

No entanto, nese mesmo momento, Fantine estaba leda.

Pasara unha noite moi má. Tose horrenda, redobramento de febre; tivera soños. Á mañá, cando da visita do médico, deliraba. Este parecera alarmado e encargara que o avisasen des que o señor Madeleine viñese.

Toda a mañá estivo ela soturna, falou pouco e fixo pregaduras nas sabas que semellaban ser cálculos de distancias. Os seus ollos estaban afundidos e chantados. Parecían case apagados, e logo, por momentos, acendíanse e brillaban como estrelas. Semella que ao se achegar unha hora escura, a clareza do ceo enche os que a clareza da terra abandona.

Cada vez que a irmá Simplicia lle preguntaba como se atopaba, ela respondía invariabelmente.

-Ben. Quixera ver o señor Madeleine.

Algúns meses antes, no momento en que Fantine acababa de perder o seu último pudor, a súa última vergoña e a súa última ledicia, ela era a sombra de si mesma; agora era o seu espectro. O mal físico completara a obra do mal moral. Aquela criatura de vinte e cinco anos tiña a fronte engurrada, as fazulas molanqueiras, a punta do nariz torcida, os dentes esburgados, o tez chumbento, o pescozo osudo, as clavículas saíntes, os membros cativos, a pel terrosa. E os seus cabelos loiros medraban mesturados con cabelos grises. Moito a enfermidade improvisa a vellez, por desgraza!

Ao mediodía volveu o médico, receitou algúns tratamentos, informouse de se o señor alcalde aparecera pola enfermaría, e abaneou a testa:

O señor Madeleine de adoito viña ás tres ver a enferma. Como a exactitude era bondade, el era exacto.

Contra as dúas, Fantine comezou a buligar. No espazo de vinte minutos, preguntoulle máis de dez veces á relixiosa:

-Irmá; que horas son?

Deron as tres. Á terceira pancada, Fantine púxose sentada, ela que polo xeral non rebulía no leito; xuntou nunha sorte de aperta convulsiva as dúas mans descarnadas e amarelas, e a relixiosa sentiu saír do seu peito un deses salaios profundos que semellan salientar un abatemento. Logo Fantine virouse e ollou a porta.

Ninguén entrou, a porta non se abriu.

Ficou así un cuarto de hora, cos ollos pegados á porta, inmóbil e como contendo o alento. A irmá non se atrevía a lle falar. A igrexa deu as tres e cuarto. Fantine deixouse caer de novo enriba do cabezal.

Non dixo cousa ningunha e púxose de volta a facer pregaduras na saba.

Pasou media hora, e logo unha hora. Ninguén veu. Cada vez que o reloxo daba a hora, Fantine erguíase e ollaba cara á porta, e despois volvía caír.

Víase claramente o seu pensamento, mais ela non pronunciaba nome ningún, non se laiaba, non acusaba. Só tusía dun xeito lúgubre. Teríase dito que algo escuro estaba a baixar enriba dela. Estaba lívida e tiña os beizos azuis. Por momentos sorría.

Deron as cinco. Entón a irmá sentiuna dicir moi baixiño e manseliñamente:

-Pois, dado que marcho mañá, fai mal en non vir hoxe!

A propia irmá Simplicia estaba sorprendida da demora do señor Madeleine.

No entanto, Fantine miraba o dosel da súa cama. Semellaba tentar de lembrar algunha cousa. De sócato púxose a cantar cunha voz feble como un sopro. A relixiosa escoitou. Velaí o que Fantine cantaba:

*Heiche mercar, miña rosa,
para lucires con tul,
un paniño cor de rosa;
irás de rosa e de azul.*

*Con manto dourado
a Virxe María
chegou ese día,
díxome ao roibén:
-Tráioche a filliña
que me tes rogado.
Vaite pola vila,
vístema moi ben!*

*Heiche mercar, miña rosa,
para lucires con tul,
un paniño cor de rosa;
irás de rosa e de azul.*

*So o veo de noiva
fixen un berciño,
dondo e moi feitiño
p'ra a cousiña mol.
Non troco esta nena
polo ouro do mundo,
non troco esta nena
nin por todo o sol.*

*Heiche mercar, miña rosa,
para lucires con tul,
un paniño cor de rosa;
irás de rosa e de azul.*

*-Lava ese paniño.
-Onde vou? - Ao río,
con moito feitío*

*hala empanicar.
-Non teño meniña:
p'ra que quero embrullo?
- Se non tes meniña
hasme amortallar.*

*Heiche mercar, miña rosa,
para lucires con tul,
un paniño cor de rosa;
irás de rosa e de azul.*

Esa canción era un vello romance de arrolar co que noutro tempo adormecía a súa Cosetiña e que non se presentara á súa mente dende había cinco anos que non tiña xa a súa filla. Cantábaa cunha voz tan tristeira e un aire tan doce que facía chorar, mesmo a unha relixiosa. A irmá, afeita ás cousas austeras, sentiu chegarlle unha bágoa.

O reloxo deu as seis. Fantine non pareceu ouvir. Semellaba non facer caso de nada, ao seu arredor.

A irmá Simplicia mandou unha rapaza de servizo a se informar coa porteira da factoría se o señor alcalde regresara e se non había ir axiña pola enfermaría. A rapaza regresou á volta duns minutos.

Fantine seguía inmóbil e parecía atenta ás ideas que tiña.

A serventa contoulle en baixiño á irmá Simplicia que o señor alcalde marchara na mesma mañá antes das seis nun pequeno tilbury atrelado a un cabalo branco, co frío que ía, que marchara el só, sen mesmo cocheiro, que non se sabía o camiño que tomara, que algunhas persoas dicían telo atopado pola estrada de París. Que, ao partir, como decote, fora moi agarimoso, e que só lle dixeran á porteira que non agardase por el aquela noite .

En canto que as dúas mulleres, viradas de costas ao leito da Fantine, bisbisaban, a irmá preguntando e a serventa conxecturando, a Fantine -con esa viveza febril de certas doenzas orgánicas que mestura os movementos libres da saúde coa esterrecedora fracura da morte- puxérase de xeonllos enriba do seu leito, cos dous puños crispados apoiados no travesero e a cabeza pasada polo intervalo das cortinas. De súpeto berrou:

-Están a falar do señor Madeleine! Porque falan en baixiño- Que é o que fai? Por que non ven?

A súa voz era tan brusca e tan rouca que as dúas mulleres coidaron sentir a voz dun home; volvéronse esterrecidas.

-Respondan, veña! -berrou Fantine.

A serventa tatariñou:

-A porteira díxome que hoxe non podería vir.

-Miña filla, -dixo a irmá- acougue, déitese outra vez.

Fantine, sen mudar de actitude, continuou con voz alta e un acento ao mesmo tempo imperioso e esgazador.

-Non poderá vir? E logo por que? Vostedes saben a causa. Estaban a bisbisala aí, entre vostedes. Eu quero sabela.

A serventa apurouse a dicir á orela da relixiosa:

-Responda que está nun pleno municipal.

A irmá Sulpicia ruborizouse un pouquiño: a serventa propúñalle que mentise. Por outra banda, parecíalle certo que dicir a verdade á enferma sería sen dúbida baterlle un golpe terríbel e que era grave no estado en que se atopaba Fantine. Ese rubor durou pouco. A irmá botou sobre Fantine o seu ollar calmo e triste e dixo:

-O señor alcalde marchou.

Fantine ergueuse de volta e sentouse enriba das canelas. Os seus ollos escintilaron. Unha ledicia inaudita raiolou sobre aquela fisionomía dorosa.

-Marchou! - exclamou- Foi por Cosette!

Logo tendeu as dúas mans cara ao ceo e toda a súa face se volveu inefábel. Os seus beizos movíanse, pregaba en voz baixa.

Ao que deu rematado o prego, dixo:

-Miña irmá, voume deitar de novo e facer todo o que queiran; hai un momentinho fun má e pídolle perdón por ter gritado, está moi mal o de gritar, seino ben, miña boa irmá, pero mire, estou moi contenta. O bon Deus é bo e o señor Madeleine é bo, figúrese que foi buscar a miña Cosetiña a Montfermeil.

Deitouse de novo, axudou a relixiosa a dispor o cabezal e bicou unha cruz de prata que levaba ao pescozo e que a irmá Simplicia lle dera.

-Miña filla -dixo a irmá- trate de descansar e non fale máis.

Fantine colleu entre as súas mans lenturecidas a man da irmá, que sufría ao lle sentir esa suor.

-Marchou esta mañá para ir a París. Realmente nin mesmo precisa pasar por París. Montfermeil está un pouco á esquerda segundo se ven. Lémbrese como me dicía onte cando eu lle falaba de Cosette: "Axiña, axiña"? É unha sorpresa que me quere dar. Sabe? Fíxome asinar unha carta para collérllela aos Thénardier. Non han ter nada que dicir, non si? Devolverán Cosette. Porque lles van pagar. As autoridades non permitirían que queden cunha criatura cando se paga. Miña irmá, non me faga acenos de que non fale. Estou felicísima, vaime moi ben, non me doe cousa ningunha, xa, vou ver Cosette outra vez, mesmo teño moita fame. Hai case cinco anos que non a vexo. Vostede non imaxina o moito que se lles quere, aos fillos! E mais, vai ser tan boíña, háo ver! Se vostede o soubese! Ten uns dedíños rosados! De primeiras, vai ter unhas mans bonitas. Cando tiña un ano tiña unhas mans ridículas: así!... Agora ha ser grande. Tenlle sete anos. É unha señorita. Eu chámolle Cosette pero chámase Eufrosia. Escoite, esta mañá, estaba eu a mirar a poeira que había enriba da chimenea e andaba coa idea de que axiña había ver Cosette de novo. Moito manca, estar anos sen ver os fillos! Deberíamos ben pensar que a vida non é eterna! Ah, moi bo foi o señor alcalde, en indo! E é certo que vai moito frío? Levaría abrigo cando menos? Ha estar aquí mañá, non si? Mañá ha ser festa. Mañá á mañá, hame lembrar que poña o meu puchiño que ten encaixe, miña irmá. Montfermeil é unha aldea. Eu fixen ese

camiño a pé, en tempos. Levoume moito, a min. Mais as dilixencias van moi rápido! Ha estar mañá con Cosette. Canto hai de aquí a Montfermeil?

A irmá, que non tiña ningunha idea das distancias, respondeu:

-Oh! Penso que pode estar aquí mañá.

-Mañá! Mañá! -dixo Fantine- Mañá vou ver Cosette! Ve, boa irmá do bon Deus? Xa non estou enferma. Estou tola. Poríame a bailar, se quixesen.

Alguén que a tivese visto un cuarto de hora denantes, non tería entendido nada. Agora estaba toda rosadiña, falaba cunha voz viva e natural e toda a súa face non era senón un sorriso. Por momentos ría falándose en baixiño. Leticia de nai case é ledicia de crianza.

-Pois ben, -retomou a relixiosa- agora está feliz, obedézame e non fale máis.

Fantine pousou a cabeza de riba do traveseiro e dixo a media voz:

-Si, déitate, pórtate ben xa que vas ter a túa filla. Ten razón, a irmá Simplicia. Todos os que están aquí teñen razón.

E despois, sen bulir, sen mover a cabeza, púxose a ollar a todas as partes cos seus ollos todos arregalados e un aire ledó, e non dixo máis nada.

A irmá volveu pecharlle as cortinas, esperando que adormecese.

Entre as sete e as oito chegou o médico. Ao non sentir ruído ningún, creu que Fantine estaba a durmir, entrou devagariño e achegouse ao leito nos bicos dos pés. Entreabriu as cortinas, e á luz da lampadiña viu os ollos tranquilos de Fantine que o estaban mirando.

Díxolle ela:

-Doutor: N'é certo que me han deixar deitala rente de min, nunha camiña pequena?

O médico coidou que deliraba, e ela engadiu:

-Mire aí, hai sitio xusto.

O médico fixo un aparte coa irmá Simplicia, que lle explicou a cousa: que o señor Madeleine se ausentara por un día ou dous e que, na dúbida, creran que fora mellor non desenganar a enferma, quen coidaba que o señor alcalde fora a Montfermeil, e que finalmente era posíbel que ela tivese acertado. O médico aprobouno.

Achegouse outra vez ao leito de Fantine, quen continuou:

-É que -sabe?- pola mañá, cando ela acorde eu heille dar o bo día á miquiña, e pola noite, eu que non durmo escoitareina durmir. O seu alento, tan doce, hame facer ben.

-Déame a súa man -dixo o médico.

Ela tendeuille o brazo, e exclamou rindo.

-Ah, vaia, claro, vostede non sabede! É que estou curada. Cosette chega mañá.

O médico levou unha sorpresa. Ía mellor. A opresión era máis pequena. O pulso recuperara forza. Unha especie de vida inesperada reanimaba de súpeto ese pobre ser esgotado.

-Señor doutor, -seguíu ela- díxolle a irmá que o señor alcalde fora buscar a pequerrecha?

O médico recomendou silencio e que evitasen toda emoción penosa. Prescribiu unha infusión de quinquina pura, e, no caso de que a febre volvera pola noite, unha poción calmante. Ao marchar, díxolle á irmá:

-A cousa vai mellor. Se a sorte quixese que efectivamente o señor alcalde chegase mañá coa nena: quen sabe? Hai crises tan estrañas! Tense visto grandes alegrías deter de raíz enfermidades; ben sei que esta é unha enfermidade orgánica, e ben adiantada, mais é un misterio, todo isto! Se cadra a salvaríamos!

VII
O VIAXEIRO, DE CHEGADO, TOMA PRECAUCIÓN
PARA O REGRESO

Eran perto das oito do serán cando a carreta que nós deixamos no camiño entrou pola porta cocheira do hostel do Correo, en Arrás. O home que temos seguido até aquel momento baixou dela, respondeu con aire distraído ás atencións da xente da pousada, despediu o cabalo de reforzo, e levou el mesmo o cabaliño branco á cabalariza; logo puxou a porta dunha sala de billar que había no baixo, sentouse, e apoiou os cónbados nunha mesa. Botara catorce horas naquel traxecto que contaba facer en seis. Absolvíase de que a falta fose súa, mais no fondo non estaba desgustado.

Entrou a dona do hostel.

-O señor vai durmir? O señor vai cear?

El fixo coa cabeza un aceno negativo.

-O mozo da cabalariza di que o cabalo do señor está ben canso!

Aquí el rompeu o silencio.

-Seica o cabalo non vai poder marchar mañá?

-Ai, señor! Precisa cando menos repousar dous días.

El preguntou:

-Non é aquí a oficina do correo?

-É, si señor.

A hostaleira levouno á oficina, el amosou o seu pasaporte e informouse de se había xeito de regresar esa mesma noite a Montreuil polo transporte postal. Xustamente estaba vacante o asento á beira do correo; el reservouno e pagouno.

-Señor -díxolle o oficinista- non deixe de estar aquí para marchar á unha da mañá en punto.

Feito isto, saiu do hostel e púxose a camiñar pola vila.

Non coñecía Arrás, as rúas estaban escuras e el andaba ao chou. E mais semellaba teimar en non lles preguntar o seu camiño aos viandantes. Atravesou o regato Crinchon e atopouse nun dédalo de ruelas estreitas no que se perdeu. Un burgués ía camiñando cun fanal. Despois dalgunha dúbida, decidiu dirixirse a aquel burgués, non sen ter primeiro ollado diante e detrás de si mesmo, como se temese que alguén ouvisse a pregunta que lle ía facer.

-Señor, -dixo- o Palacio de Xustiza, por favor?

-Non é da vila, señor? -respondeu o burgués, que era un home velleiro- Pois sígame. Eu vou precisamente pola banda do Palacio de Xustiza, é dicir, pola banda do

edificio da Prefectura. Porque arestora están a reparar o Palacio, e provisoriamente os tribunais fan os xulgamentos na Prefectura.

-E é alá onde teñen lugar as audiencias? -preguntou

-De certo, señor. Ve? O que hoxe é a Prefectura era o Bispado antes da Revolución. O señor de Conzié, que era bispo no ano oitenta e dous, mandou construír unha gran sala. É nesta gran sala onde se xulga.

Indo de camiño, o burgués díxolle:

-Se é un xuízo, o que o señor quere ver, é un pouco tarde. De adoito as sesións acaban ás seis.

Con todo, ao chegaren á extensa praza, o burgués sinaloulle catro longas fiestras iluminadas na fachada dunha gran construción tebregosa.

-Abofé, meu señor, chega a tempo, ten sorte. Ve esas catro fiestras? É a Audiencia. Hai luz. Daquela non rematou. Ten interese nese caso? É un proceso criminal? É vostede testemuña?

El respondeu:

-Non, non veño por caso ningún, teño só que falar cun avogado.

-Iso é diferente-dixo o burgués. Escoite, señor, velaí está a porta. Onde está o garda. Non ten máis que subir a escaleira principal.

Fixo conforme as explicacións do burgués, e uns minutos despois estaba nunha sala onde había moita xente e onde grupos mesturados de avogados con toga bisbisaban acá e acolá.

Sempre é unha cousa que aperta o corazón ver eses arremuiñamentos de homes vestidos de negro a murmuraren entre eles en voz baixa no limiar das cámaras de Xustiza. É raro que de todas estas falas xurdan a caridade e a compaixón. O que máis a miúdo xorde son condenas feitas de antemán. Todos eses grupos seméllanlle ao observador que pasa e que soña, outros tantos sombríos cortizos nos que especies de espíritos zoadores constrúen en común toda caste de edificios tebregosos.

Esta sala, espaciosa e iluminada só por unha lámpada, era unha antiga antesala do Bispado e servía dunha especie *de sala dos pasos perdidos*¹²¹. Unha porta de dous batentes, pechada naquel momento, separábaa da vasta cámara na que celebraba sesión o tribunal da Audiencia.

A escuridade era tanta, que el non temeu dirixirse ao primeiro avogado que atopou.

-Señor: queda moito?

-Rematou -dixo o avogado.

-Rematou!

¹²¹ Denóminase así en francés a ampla sala de espera dalgúns edificios públicos como as estacións, e particularmente o vasto espazo contiguo á sala de audiencia dos tribunais.

Repetiu el a palabra con tal entoación que o avogado se virou.

- Perdón, señor: seica é un parente?
- Non, non coñezo ninguén aquí. E houbo condena?
- Sen dúbida. Outra cousa practicamente non era posíbel.
- A traballos forzados?...
- A perpetuidade.

El volveu preguntar, cunha voz tan feble que apenas se ouvía:

- Resultou probada a identidade, logo?
- Que identidade? - respondeu o avogado- Non había identidade ningunha que probar. O asunto era sinxelo. Esa muller matara o seu fillo, o infanticidio foi demostrado, o tribunal descartou a premeditación e condenouna de por vida.
- Entón é unha muller? -dixo el.
- É, si. A moza Limosin. De que me está a falar, logo?
- De nada. Pero se rematou: como é que a sala está aínda iluminada?
- É para o outro caso que comezou hai case dúas horas.
- Que outro caso?
- Oh, ese tamén está claro. É unha especie de moinante, un reincidente, un condenado a traballos forzados, que roubou. Xa el ten pinta de bandido. Só por ter esa cara, eu mandábao ás galeras.
- E hai maneira de entrar na sala, señor? -preguntou.
- Penso que non, de certo. Hai unha multitude. Con todo, a audiencia está suspendida. Hai xente que saíu, e cando comece outra vez, pode intentalo.
- Por onde se entra?
- Por esa porta grande.

O avogado marchou. Nuns poucos instantes o noso home experimentara, case mesturadas, todas as emocións posíbeis. As falas daquel indiferente atravesáranlle o corazón, unha após outra, como agullas de xeo e como vagas de lume. Cando viu que nada estaba rematado, respirou: mais non tería podido dicir se o que sentía era contento ou dor.

Achegouse a varios grupos e escoitou o que se dicía. Ao estar moi cargada a orde do día, o presidente sinalara para ese mesmo día dous casos sinxelos e cortos. Comezárase polo infanticidio, e agora estíbese no forzado, no reincidente, no “cabalo de regreso”. Ese home roubara mazáns, mais a cousa non estaba totalmente probada; o que estaba probado era que xa estivera nas galeras en Toulon. O que puña mal o seu caso. Polo resto, rematara o interrogatorio do home e as declaracións das testemuñas, mais aínda quedaban as defensas do avogado e a requisitoria do ministerio público; non daría rematado moito antes da medianoite. O home sería probabelmente condenado: o fiscal era moi bó -e non *fallaba* ningún dos seus acusados- Era un mozo enxeñoso que facía versos.

Un alguacil estaba rente da porta que comunicaba coa sala do tribunal. Preguntoulle el ao alguacil:

- Señor: tardarán en abrir a porta?
- Non se vai abrir -dixo o alguacil.
- Como? Non van abrir na continuación da audiencia? Non suspenderon a audiencia?
- Acaba de comezar de novo -respondeu o alguacil- pero a porta non se vai abrir outra vez.
- E logo?
- Porque a sala está chea.

-O que? Non hai nin un sitio?

-Nin un. A porta está pechada. Ninguén pode entrar xa.

Logo dun silencio engadiu o alguacil:

-Hai dous ou tres sitios detrás do señor presidente, mais o señor presidente só admite funcionarios públicos.

Dito isto, o alguacil virou as costas.

El retirouse coa testa baixa, atravesou a antesala e desceu de volta a escaleira devagariño, como dubidando en cada chanzo. É probábel que estivese a deliberar consigo mesmo. O violento combate que se libraba nel dende a víspera non rematara, e a cada instante atravesaba outra nova peripecia. De chegado ao relanzo da escaleira, acaroouse á balaustrada e cruzou os brazos. De súpeto abriu a levita, colleu a súa carteira, tirou dela un lápis, rachou unha folla e escribiu rapidamente sobre dela, baixo a luz do farol, esta liña: *Señor Madeleine, alcalde de Montreuil*. Logo volveu subir a escaleira ás alancadas, fendeu a multitude, foise dereito ao alguacil, entregoulle o papel e díxolle con autoridade:

-Lévelle isto ao señor presidente.

O alguacil colleu o papel, botoulle unha ollada e obedeceu.

VIII ENTRADA DE FAVOR

Sen o sospeitar, o alcalde de Montreuil-sur-mer tiña unha especie de celebridade. Dende había sete anos a súa reputación de virtude enchía todo o baixo Bolonesado e acabara traspondo os límites dunha bisbarra pequena espallándose por dúas ou tres provincias veciñas. Alén do considerábel servizo que lle fixera á cabeceira da comarca ao restaurar nela a industria dos abelorios negros, non había nin un dos cento corenta e un concellos da rexión de Montreuil que non lle debese algún beneficio. Soubera el mesmo, en caso de necesidade, axudar e fecundar as industrias das outras rexións. É así como na ocasión sostivera co seu crédito e os seus fondos a fábrica de tul de Boulogne, o fiado de liño da mecánica de Frévent e a manufactura hidráulica de tecidos de Boubiers-sur-Canche. Por todas as partes se pronunciaba con veneración o nome do señor Madeleine. Arrás e Douai envexábanlle o seu alcalde á feliz viliña de Montreuil.

O conselleiro do Tribunal Real de Douai, que presidía esta sesión da audiencia en Arrás, coñecía como todo o mundo ese nome tan profundamente e tan universalmente honrado. Cando o alguacil -abrindo discretamente a porta que comunicaba o cuarto do consello coa audiencia- se debrozou por tras do asento do presidente e lle entregou o papel onde estaba escrita a liña que acabamos de ler, engadindo: “Este señor desexa asistir á audiencia”, o presidente fixo un aceno de deferencia, colleu unha pluma, escribiu algunhas palabras no baixo do papel, e llo entregou ao alguacil dicíndolle: “Fágao entrar”.

O malfadado home do que estamos a contar a historia permanecera cabo da porta da sala no mesmo lugar e na mesma actitude coa que o alguacil o deixara. Ouvira, ao través do seu soño, alguén que lle dicía: “ O señor quere ter a bondade de me seguir?”. Era o mesmo alguacil que lle virara as costas o momento antes e que agora lle facía un saúdo ata o chan. Ao mesmo tempo o alguacil entregoulle o papel. El desencartouno e, como se atopaba perto da lámpada, puido ler:

“O presidente do tribunal da Audiencia preséntalle os seus cumprimentos ao señor Madeleine”.

Engurrou o papel entre as mans. Como se esas palabras lle tivesen deixado un saíbo estraño e amargo.

E seguíu o alguacil.

Alguns minutos despois atopábase só nunha especie de gabinete artesoadado, de aspecto severo, alumeado por dúas velas pousadas enriba dunha mesa con tapete verde. Tiña aínda nos ouvidos as últimas palabras do alguacil que acababa de deixalo:

-Señor, está no cuarto do consello; non ten máis que xirar o pomo de cobre desa porta e hase atopar na audiencia, detrás do asento do señor presidente.

Estas falas mesturábanse no seu pensamento cunha vaga lembranza de estreitos corredores e de escaleiras negras que acababa de percorrer.

O alguacil deixáralo só. O momento supremo chegara. Tentaba de se recoller sen o dar acadado. É maiormente nas horas nas que máis precisaríamos ligalos ás realidades punxentes da vida, cando todos os fíos do pensamento rompen no cerebro. Estaba no lugar mesmo no que os xuíces deliberan e condenan. Ollaba cunha tranquilidade estúpida ese cuarto plácido e temíbel onde tantas existencias foran crebadas, onde o seu nome ía ecoar

decontadiño, e que o seu destino estaba a atravesar naquel momento. Ollaba o muro e despois ollábase a si mesmo, asombrándose de que aquel fose ese cuarto e de que ese fose el.

Non comera dende había máis de vinte e catro horas, estaba roto polos tombos da carreta, mais non sentía a canseira, semelláballe que non sentía nada.

Achegouse a un cadro negro que estaba pendurado na parede e que contiña baixo cristal unha vella carta autógrafa de Jean-Nicolas Pache, alcalde de París e ministro, datada, sen dúbida por erro, o 9 de xuño do ano II, e no que Pache enviaba ao concello a lista dos ministros e dos deputados que foran confinados en arresto domiciliario. Unha testemuña que o tivese visto e observado nese instante, tería sen dúbida imaxinado que aquela carta lle parecía ben curiosa, porque non afastaba dela os seus ollos e a leu dúas ou tres veces. Lía sen prestarlle atención e sen se decatar. Estaba a pensar en Fantine e en Cosette

Ao tempo que soñaba, virouse, e os seus ollos bateron co pomo de cobre da porta que o separaba da sala de audiencia. Case lle esquecera aquela porta. A súa ollada, primeiro calma, detívose nel, permaneceu atado a ese pomo de cobre e despois tornouse atoutelada e fixa, e pouco a pouco impregnouse de espanto. De entre os cabelos saíanlle pingas de suor e escorregábanlle polas tempas.

Nun determinado momento, fixo -cunha caste de autoridade mesturada con rebelión- ese aceno indescritíbel que quere dicir e que di tan ben “Recoiro! Quen me obriga a facelo?”. Logo volveuse rapidamente, viu diante del a porta pola que entrara, foi alá, abriuna, e saíu. Xa non estaba naquel cuarto, estaba fóra, nun corredor, un corredor longo, estreito, cortado con chanzos e portelos que facían toda caste de ángulos, alumeado acá e acolá con farois iguais a lampadiñas de enfermos, o corredor polo que viñera. Respirou e escoitou; ningún ruído por diante nin por tras del; botouse a fuxir como se o perseguisen.

Cando tivo virado varias voltas nese corredor, escoitou de novo. Seguía o mesmo silencio e a mesma sombra de arredor súa. Estaba sen folgos e abaneaba, encostouse á parede. A pedra estaba fría, a suor xeaba a súa fronte, soergueuse entre arreguizos.

Só entón, a pé nesa escuridade, tremelando de frío e se cadra doutra cousa, matinou.

Botara a noite toda a matinar e mais botara o día todo; xa só ouvía dentro del unha voz que dicía “Que coita!”.

Así decorreu un cuarto de hora. Finalmente, inclinou a cabeza, salaiou con anguria, deixou pender os brazos e volveu sobre os seus pasos. Camiñaba a modo e como cangado. Semellaba que alguén o tivese acadado na súa fuxida e o levase de volta.

Entrou outra vez no cuarto do consello. A primeira cousa que dexergou foi o peito da porta. Este peito, redondo e de cobre pulido, resplandecía para el como unha estrela arrepiante. El mirábaa como unha ovella miraría un tigre.

Os seus ollos non se daban afastado de alá.

De cando en cando daba un paso e se achegaba á porta.

Se tivese escoitado, tería ouvido, como unha caste de borboriño confuso, o ruído da sala veciña. Mais non escoitaba nin ouvía.

De súpeto, sen que el mesmo soubese como, atopouse rente da porta. Apreixou convulsivamente o pomo; a porta abriuse.

Estaba na sala de audiencia.

IX
UN LUGAR NO QUE SE ESTÁN FORMANDO
CONVICCIÓNS

Deu un paso, pechou mecanicamente a porta atrás súa e permaneceu de pé, considerando o que vía.

Era un vasto recinto apenas alumeado, ora cheo de rumor, ora cheo de silencio, no que todo o aparato dun proceso criminal se ía desenvolvendo coa súa gravidade mesquiña e lúgubre no medio da multitude.

Nun extremo da sala, aquel onde se atopaba, había xuíces de aire distraído, con toga gastada, a rillaren as unllas ou a pecharen as pálpebras. No outro extremo, unha multitude en farrapos, avogados en toda sorte de actitudes, soldados de face honesta e dura, vellos revestimentos de madeira lixados, un teito suxo, mesas cubertas de sarga máis amarela que verde, portas anegrecidas por causa das mans, cravos chantados no artesoadado, quinqués de baiuca a botaren máis fume que claridade; candeas en candeiros de cobre enriba das mesas; mourenza, fealdade, tristura. E de todo isto desprendíase unha impresión austera e augusta, pois sentíase esa gran cousa humana que lle chaman a lei e esa gran cousa divina que lle chaman a xustiza.

Ninguén desa multitude reparou nel. As olladas todas converxían cara a un punto único, un banco de madeira encostado a unha portuña, ao longo da muralla, á esquerda do presidente. Nese banco que alumeaban varias candeas, había un home entre dous gardas.

Ese home, era o home.

Non o buscou, viuno. A súa vista foi alá de xeito natural, como se tivese sabido de antemán onde estaba aquela figura.

Coidou verse el mesmo, avellado, non absolutamente semellante de face, sen dúbida, mais totalmente igual de actitude e de aspecto, con aqueles cabelos arrepuñados, con aquela meniña dos ollos fera e inqueda, con aquela blusa, tal como el ía o día no que entraba en Digne, cheo de xenreira e agachando na súa alma ese noxento tesouro de pensamentos horrendos que botara dezanove anos a recoller do lousado no campo de forzados.

Díxose cun arreguizo:

-Meu Deus! Seica me vou volver así?

Aquel ser aparentaba cando menos sesenta anos. Tiña un non sei que tosco, aloulado e espavorecido.

Co ruído da porta, arredáranse para lle facer sitio, o presidente virara a cabeza e, comprendendo que o personaxe que acababa de entrar era o señor acalde de Montreuil, saudáralo. O fiscal, que vira o señor Madeleine en Montreuil, onde o tiñan levado máis dunha vez operacións do seu ministerio, recoñeceuno, e saudouno igualmente. El apenas se decatou. Era presa dunha sorte de alucinación; fitaba.

Xuíces, un secretario, gardas, unha multitude de cabezas cruelmente curiosas, xa vira aquilo unha vez, algún tempo, había vinte e sete anos. Atopaba de novo esas cousas funestas, estaban alá e rebulían, existían. Non era xa un esforzo da súa memoria, unha

ilusión do seu pensamento, eran gardas verdadeiros, xuíces verdadeiros, unha multitude verdadeira e homes verdadeiros de carne e oso. Acabárase! Vía reaparecer e revivir ao seu arredor, con todo o que a realidade ten de formidábel, os aspectos monstruosos do seu pasado.

Todo iso estaba despregado diante súa.

Horrorizouse, pechou os ollos e exclamou no máis profundo da súa alma: “Endexamaís!”

E ao través dun xogo tráxico do destino que facía tremar as súas ideas todas e o puña case tolo, era outro el mesmo quen estaba alá! A aquel home que estaban a xulgar, chamábanlle todos Jean Valjean!

Tiña baixo os ollos -visión inaudita- unha sorte de representación do momento máis horríbel da súa vida interpretada polo seu fantasma.

Todo estaba, era o mesmo aparato, a mesma hora da noite, case que as mesmas faces dos xuíces, dos soldados e dos espectadores. Só, por cima da cabeza do presidente, había un crucifixo, cousa que faltaba no tempo da súa condena. Cando o xulgaran a el, Deus estaba ausente.

Detrás súa había unha cadeira; deixouse caír nela, aterrorizado coa idea de que podían velo. Des que estivo sentado, aproveitou unha morea de archivadores que había enriba do escritorio dos xuíces para agachar o seu rostro a toda a sala. Agora podía ver sen ser visto. Pouco a pouco foise recuperando. Volveu enteiramente ao sentimento da realidade, chegou a esa fase de calma na que un é quen de escoitar.

O señor Bamatabois formaba parte do xurado.

Buscou Javert mais non o viu. A mesa do secretario ocultáballe o banco das testemuñas. E de por parte, acabámosto de dicir, a sala apenas estaba alumeada.

No momento en que el entrara, o avogado do acusado remataba a súa defensa. A atención de todos estaba excitada até o máis alto grao; o asunto levaba tres horas de duración. Dende había tres horas a multitude vía dobregarse pouquechiño a pouco baixo o peso dunha verosimilitude terríbel un home, un descoñecido, unha especie de ser miserábel, fondamente estúpido ou fondamente hábil. Ese home, sabémolo xa, era un vagabundo que fora atopado nunha camposa, levando con el unha póla carregada de mazás maduras, esgazada dunha maceira nun pomar veciño chamado *o pomar de Pierron*. Quen era ese home? Fixérase unha pesquisa, acababan de ser ouvidas testemuñas e foran unánimes, do debate todo xurdiran luces. A acusación dicía:

-Non temos só un ladroeiro de froita, un roubaperas; temos aí nas nosas mans un bandido, un relapso a quebrantar o desterro, un antigo forzado, un delincuente dos máis perigosos, un malfeitor chamado Jean Valjean que a Xustiza anda a buscar dende hai tempo, e que hai oito anos, ao saír do campo de Toulon, cometeu un asalto a man armada no camiño roubándolle a un rapaz saboiano chamado Petit Gervais, delito previsto no artigo 383 do código penal, polo que nos reservamos perseguilo ulteriormente, cando a identidade estea judicialmente demostrada. Acaba de cometer un novo roubo. Trátase dun caso de reincidencia. Condéneno polo feito novo, máis tarde será xulgado polo feito anterior.

Diante desta acusación, diante da unanimidade das testemuñas, o acusado parecía maiormente asombrado. Facía xestos e acenos que querían dicir “non” ou ben observaba o teito. Falaba con traballo e respondía con dificultade, mais da testa aos pés a súa persoa toda negaba. Era como un idiota en presenza de todas esas intelixencias aliñadas en batalla de arredor súa, e como un estraño no medio daquela sociedade que o apreixaba. Entrementres avanzaba para el o porvir máis ameazador, a probabilidade medraba a cada minuto, e toda aquela multitude fitaba con máis ansiedade que el mesmo esa sentenza chea de calamidades que pendía cada vez máis riba súa. Unha eventualidade deixaba mesmo trasver, alén dos traballos forzados, a posíbel pena de morte, se a identidade era recoñecida e se o caso Petit Gervais remataba máis tarde en condena. Que era ese home? De que natureza era a súa apatía? Era imbecilidade ou raposaría? Entendía por de máis ou non entendía miga? Cuestións que dividían a multitude e semellaban romper o xurado. Nese proceso había algo que arrepía e algo que intriga, o drama non era unicamente sombrizo: era escuro.

O defensor falara moi ben, naquel estilo rexional que durante moito tempo constituía a elocuencia do foro e que utilizaban en tempos os avogados todos, tanto en París como en Romorantin ou en Montbrison e que hoxe, convertido en clásico, xa non é case empregado senón polos oradores oficiais do ministerio público, para os que é axeitado pola súa grave sonoridade e o seu porte maxestoso, lingua na que un marido chámase *un esposo* e unha muller *unha esposa*, París *o centro das artes e da civilización*, o rei *o monarca*, monseñor o bispo *un santo pontífice*, o fiscal *o elocuente intérprete da vindicta*, a alegación *os acentos que se acaban de escoitar*, o século de Luís XIV *o gran século*, un teatro *o templo de Melpómene*, a familia reinante *o augusto sangue dos nosos reis*, un concerto *unha solemnidade musical*, o señor xeneral comandante en xefe da provincia *o ilustre guerreiro que etc.*, os alumnos do seminario *eses tenros levitas*, os erros imputados aos xornais *a impostura que destila o seu veneno nas columnas deses órganos*, etc., etc.

O avogado, entón, comezara a explicación polo roubo das mazáns -cousa pouco doada en estilo elegante, mais o propio Bénigne Bossuet¹²² se vira obrigado a aludir a unha pita en plena oración fúnebre e foi quen de tirarse pomposamente-. O avogado establecera que o roubo das mazáns non estaba materialmente probado.

O seu cliente -que na calidade de defensor el persistía en chamar Champmathieu - non fora visto por ninguén escalando o muro ou esgazando a póla. Prendéranos en posesión daquela póla (que o avogado prefería chamar *rama*), mais el dicía que a atopara no chan e que a recollera. Onde estaba a proba do contrario? Sen dúbida aquela póla fora esgazada e roubada despois dunha escalada, e despois botada ao chan polo ladroeiro alarmado. Mais: que probaba que ese ladroeiro era Champmathieu? Unha única cousa. A súa calidade de antigo forzado. O avogado non negaba que esa calidade non parecese infelizmente ben constatada, o acusado reside en Faverolles, o acusado fora alá podador, o nome de Champmathieu podía ben ter como orixe Jean Mathieu, todo iso era certo, finalmente catro testemuñas recoñecían sen dubidar e positivamente Champmathieu como o galeote Jean Valjean; a estas indicacións, a estes testemuños, o avogado só podía opor a denegación do seu cliente, denegación interesada. Mais supondo que el fose o forzado Jean Valjean: probaba iso que el fose quen roubara as mazáns? Todo o máis era unha suposición, non unha proba. O acusado -era certo, e o defensor “na súa boa fe” debía recoñecelo- adoptara “un mal sistema de defensa”: teimaba en negar todo, o roubo e mais a súa calidade de forzado. Con toda seguridade tería pagado máis a pena unha confesión tocante a este último punto, e teríalle suposto a indulxencia dos seus xuíces; o avogado aconsellárallo, mais o acusado negárase teimudamente, coidando sen dúbida salvar todo

¹²² Jacques-Bénigne Bossuet (1627-1704), predicador e bispo francés, figura do galicanismo, que exerceu un destacado papel na igrexa católica francesa e na corte de Luís XIV. Son célebres os seus sermóns e oracións fúnebres polos máis altos personaxes.

en non confesando cousa ningunha. Era unha equivocación, mais: non sería preciso considerar a brevidade desa intelixencia? Este home era visibelmente tardo. Un longo malfado nos traballos forzados, unha longa miseria fóra deles, embruteceráno, etc., etc. Defendíase mal, mais era esta unha razón para o condenar? Canto ao caso Petit Gervais, o avogado non entraba a discutilo, non formaba parte da causa. O avogado concluíu suplicando ao xurado e o tribunal, se a identidade de Jean Valjean lles parecía evidente, de lle aplicar as penas da normativa establecidas para o condenado por quebrantamento do desterro, e non o espantoso castigo que bate no forzado reincidente.

O fiscal replicou ao defensor. Foi violento e florido, como de adoito son os fiscais.

Felicitou o defensor pola súa “lealdade” e aproveitou habilmente esa lealdade. Acadou o acusado a través de todas as concesións que o avogado fixera. O avogado semellaba admitir que o acusado era Jean Valjean. El levantou acta. Daquela ese home era Jean Valjean. A acusación gañáralo e xa non podía discutirse. Aquí, por unha hábil antonomasia, remontándose aos nacedoiros e as causas da criminalidade, o fiscal atroou contra a inmoralidade da escola romántica -entón na súa aurora baixo o nome de *escuela satánica* que lle outorgaran os críticos de *L’Oriflamme* e de *La Quotidienne*¹²³- e atribuíu, non sen verosimilitude, á influencia desta literatura perversa o delito de Champmathieu, ou, por mellor dicir, de Jean Valjean. Esgotadas estas consideracións, pasou ao propio Jean Valjean. Que era Jean Valjean? Descrición de Jean Valjean: un monstro vomitado, etc. O modelo desta sorte de descrições está no relato de Terámenes, que non é útil para a traxedia¹²⁴ mais presta a cotío grandes servizos á elocuencia xudiciaria. O auditorio e os xurados “arreguizáronse”. Rematada a descrición, o fiscal retomou, nun movemento oratorio feito para excitar até o máis alto punto na mañá seguinte o entusiasmo do Xornal da Prefectura:

-E é un home tal, etc., etc., etc., vagabundo, esmoleiro, sen medios de existencia, etc., etc., - afeito pola súa vida pasada ás accións culpábeis e pouco corrixido na estadía no campo de forzados, como o proba o crime cometido contra Petit Gervais, etc., etc. -, é un home tal o que, atopado na vía pública en flagrante delito de roubo, a algúns pasos dun muro escalado, termendo aínda do obxecto roubado, nega o flagrante delito, o roubo, a escalada, négao todo, nega mesmo o seu nome, nega mesmo a súa identidade! Alén de cen outras probas sobre as que non volvemos, catro testemuñas recoñéceno: Javert, o íntegro inspector de policía Javert, e mais tres dos seus antigos compañeiros de ignominia, os forzados Brevet, Chenildieu e Cochepaille. E que opón el a esta unanimidade fulgurante? Négao. Que contumacia! Vostedes han facer xustiza, señores xurados, etc., etc.

En canto que o fiscal falaba, o acusado escoitaba, boca aberta, cunha caste de asombro no que entraba ben algunha admiración. Estaba, evidentemente, sorprendido de que un home puidese falar dese xeito. De cando en cando, nos momentos máis “enérxicos” da requisitoria, neses instantes nos que a elocuencia, que non se dá contido, reborda nun fluxo de murchos epítetos e envolve o acusado como unha treboada; el abaneaba amodiño a cabeza da dereita para a esquerda, especie de triste e muda protesta coa que se contentaba dende o comezo dos debates. Dúas ou tres veces, os espectadores situados máis perto del sentírono dicir a media voz.

-Velaí ao que leva non lle ter preguntado ao señor Baloup!

O fiscal fíxolle observar ao xurado esa actitude atoutelada, evidentemente calculada, que denotaba, non imbecilidade senón destreza, raposaría, hábito de enganar a

¹²³ Xornais ultramonárquicos franceses, o primeiro aparecido de 1824 a 1825, e o segundo de 1792 a 1847.

¹²⁴ Personaxe de *Fedra*, traxedia de Racine (1639-1699).

xustiza, e que deixaba a día aberto “a fonda perversidade” daquel home. Rematou expresando as súas reservas polo caso Petit Gervais e reclamando unha condena severa.

Polo momento era -ben o lembramos- traballos forzados a perpetuidade.

O defensor ergueuse, comezou por cumprimentar o “señor fiscal” pola súa “fala admirábel” e logo replicou como puido, mais ía enfeblecendo: o terreo, evidentemente, ía escorrendo baixo os seus pés.

X
O SISTEMA DE DENEGACIÓNS

Chegara o momento de coutar os debates. O presidente mandou erguer o acusado e dirixíulle a pregunta habitual:

-Ten vostede algo que engadir na súa defensa?

O home, de pé, dándolle voltas nas mans a un horrendo pucho que levaba, semellou non ouvir.

O presidente repetiu a pregunta.

Esta vez o home ouviu. Pareceu entender, fixo o movemento de alguén que acorda, paseou os seus ollos darredor del, mirou o público, os gardas, o seu avogado, os xurados, o tribunal, pousou o seu puño monstruoso no beiril da varanda de madeira situada de diante do seu banco, volveu mirar e, de súpeto, chantando o seu ollar enriba do fiscal, botouse a falar. Foi como unha erupción. Semellou, pola maneira da que as palabras escapaban da súa boca -incoherentes, impetuosas, escachoadas, en remexido- que se amoreaban todas á vez para saíren ao mesmo tempo. Dixo:

-Teño que dicir isto: Que fun carreiro en París, e mesmo que era co señor Baloup. É un labor duro. No choio de carreiro trabállase sempre á intemperie, en patios -baixo alpendres cos bos patróns- nunca en obradoiros pechados, porque cómpre espazo, saben? Polo inverno vai tanto frío que batemos nos brazos para quecer, pero os patróns non queren, dis que fai perder tempo. Andar a tocar ferro cando no enlousado hai xeadas é árdigo. Acaba axiña cun home. Faise un vello cando é novo, nese labor. Aos corenta anos acabouse o home.. Eu tiña cincuenta e tres, estaba mal abondo. E mais son tan ruíns, os obreiros! Cando un tipo xa non é novo, chámanche vello nugallán, cangallo vello! Eu non gañaba máis que franco e medio no día, pagábanme o menos que se podía, os patróns aproveitábanse da miña idade. E con iso, a miña filla, que era lavandeira no río. Ela gañaba algo, pola súa parte. Entre os dous iamos indo. Tamén lle costaba traballo, a ela. Todo o día nunha tina a metade do corpo, chovese, nevase ou ventase ese sieiro que che corta a cara. Canto xea, tanto ten, cómpre lavar. Hai persoas que non teñen moita roupa e están agardando, se non se lavase perderíanse as seareiras. As táboas están mal xuntas e pínchache a auga por todas as partes. Tes as saias todas molladas, por riba e por baixo. Énttrache no corpo. Tamén traballou no lavadeiro de Les Enfants-Rouges, onde a auga chega por billas. Non estás na tina. Lavas diante de ti na billa e enxuagas detrás de ti na pía. Como está pechado tes menos frío. Pero hai un bafo de auga quente enorme que che derrama os ollos. Volvía á casa as sete do serán e deitábase axiña. Estaba tan cansa! O seu marido zoscáballe. Morreu, ela. Non fumos moi felices. Era unha boa rapaza, que non ía ao baile, era moi acougada. Lémbrome dun martes de entroido no que se deitara ás oito. Velaí, estou contando a verdade. Non teñen máis que preguntar. Ai, si, ho, preguntar! Que parvo son! París é un rodopío. Quen vai coñecer o tío Champmathieu? Pero o señor Baloup... Vaian ver o señor Baloup. Eu non sei o que queren de min.

O home calou e seguíu de pé. Dixera esas cousas cunha voz alta, rápida, rouca, dura e roufeña, cunha caste de candidez alporizada e salvaxe. Unha vez interrompérase para saudar alguén da multitude. As especies de afirmacións que semellaba botar por diante súa chegábanlle como salucos, e a cada unha delas engadíalle o aceno dun leñador que está a cortar madeira. Ao que rematou, o auditorio escachou a rir. El ollou para o público e, ao ver que rían, ao non entender, botouse a rir tamén el.

A cousa era sombría.

O presidente, home atento e benévolo, alzou a voz.

Lembroulles aos “señores membros do xurado” que o “o señor Baloup, antigo mestre carreiro no obradoiro onde dicía o acusado ter servido”, fóra procurado e citado inútilmente. Estaba en creba e non puidera ser localizado. Logo, virándose cara ao acusado, instouno a escoitar o que el lle ía dicir, e engadiu:

-Vostede está nunha situación na que cómpre reflexionar. Enriba súa pesan as presuncións máis graves e pódennlle supor consecuencias capitais. Acusado, no seu interese interpéloo por derradeira vez, explíquese claramente. En primeiro lugar: saltou vostede, si ou non, o muro do pomar de Pierron, esgazou a póla e roubou as mazáns, é dicir, cometeu o crime de roubo con escalada? En segundo lugar, é vostede, si ou non, o forzado deixado en liberdade Jean Valjean?

O acusado abaneou a testa con aspecto capaz, como un home que entendeu ben e que sabe o que vai responder. Abriu a boca, virouse cara ao presidente e dixo:

-De primeiras...

Logo mirou para o seu pucho, mirou para o teito e calou.

-Acusado -retomou o fiscal con voz severa- teña conta. Non está a responder a nada do que lle preguntan. A súa turbación condénao. Resulta evidente que non se chama Champmathieu, que é o forzado Jean Valjean agachado de primeiras so o nome de Jean Mathieu que era o nome da súa nai, que vostede foi á Auvernia e que naceu en Faverolles onde foi podador de árbores. Resulta evidente que vostede roubou con escalada mazáns maduras no pomar de Pierron. Os señores xurados hano apreciar.

O acusado acabara por sentarse, e ergueuse de súpeto ao que o fiscal rematou, exclamando:

-Vostede é ben ruín, si, vostede! Velaí o que eu quería dicir. De primeiras non daba atopado. Non roubei cousa ningunha. Son un home que non come todos os días. Viña de Ailly e andaba a camiñar pola bisbarra despois dunha enxurrada que deixara o campo todo amarelo, mesmo que as lagoas rebordaban e que da area non saían senón arestiñas de herba na beira do camiño, atopei no chan unha póla esgazada que tiña mazás e recollín a póla sen saber que me ía tragar mal. Hai tres meses que estou preso e que andan comigo de cacho para cabazo. A máis diso non podo dicir nada, falan contra min e dinme: “Responda!”. O garda, que é bo rapaz, dame co cotobelo e dime baixiño: “Veña, responde!”. Eu non sei explicar, non teño estudos, eu, son un pobriño. Iso é o que por desgraza non ven. Non roubei, recollín do chan cousas que estaban alí. Vostedes falan de Jean Valjean, de Jean Mathieu! Non coñezo eses homes. É xente da aldea. Eu traballei na do señor Baloup, no boulevard de l'Hôpital. Chámome Champmathieu. Son ben listos, vostedes, cando me din onde nacín. Eu non o sei. Non todos teñen casas para vir a este mundo. Sería cómodo de máis. Creo que meu pai e miña nai andaban polos camiños adiante. E mais non sei. Cando era rapaz chamábanme Neno, e agora chámanme Vello. Eses son os meus nomes de baptismo. Collan o que queiran. Estiven na Auvernia, estiven en Faverolles, que demontre! E entón? Seica non se pode ter estado na Auvernia e ter estado en Faverolles sen ter estado nas galeras? Dígolles que non roubei e que son o tío Champmathieu. Estiven co señor Baloup, tiven domicilio. Amólanme coas súas parvadas, vostedes! Por que é que todo o mundo está contra min como enrabiado?

O fiscal permanecera a pé e dirixiuse ao presidente:

-Señor presidente, á vista das confusas denegacións -mais moi hábiles- do acusado, que pretendería pasar por idiota mais que non o ha lograr -avisámolo- solicitamos que teñan a ben, vós e o tribunal, chamar de novo a este recinto os condenados Brevet, Cochepaille e Chenildieu e mais o inspector de policía Javert, e interrogalos por derradeira vez sobre a identidade do acusado co forzado Jean Valjean.

-Obsérvolle ao señor fiscal -dixo o presidente- que o inspector de policía Javert, chamado polas súas funcións na cabeceira dun distrito veciño, abandonou a audiencia e mesmo a vila, tan logo como fixo a súa declaración. Nós concedímoslle a autorización, coa conformidade do señor fiscal e do señor avogado defensor do acusado.

-É certo, señor presidente, -proseguiu o fiscal. Na ausencia do señor Javert, creo o meu deber lembrarlle aos señores do xurado o que el propio dixo aquí hai poucas horas. Javert é un home estimado que coa súa rigorosa e estricta probidade honra funcións inferiores, mais importantes. Velaquí en que termos declarou: “Non preciso mesmo das presuncións morais e das probas materiais que desmenten as denegacións do acusado. Recoñezoo perfectamente. Este home non se chama Champmathieu, é un antigo forzado moi malvado e moi temido chamado Jean Valjean. Sentimos unha mágoa enorme ao ter que liberalo por cumprir a condena. Sufriu dezanove anos de traballos forzados por roubo con agravantes. Tentara fuxir cinco ou seis veces. Alén do roubo de Petit Gervais e de Pierron, sospeito que cometeu outro roubo na casa da Súa Grandeza o finado bispo de Digne. Eu vino a miúdo, no tempo en que fun sarxento da garda de forzados no campo de Toulon. Repito que o recoñezo perfectamente”.

Esta declaración tan concreta pareceu producir unha viva impresión no público e no xurado. O fiscal rematou insistindo en que, a falta de Javert, fosen interpeladas solemnemente de novo as tres testemuñas Brevet, Chenildieu e Cochepaille.

O presidente transmitiulle unha orde a un alguacil e un momento despois a porta do cuarto das testemuñas abriuse. O alguacil, acompañado por un garda disposto a lle valer en caso necesario, introduciu o condenado Brevet. O auditorio estaba en suspenso e todos os peitos batían como se unicamente tivesen unha alma.

O antigo forzado Brevet levaba a casaca negra e gris das prisións centrais¹²⁵. Brevet era un personaxe dunha sesentena de anos que tiña unha especie de face de home de negocios e o aspecto dun loubán. As dúas cousas van xuntas por veces. Na prisión, onde novas falcatrúas o levaran, convertérase nunha sorte de vixiante. Era un home de quen os xefes dicían: “Trata de facerse útil”. Os capeláns daban cumprido testemuño dos seus costumes relixiosos. Non hai que esquecer que isto acontecía durante a Restauración.

-Brevet -dixo o presidente- vostede sufriu unha condena infamante e non pode prestar xuramento...

Brevet baixou os ollos.

-Porén -proseguíu o presidente- mesmo no home que a lei degradou, pode ficar, cando a piedade divina o permite, un sentimento de honor e de equidade. A ese sentimento apelo eu nesta hora decisiva. Se aínda existe en vostede -como espero- reflexione antes de me responder e considere, por unha banda, este home que unha

¹²⁵ Categoría máis dura dos centros penitenciarios franceses, reservada aos presos de máis longa condena ou considerados casos máis difíciles.

palabra de vostede pode perder, e pola outra a xustiza que unha palabra de vostede pode alumear. O momento é solemne, e agora é a ocasión de retractarse se é que vostede coida que se enganou... Acusado, levántese!... Brevet, reúna as súas lembranzas e díganos, na súa alma e conciencia, se continúa recoñecendo este home como o seu antigo compañeiro do campo de forzados Jean Valjean.

Brevet mirou para o acusado e despois virouse cara ao tribunal.

-Si, señor presidente. Son eu quen o recoñeceu primeiro e continuo. Este home é Jean Valjean. Entrou en Toulon en 1796 e saíu en 1815. Eu saín un ano despois. Agora ten aspecto de animal, debeu ser que a idade foino embrutecendo, No campo era raposeiro. Recoñezoo positivamente.

-Váíase sentar -dixo o presidente- Acusado, permaneza de pé.

Introduciron Chenildieu, forzado de por vida como indicaba a súa casaca vermella e o seu pucho verde. Estaba a cumprir a súa pena no campo de Toulon, de onde fora tirado para este asunto. Era un homiño de arredor dos cincuenta anos, vivo, mirrado, cativoiro, amarelecido, lercho e febreiro que tiña en todos os seus membros e en toda a súa persoa unha caste de febleza doentía e na ollada unha forza inmensa. Os seus compañeiros de campo puxéranlle o alcume de *Jeniedieu*¹²⁶.

O presidente dirixiulle aproximadamente as mesmas falas que a Brevet. No momento en que lle lembraba que a súa infamia lle impedía o dereito a prestar xuramento, Chenildieu ergueu a testa e mirou para a multitude de en fronte. O presidente invitouno a se recoller e preguntoulle, como a Brevet, se continuaba recoñecendo o acusado.

Chenildieu escachou a rir.

-Pardiola! Que se o recoñezo! Botamos cinco anos amarrados á mesma cadea. Enrabéchaste, ou, rapaz?

-Váíase sentar -dixo o presidente.

O alguacil trouxo Cochepaille. Estoutro condenado a perpetuidade, chegado do campo e vestido de vermello como Chenildieu, era un labrego de Lourdes e un medio oso dos Pireneos. Gardara gando no monte, e de pegureiro escorregara a rapapetos. Cochepaille non era menos salvaxe e parecía máis apampado aínda que o acusado. Era un deses homes malfadados que a natureza esbozou como bestas feras e a sociedade remata como galeotes.

O presidente tentou de facelo bulir cunhas falas patéticas e graves, e preguntoulle, como aos outros dous, se continuaba, sen dúbida nin inseguridade, recoñecendo o home que estaba diante del.

-É Jean Valjean -dixo Cochepaille- Mesmo lle chamabamos *Alzaprema*, de tan forte que era.

Cada unha das afirmacións destes tres homes, evidentemente sinceras e de boa fe, levantara no auditorio un borboriño de funesto agoiro para o acusado, borboriño que medraba e se alongaba máis tempo cada vez que unha nova declaración viña engadirse á precedente. O acusado escoitáraas con aquela face asombrada que segundo a acusación

¹²⁶ O *Je nie Dieu* (Nego Deus) pasa a *Chenildieu* no alcume.

era o seu principal medio de defensa. Á primeira, os gardas que estaban rente a el sentíranlle refungar entre dentes: “Ai ho, velaí tes un!”. Despois da segunda dixo cun aire case satisfeito: “Ben!”. Á terceira exclamou: “Magnífico!”.

O presidente interpelouno.

-Acusado, escoitou? Que ten vostede que dicir?

El respondeu: “Dixen que magnífico”.

No público estoupou un rumor e chegou case ao xurado. Era evidente que o home estaba perdido.

-Alguacís, impoñan silencio -dixo o presidente- Vou contar os debates.

Nese momento produciuse un movemento mesmo á beiriña do presidente. Ouviuse unha voz que berraba:

-Brevet! Chenildieu! Cochepaille! Mirade para esta banda!

Todos os que ouviron esa voz sentíronse xeados, tan queixosa e terríbel era. Os ollos viráronse cara ao punto de onde viña. Un home, situado entre os espectadores privilexiados que estaban sentados tras do tribunal, acababa de se erguer, puxara a portíña de pequena altura que separaba os xuíces da sala, e estaba de pé no medio desta. O presidente, o fiscal, o señor Bamatabois e vinte persoas recoñecérono e exclamaron ao tempo:

-Señor Madeleine!

XI
CHAMPMATHIEU A CADA PASO MÁIS ASOMBRADO

Era el, en efecto. A lámpada do secretario alumeaba a súa face. Tiña o seu chapeu na man, no seu vestir non había desorde ningún e a súa levita estaba coidadosamente abotoada. Estaba moi pálido e tremelaba lixeiramente. Os seus cabelos, grises aínda no momento da súa chegada a Arrás, estaban arestora brancos de a feito. Branquearan dende había unha hora que levaba alá.

As cabezas todas erguéronse. A sensación foi indescribíbel. Houbo no auditorio un instante de vacilación. A voz fora tan punxente e o home que estaba alá parecía tan calmo que de primeiras non se entendeu. Preguntábanse quen berrara. Non se daba crido que fose ese home tranquilo quen lanzara aquel berro estarrecedor.

Esa indecisión durou só uns segundos. Antes mesmo de que o presidente e o fiscal tivesen podido dar unha fala, antes de que os gardas e os alguacís tivesen podido facer un movemento, o home que todos chamaban aínda nese momento o señor Madeleine, avanzara cara ás testemuñas Cochepaille, Brevet e Chenildieu.

-Non me recoñecedes? -dixo.

Todos tres ficaron abraiados e indicaron cun aceno da testa que non o coñecían. Cochepaille, intimidado, fixo o saúdo militar. O señor Madeleine virouse cara aos xurados e cara ao tribunal e dixo con voz lene:

-Señores xurados, deixen ceibo o acusado. Señor presidente, fágame deter. O home que buscan non é el, son eu. Eu son Jean Valjean.

Nin unha boca respiraba. Á primeira conmoción do asombro sucedéralle un silencio de sepulcro. Sentíase na sala esa especie de terror relixiosa que apreixa a multitude cando unha cousa grande acontece.

No entanto a face do presidente inscribira nela simpatía e tristura; intercambiara un rápido aceno co fiscal e unas poucas falas en voz baixa cos conselleiros asesores. Dirixiuse ao público e preguntou cunha entoación que todos comprenderon:

-Hai algún médico aquí?

O fiscal tomou a palabra:

-Señores xurados, o incidente tan estraño e tan inesperado que perturba a audiencia só nos inspira -a nós igual que a vostedes- un sentimento que non é preciso expresarmos. Vostedes todos coñecen, cando menos de sona, o honorábel señor Madeleine, alcalde de Montreuil-sur-mer. Se hai un médico no auditorio, unímonos ao señor presidente para lle rogar que asista ao señor Madeleine e o reconduza á súa moradía.

O señor Madeleine non deixou rematar o fiscal. Interrompeuno cunha entoación chea de docilidade e de autoridade. Velaí as palabras que pronunciou, velas aí literalmente, tal como foron escritas inmediatamente despois da audiencia por unha das testemuñas desa escena, tal como aínda ecoan nos ouvidos dos que as escoitaron, hai hoxe corenta anos.

-Agradézollo, señor fiscal, mais non estou tolo. Vaino ver. Ía vostede cometer un gran erro, ceiben ese home, eu estou a cumprir un deber, son ese pobre condenado. Son o único que ve claro aquí e estoulles dicindo a verdade. O que fago neste momento, Deus, desde alá enriba, estao mirando, e iso abonda. Pódenme prender, pois que estou aquí. E mais fixera todo o que puidera. Agacheime baixo outro nome, púxenme rico, cheguei a alcalde, quixen entrar no medio da xente honrada. Parece que non pode ser. En fin, hai moitas cousas que non podo dicir, non lles vou relatar a miña vida, xa se ha saber un día. Roubeille a monseñor o bispo, é certo, roubeille a Petit Gervais, é certo. Tiveron razón ao lles dicir que Jean Valjean era un malfadado moi ruín. Se cadra non é del a culpa toda. Escoiten, señores xuíces, un home que caíu tan baixo coma min non ten reproches que lle facer á providencia nin consellos que lle dar á sociedade, mais -saben?- a infamia da que eu tratara de saír é cousa nociva. As galeras fan o galeote. Recollan iso se queren. Antes dos traballos forzados eu era un pobre campesino moi pouco intelixente, unha especie de paponciño; as galeras mudáronmeme: era parviño e virei malvado, era leña e virei tizón. Mais tarde, a indulxencia e a bondade salváronme, igual que a severidade me perdera. Mais, perdón, vostedes non poden entender o que estou a dicir. Han atopar na miña casa, entre as cinzas da cheminea, a moeda de dous francos que lle roubei hai sete anos a Petit Gervais. Non teño máis nada que engadir. Préndanme. Meu Deus! O señor fiscal abanea a testa e di “O señor Madeleine toleou”. Non me cre, vostede! É magoante. Cando menos non condenen este home! O que! Estes non me recoñecen! Querería que Javert estivese aquí. El habíame recoñecer!

Nada podería reproducir canta melancolía benevolente e sombría había na entoación que acompañaba estas falas.

Volveuse cara aos tres forzados;

-Pois ben, eu recoñezovos, si! Brevet! Lémbrese vostede...?

Interrompeuse, dubidou un momento, e dixo:

-Lembras aqueles tirantes trenzados con deseño en dameiro que ti levabas no campo?

Brevet tivo como un abalo de sorpresa e ollouno da testa aos pés con aire arrepiado. El seguiu:

-Chenildieu -que ti mesmo te alcumabas Jeniedieu- tes todo o ombreiro dereito cunha queimadura profunda porque dunha vez puxeches ese ombro enriba dun inferniño cheo de brasas para borraras as letras T.F.P¹²⁷. que, con todo, aínda se ven. Responde: é certo?

-É -dixo Chenildieu.

Dirixiuse a Cochepaille:

-Cochepaille, tés rente do sangradoiro do brazo esquerdo unha data gravada en letras azuis con pólvora queimada. Esa data é a do desembarque do emperador en Cannes: 1 marzo 1815. Arregaza a manga.

Cochepaille arregazou a manga, todas as olladas se debruzaron riba do seu brazo nu. Un garda achegou a súa lámpada: alá estaba a data.

¹²⁷ Siglas de *Travaux Forcés à Perpetuité* (Traballos forzados a perpetuidade).

O malfadado home virouse cara ao auditorio e cara aos xuíces cun sorriso do que aqueles que o viron aínda senten dó cando pensan nel. Era o sorriso do triunfo e tamén era o sorriso do desespero.

-Ben o ven: son Jean Valjean -dixo.

Xa non había naquel recinto nin xuíces nin acusadores, nin gardas; só había ollos chantados e corazóns conmovidos. Ninguén lembraba xa o papel que cadaquén podía ter que representar; o fiscal esquecía que estaba alá para instar, o presidente que estaba alá para presidir, o defensor que estaba alá para defender. Cousa impresionante: ningunha pregunta se fixo, ningunha autoridade interveu. O propio dos espectáculos sublimes é apoderarse das almas todas e facer das testemuñas todas espectadores. Ninguén, se cadra, se decatara do que estaba a experimentar, ninguén, sen dúbida, se dicía que vía resplandecer alá unha gran luz; todos interiormente sentíanse cegados por ela.

Era evidente que tiñan baixo os ollos Jean Valjean. Raiolaba. A aparición daquel home abundara para encher de claror esa aventura tan escura un momento denantes. Sen que fose precisa, de por parte, explicación ningunha, toda esta multitude, como por unha caste de revelación eléctrica, comprendeu decontado e cunha ollada só esa sinxela e magnífica historia dun home que se entregaba para que outro home non fose condenado no seu lugar. Os detalles, as vacilacións, as pequenas resistencias posibeis, perdéronse nese vasto feito luminoso.

Impresión que pasou axiña, mais que no momento foi irresistible.

-Non quero importunar máis a audiencia -proseguíu Jean Valjean- Voume, pois que non me deteñen. Teño varias cousas que facer. O señor fiscal sabe quen son eu e sabe onde vou, hame facer deter cando el queira.

Dirixiuse á porta de saída. Nin unha voz se alzou, nin un brazo se estendeu para llo impedir. Todos se afastaron. El tiña nese instante ese non sei o que divino que fai que as multitudes recúen e se arreden diante dun home. Pasou polo medio da xente a pasos lentos. Nunca se soubo quen abriu a porta, mais é seguro que a porta se atopou aberta cando a atinxíu. De chegado a ela, virouse e dixo:

-Señor fiscal, estou á súa disposición.

Logo dirixiuse ao auditorio:

-Vostedes todos, os que aquí están, atópanme digno de mágoa, non si? Meu Deus! Cando penso no que estiven a piques de facer eu atópome digno de envexa. Porén, mellor quería que todo isto non tivese acontecido.

Saíu, e a porta volveuse pechar igual que fora aberta, porque aqueles que fan certas cousas soberanas están sempre seguros de seren servidos por alguén da multitude.

Menos de unha hora despois o veredicto do xurado descargaba de toda acusación o chamado Champmathieu; e Champmathieu, posto inmediatamente en liberdade, íase estupefacto, crendo que os homes todos tolearan e sen comprender nadiña desta visión.

Libro oitavo

Contragolpe

I
EN QUE ESPELLO MIRA OS SEUS CABELOS
O SEÑOR MADELEINE

O día comezaba a riscar. Fantine tivera unha noite de febre e de insomnio, por outra banda chea de imaxes felices; pola mañá adormeceu. A irmá Simplicia, que a velara, aproveitou ese ensoniñamento para ir preparar unha nova poción de quinquina. A digna irmá levaba uns momentos no laboratorio da enfermaría, debrozada nas súas drogas e mais nos seus frascos e mirando de moi pertiño por causa desa brétema que o solpor espalla por riba dos obxectos. De socato virou a cabeza e deu un gritoño. O señor Madeleine estaba diante dela. Acababa de entrar silandeiro.

-É vostede, señor alcalde! -exclamou.

El respondeu en voz baixa;

-Como vai esa pobre mulleriña?

-Vai indo, agora. Mais estivemos ben preocupados, sabe?

Explicoulle o que acontecera, que Fantine se puxera ben mal a víspera e que agora ía mellor porque coidaba que o señor alcalde fora buscar a súa filla a Montfermeil. A irmá non se atreveu a lle preguntar ao señor alcalde, mais polo seu aspecto ben viu que non era de alá de onde viña.

-Está ben, todo iso -dixo el- tiveron razón en non a desenganar.

-Si -continuou a irmá- mais agora que o vai ver a vostede, señor alcalde, e non ver a súa filla: que lle habemos dicir?

El permaneceu penseiro un instante.

-Deus hanos inspirar-dixo.

-E mais non podemos mentir -borboriñou baixiño a irmá.

No cuarto fixérase día aberto que alumeaba de fronte a face do señor Madeleine. O azar quixo que a irmá erguese os ollos.

-Meu Deus, señor alcalde! -exclamou- Que lle pasou? Ten os cabelos todos brancos!

-Brancos!-dixo el.

A irmá Simplicia non tiña espello; cacheou nunha bolsa e tirou dela un espelliño que lle servía ao médico para constatar que un enfermo morrera e xa non respiraba. O señor Madeleine colleuno, observou os seus cabelos e dixo:

-Ai, ho!

Díxoo con indiferenza e como se estivese a pensar noutra cousa.

A irmá sentiuse xeadá por un non sei o que descoñecido que albiscaba en todo iso.

El preguntou:

-Podo vela?

-E o señor alcalde non lle ha acordar a súa filla? -dixo a irmá, apenas atrevéndose a insinuar unha pregunta.

-Sen dúbida, mais cómpren cando menos dous ou tres días.

-Se ela non vise o señor alcalde até ese momento -continuou timidamente a irmá- non había saber que o señor alcalde está de volta, sería doado facerlle ter paciencia, e cando viñese a rapaza había pensar de xeito natural que o señor alcalde veu coa rapariga. Non habería que lle contar mentira.

O señor Madeleine pareceu reflexionar uns momentíños, e depois dixo con tranquila gravidade:

-Non, miña irmá, teño que vela. Se cadra teño présa.

A relixiosa non semellou reparar nesa expresión, “se cadra”, que lle daba un sentido escuro e singular ás falas do señor alcalde. Respondeu baixando os ollos e a voz con respecto:

-Nese caso, está a repousar, mais o señor alcalde pode entrar.

El fixo algunhas observacións sobre unha porta que pechaba mal e que facía un ruído que podía acordar a doente, e despois entrou no cuarto de Fanzine, achegouse ao leito e entrabriu as cortinas. Durmía. O alento saíalle do peito con ese ruído tráxico propio destas doenzas e que tanto manca ás nais cando están a velar pola noite rente do seu fillo condenado e durmido. Mais esa respiración penosa apenas perturbaba unha sorte de serenidade inefábel espallada pola súa face, que a transfiguraba no seu sono. A súa palidez tornárase blanda, as súas meixelas estaban vermellas. As súas longas pestanas loiras -a única beleza que ficaba nela da súa virxindade e xuventude- latexaban, mesmo permanecendo choídas e baixadas. Toda a súa persoa tremelaba con non sei cal despregamento de azas prontas a se entreabriren e a levárenas, que se sentían brandear, mais que non se vían. Ao vela así, endexamais se daría crido que ela era unha enferma case desesperada. Máis semellaba algo que vai voar antes do que algo que vai morrer.

A póla, cando unha man se achega para desprender a flor, arreguízase e semella a un tempo rispase e mais ofrecerse. O corpo humano ten algo deste estremecemento cando chega o instante no que os dedos misteriosos da morte van coller a alma.

O señor Madeleine estívose un tempinho inmóbil rente dese leito, ollando alternadamente, cando para a doente cando para o crucifixo, igual que había dous meses antes, o día en que viñera por primeira vez vela neste asilo. Aínda estaban eles dous na mesma actitude, ela durmindo e el pregando; só que agora, dende que decorreran eses dous meses, ela tiña cabelos grises e el cabelos brancos.

A irmá non entrara con el. O señor Madeleine mantíñase rente dese leito, a pé, co dedo sobre da boca, como se houbese no cuarto alguén que facer calar.

Ela abriu os ollos, viuuno, e dixo acougradamente, cun sorriso:

-E Cosette?

II FANTINE FELIZ

Fantine non tivo un movemento de sorpresa nin un movemento de alegría; ela mesma era a alegría. Esa sinxela pregunta: “E Cosette?” foi feita cunha fe tan profunda, con tanta certeza, cunha ausencia tan absoluta de inquedanza e de dúbida, que el non foi quen de atopar unha palabra. Continuou ela:

-Eu sabía que vostede estaba aí. Durmía, mais vía. Hai tempo que o vexo. Seguino cos ollos a noite toda. Vostede estaba nunha gloria e tiña de arredor toda clase de figuras celestiais.

El levantou a vista cara ao crucifixo.

-Pero -seguíu ela- dígame: onde vai Cosette? Por que non a puxo sobre da miña cama para o momento no que eu acordase?

El respondeu mecánicamente algo que non deu lembrado máis tarde.

Felizmente, o médico -avisado- regresara. El saíu en axuda do señor Madeleine.

-Acougue, miña filla -dixo o médico- A súa rapaza está aquí.

Os ollos de Fantine alumeáronse e cubriron de claror o seu rostro todo. Xuntou as mans cunha expresión que abranxía todo o que o rogo pode conter ao tempo de máis violento e de máis amorosiño.

-Oh! Tráíanma! -exclamou.

Emocionante ilusión de nai! Cosette seguía a ser para ela a meniña que lle traer.

-Aínda non, -volveu o médico- non polo momento. Quédalle unha pouca febre. A visión da súa nena poñeríaa a vostede nerviosa e non lle viría ben. Primeiro ten que curar.

Fantine interrompeu impetuosamente:

-Se estou curada! Dígolles que estou curada! Que burro é este médico! Veña! Quero ver a miña filla!

-Ve como se excita? -dixo o médico- Namentras estea así, eu non vou deixar que veña a súa filla. Non abonda con vela, cómpre vivir para ela. Cando vostede sexa razoábel, heilla traer eu en persoa.

A pobre da nai baixou a cabeza.

-Señor doutor, pídolle perdón, pídolle sinceramente perdón. Noutro tempo eu non lle falaría como acabo de facelo, tiven tantas coitas que ás veces xa non sei o que digo. Comprendo que vostede lle ten medo á emoción, hei esperar até que vostede queira, mais xúrolle que non me ía facer mal ver a miña filla. Véxoa e non a arredo dos ollos desde onte ao serán. Sabe? Se ma trouxesen arestora eu habíame poñer a lle falar amorosiñamente. Velaí todo. Seica non é natural que eu teña ganas de ver a miña filla que me foron buscar expresamente a Montfermeil? Non estou encarraxada. Ben sei que vou ser feliz. Toda a noite levo vistas cousas branquiñas e persoas que me sorrían. Cando queira o señor

doutor el hame traer a miña Cosette. Xa non teño febre pois que estou curada. Sinto perfectamente que non teño xa nada, mais vou facer como se estivese enferma e non me mover, para contentar as señoras de aquí. Cando se vexa que estou ben tranquila, han dicir: “Cómpre darlle a súa rapaza”.

O señor Madeleine sentárase nunha cadeira que estaba rente do leito. Fantine virouse cara a el, facía un esforzo visíbel por parecer tranquila e “portarse ben” como ela dicía naquel enfeblecemento da doenza que semella a infancia, a fin de que ao vérense tan acougada, non puxeran dificultade ningunha en lle levar Cosette. Porén, mesmo en se contendo, non podía coutarse de lle dirixir ao señor Madeleine mil preguntas.

-Fixo unha boa viaxe, señor alcalde? Ai, que boíño foi ao ter ido na súa procura! Dígame só como está ela. Aturou ben o camiño? Malpocada de min, non me ha recoñecer! Hai tanto tempo! Esqueceume, meu pobre repoliño! Os rapaces non teñen memoria. É como os paxariños. Hoxe ven unha cousa e mañá outra, e non pensan máis nada. Dígame só: tiña roupa branca? Eses Thénardier tíñana limpiña? Como a alimentaban? Ai, moito sufrín - se vostede soubese!- ao me facer todas estas preguntas no tempo da miña miseria! Agora xa pasou. Estou leda. Moito me gustaría vela! Señor alcalde, atopouna bonita? Non si que é fermosíña, a miña filla? Debeu vostede pasar ben frío nesa dilixencia! E non poderían traerme só un momentinho? Levaríana decontadiño despois. Veña! Vostede é o que manda! Se quixese...!

El colleulle a man.

-Cosette é bonita -díxolle- Cosette atópase ben, vostede ha vela axiña, mais acougue. Está a falar arroutadamente, e mais bota os brazos fóra da cama, e iso faina tusir.

En efecto, unhas quintas de tose interrompían Fantine a cada frase.

Fantine non fungou, temía ter comprometido con algunhas queixas afervoadas de máis a confianza que quería inspirar e púxose a falar de cousas indiferentes.

-É bastante xeitoso, Montfermeil, non si? No verán van alá moitas visitas. Vailles ben o negocio aos Thénardier? Non pasa moita xente pola súa bisbarra. É unha especie de baiuca aquela pousada.

O señor Madeleine seguía termando da súa man e observábaa ansiosamente, resultaba evidente que viñera para lle dicir unhas cousas diante das que o seu pensamento vacilaba agora. O médico, feita a súa visita, retirárase. Só a irmá Simplicia permanecera cabo deles.

No entanto, en medio dese silencio, Fantine exclamou:

-Estouna a ouvir, meu Deus! Estouna a ouvir!

Tendeu o brazo para que calasen de arredor dela, retivo o alento e púxose a escoitar con enlevo.

Había unha crianza a xogar no patio, familia da porteira ou dunha das obreiras. Ese é un dos azares que sempre se atopan e que semellan formar parte da misteriosa posta en escena dos acaecementos lúgubres. A criatura -era unha pequerrecha- ía e viña e corría para quecer, ría e cantarolaba en voz alta. Coitadiña! A que non se mesturarán os xogos dos rapaces! Era esa meniña a que Fantine ouvía cantar.

-Ah! -volveu- É a miña Cosettiña! Recoñezo a súa voz!

A rapariga afastouse igual que aparecera, a voz apagouse. Fantine escoitou aínda algún tempo, despois a súa face ensombreceuse e o señor Madeleine sentiuna dicir en voz baixa:

-Que mao é ese médico ao non me deixar ver a miña nena! Ten cara ruín, o home ese!

E mais, o fondo souril das súas ideas remaneceu. Seguíu a se falar a ela mesma, coa testa pousada no cabezal.

-Que felices imos ser! De primeiras, teremos un xardinciño! Prometeumo o señor Madeleine. A miña rapariga vai xogar no xardín. Xa debe saber as letras, agora. Heina facer soletrear. Vai correr pola herba para pillar bolboretas. Eu heina estar mirando. E mais ha facer a primeira comunión. Ai, ho! Cando vai facer a primeira comunión?

Púxose a contar polos dedos.

-...Un, dous, tres, catro... ten sete anos. De aquí a cinco, ha levar un veo branco e medias caladas, vai parecer unha mulleriña. Ai, miña boa irmá, non sabe o parva que son, velaí estou pensando na primeira comunión da miña filla!

Botouse a rir.

El deixara a man de Fantine. Estaba a escoitar aquelas falas como se escoita un vento que zoa, cos ollos no chan e a mente mergullada en reflexións sen fondo. De súpeto ela calou e iso fixo que el levantase mecanicamente a cabeza. Fantine tornárase estarrecedora.

Xa non falaba, xa non respiraba, sentárase a medias, sobresaíalle da camisa o seu ombreiro delgado, o seu rostro, raiolante o momento anterior, estaba albacento, e parecía chantar enriba dalgunha cousa formidábel diante dela, no outro extremo do cuarto, os seus ollos agrandados polo terror.

-Meu Deus! -exclamou el- Que ten, Fantine?

Ela non respondeu, non afastou os ollos dese tal obxecto que semellaba ver, tocoulle o brazo cunha man e coa outra fixolle o aceno de que fitase detrás del.

El volveuse, e viu Javert.

III JAVERT CONTENTO

Velaí o que se pasara.

Acababan de soar as doce e media da noite cando o señor Madeleine saíra da audiencia de Arrás. Regresara á súa pousada xusto a tempo de volver marchar polo correo onde lembramos que reservara o seu lugar. Un pouco antes das seis da mañá chegara a Montreuil e a súa primeira preocupación foi enviar a carta ao señor Laffitte, e, despois, ir á enfermaría e ver Fantine.

Entrementres, apenas abandonara el a sala da audiencia, o fiscal, repostado do primeiro sobresalto, tomara a palabra para deplorar o acto de tolemia do honorábel alcalde de Montreuil-sur-mer, declarar que as súas conviccións non se modificaran en absoluto con ese estraño incidente que se había aclarar máis tarde, e requirir, no entanto, a condena do tal Champmathieu, evidentemente o verdadeiro Jean Valjean. A insistencia do fiscal estaba manifestamente en contradición co sentimento de todos, do público, do tribunal e do xurado. Ao defensor costáralle pouco refutar aquela arenga e establecer que, como consecuencia das revelacións do señor Madeleine, é dicir do verdadeiro Jean Valjean, o cariz do asunto transtrocárase de punta a couce, e que o xurado non tiña senón un inocente perante os seus ollos. O avogado tirara diso algúns epifonemas por desgraza pouco novedosos arredor dos erros xudiciais, etc., etc., o presidente, no seu resumo, unírase ao defensor, e o xurado, de alí a algúns minutos, librara Champmathieu do caso.

Porén, ao fiscal cumpríalle un Jean Valjean ao non ter xa Champmathieu, pillou Madeleine.

Inmediatamente despois da posta en liberdade de Champmathieu, o fiscal pechouse co presidente. Conversaron sobre “da necesidade de apoderarse da persoa do señor alcalde de Montreuil-sur-mer”. Esta frase, na que hai moitos *de*, é da autoría do señor fiscal, enteiramente escrita pola súa man na minuta do seu informe ao fiscal xeral. Pasada a primeira emoción, o presidente puxo poucas obxeccións. Cumpría que a xustiza seguisse o seu curso. E mais -para dicilo todo- aínda que o presidente fose un home bo e bastante intelixente, era ao tempo moi monárquico e case ardente, e chocáralle que o señor alcalde de Montreuil, ao falar do desembarque en Cannes, dixerá *o emperador* e non *Buonaparte*¹²⁸.

A orde de arresto fora, daquela, expedida. O fiscal enviouna a Montreuil por un propio fincando espóra, e encargou dela o inspector de policía Javert.

É sabido que Javert regresara a Montreuil inmediatamente despois de facer a súa declaración.

Javert estábase erguendo no momento en que o propio lle notificou a orde de arresto e de entrega.

O propio era tamén un policía moi experto que en dúas palabras puxo Javert ao corrente do que acontecera en Arrás. A orde de arresto, asinada polo fiscal, estaba concebida nestes termos: “ O inspector Javert capturará a persoa do señor Madeleine,

¹²⁸ Os devanceiros corsos de Napoleón empregaban a forma Buonaparte; o seu pai, herdeiro dos dereitos, trocouna por Buonaparte anos antes de el nacer e Napoleón adoptou a modificación, que utilizou nos primeiros anos da súa vida en Francia, retomando posteriormente Buonaparte. Os seus inimigos, para resaltaren a orixe foránea insistían en lle chamar Buonaparte.

alcalde de Montreuil-sur-mer, quen, na audiencia desta data, foi recoñecido como o forzado liberado Jean Valjean”.

Alguén que non tivese coñecido Javert e o tivese visto no momento en que entrou na antesala da enfermería non daría adiviñado nada do que estaba a suceder, e teríalle atopado o aspecto máis ordinario do mundo. Estaba frío, calmo, grave, levaba os cabelos grises perfectamente alisados enriba das tempas e acababa de subir a escaleira coa súa lentitude habitual. Alguén que o tivese coñecido a fondo e que o tivese examinado atentamente teríase estremecido. A fibela do seu colar de coiro, no canto de levala enriba da caluga, levábaa enriba da orella esquerda. O que revelaba unha axitación inaudita.

Javert era todo un carácter, non deixaba que houbese unha engurra nin no seu deber nin no seu uniforme; metódico cos delincuentes e ríxido cos botóns da súa vestimenta.

Para que puxera mal a fibela do seu colar, tería sido precisa nel unha desas emocións que poderíamos chamar tremores de terra internos.

Viñera sinxelamente, solicitara un cabo e catro soldados no posto veciño, deixara os soldados no patio e pedira á porteira que lle indicase o cuarto de Fantine. Ela -afeita como estaba a ver xente armada preguntar polo alcalde- non desconfiara.

De chegado ao cuarto de Fantine, Javert deulle volta á chave, puxou a porta cunha suavidade de coidador de doentes ou de abesullón, e entrou.

Para falar con propiedade, Javert non entrou. Mantívose a pé na porta entreaberta, co chapeu na testa e a man esquerda na súa levita pechada até o queixelo. Na pregadura do cóbado podía ver o pomo de chumbo do seu enorme bastón que desaparecía tras del.

Permaneceu así perto dun minuto sen que se decatasen da súa presenza. De súpeto Fantine levantou os ollos, viuno e fixo volveuse o señor Madeleine.

No momento en que a ollada de Madeleine bateu coa ollada de Javert, Javert -sen bulir, sen remexer, sen se mover- tornouse estarrecedor. Ningún sentimento humano é quen de ser tan arrepiante como a alegría.

Foi a faciana dun demo que acaba de atopar o seu condenado.

A certeza de pillar por fin Jean Valjean fixo aparecer na súa fisionomía todo canto tiña na alma. O fondo remexido subíu á superficie. A humillación de ter perdido algo a pista e de se ter trabucado un tempiño con ese Champmathieu, esvaíase baixo a fachenda de ter adiviñado correctamente no principio e ter seguido durante tanto tempo un instinto xusto. O contento de Javert estoupou na súa actitude soberana. A deformidade do triunfo espárese sobre desa fronte estreita. Foi todo o despregamento de horror que pode dar un rostro satisfeito.

Javert nese momento estaba no ceo. Sen se decatar nidiamente, mais cunha confusa intuición da súa necesidade e do seu éxito, el, Javert, personificaba a xustiza, a luz e a verdade na súa celestial función do esmagamento do mal. Tiña detrás del e de arredor del -a unha profundidade infinda- a autoridade, a razón, a cousa xulgada, a conciencia legal, a vindicta pública, as estrelas todas; estaba a protexer a orde, a facer saír da lei o raio, a vingar a sociedade; estaba a secundar o absoluto, a se erguer na gloria; había na súa vitoria un restiño de desafío e de combate; de pé, altivo, fulgurante, espallaba en pleno azul a bestialidade sobrehumana dun arcanxo feroz; a sombra temíbel da acción que

estaba a cumprir facía visíbel no seu puño crispado o vago flamexar da espada social; feliz e indignado, tripaba baixo o seu calcaño o crime, o vicio, a rebelión, a perdición, o inferno, raiolaba, exterminaba, sorría e había unha innegábel grandeza nese San Miguel monstruoso.

Javert, arrepiante, non tiña nada de innobre.

A probidade, a sinceridade, o candor, a convicción, a idea do deber, son cousas que, en se enganando, pódense volver noxentas, mais que, mesmo noxentas, seguen a ser grandes; a súa maxestade, propia da conciencia humana, subsiste no horror. Son virtudes que teñen un vicio: o error. A implacábel alegría honrada dun fanático en plena atrocidade conserva un non se sabe que raiolar lúgubremente venerábel. Sen que o sospeitase, Javert, na súa felicidade formidábel, era para doerse del, como de todo ignorante que triunfa. Nada era máis punxente que ese rostro no que se amosaba o que poderíamos chamar todo o ruín do bo.

IV A AUTORIDADE RECUPERA OS SEUS DEREITOS

A Fantine non vira Javert dende o día no que o señor alcalde a arrancara daquel home. O seu cerebro enfermo non se decatou de nada, únicamente non dubidou de que viñese buscala. Non deu aturado esa figura horrenda, sentiuse expirar, agachou o seu rostro coas dúas mans e gritou angustiada:

-Señor Madeleine, sálveme!

Jean Valjean -non o habemos nomear xa doutro xeito de aquí en diante- erguérase. Díxolle a Fantine coa súa voz máis doce e acougada:

-Estea tranquila. Non ven por vostede.

Logo dirixiuse a Javert e díxolle:

-Sei o que vostede quere.

Javert respondeu:

-Vamos, bulindo!

Houbo na inflexión que acompañou estas dúas palabras un non sei o que feroz e frenético. Javert non dixo “Vamos, bulindo!”, dixo “Vamobuíndo!”. Ningunha ortografía daría reproducido o acento co que foi pronunciado; non era xa unha fala humana, era un ruxido.

Non fixo como decotío, non entrou en materia, non amosou orde de detención. Para Javert, Jean Valjean era unha caste de combatente misterioso e inaprensíbel, un loitador tebregoso que el apreixaba despois de cinco anos sen dalo derrubado. Esa detención non era un comezo senón un final. Limitouse a dicir: “Vamos, bulindo!”.

Ao falar así non deu un paso; lanzou riba de Jean Valjean esa ollada que botaba como un gancho e co que adoitaba turrar cara a el violentamente os miserabeis.

Era esa ollada a que a Fantine sentira penetrar até a cana dos osos dous meses denantes.

Co berro de Javert, Fantine volvera abrir os ollos. Mais o señor alcalde estaba alí. Que podía ela temer?

Javert avanzou ao medio do cuarto e berrou:

-Veña, xa! Ves dunha vez?

A malpocada mirou de arredor dela. Non había ninguén non sendo a relixiosa e o señor alcalde. A quen podía dirixirse ese degradante trato de “ti”? A ela só. E arreguizou.

Daquela viu unha cousa inaudita, tan inaudita que nunca nada igual lle tiña aparecido nos máis mouros delirios da febre.

Viu o abesullón de Javert pillar polo colariño o señor alcalde e viu o señor alcalde abaixar a cabeza. Semelloulle que o mundo se varría.

-Señor alcalde! – gritou Fantine.

Javert escachou a rir, con ese rir horrendo que lle esburgaba os dentes todos.

-Xa non hai señor alcalde aquí!

Jean Valjean non tentou de desprender a man que aferraba o colariño da súa levita. Dixo:

-Javert...

Javert interrompeuno:

-Chámame señor inspector.

-Señor – volveu Jean Valjean- quereríalle dicir unas palabras en privado.

-En alto! Fala ben alto! -respondeu Javert- Para falar comigo hai que falar en voz alta!

Jean Valjean, baixando a voz, continuou:

-É un rogo que teño que lle facer...

-Dígoche que fales ben alto.

-Pero só vostede debe ouvir...

-Que me importa? Non te escoito!

Jean Valjean virouse cara a el e díxolle rápidamente e moi baixiño:

-Concédame tres días! Tres días para ir buscar a filla desta malfadada muller! Hei pagar o que queira. Vostede hame acompañar se quere.

-Estás de risa! -gritou Javert- Si, ho! Eu non te cría parvo! Pídesme tres días para liscar! Ti dis que é para buscar a filla desta rapaza! Ah, ah! Éche boa! Éche ben boa!

Fantine tivo un tremor.

-A miña filla! -exclamou- Ir buscar a miña filla! Daquela non está aquí! Irmá. Respóndame: onde está Cosette? Quero a miña filla! Señor Madeleine! Señor alcalde!

Javert petou co pé.

-Velaí a outra, agora! Has calar, loubana? Miserento país no que os galeotes son maxistrados e no que as mulleres públicas son tratadas como condesas! Ah, pero velaí. Todo iso vai mudar! Era hora!

Chantou os ollos en Fantine e engadiu collendo no puño a garavata, a camisa e o colariño de Jean Valjean:

-Dígoche que non hai señor Madeleine nin señor alcalde. Hai un ladrón, hai un bandido, hai un forzado chamado Jean Valjean! El é o que eu teño na man! Velaí o que hai!

Fantine ergueuse sobresaltada, fincada nos seus brazos tesos e nas súas dúas mans, mirou para Jean Valjean, mirou para Javert, mirou para a relixiosa, abriu a boca como para falar, unha arfada saíu do fondo da súa gorxa, os seus dentes chascaron, estendeu os brazos con anguria, abrindo convulsivamente as mans e percurando de arredor dela como alguén que está a afogar, e despois afundiuse de súpeto no traveseiro. A súa testa bateu contra da cabeceira da cama e veu caír sobre do seu peito, coa boca aberta e os ollos estarulados e apagados.

Morrera.

Jean Valjean pousou a súa man riba da man de Javert, que o apreixaba, e abriuna como se abrise a man dun meniño, despois díxolle a Javert:

-Vostede matou esta muller.

-Imos acabar de vez?-berrou Javert furioso- Non estou aquí para escoitar razóns. Aforremos iso todo. A garda está embaixo. Vamos decontadiño, ou os grilletes!

Nun recuncho do cuarto había unha cama vella de ferro en bastante mal estado que se montaba para as irmás cando velaban. Jean Valjean foi cabo dela, desempatou nun chiscar de ollos a cabeceira xa moi escalazada -cousa doada para uns músculos como os seus-, pillou con puño firme o varal máis grande e observou Javert. Javert recuou contra a porta.

Jean Valjean, coa súa barra de ferro no puño, camiñou devagariño cara ao leito de Fantine. De que chegou a el, virouse e díxolle a Javert cunha voz que apenas se ouvía:

-Aconséllolle de non me molestar neste momento.

O que é seguro é que Javert estaba a tremer.

Tivo a idea de ir chamar pola garda, mais Jean Valjean podía aproveitar ese minuto para se evadir. Daquela ficou, colleu o seu bastón polo extremo pequeno e se encostou ao lintel da porta sen abandonar coa ollada Jean Valjean.

Jean Valjean pousou o seu cóbado enriba do pomo da cabeceira da cama e a súa fronte enriba da súa man, e púxose a contemplar a inmóbil e estendida Fantine. Permaneceu así, absorto, mudo, e sen pensar evidentemente en cousa ningunha desta vida. Non había xa, no seu rostro e na súa actitude, senón unha inexpresábel piedade. Despois de algúns instantes dese ensimesmamento, debruzouse cara a Fantine e faloulle en voz baixa.

Que lle dixo el? Que podía dicir ese réprobo a esa muller morta? Que falas eran esas? Ninguén na terra as ouvíu. Ouvia a morta? Hai ilusións emocionantes que son se cadra realidades sublimes. O que está fóra de dúbida é que a irmá Simplicia, única testemuña do que acontecía, contou moitas veces que no momento en que Jean Valjean falou á orella de Fantine, ela viu nidiamente apuntar un inefábel sorriso neses pálidos beizos e nesas meniñas vagas, cheas do abraio da tomba.

Jean Valjean colleu coas dúas mans a cabeza de Fantine e dispúxoas con xeitiño sobre do cabezal como tería feito unha nai coa súa criatura, volveulle atar o cordón da camisa e someteulle os cabelos baixo o pucho. Feito isto, pechoulle os ollos.

A face da Fantine nese momento semellaba estrañamente alumeada.

A morte é a entrada ao gran resplandor.

A man de Fantine pendía fóra do leito. Jean Valjean axeonllouse diante desa man, levantouna manseliñamente, e bicouna.

Logo, ergueuse de novo e, virándose cara a Javert, dixo:

-Agora estou á súa disposición.

V
TOMBA AXEITADA

Javert ingresou Jean Valjean na prisión da vila.

A detención do señor Madeleine produciu en Montreuil unha sensación, ou por mellor dicir unha conmoción, extraordinaria. Atrístanos non poder disimular que con esta única fala *Era un galeote*, case todo o mundo o abandonou. En menos de dúas horas todo o ben que el fixera foi esquecido e non foi senón “un galeote”. É xusto dicir que aínda non se coñecían os detalles do que acontecera en Arrás. Todo o día se ouvían en todas as partes da vila conversas como estas:

- Non o sabe? Era un forzado liberado!
- Quen?
- O alcalde.
- Ah! O señor Madeleine?
- Si.
- De certo?
- Non se chamaba señor Madeleine, ten un apelido horríbel: Béjean, Bojean, Boujean.
- Ah, meu Deus!
- Está detido.
- Detido?
- En prisión, na prisión da vila en espera de que o trasladen
- Que o trasladen! Vano trasladar! Onde o van trasladar?
- Vai pasar á audiencia por un asalto no camiño que fixo noutro tempo.
- Vaites, xa mo parecía a min! Ese home era demasiado bo, demasiado perfecto, demasiado cheo de si. Refugaba a cruz e dáballes cartos a todos os rillotes que atopaba. Eu sempre tiven para min que debaixo diso había algunha historia ruín .

Os “salóns”, maiormente, abundaron nese sentido.

Unha dama velleira abonada ao *Drapeau blanc*¹²⁹ fixo a seguinte reflexión, da que resulta case que imposíbel sondear a profundidade:

- Non me desgusta en absoluto. Así han aprender os buonapartistas.

É así como ese fantasma que se chamara señor Madeleine se esvaeceu en Montreuil-sur-mer. Só tres ou catro persoas en toda a vila permaneceron fieis a aquela memoria. A vella porteira que o servira estivo entre elas.

No serán daquel mesmo día, esa digna velliña estaba sentada na súa portaría, aínda toda abalada e ensumida en tristes matinacións. A factoría estivera pechada o día enteiro, a porta cocheira tiña botado o ferrollo, a rúa estaba deserta. Só había na casa dúas relixiosas, a irmá Perpetua e a irmá Simplicia, que estaban a velar o corpo de Fantine.

Alá pola hora na que o señor Madeleine adoitaba volver á casa, a cabal porteira ergueuse mecanicamente, colleu a chave do cuarto do señor Madeleine nun caixón e a palmatoria da que se servía todos os seráns para subir onde el, despois pendurou a chave

¹²⁹ A restauración da monarquía borbónica en Francia (en 1804, e definitivamente en 1815) trouxo a fin da bandera tricolor (azul, branca e vermella) establecida para a República pola Revolución e que sería retomada en 1830 ata os nosos días. Nese intervalo a bandeira foi totalmente branca -cor tradicional da monarquía francesa- polo que o título do xornal citado, que existiu entre 1819 e 1827, é ben significativo.

no cravo onde este habitualmente a collía, e puxo a palmatoria a rente, como se o estivese a agardar. Logo volveu sentar na cadeira e volveu cavilar. A pobre da boa vella fixera todo aquilo sen ser consciente.

Só á volta de máis de dúas horas saíu da súa matinación e exclamou: “Ai, ho! Xesús me valla! E eu que puxen a súa chave no cravo!”

Nese momento, o cristal da portaría abriuse, unha man pasou pola abertura, pillou a chave e a palmatoria e prendeu a vela coa candeia que estaba a arder.

A porteira ergueu os ollos e ficou pampa, retendo un berro no gargueiro.

Cofecía esa man, ese brazo e esa manga de levita.

Era o señor Madeleine.

Estivo algúns segundos antes de poder falar, entalada, como dicía ela máis tarde ao contar a súa aventura.

-Meu Deus, señor alcalde! -exclamou finalmente- Pensei que vostede estaba...

Detívose, o final da súa frase teríalle faltado ao respecto ao comezo. Jean Valjean seguía a ser para ela o señor alcalde.

El rematou o pensamento da porteira.

-En prisión -dixo- E estaba. Crebei un barrote dunha xanela, deixei-me caír dende o alto dun tellado e velaquí estou. Subo ao meu cuarto, vaia buscarme a irmá Simplicia. Sen dúbida está ao carón desa pobre muller.

A vella obedeceu a toda présa.

El non lle fixo recomendación ningunha; estaba totalmente certo de que o había protexer mellor do que se protexería el mesmo.

Nunca se soubo como dera penetrado no patio sen facer abrir a porta cocheira. Levaba sempre con el unha chave mestra que abría unha portiña lateral, mais debérano cachear e collerlle a chave. Este punto non foi aclarado.

Subiu a escaleira que levaba ao seu cuarto. De chegado enriba, deixou a súa palmatoria sobre dos derradeiros chanzos da escaleira, abriu a súa porta con pouquiño ruído e foi pechar ás apalpadas a súa fiestra e a súa contra, logo volveu coller a súa vela e entrou de novo no seu cuarto.

A precaución era útil, lembramos que a súa fiestra podía ser albiscada desde a rúa.

Botou unha ollada de arredor del, á mesa, á cadeira, ao seu leito que non se desfixera dende había tres días. Non ficaba pegada ningunha do desorde da penúltima noite. A porteira “fixera o cuarto”. Só que recollera nas cinzas e pousara limpamente enriba da mesa os dous extremos do caxato ferrado e a moeda de dous francos enmourecida polo lume.

Colleu unha folla de papel na que escribiu; *Velaí os dous extremos do meu caxato ferrado e a moeda de dous francos roubada a Petit Gervais dos que lle falei ao tribunal da*

audiencia. E pousou enriba da folla a moeda de prata e os dous anacos de ferro, de xeito que fose a primeira cousa que se dexergase ao entrar no cuarto. Tirou dun armario unha vella camisa súa que rachou, facendo algúns anacos de tecido, nos que embrullou os dous candelabros de prata. De por parte, non tiña el nin présa nin axitación, e ao tempo que embrullaba os candeeiros do bispo, mordichaba nunha codela de pan negro. É probábel que fose o pan da prisión que trouxera cando se evadira.

Isto constatouse polas faragullas de pan que se atoparon no pavimento do cuarto cando a Xustiza fixo máis tarde unha pesquisa.

Petaron na porta dous golpiños.

-Entre! -dixo el.

Era a irmá Simplicia.

Estaba pálida, tiña os ollos vermellos e a candea da que termaba vacilaba na súa man. As violencias do destino teñen de particular isto: que, por moi perfectos e fríos que nós sexamos, elas tírannos do fondo das entrañas a natureza humana e fórzana a aparecer fóra outra vez. Nas emocións daquel día a relixiosa volvera ser muller. Chorara, e tremía.

Jean Valjean acababa de escribir algunhas liñas nun papel que lle tendeu á relixiosa dicindo:

-Irmá, vaille entregar isto ao señor cura.

O papel estaba desencartado. Ela botou os ollos enriba.

-Pódeo ler -díxolle el.

A irmá leuno: “Rógolle ao señor cura que vele por todo o que eu deixo aquí. El terá a bondade de pagar a conta disto os gastos do meu proceso e o enterro da muller que morreu hoxe. O resto será dos pobres.”

A irmá quixo falar, mais apenas dou tatariñado algúns sons inarticulados. Porén logrou dicir:

-Non desexa o señor alcalde ver por derradeira vez esta pobre malpocada?

-Non -dixo el- estánme perseguindo, só terían que me deter no seu cuarto e trastornaría todo.

Apenas el acababa cando se formou un gran ruído na escaleira. Sentiron un balbordo de pasos que subían, e a vella porteira que dicía coa súa voz máis alta e máis aguda:

-Non, meu bo señor, xúrolle por Deus bendito que non entrou ninguén aquí en todo o día nin en toda a noite, e eu non abandonei nunca a miña porta!

Respondeu un home:

-E mais hai luz no cuarto ese.

Recoñeceron a voz de Javert.

O cuarto estaba disposto de xeito que a porta, en se abrindo, cubría o ángulo da parede á dereita. Jean Valjean soprou na vela e meteuse nese ángulo.

A irmá Simplicia caíu de xeonllos rente da mesa.

Abriuse a porta.

Entrou Javert.

Sentíase o marmexar de varios homes e as protestas da porteira no corredor.

A relixiosa non ergueu os ollos. Estaba a rezar.

A candea estaba enriba da cheminea e só daba un pouco claror.

Javert dexergou a irmá e detívose estantío.

Lembramos que o fondo mesmo de Javert, o seu elemento, o seu medio respirábel, era a veneración de toda autoridade. Estaba feito dunha peza e non admitía nin obxección nin restrición. Para el, é claro, a autoridade eclesiática era a primeira de todas. Era relixioso, superficial e correcto neste punto como en todos. Aos ollos del, un sacerdote era unha mente que non se engana, e unha relixiosa era unha criatura que non peca. Eran almas amuralladas para este mundo, cunha única porta que nunca se abría non sendo para deixar saír a verdade.

Ao dexergar a irmá, o seu primeiro movemento foi de se retirar.

Porén, había tamén outro deber que o dominaba, e que o puxaba poderosamente en sentido inverso. O segundo movemento foi de ficar, e de arriscar cando menos unha pregunta.

Era esa irmá Simplicia que non mentira na súa vida. Javert sabíao, e venerábaa particularmente a causa diso.

-Irmá, -dixo- está vostede soa neste cuarto?

Houbo un momento terríbel durante o que a pobre porteira se sentíu esmorecer.

A irmá ergueu os ollos e respondeu:

-Si.

-Entón, -proseguíu Javert- descúlpeme se insisto, é o meu deber: non viu vostede esta noite unha persoa, un home -evadiuse e estamos na súa procura- ese tal Jean Valjean? Non o viu, vostede?

A irmá respondeu;

-Non.

Mentiu. Mentiu dúas veces seguidas, unha tras outra, sen vacilar, rápidamente, como consagrándose.

-Perdón -dixo Javert, e retirouse cun saúdo profundo.

Oh, santa rapaza! Xa non é vostede deste mundo dende hai moitos anos! Tense reunido na luz coas súas irmás as virxes e os seus irmáns os anxos. Que no paraíso lle teñan en conta esa mentira!

A afirmación da irmá foi para Javert algo tan decisivo que nin mesmo reparou na singularidade daquela vela na que acababan de soprar e que estaba a fumegar enriba da mesa.

Unha hora despois, un home, camiñando ao través das árbores e as brétemas, afastábase rapidamente de Montreuil-sur-mer en dirección a París. Ese home era Jean Valjean. Ficou establecido, polo testemuño de dous ou tres carreteiros que bateran con el, que levaba un paquete e que vestía unha blusa. Onde collera el esa blusa? Nunca se soubo. Porén, algúns días antes un obreiro vello morrera na enfermaría da fábrica deixando só a súa blusa. Se cadra era esa.

Unha última fala sobre Fantine.

Todos temos unha nai, a terra. Devolveron Fantine a esta nai.

O cura coidou facer ben -e se cadra fíxoo- reservando a maior cantidade do que Jean Valjean deixara, para os pobres. Despois de todo: de quen se trataba? Dun forzado e dunha muller pública. Por iso simplificou o enterro de Fantine e o reduciu ao estrictamente necesario que chamamos fosa común.

Fantine foi, daquela, enterrada nese recuncho gratuíto do cemiterio que é de todos e de ningún, e onde se perden os pobres. Felizmente, Deus sabe onde atopar a alma. Deitaron Fantine nas tebras entre os primeiros osos chegados; sufriu a promiscuidade das cinzas. Foi lanzada á fosa pública. A súa tomba asemellou o seu leito.